PROXECTO

orz4mentos
2019

MEMORIA **TOMO II**
VOLUME 2

XUNTA DE GALICIA

MEMORIA

TOMO II VOLUME 2

Contido

I. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA 7

II. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL 243

III. CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO 365

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

SECCIÓN 09

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

A Presidencia da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Posteriormente aprobouse o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que no seu artigo 5, modificado pola Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, establece que a Consellería de Economía, Emprego e Industria para o desempeño das súas funcións dispón dos seguintes órganos superiores e de dirección:

- Secretaría Xeral Técnica.
- Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- Dirección Xeral de Comercio e Consumo.
- Secretaría Xeral de Emprego.
- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Órganos periféricos.

ORGANISMOS AUTONOMOS:

- Instituto Galego de Consumo e da Competencia - IGCC.
- Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia - ISSGA.

ENTE INSTITUCIONAL DE DEREITO PUBLICO CONSULTIVO

- Consello Galego de Relacións Laborais - CGRL

AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS:

- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE.
- Instituto Enerxético de Galicia - INEGA.
- Axencia Galega de Innovación - GAIN.
- Axencia Galega da Industria Forestal - XERA

SOCIEDADES MERCANTÍS:

- XES GALICIA - Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado SGEIC, SAU
- SODIGA GALICIA.- Sociedade de capital risco.
- Galicia Calidade S.A.

- Parque Tecnolóxico de Galicia.

FUNDACIÓNS:

- Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño
- Fundación Centro de Supercomputación de Galicia - CESGA
- Fundación Exposición e Congresos da Estrada
- Fundación Feiras e exposicións de Lugo
- Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.
- Fundación Instituto Feiral da Coruña
- Fundación Galega da Formación para o Traballo.
- Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

Á Consellería de Economía, Emprego e Industria correspóndelle o exercicio das competencias e funcións non ámbitos da promoción e dinamización da economía, investigación, desenvolvemento e innovación, industria, seguridade industrial, metroloxía, metais preciosos, enerxía, minas, artesanía, comercio interior e exterior, consumo, políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, formación, colocación e cualificacións profesionais e política forestal.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través dos seguintes centros xestores:

SECRETARIA XERAL TECNICA

A Secretaria Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións establecidas no titular da Consellería baixo a súa dirección, así como aqueloutras que lle sexan delegadas ou encomendadas polo conselleiro e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico.

É a encargada do funcionamento operativo dos servizos administrativos de toda a Consellería, asumindo a coordinación da xestión económica e da contratación, as remuneracións do persoal, o apoio xurídico, os arquivos e en xeral a coordinación con calquera departamento da Consellería en todas as cuestións transversais. Tamén é a encargada do financiamento das axencias públicas autonómicas e demais organismos adscritos a ela mediante a execución das transferencias internas.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

Segundo o Decreto 135/2017, do 28 de decembro polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria a Dirección Xeral de Enerxía e Minas ten a seguinte estrutura:

- A Subdirección Xeral de Recursos Minerais exercerá as funcións relativas á planificación, ordenación, fomento, desenvolvemento e control da minaría de Galicia.

  En concreto, ten atribuídas entre outras funcións, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ó desenvolvemento, á innovación, ó incremento da competitividade, á internacionalización e a mellora da seguridade e salubridade do Sector Mineiro de Galicia.

  Así como, o exercicio das competencias administrativas que corresponden á Comunidade Autónoma respecto da Cámara Oficial Mineira de Galicia.
- A Subdirección Xeral de Enerxía exercerá as funcións relativas á planificación, ordenación, fomento, e inspección no relativo á enerxía, instalacións de gas, eléctricas, térmicas, ás infraestruturas enerxéticas, ás enerxías renovables e á eficiencia enerxética.

  Así mesmo, exercerá a coordinación dos servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional.
- A Subdirección Xeral de Administración industrial exercerá as funcións relativas á planificación, ordenación, fomento, e inspección da seguridade industrial, metroloxía e metais preciosos.

  En concreto, ten atribuídas, entre outras, funcións de ordenación, planificación, fomento, vixilancia e inspección no ámbito de actuación das instalacións industriais, instalacións de seguridade industrial, metroloxía e metais preciosos.

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Á dirección xeral de Comercio e Consumo correspóndelle a planificación, coordinación e control das competencias da Consellería en materia de comercio, artesanía e consumo; a planificación e desenvolvemento das estruturas comerciais, feiras, mercados e lonxas, agás as pesqueiras en primeira venda; a tutela e coordinación das actividades das cámaras oficiais de Comercio, Industria e Servizos e máis a intervención en materia de prezos sobre os que deba pronunciarse a Comisión de prezos de Galicia.

SECRETARIA XERAL DE EMPREGO

Á Secretaría Xeral de Emprego correspóndenlle ás competencias en materia de emprego, relacións laborais, responsabilidade social empresarial, conciliación e igualdade laboral, seguridade e saúde laboral, cooperativas e outras entidades de economía social, fomento do emprego, apoio ao autoemprego e á integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulne-

rabilidade así como as que lle atribúan as normas de desenvolvemento en Galicia do Estatuto do traballo autónomo e en virtude dos reais decretos de traspaso de funcións e servizos e as Leis orgánicas, nestas materias. Máis concretamente:

- A promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, responsabilidade social empresarial, igualdade laboral e medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral nas empresas, así como a modulación das relacións cos axentes económicos e sociais.
- A promoción, coordinación e execución das competencias da comunidade autónoma en materia de prevención de riscos laborais, así como o establecemento de vías de colaboración e cooperación técnica e institucional con organismos e institucións con competencias na materia.
- O seguimento, control e avaliación dos programas de fomento do emprego correspondentes aos incentivos á contratación por conta allea, ao apoio ao traballo autónomo e ás iniciativas empresariais xeradoras de emprego así como ás accións correspondentes ao seu ámbito competencial recollidas nos plans de emprego.
- A promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia de cooperativas e outras empresas de economía social, así como as relacións coas súas entidades representativas, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas a entidades de economía social.
- O desenvolvemento das funcións de apoio e impulso do funcionamento do Consello Galego de Cooperativas, creado pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia así como do Consello da Economía Social de Galicia, creado pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.
- A promoción e coordinación de accións conxuntas e a colaboración en rede de institucións, organizacións e entidades no marco da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, creada polo Decreto 225/2012, do 15 de novembro.
- A xestión dos seguintes rexistros:
  - Rexistro administrativo de eleccións sindicais
  - Rexistro de asociacións empresariais e sindicais (DEOSE)
  - Rexistro de convenios colectivos (REGCON)
  - Rexistro de empresas acreditadas para intervir no proceso de contratación no sector da construción (REA).
  - Rexistro de Empresas de Traballo Temporal (ETTs)
  - Rexistro de desprazamentos transnacionais
  - Rexistro Administrativo das Iniciativas Locais de Emprego (ILE)
  - Rexistro das Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBT)
  - Rexistro das Asociacións Profesionais de Persoas Traballadoras Autónomas da Comunidade Autónoma de Galicia

- Rexistro de Cooperativas de Galicia
- Rexistro administrativo de sociedades laborais
- Rexistro administrativo de centros especiais de emprego
- Rexistro administrativo de empresas de inserción laboral

DIRECCION XERAL DE ORIENTACION E PROMOCIÓN LABORAL

Á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, tal e como establece o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de intermediación e orientación laboral, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego e, nomeadamente, as seguintes funcións:

a) O deseño, planificación e execución das medidas dirixidas á prestación dos servizos previstos na Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e na Estratexia Española de Activación para o Emprego; a confección e execución dos correspondentes plans anuais de política de emprego, así como a formulación de propostas de inclusión de medidas e programas concretos.

b) A dirección e xestión das funcións atribuídas á consellería en materia de formación para o emprego, cualificacións profesionais e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral, así como a estatística, a análise e a prospectiva do mercado de traballo.

c) O exercicio das competencias para o reforzo da capacidade de actuación do Servizo Público de Emprego de Galicia, a súa modernización, infraestrutura, recursos humanos e materiais e soporte técnico.

d) A coordinación da participación das entidades colaboradoras, con e sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada.

e) A programación, o seguimento, o control e, se é o caso, a xestión dos programas mixtos de formación e emprego.

f) A coordinación da xestión e supervisión do funcionamento dos centros de formación, tanto propios como dependentes doutras entidades, así como a prestación da asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento das súas actividades, sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral Técnica.

g) As funcións de execución relativas ao cumprimento das obrigas de empresarios/as e traballadores/as e, de ser o caso, o exercicio da potestade sancionadora nas materias relativas ao emprego e desemprego.

h) As funcións que correspondan á consellería en materia de expedición de certificados de profesionalidade ou da acreditación parcial acumulable correspondente.

i) A resolución dos procedementos de inscrición e acreditación ou, de ser o caso, de baixa no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Comunidade Au-

tónoma de Galicia, segundo o establecido na súa normativa reguladora, así como a autorización dos centros previstos no Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseado neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emiten gases fluorados, sen prexuízo das competencias doutros órganos directivos.

j) O exercicio das competencias atribuídas pola normativa reguladora dos órganos colexiados de asesoramento e participación en materia competencia da dirección xeral.

k) A elaboración do anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento do seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.

l) A expedición e rexistro das habilitacións profesionais, sen prexuízo das competencias doutros órganos directivos.

m) O exercicio das competencias previstas no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, sen prexuízo das que corresponden a outras administracións competentes.

n) O desenvolvemento da normativa que contribúa á ordenación e regulación dun sistema de formación profesional que responda ás necesidades de formación e cualificación das persoas co fin de promover a aprendizaxe ao longo da vida.

o) A xestión e execución do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e vías non formais de formación.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA - IGCC.

De acordo co establecido no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, autorízase a creación do Instituto Ga-lego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo adscrito á Consellería competente en materia de consumo, que terá como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Dentro deste Organismo e como se establece no artigo 39 da citada Lei, configurarase a Comisión Galega da Competencia.

Tendo en conta a autorización citada, a través do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, creouse o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e aprobáronse os seus estatutos.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia, ten as seguintes competencias:

- Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles ós que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
- Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralos tecnicamente.
- Atender as consultas e reclamacións dos consumidores galegos para tentar resolvelas o través da mediación e a arbitraxe de consumo.
- Exercer a capacidade sancionadora e correctora do mercado.
- Realizar as tarefas de control de mercado que inclúen a investigación de denuncias, campañas de inspección e actuacións de oficio.
- As competencias relacionadas coa a rede de alerta de produtos industriais postos a disposición dos consumidores
- Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha adecuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten as persoas consumidoras e usuarias.
- Elaborar e difundir información para facilitarlles as persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades.
- Impulsar a formación das persoas consumidoras e usuarias, propoñéndolles ós organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.
- Asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos os aspectos que afecten ou poidan afectar as persoas consumidoras e usuarias, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria para este fin.
- Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial as oficinas municipais de información as persoas consumidoras e usuarias con aqueloutras entidades de semellante ámbito de competencias por supoñer o servizo máis próximo ó cidadán e coordinar as súas actuacións coas dos concellos.
- Asesorar tecnicamente as oficinas de información, as persoas consumidoras e usuarias da Administración local e colaborar con elas.
- Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración, pro-postas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do Instituto.
- Exercer os demais fins que se lle encomenden, na súa función de protección das persoas consumidoras e usuarias.

- Exercer as funcións de instrución e resolución dos expedientes vinculados coa competencia (artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007), de colaboración e coordinación con outras autoridades da competencia e cos órganos xurisdicionais en Galicia, de control de axudas públicas, de arbitraxe, consultivas, de promoción da competencia e de asesoramento e representación.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAUDE LABORAL DE GALICIA - ISSGA.

O obxecto do ISSGA é a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo, sen prexuízo das competencias da Secretaría Xeral de Emprego neste ámbito e das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

A súa actuación está vinculada á Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020, resultante do proceso de Diálogo Social en Galicia, e, anualmente, ao Plan de Actividades, froito do consenso da Administración, os sindicatos máis representativos no ámbito autonómico e a Confederación de Empresarios de Galicia.

I.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Regúlase por Lei 5/2008, do 23 de maio (DOG do 11/06/2008), que o configura como ente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais e como órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas a súa política laboral.

Conta con personalidade xurídica e patrimonio de seu e actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos fins que ten encomendados pola súa lei reguladora. Está adscrito organicamente á consellaría competente en materia de traballo.

Desde o 1 de xaneiro de 2011, data da entrada en vigor da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), o Consello pasa a ser unha entidade pública instrumental de consulta ou asesoramento. A súa regulación axústase á súa normativa específica e ás prescricións da referida Lei relativas aos organismos autónomos (disposición adicional sexta, apartado 2, da LOFAXGA).

O Consello é un lugar permanente para o diálogo entre os interlocutores sociais galegos, cara a consecución de acordos que permitan avanzar na solución dos problemas das relacións laborais.

As competencias do Consello veñen relacionadas no artigo 3 da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello.

"Artigo 3.-Funcións.

1. No desenvolvemento das súas funcións, o Consello Galego de Relacións Laborais actúa con autonomía respecto da Xunta de Galicia e de calquera outra institución da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Serán funcións do Consello Galego de Relacións Laborais as seguintes:

a) Elaborar e remitirlles, por propia iniciativa, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral.

b) Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da Comunidade Autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.

O prazo para a emisión dos ditames será de trinta días hábiles cando se trate de borradores de anteproxectos de lei e de decretos, e de quince días hábiles cando se trate de normas regulamentarias de rango inferior. Para o efecto de cumprir axeitadamente os devanditos prazos constituirase un Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames, coas funcións, a composición e as características que se establezan por acordo do Pleno.

c) Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución española e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

d) Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendarlles a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.

e) Promover e facilitar a mediación e arbitraxe nos conflitos laborais, por pedimento das partes interesadas. Para tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitraxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.

f) Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e as competencias que este determine.

g) Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma canta información precise para o desempeño das súas funcións.

h) Xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.

i) Desenvolver as funcións que o Real decreto 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2º.

j) Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral na comunidade autónoma e o plan e a memoria anuais sobre a actuación do Consello Galego de Relacións Laborais.

k) Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias."

En relación coa función sinalada na letra c), o Consello -a través do seu Observatorio de Negociación Colectiva- desenvolve un tratamento técnico e estatístico que permite a explotación, a análise científica e a obtención dun diagnóstico axeitado da realidade negocial galega. Así mesmo, estuda o contido dos convenios colectivos e traslada as conclusións ás respectivas comisións negociadoras e fai propostas de mellora, para adaptalos ás novas situacións e realidades do mercado de traballo.

En desenvolvemento da función encomendada na letra e), o Consello xestiona os procedementos de conciliación-mediación e arbitraxe contemplados no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), asinado polos sindicatos e organizacións empresariais que o integran, procedementos que facilitan a consecución de acordos en materia de relacións laborais.

Así mesmo, o Consello desenvolve un importante labor de estudo sobre temas variados da nosa realidade social e propicia o debate sobre os aspectos desa realidade que resulten de maior interese en cada momento, mediante a organización de cursos, xornadas e foros semellantes.

Por outra banda, promove a implantación de cláusulas de igualdade entre homes e mulleres nos convenios colectivos e fomenta a elaboración de plans de igualdade a través da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva. Esta comisión, adscrita organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais, é un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega.

O Consello é a sede doutro órgano colexiado: a Comisión Tripartita Galega para a inaplicación de convenios colectivos, creada polo Decreto 101/2015, do 18 de xuño. É competente para coñecer das solicitudes presentadas polas empresas e representantes legais das persoas traballadoras para dar solución ás discrepancias xurdidas por falta de acordo sobre a inaplicación das condicións de traballo presentes no convenio colectivo de aplicación. A secreta-ria do Consello é a secretaria da dita Comisión.

Finalmente, creáronse novos órganos colexiados nos que se esixe a presenza do Consello Galego de Relacións Laborais:

- O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de demografía no ámbito da Comunidade Galega, creado por Decreto 104/2016, do 28 de xullo, en cuxo artigo 6.4.b) figura, como vogal, unha persoa en representación do Consello Galego de Relacións Laborais.

- O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, órgano colexiado, consultivo e de participación social do colectivo LGTBI, que quere promover a igualdade real e efectiva deste colectivo, contribuír ao coñecemento da realidade da diversidade e identificar as "necesidades e barreiras que impiden o pleno desenvolvemento" dos seus dereitos. O proxecto de Decreto polo que se crea este Observatorio contempla, no seu artigo 10.1.b) que forme parte do mesmo, como vogal, unha persoa en representación do Consello Galego de Relacións Laborais.

I.2.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONÓMICA - IGAPE

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), foi creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

Para o desenvolvemento das funcións, que o IGAPE ten encomendadas, conta cos seguintes órganos superiores de dirección:

- O/A presidente/a que será, por razón do seu cargo, o/a conselleiro/a de Economía, Emprego e Industria. Correspóndelle a representación do IGAPE en toda clase de actos ou negocios xurídicos.
- O/A director/a xeral, que será nomeado/a polo Consello de Dirección, a pro-posta do/a conselleiro/a. Correspóndelle exercer as competencias que se establecen no artigo 12 da Lei 5/1992 e as que lle fosen expresamente delegadas polo/a presidente/a ou polo Consello de Dirección.

Así mesmo, o IGAPE estrutúrase nos seguintes áreas ou órganos directivos:

- Secretaría Xeral: Ten por misión asegurar o funcionamento operativo dos ser-vizos do Instituto, incluíndo as actividades de deseño operacional, promoción do bo uso, desenvolvemento ou implantación de sistemas, seguimento e control dos procedementos operativos do Instituto. Ademais, a Secretaría Xeral engloba os servizos centrais ou comúns do Instituto, como os xurídicos, económico-financeiros, re-cursos humanos, calidade, informática, e información especializada.

- Área de Financiamento: A súa misión é a identificación, regulamento e xestión do ciclo de vida dos apoios (subvencións, préstamos, avais e outras actuacións de semellantes características) á actividade empresarial.
- Área de Competitividade: A súa misión é lograr a adopción e o desenvolvemento, por parte do tecido empresarial, de prácticas, metodoloxías ou sistemas que melloren o nivel competitivo das empresas galegas. Ademais, e con respecto ao emprendemento en Galicia, promover a creación de empresas, alentar o espírito emprendedor e promover a creación de emprego.
- Area de Internacionalización "Galicia@World": Esta Área agrupa as iniciativas internacionais do IGAPE, persigue dúas misións: promover un incremento da cota de mercado internacional do empresariado galego e promover a entrada de investimento foráneo en Galicia de carácter produtivo.
- Area de Estudos Económicos e Análise Estratéxica: A súa misión é a realización daqueles estudos e investigacións sobre a realidade económica e os mercados exteriores, necesarios para a orientación da toma de decisións en materia de planficación e programación económica e que inclúe unha análise dos sectores produtivos.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA - INEGA

Os obxectivos básicos da axencia Instituto Enerxético de Galicia son o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, de selo caso, de servizos noutros campos sinérxicos ó enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

- Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.
- Promover e, de selo caso, executar os plans e programas indicados, aproba-dos pola consellería competente en materia de enerxía.
- Controlar, vixiar e inspeccionar, dentro do ámbito de actuación do Instituto Enerxético de Galicia e en coordinación coa subdirección xeral competente en materia de enerxía, as instalacións de produción, condución, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
- Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvol-vemento e a xestión da política enerxética.
- Fomentar e desenvolver programas de asesoramento e auditoría enerxéticos e auditorías para impulsar actuacións de aforro e mellora da eficacia enerxética, elaborar

programas de racionalización do uso da enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.

- Fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipamento e servizos relacionados coa enerxía.
- Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.
- Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- Orientar as persoas usuarias nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
- O Instituto Enerxético de Galicia poderá exercer a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola normativa vixente en materia enerxética.
- Xestionar a Rede de enerxía da Xunta de Galicia, creada mediante o Decreto 66/2013, do 18 de abril.
- Realizar un labor divulgativo e formativo no ámbito da certificación enerxética de edificios.
- Impulsar e xestionar incentivos para a implantación de proxectos de enerxías renovables e de eficiencia enerxética.
- Asesorar no ámbito enerxético e promover a realización de estudos para a posta en marcha de medidas de eficiencia enerxética e enerxías renovables na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.
- Impulsar e realizar o seguimento de proxectos innovadores con carácter demostrativo no ámbito da enerxía.
- O Instituto Enerxético de Galicia poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN - GAIN

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19 do 27 de xaneiro de 2012), creou a Axencia Galega de Innovación en virtude da autorización prevista no punto primeiro da disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, implantando estratexias e programas de innovación eficientes a través dos seguintes obxectivos, sen prexuízo das competencias doutros organismos e entidades e, en todo caso, en estreita colaboración con eles:

a) Liderar as políticas de innovación das administracións públicas galegas.
b) Definir e desenvolver as políticas públicas que permitan ás empresas e ó resto de axentes o desenvolvemento de iniciativas de innovación construídas a partir de coñecementos que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento.
c) Definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido polas empresas, universidades e centros de investigación de Galicia.
d) Definir e desenvolver as políticas públicas dirixidas a incrementar a eficiencia en resultados do Sistema Galego de Innovación, avaliados mediante a implantación dun sistema de indicadores de impacto contrastable.
e) Estimular a estruturación e consolidación do Sistema Galego de I+D+i.
f) Fomentar a investigación e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a tra-vés de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma galega.
g) Promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre axentes públicos e privados desde unha perspectiva de intercambio e de investigación aberta.
h) Promover a progresiva internacionalización dos axentes e das iniciativas de innovación impulsando a presenza de empresas nos programas europeos de innovación e o acceso a fondos de financiamento internacionais.
i) Definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.
j) Coordinar os recursos autonómicos no ámbito da I+D+i e concertalos cos que se acheguen desde contribucións de plans estatais e fondos da Unión Europea.
k) Favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes e, particularmente, entre os organismos públicos de investigación e as empresas.
l) Apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola investigación, o desenvolvemento e a innovación.

O Decreto 15/2014, do 6 de febreiro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega de Innovación, establece a estrutura organizativa da Axencia para outorgarlle a máxima eficacia no exercicio das súas competencias. A Axencia quedou estruturada en catro áreas: Área de Xestión, Área de Programas, Área de servizos e Área de Centros.

- Área de Xestión, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle a xestión e coordinación dos servizos xerais e administrativos da Axencia.
- Área de Programas. Responsable do deseño e planificación estratéxica en materia de innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, así como da avaliación das convocatorias de axudas impulsadas pola Axencia no ámbito da I+D+i.
- Área de Servizos. Destinada ao desenvolvemento de instrumentos para a captación de recursos nacionais e europeos de I+D+i, o asesoramento directo ás empresas neste ámbito, a avaliación e seguimento dos proxectos financiados e a xestión de programas de vixilancia tecnolóxica.
- Área de Centros. Correspóndelle a dirección administrativa, xestión operativa e promoción dos centros e infraestruturas tecnolóxicas e produtivas que dependan da Axencia, a coordinación con outras infraestruturas tecnolóxicas do ecosistema de innovación galego, cos que se establezan convenios de colaboración e cooperación para o desenvolvemento de programas e proxectos. Esta área tamén dará apoio á Área de Xestión na xestión económica e na xestión dos recursos humanos correspondente aos centros.
- En virtude do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega de Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, o CIS-Madeira – Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia integrouse na dita Axencia, manténdose adscrito a GAIN a CIS-Ferrol Centro de Innovación e Servizos de Deseño e Tecnoloxía.

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL - XERA

O Decreto 81/2017, do 3 de agosto (DOG núm. 163 do 19 de agosto de 2017), creou a Axencia Galega da Industria Forestal en virtude da autorización prevista na disposición adicional sexta da Lei da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Por Orde do 16 de xullo de 2018, integrouse o centro de investigación e innovación autonómico CIS-Madeira na Axencia Galega da Industria Forestal (Xera). Deste modo, a axencia asume, os medios persoais e materiais e as competencias do CIS-Madeira.

A Axencia Galega da Industria Forestal ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

A importancia estratéxica do bosque na economía galega explica este esforzo investidor e de innovación, na idea de que tanto a actuación da industria forestal como a súa potenciación pola Axencia asegure a compatibilidade e a sustentabilidade dos diversos usos produtivos do monte. Trátase de lograr unha convivencia saudable e sustentable entre o aproveitamento e industrialización forestal e a conservación dos bosques orixinais, impulsando e promovendo a investigación en biotecnoloxía forestal.

Desde a Axencia Galega da Industria Forestal preténdese revalorizar a competitividade e a innovación das empresas forestais, especialmente na segunda e seguintes fases de transformación do recurso, participando, como interlocutor cualificado, na elaboración dos instrumentos de planificación, e de ordenación e mellora da xestión e aproveitamento dos recursos forestais que regula a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Así mesmo, son tamén competencias da Axencia levar a cabo programas de asesoramento para a industria forestal, promover e coordinar programas de actividades científicas centradas no ámbito forestal, realizar estudos, informes e recomendacións en materia de usos forestais, organizar programas de formación e reciclaxe profesional no ámbito da industria forestal en colaboración con outros entes. Xera asume a coordinación do CIS-Madeira.

Ademais, a Axencia leva a cabo a tramitación e outorgamento de subvencións dirixidas a PEMES e a entidades sen ánimo de lucro no eido da primeira e segunda transformación da madeira e no ámbito da formación, esta última en execución da Estratexia de Formación da Industria Forestal.

Dende Xera deséñanse estratexias e elabóranse programas para captar fondos estatais e internacionais dirixidos á innovación e biotecnoloxía forestal , así como o desenvolvemento dunha marca colectiva única que facilite a integración das diversas actividades produtivas da industria forestal.

O Decreto 81/2017, establece a estrutura da Axencia Galega da Industria Forestal que conta con dous órganos de goberno, un órgano encargado da xestión ordinaria, e dúas unidades orgánicas denominadas áreas.

- Xerencia: correspóndenlle as funcións de xestión e administración dos servizos xerais que darán soporte administrativo ós distintos órganos da Axencia, facilitando todos os procesos administrativos e executando as funcións de carácter administrativo e os procedementos administrativos competencia da Axencia.
- Área de Innovación forestal: correspóndelle o impulso e establecemento de mecanismos de colaboración con centros de investigación públicos nas diferentes materias que o sector da industria traslade a Administración por consideralos do seu interese
- Área de Promoción e Calidade Forestal: correspóndelle o fomento das accións de mellora na xestión e promoción da calidade nas empresas do sector forestal.

I.2.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

XES GALICIA.- SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVERSION DE TIPO CERRADO SGEIC, SAU.

Xesgalicia, S.G.E.I.C., S.A.U. é unha sociedade xestora de entidades de capital-risco e de entidades de inversión de tipo cerrado, que ten como finalidade a xestión dos fondos destinados ao financiamento do desenvolvemento empresarial galego mediante a toma de participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, así como mediante o outorgamento de préstamos, xeralmente de carácter participativo, á empresas participadas e non participadas.

SODIGA GALICIA.- SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO

SODIGA ten como finalidade proporcionar recursos, a medio e longo prazo, sen vocación de permanencia ilimitada, a empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional e que teñan relación co desenvolvemento e consolidación da economía e a industria de Galicia.

GALICIA CALIDADE S.A.

Galicia Calidade, SAU, é o órgano creado para á administración e outorgamento das licenzas de uso da marca de garantía "Galicia Calidade". A concesión das licen-zas de uso da marca están cimentadas na exixencia ás empresas usuarias, de niveis de calidade, e estes deberán basearse no estudo exhaustivo dos sectores afectados e na aplicación da marca de garantía de forma racional, perseguindo o prestixio, recoñecemento e confianza nesta.

Galicia Calidade, SAU, realiza de maneira periódica o estudo, seguimento, auditoría e avaliación das empresas galegas que pretenden utilizar a marca, e daquelas que son licenzatarias.

Galicia Calidade, SA, poderá xestionar ademais calquera outra marca e campaña/s paralela/s que lle sexan encomendadas pola Xunta de Galicia e que estea relacionado co sector da calidade ou co control na xestión e o servizo ao consumidor.

Galicia Calidade depende organicamente da Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía, Industria e Emprego. No seu Consello de Administración están representados distintos sectores a través de Consellerías e departamentos da Xunta de Galicia.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.

O Parque Tecnolóxico de Galicia foi creado a iniciativa da Xunta de Galicia coa finalidade de crear un contorno de referencia en Galicia dirixido a acoller, apoiar e potenciar iniciativas

empresariais innovadoras e que aposten pola tecnoloxía, a investigación e o desenvolvemento como eixes da súa actividade.

A sociedade xestora, Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., foi constituída no ano 1991 e as instalacións do parque foron inauguradas en outono de 1992.

A composición actual do accinariado configura á entidade como sociedade mercantil pública autonómica que trala ampliación de capital social executada no ano 2016 é a seguinte:

- Xunta de Galicia: 50,52%
- Abanca Corporación Bancaria S.A.: 37,34 %
- INORDE: 3,49%
- Varios con participación inferior ao 2% que suman o 8,65% restante: Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, Concello de Ourense, Concello de San Cibrao das Viñas, Confederación Empresarial de Ourense, Unión Xeral de Traballadores de Galicia e Universidade da Coruña.

O seu obxecto social está recollido no artigo 2º dos estatutos sociais, os cales foron modificados e refundidos no ano 2017:

1. A promoción, xestión, conservación e mantemento do Parque Tecnolóxico de Galicia e doutros Parques Científicos e/ou tecnolóxicos ou enclaves tecnolóxicos, así como a prestación de servizos nestes.
2. A adquisición, alleamento ou gravame, por calquera título, de todo tipo de bens mobles e inmobles e de accións de sociedades cuxos fins sexan comúns ao Parque Tecnolóxico de Galicia.
3. A compravenda de enerxía eléctrica, así como fomentar o desenvolvemento de políticas medioambientais, o uso de enerxías renovables e o aforro enerxético.
4. Prestar á Xunta de Galicia e ós organismos ou entidades dependen-tes, a colaboración e asistencia técnica necesaria para levar a cabo as medidas contidas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento ou calquera outros plans.
5. Fomentar a innovación e a transferencia de tecnoloxía entre as usuarias do Parque, así como con outras estruturas externas.
6. Fomentar a creación de empresas, o crecemento e a internacionalización, así como difundir o papel do Parque como axente de enlace entre investigación e empresa.
7. A prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á creación de emprego en Galicia.
8. Promover, organizar e dirixir o desenvolvemento de todo tipo de actividades dirixidas á divulgación da ciencia, a mellorar a competitividade empresarial e ao desenvolvemento económico e social en xeral.

I.2.6. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACION CENTRO GALEGO DE ARTESANÍA E DO DESEÑO

A Fundación Pública Artesanía de Galicia ten por obxecto a promoción da Artesanía de Galicia en todas as súas vertentes, afectando o patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins de interese xeral para Galicia. Segundo se recolle no artigo 7 dos seus estatutos, a Fundación ten como fin a consecución dos seguintes obxectivos:

a) Dotar ao sector artesanal de Galicia dos profesionais e dos técnicos que necesite, mediante unha formación especializada e de perfeccionamento, incidindo especialmente no deseño, a innovación, a aplicación de novas tecnoloxías e a xes-tión.
b) Potenciar o desenvolvemento económico do colectivo artesanal, asesorando ao sector na mellora das súas estruturas e procesos produtivos e comercializadores.
c) Aproveitar a dimensión e potencial formativo e educativo orientado tanto aos profesionais como ao público en xeral, dando a coñecer os oficios, os seus produtos e informando da súa oferta.
d) Crear un fondo documental que preste soporte a un eficaz, e na actualidade imprescindible, servizo de información e asistencia técnica.
e) Recuperar, documentar e asegurar a pervivencia das actividades artesanais que pola súa tradición ou calidade singulares se consideren parte integrante do patrimonio artesanal de Galicia.
f) Promover a artesanía de Galicia en todas as súas vertentes, poñendo especial énfase na vinculación da actividade artesanal cos hábitos comerciais ó uso, mellorando e promovendo a presenza dos produtos artesanais de Galicia nos mercados.
g) Programar e xestionar as actuacións que dende a administración autonómica se acometan en materia de formación, arquivo, información, investigación e pro-moción sobre artesanía de Galicia. A Fundación levarao a cabo no marco das correspondentes encomendas que lle poida efectuar a Administración autonómica.
h) Mellorar a calidade técnica e artística dos produtos artesáns de Galicia.
i) Dar acollida ás manifestacións máis significativas que mostren o variado mundo da creación artesanal de Galicia.

FUNDACION CENTRO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA - CESGA

A Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia constitúese no ano 2002, promovida pola Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, co gallo de dotar de personalidade xurídica máis axeitada á actividade do CESGA.

A Fundación está participada pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e pola "Agencia Consejo Superior de Investigaciones Científicas".

O padroado da Fundación esta presidido pola dirección da Axencia Galega de Innovación, correspondéndolle a vicepresidencia ó vicepresidente do "Consejo Superior de Investigaciones Científicas".

Segundo o artigo 6 dos seus Estatutos ten como obxecto contribuír ao avance da Ciencia e a Técnica, mediante a investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, así como outros recursos das tecnoloxías da in-formación, en colaboración con outras institucións, para o beneficio da Sociedade.

FUNDACION DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA

O órgano de gobemo da Fundación é o Padroado que é un órgano de gobemo, representación e administración da Fundación que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Os órganos básicos decisorios son: Comité Executivo, Xerente, Secretario-Letrado e Tesoureiro-Contador.

O Padroado estará integrado polo presidente titular e por catorce membros. A presidencia do Padroado osténtaa o Conselleiro que ostente as competencias en materia de Comercio da Xunta de Galicia e os catorce membros son:

1. Pola Xunta de Galicia, dous membros nomeados pola Consellería competente en materia de comercio.
2. Polo Excmo. Concello da Estrada: o seu alcalde e dous membros máis do seu pleno.
3. Pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa: o seu Presidente e dous membros máis do seu Pleno.
4. Pola A.C.E: o seu Presidente e dous membros máis do seu órgano de gobemo.
5. Pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e dous membros máis do seu órgano de gobemo.

Correspóndelle ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o Patrimonio da Fundación,mantendo o rendemento e utilidade dos mesmos.

FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA

Na súa Carta Fundacional, do 5 de agosto de 1998, establécese que a: Fundación "Instituto Feiral da Coruña" (IFECO) ten por obxecto principal destinar e afectar o seu patrimonio á realización de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial ao que a súa denominación e fins se contraen.

En xeral, son fins desta Fundación, a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais e calquera outra que teña por obxecto a promoción ou desenvolvemento destes sectores en Galicia, a nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo con isto á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

E, en particular, son fins desta Fundación os seguintes:

a) A promoción e fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas, agrícolas, gandeiras na Coruña, de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.
b) A construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións no termo municipal da Coruña, que sirva ademais de lugar de celebracións de feiras e certames, para dedicalo á exposición permanente de produtos da Coruña.
c) A formación profesional de todos os sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde, que puidesen servir de apoio e desenvolvemento da actividade de feiras, exposicións e demais, contempladas nos Estatutos.
d) O encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
e) Calquera outros que afecten ou incidan en calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectantes, da Fundación e, por isto, das entidades que a integran.

A Fundación réxese por:

a) O Padroado
b) O Consello de Dirección
c) O Director ou Xerente

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Correspóndelle ó Consello de Dirección, baixo a superior dirección e, no seu caso, coa posterior aprobación do Padroado:

a) Preparar os asuntos do Padroado.
b) Aprobar plans e programas específicos.
c) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
d) Formalizar e aprobar toda clase de actos, convenios e contratos, sexan de índole civil, mercantil, laboral, administrativa ou de calquera outra clase, que requira a mellor realización dos fins da Fundación.
e) Ordenar e controlar a execución dos plans e programas aprobados polo Padroado, efectuando os trámites precisos, tales como anuncios, convocatorias de axudas, etc., e así mesmo todos os actos e contratos que requira a posta en marcha de ditos plans e programas.
f) Dirixir, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na práctica asistencial e demais fins da Fundación.
g) Administrar o patrimonio de acordo coas leis e atribucións conferidas polo Padroado.
h) Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado.
i) Calquera outra función que lle delegue o Padroado.

O Padroado poderá acordar a contratación dun Director ou Xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación.

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo foi constituída o 29 de decembro de 1992 con enderezo social en Lugo e un fondo dotacional de 1.455.678,96 euros.

Os socios - fundadores teñen as seguintes porcentaxes de participación segundo acordo de Padroado celebrado o día 28 de decembro de 2015 :

- Consellería de Economía, Emprego e Industria: 43 %
- Deputación Provincial de Lugo: 35 %
- Concello de Lugo: 20 %
- Confederación de Empresarios de Lugo: 2 %

Os órganos básicos de decisión da Fundación son: o Presidente e o Padroado; os órganos básicos de xestión administrativa, o Secretario e o Xerente; e os de xestión económica-financieira, o Tesoreiro-contador, que recae na figura do Secretario.

Desde a súa constitución, o Padroado marcouse como obxectivos esenciais a promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, agroindustriais, comerciais, sociais, educativas e culturais, así como calesquera ou-tras que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento dos sectores produtivos de Galicia, o profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro e a elevación do nivel de vida no medio urbano e rural.

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo é propietaria do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo e dedícase fundamentalmente a organización de feiras e ao aluguer destas instalacións para a celebración de eventos. Este recinto constitúe un dos principais centros de negocio da cidade de Lugo, non só porque se realizan exposicións senón pola súa capacidade de albergar calquera iniciativa empresarial.

As feiras asócianse ás distintas formas de actividade de promoción e teñen na actualidade unha crecente importancia como actividade de marketing. Representan unha fonte de crecemento económico para os ámbitos territoriais onde se localizan, que leva á creación e desenvolvemento de infraestruturas por parte das organizacións das políticas de desenvolvemento rexional.

En particular, son obxectivos desta Fundación:

- A promoción e fomento de feiras e exposicións de calquera ámbito, lo-cal, provincial, autonómico, nacional e ata internacional, e particularmente a promoción e fomento da feira de Lugo.
- A promoción de salóns monográficos, certames técnicos, industriais, comerciais, agrícolas ou gandeiros.
- Exposicións comerciais e técnicas a desenvolver en Lugo e a súa provincia de calquera ámbito territorial, ata internacional.
- Promover museos comerciais ou técnicos nos mesmos ámbitos, palacios de congresos e exposicións.
- Cantas manifestacións comerciais ou técnicas, de calquera tipo, se promovan, tanto nos entes integrados na Fundación como por entidades particulares que redunden no beneficio do comercio, industria e navegación da provincia no seu conxunto.
- A realización de toda clase de obras e actos que sexan necesarios pa-ra os fins pretendidos.
- Cantas actividades culturais ou de outro orde que puideran servir para apoio e desenvolvemento das actividades feirais, exposicións e demais, contempladas nos estatutos fundacionais.
- Calquera actividade que afecte ou incida en calquera forma e ámbito cos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectativas, da Fundación ou das entidades que a integran.

FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense constituíuse en escritura autorizada por notario o 24 de decembro de 1.992 na cidade de Ourense.

Os seu obxectivo é destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que súa denominación e fins se contraen.

En xeral son fins desta Fundación a promoción de actividades comerciais, turísticas, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais, de fomento da prevención de riscos laborais, e calquera outra que teña como obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo elo á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

En particular son fines da Fundación, e con base ao indicado nos parágrafos precedentes, os seguintes:

1. A promoción e o fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas agrícolas, gandeiras, gastronómicas, turísticas, culturais, en Ourense de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.
2. A construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións na provincia de Ourense que sirva ademais de lugar de celebración de Feiras e Certames, para o destino de exposición permanente de produtos ourensáns.
3. A formación profesional de tódolos sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde que puideran servir de apoio e desenvolvemento, da actividade de feiras, exposicións e demais contempladas nestes estatutos.
4. O fomento da prevención de riscos laborais entre as empresas e traballadores de Galicia, así como a promoción de actuacións tendentes á mellora da prevención de riscos laborais e seguridade no traballo, a través da celebración periódica de certames, feiras, exposicións, congresos, xornadas técnicas e conferencias. A cooperación con toda clase de entidades e organización que persigan fins e obxectivos similares.
5. A promoción da cidade e o conxunto da provincia de Ourense como destino de turismo de reunións, congresos, convencións e incentivos, fomentando a súa captación e celebración no noso entorno e facilitando asesoramento ás entidades e ás empresas promotoras na organización dos mesmos.
6. O apoio a empresas, asociación e organismos intermedios en materia de internacionalización, e o asesoramento e consultaría sobre oportunidades comerciais en mercados estranxeiros.
7. Establecer, desenvolver e impulsar medidas de acción positiva que aborden áreas de actuación como familia, infancia e xuventude, minusvalías, vellez, muller, minorías étnicas, así como calquera outra problemática de marxinación social.

8. O encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
9. Calquera outros que afecten ou incidan calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais, peculiares, efectivos ou expectantes da Fundación por elo das entidades que a integran.

Para a consecución destes fins, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- Establecer as estruturas organizativas que foran pertinentes.
- Facilitar intercambios de información mutua.
- Constituír servizos de formación e asesoramento dos seus membros e organizar xornadas de estudo e orientación.
- Promover estudios e publicacións.
- Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oído na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte aos sectores que estes Estatutos se contraen.
- Organizar cursos, xornadas técnicas e congresos.
- Organizar certames periódicos, exposicións e eventos.
- Calquera outras actividades que afecten ou incidan nos fins anteriormente establecidos.
- Apoio a empresas en materia de internacionalización, elaboración de estudos de mercado e novas oportunidades comerciais.
- Promoción exterior da cidade e provincia de Ourense como destino de turismo de reunións e sé de eventos.
- Asesoramento na organización de eventos e xestión dos mesmos noutros espazos.

A Fundación está dirixida por un Padroado, formado por un Presidente e 19 membros máis, en representación de diferentes entidades. As facultades do Padroado son:

- Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.
- Interpretar e desenvolver os estatutos e, si é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre os fins da Fundación.
- Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.
- Delegar as determinadas facultades en un ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación.
- A aprobación das contas anuais da Fundación e o plan de actuación.

- A modificación dos estatutos.
- O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
- Calquera acto que precise autorización ou aprobación do protectorado.

FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA

Na súa Carta Fundacional, do 5 de agosto de 1998, establécese que a: Fundación "Instituto Feiral da Coruña" (IFECO) ten por obxecto principal destinar e afectar o seu patrimonio á realización de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial ao que a súa denominación e fins se contraen.

En xeral, son fins desta Fundación, a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais e calquera outra que teña por obxecto a promoción ou desenvolvemento destes sectores en Galicia, a nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo con isto á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

E, en particular, son fins desta Fundación os seguintes:

a) A promoción e fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas, agrícolas, gandeiras na Coruña, de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.
b) A construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións no termo municipal da Coruña, que sirva ademais de lugar de celebracións de feiras e certames, para dedicalo á exposición permanente de produtos da Coruña.
c) A formación profesional de todos os sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde, que puidesen servir de apoio e desenvolvemento da actividade de feiras, exposicións e demais, contempladas nos Estatutos.
d) O encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
e) Calquera outros que afecten ou incidan en calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectantes, da Fundación e, por isto, das entidades que a integran.

A Fundación réxese por:

a) O Padroado
b) O Consello de Dirección
c) O Director ou Xerente

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Correspóndelle ó Consello de Dirección, baixo a superior dirección e, no seu caso, coa posterior aprobación do Padroado:

a) Preparar os asuntos do Padroado.
b) Aprobar plans e programas específicos.
c) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
d) Formalizar e aprobar toda clase de actos, convenios e contratos, sexan de índole civil, mercantil, laboral, administrativa ou de calquera outra clase, que requira a mellor realización dos fins da Fundación.
e) Ordenar e controlar a execución dos plans e programas aprobados polo Padroado, efectuando os trámites precisos, tales como anuncios, convocatorias de axudas, etc., e así mesmo todos os actos e contratos que requira a posta en marcha de ditos plans e programas.
f) Dirixir, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na práctica asistencial e demais fins da Fundación.
g) Administrar o patrimonio de acordo coas leis e atribucións conferidas polo Padroado.
h) Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado.
i) Calquera outra función que lle delegue o Padroado.

O Padroado poderá acordar a contratación dun Director ou Xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación.

FUNDACION PUBLICA GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO

A Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo mantén dous órganos diferenciados: un de goberno e outro de xestión.

- Órgano de goberno: PADROADO

  O órgano supremo de goberno, administración e representación da Fundación é o Padroado.

  - Composición:

Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e as organizacións sindicais e empresariais da mesma e está formado polas persoas designadas na escritura fundacional.

- Estrutura:
  - Presidente/Presidenta (persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral)
  - Vogais:
    - 6 en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria (sendo un deles a persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción Laboral).
    - 6 en representación das organizacións sindicais e empresariais:
    - 1 en representación da Unión Xeral de Traballadores de Galicia,
    - 1 en representación do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia,
    - 1 en representación da Confederación Intersindical Galega e
    - 3 en representación da Confederación de Empresarios de Galicia.
- Facultades do Padroado:

  No artigo 19 dos seus Estatutos figuran as facultades do Padroado, débese destacar que, conforme cos fins da Fundación, son facultades específicas as seguintes:
  - Impulsar e difundir entre empresarios/empresarias, traballadores/traballadoras o sistema de formación para o emprego.
  - Elaborar un informe anual e de estatísticas sobre formación para o emprego no ámbito da comunidade autónoma.
  - Colaborar na elaboración dos proxectos de normativa reguladora da concesión de axudas públicas para financiar as distintas iniciativas de formación continua.

- Órgano de xestión da Fundación

  A estrutura técnica da Fundación é como segue:

  - Dirección Xerencia: Órgano unipersoal de xestión da Fundación (posto nomeado polo Padroado a proposta do Presidente/Presidenta).
  - Departamento Técnico: Formado por cinco técnicos.
  - Departamento Administración: Formado por dous administrativos.

  Para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, determina as actividades que debe realizar a Fundación en cada momento. De modo enunciativo, se sinalan as seguintes actividades:
  - Propoñer criterios orientativos para a elaboración de plans e actuacións de mellora en materia de formación para o emprego e recomendacións para a negociación colectiva.
  - Contribuír ao impulso e difusión entre empresarios e traballadores do sistema de formación para o emprego.

- Avaliación das políticas de formación para o emprego.
- Execución das funcións de xestión, seguimento e apoio técnico en materia de formación para o emprego sen prexuízo das competencias da administración.
- A realización de todo tipo de estudos, análise e prospectivas, así como a prestación de servizos relacionados e que redunden no cumprimento dos fins fundacionais.
- Desenvolver actividades de colaboración e partenariado con organismos ou entidades con presenza en territorios distintos ao da comunidade autónoma.
- Establecer convenios e, se é o caso, protocolos de colaboración con institucións públicas ou privadas que se dediquen a idénticos ou similares fins, e mesmo coas entidades fundadoras.
- Subscribir os oportunos contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas para o cumprimento dos seus fins.
- Coordinar as súas actividades coas administracións Públicas ou calquera outras institucións orientadas aos fins da Fundación.
- Executar cantas actividades decida o Órgano de Gobemo da Fundación que teñan por finalidade a Formación para o emprego, ou o seu desenvolvemento e perfeccionamento.
- Asumir e xestionar cantas actividades deleguen ou encomende a Comisión Galega de Formación Continua, e á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Elevar á Comisión Galega de Formación Continua e á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral as propostas normativas e de procedemento que considere oportunas en materia de formación profesional, así como elaborar os informes que lles sexan requiridos.
- Dar asistencia e asesoramento as PEMES, e á representación legal dos traballado-res/traballadoras, posibilitando a súa incorporación ao sistema, así como o apoio técnico aos órganos administrativos competentes na orientación dos traballadores/traballadoras.
- Prestar apoio técnico nos procesos de mellora da calidade, así como elaborar o correspondente informe anual.
- Elaborar e propoñer estudos e informes técnico xurídicos sobre o sistema de formación para o emprego no marco do Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

Para o desenvolvemento das actividades técnicas de xestión o Padroado da Fundación, na sesión ordinaria nº 3 do 22 de decembro de 2008, aprobou a encomenda de xestión que se recolle na Orde do 27 de xaneiro de 2009 da antiga Consellería de Traballo.

Nela se lle encomenda á Fundación Galega da Formación para o Traballo o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ó amparo das convocatorias da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para a concesión de axudas ás iniciativas de formación profesional para o emprego, que se vaian executar no ámbito desta comunidade.

FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA.

A Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña (FAEPAC) é unha entidade sen animo de lucro, fundada en Maio de 2006, co fin de alentar accións a nivel provincial para a utilización eficiente da enerxía e o uso dos recursos enerxéticos provinciais.

Os órganos de decisión básicos da Fundación son o Padroado, a persoa que ostenta a Presidencia do padroado e a persoa que é titular da Vicepresidencia en caso de ausencia do presidente. Os órganos básicos de xestión son: A Xerencia, a Secretaría e o Auditor Interno.

A FAEPAC esta participada por:

- A Deputación Provincial da Coruña
- O Concello de As Pontes de García Rodríguez
- O Concello de Cerceda
- Concello de Narón
- SOGAMA
- A Universidade de A Coruña
- A Universidade de Santiago de Compostela
- A Unión de Consumidores de Galicia

A Fundación ten como fin principal a mellora e o aproveitamento dos recursos enerxéticos provinciais, así como a sensibilización das autoridades locais, as empresas e os cidadáns sobre a escaseza de recursos enerxéticos. Ademais, ten os seguintes fins:

a) incentivar a difusión do uso racional da enerxía, dos recursos enerxéticos locais e das fontes renovables nos sectores de:
   - produción de bens e servizos (PEMEs e Industria), en colaboración co INEGA
   - administración pública, en colaboración co INEGA
   - sector doméstico
b) Favorecer a diversificación, información e utilización óptimas das enerxías renovables.
c) Mellorar a seguridade enerxética.
d) Promover e manter o aforro enerxético.
e) Favorecer a integración dos obxectivos enerxéticos nos sectores medio ambientais e nos sectores produtivos locais.
f) Protexer o medio e reducir o impacto da polución e uso da tecnoloxía.
g) Reforzar e favorecer a investigación tecnolóxica sobre a enerxía.

Actividades fundacionais

A Fundación, para a consecución dos seu fins, pode realizar as seguintes actividades:

a) Realización de estudos de planificación e programación para establecer un plan de actuación enerxética a nivel provincial.
b) Favorecer a información sobre a enerxía ó público en xeral e formación sobre programas específicos de optimización e racionalización enerxéticos.
c) Promover as actividades de certificación e de diagnose enerxética nos edificios e nas industrias.
d) Fomentar a participación dos axentes locais en actuacións destinadas ó uso racional da enerxía.
e) Fomentar a creación de axencias locais de enerxía.
f) Fomentar o aforro da enerxía mediante a explotación eficiente dos recursos e do uso de tecnoloxías limpas.
g) Impulsar a implantación de instalacións de enerxía renovable a través da investigación e transferencia de coñecementos e experiencias.
h) Asesoramento tecnolóxico e económico no deseño e realización de estudos e investimentos en instalacións e infraestruturas enerxéticas.
i) Realización de cantas actividades conexas ou complementarias das anteriores resulten necesarias para a súa maior eficacia.
j) Promover a mobilidade alternativa.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2019

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan e procurando que os servizos administrativos funcionen da forma mais óptima posible.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

- No ámbito da enerxía, as principais liñas de acción para 2019 serán:
  - Tramitación administrativa a autorización das infraestruturas do Plan de Gasificación de Galicia 2015-2020
  - Tramitación administrativa e autorización dos proxectos de enerxías renovables e infraestruturas enerxéticas de evacuación asociadas
  - Análise e informe previo dos plans de investimento das empresas distribuidoras de electricidade
  - Continuar coa realización de análises sobre o control da calidade dos hidrocarburos e co seguimento medioambiental de parques eólicos e liñas eléctricas.
  - Elaborar un estudio das liñas eléctricas en zonas de especial protección
  - Loitar contra a pobreza enerxética, contribuíndo ao pagamento da factura eléctrica, a través dunha orde de axudas para evitar cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.
  - Realizar revisións e estudos das infraestruturas enerxéticas co obxectivo de ter cubertas as necesidades de demanda en todo momento.
  - Traballar coordinadamente co INEGA no estudo das distintas propostas de regulación emanadas da administración xeral do Estado e da administración da Unión Europea, co fin de que os intereses de Galicia se contemplen debidamente nas mesmas.
  - Controlar a calidade da subministración eléctrica en Galicia en temas de TIEPI e NIEPI.
  - Traballar na mellora das respostas ás reclamacións enerxéticas de cidadáns e empresas.
  - Colaborar na organización do XIV Congreso anual da Asociación Española pa-ra a Economía Enerxética.

- No eido da minaría, son as principais liñas de acción:
  - Para o ano 2019, seguirase coa orde de axudas destinada ao apoio de proxectos empresariais de natureza integral para combater enfermidades profesionais.

- Así mesmo, ao obxecto de fomentar proxectos que desenvolvan o sector mineiro en Galicia, continuarase un ano mais coa liña de axudas destinada ás institucións sen fin de lucro.
- Continuarase co apoio ao funcionamento da Cámara Oficial Mineira de Galicia como institución representativa do Sector Mineiro de Galicia, apoiando os gastos de funcionamento, un Plan de Comunicación.
- No eido ambiental, realizarase o control específico do seguimento ambiental como reforzo e apoio do control habitual da autoridade mineira respecto das explotacións.
- Así mesmo, tamén no eido ambiental, prevese a sinatura de convenios con órganos ambientais para determinar afeccións ao medio ambiente e identificar medidas preventivas ou de restauración. Así en concreto, levarase a cabo un Convenio coa Confederación Hidrográfica para determinar afeccións ao medio ambiente e ao dominio público hidráulico provocadas pola actividade louseira na conca do Miño-Sil co fin de propoñer medidas de restauración medioambiental.
- Por último, no eido ambiental e da seguridade mineira, preténdense iniciar actuacións de execución subsidiaria en relacións coas obrigas de restauración e coas obrigas relacionadas co procedemento de peche e abandono dunha explotación mineira.
- Preténdese valorizar distintos recursos en concellos como Valga e Bande. No Concello de Valga prevese recuperar patrimonio histórico cultural mineiro e no Concello de Bande preténdese poñer en valor as augas dos Baños de Bande.

• Por último no ámbito da industria, as principais liñas de acción, polo que respecta ao exercicio 2019, serán as seguintes:
  - Continuar co desenvolvemento da administración electrónica e co apoio a empresas instaladoras e mantedoras, simplificando a tramitación administrativa para o inicio da actividade e das instalacións executadas.
  - Incrementar o cumprimento das obrigas dos titulares de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial mediante campañas informativas e de divulgación, e mediante o plan de vixilancia e inspección.
  - Incrementar a seguridade dos produtos industriais sometidos a normativa har-monizada mediante as campañas de vixilancia e mercado incluídas nos plans de vi-xilancia e inspección.
  - Incrementar o cumprimento das obrigas dos titulares de instrumentos de medida que interveñen en transaccións comerciais mediante campañas informativas e de divulgación e controis de cumprimento.
  - Realizar actuacións para o desenvolvemento e modificación da normativa vixente no eido da seguridade industrial e da metroloxía.
  - Desenvolver as actividades propias da metroloxía legal e industrial coa participación activa do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia, mantendo e melloran-do os servizos prestados neste ámbito.

- Implementar melloras nas infraestruturas dos parques empresariais de Galicia mediante unha orde de axudas ós concellos nos que estás radicados estes.
- Continuar coas actuacións de dinamización do tecido empresarial e o fomento de empresas innovadoras e xoves renovando a orde da axudas para a creación de viveiros industriais de empresas.
- Continuar a estudar as distintas propostas de regulación emanadas da administración xeral do Estado e da administración da Unión Europea, co fin de que os intereses de Galicia se contemplen debidamente nas mesmas, e colaborar no seo dos órganos de representación territorial co desenvolvemento das citadas normativas.
- Realización de Campaña de difusión e concienciación sobre a importancia da seguridade industrial, para o que se firmará un convenio con ASGOCA-Asociación Gallega de Organismo de Control Autorizados.

DIRECCION XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten ao tecido comercial como un dos seus activos principais necesarios para consolidar e impulsar o crecemento económico . En Galicia, o peso do comercio na economía é superior ao do conxunto da Unión Europea, alcanzando o 11% do PIB total e chegando en torno ó 17 % do emprego.

O sector comercial galego está constituído por preto de 34.500 empresas que dan emprego a traballadores galegos, ocupando nunha maior porcentaxe aqueles grupos de traballadores de especial sensibilidade dende a perspectiva da súa inserción laboral como é o emprego xuvenil, o feminino ou persoas con baixo nivel educativo.

Por outra banda, segundo datos da asociación de traballadores autónomos, a hostalería e o comercio son os sectores nos que se contempla un maior incremento de autónomos, incidindo fortemente no contorno urbano das nosas vilas e cidades e xerando un atractivo turístico ás mesmas.

Estes datos reforzan o compromiso da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo co comercio retallista.

A Consellería de Economía Emprego e Industria é consciente da importancia social e económica do comercio galego. Segue apostando por un sector xa consolidado, que debe adaptarse ás novas tendencias do mercado e ser parte activa na transformación tecnolóxica, o que supón un reto e unha oportunidade para o sector. Neste marco estase a desenvolver o PLAN EXTRATÉXICO DE IMPULSO Ó COMERCIO GALEGO 2015-2020, centrado nunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade dos nosos comerciantes.

Este compromiso ten como obxectivo prioritario a modernización e o incremento da competitividade do tecido comercial galego, para o que se identificaron tres grandes retos a acadar:

1. COMPETITIVIDADE.- Afianzamento dun sector comercial forte, renovado, competitivo e xerador de plusvalías.
2. COMERCIO INTELIXENTE.- Establecemento dun novo modelo que emprega tecnoloxía e que sitúa ao cliente no centro da súa estratexia aproveitando todos os recursos a súa disposición.
3. COMERCIO EXCELENTE.- Potenciación da dinamización, a excelencia e a mellora continua.

Estes obxectivos dan resposta ás demandas xeradas, especialmente polos emprendedores no marco do impulso á creación de novas empresas comerciais, de dispoñer dun sistema de distribución eficiente que xere plusvalías e de consolidar un sector comercial equilibrado, competitivo, dinámico, diversificado e continuamente adaptado á unha realidade cambiante e de incertidume.

Sendo a innovación un dos factores de competitividade empresarial máis importante, o seu impulso no comercio, tanto no eido de novos formatos como en creación de produto e servizos, é unha das principais ferramentas para acadar estes obxectivos.

Así mesmo, deben procurarse novas estratexias de venda que se axusten as actuais tendencias do mercado e aos novos perfís das persoas consumidoras, situando ao cliente no epicentro da actividade comercial. por iso outros dos factores a potenciar xunto coa dixitaliación, o uso das novas tecnoloxías, as redes sociais e técnicas de marketing 4.0 é a excelencia e a calidade como factor diferencial clave do comercio de proximidade así como o compromiso co medio ambiente e coa sostibilidade da actividade comercial, cada vez máis valorados polas persoas consumidoras actuais.

Co obxectivo de acadar que o sector comercial se reforce de cara o futuro, co incremento da competitividade da peme comercial, así como a modernización e adecuación do comercio de proximidade co fin de que mellore a súa atracción comercial, no marco da Lei de comercio interior de Galicia, Lei 13/2010 do 17 de decembro, a dirección xeral de Comercio e Consumo poñerá en marcha as seguintes liñas de acción.

- Mellora da competitividade e dinamización do comercio e da empresa comercial, prestando especial atención á dixitalización do sector e ao impulso da súa innovación tanto en novas fórmulas de comercialización como na posta en marcha de proxectos de sostibilidade e protección do medio ambiente no sector comercial.
- Adecuación da estrutura comercial ás características territoriais, sociais, culturais e económicas de Galicia, tendo como eixes centrais o Plan de mercados excelentes e a implementación de actuacións socioeconómicas e urbanísticas onde o comercio opere como instrumento ligado a actividades de ocio e tempo libre contribuíndo a potenciación do turismo.
- Galicia presenta unha riqueza rural que debe ser preservada tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente, sendo necesario poten-

ciar a creación de empresas situadas no ámbito rural polas sinerxias xeradas, a procura do equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural e a mellora da comercialización dos produtos autóctonos. Preténdese así elevar a oferta de servizos e a calidade de vida do ámbito rural, cumprindo varios obxectivos, como son: adecuar a oferta comercial ás necesidades da poboación rural, garantir a adecuación da estrutura comercial á estrutura comarcal territorial, crear postos de traballo de calidade no rural e dinamizar a nosa economía prestando especial importancia á comercialización dos produtos locais e autóctonos.

- Desenvolvemento da marca "Galicia Calidade", como marca económica da Xunta de Galicia. É unha decisión estratéxica da Administración galega, que afectará a todos os seus departamentos, xa que supón conseguir que se identifique Galicia con Calidade dende o punto de vista de promoción económica, e que contribúa a impulsar a competitividade das empresas galegas, dar visibilidade á marca Galicia dende un punto de vista económico e fortalecer e engadir valor ó selo de calidade.

Polo que respecta á Artesanía: A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, co que se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás esixentes demandas do mercado actual.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, aposta por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado, ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento de estratexias de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector que leva implícitas accións de comercialización, de potenciación do talento e das habilidades empresariais dos artesáns sen descoidar a innovación o deseño e a cooperación entre diferentes sectores.

SECRETARIA XERAL DE EMPREGO

As principais liñas de acción a desenvolver por esta secretaría xeral son:

- Desenvolver unhas relacións laborais sólidas para acadar un emprego de calidade (Axenda 20 para o Emprego).
- Promover o diálogo e a concertación social mediante o establecemento de canles permanentes de participación entre o Goberno da Xunta de Galicia e os axentes económicos e sociais máis representativos da comunidade autónoma galega.
- Implantar unha cultura empresarial de responsabilidade social (Estratexia Galega de Responsabilidade Social Empresarial 2018-2020, en elaboración).

- Incentivar ás Pemes para que implanten o concepto da Responsabilidade Social Empresarial (RSE), como determinante das condicións para que o emprego sexa de calidade (Estratexia Galega de Responsabilidade Social Empresarial 2018-2020,en elaboración).
- Consolidar a igualdade no ámbito laboral entre homes e mulleres, incentivando a corresponsabilidade nas parellas á hora de abordar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar (Plan Emprega en Feminino).
- Fomentar os plans de igualdade corresponsables na empresa, mediante incentivos ás Pemes para a implantación destes Plans , de medidas de conciliación da vida familiar, laboral e persoal, flexibilidade horaria, así como medidas tendentes a eliminar a infrarrepresentación feminina nas empresas galegas.
- Impulso e implantación de medidas de loita contra a brecha salarial.
- Axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da seguridade social, ás persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.
- Apoio ás organizacións sindicais para levar a cabo as súas funcións propias e para a promoción do funcionamento dos seus gabinetes técnicos así como aos plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.
- Compensacións económicas previstas na Lei de Participación Institucional ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.
- Apoio ás persoas desempregadas pertencentes a sectores económicos de especial relevancia na nosa comunidade autónoma, tales como os sectores do téxtil, naval, automoción, construción, entre outros.
- Desenvolver o Plan de loita contra o emprego non declarado en colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Mellorar a eficiencia das institucións públicas dedicadas á prevención de riscos laborais (Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2016-2020).
- Potenciar unha formación de calidade en materia de prevención de riscos laborais e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galegas (Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2016-2020).
- Mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como a súa vixilancia e control (Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2016-2020)
- Desenvolver a Estratexia Galega de economía social 2020 (en elaboración).
- Divulgar e promover a economía social, particularmente entre a xuventude, incidindo especialmente nos aspectos formativos.
- Fomentar a creación de empresas de economía social, especialmente cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción, potenciando os seus valores que apostan simultaneamente pola creación de riqueza, emprego e benestar social.

- Promover a consolidación das empresas de economía social e a mellora da súa competitividade, así como impulsar as redes de intercooperación e colaboración empresarial.
- Fomentar o autoemprego colectivo en economía social mediante a dotación de recursos específicos para o emprendemento en común,, así como cun esforzo singular no ámbito da formación, do asesoramento e do acompañamento de proxectos.
- Impulsar o desenvolvemento da economía social a través da consolidación e expansión da rede "Eusumo" para o fomento do cooperativismo e a economía social, que agrupa e coordina entidades públicas e privadas interesadas nesta labor, achegando os recursos dispoñibles aos ámbitos máis próximos aos desempregados e interesados en xeral.
- Impulsar o cooperativismo xuvenil e o apoio ao emprendemento de persoas mozas en torno á economía social.
- Impulsar o emprendemento colectivo no medio rural, como medio de frear o despoboamento.
- Desenvolver e xestionar as medidas activas de emprego programadas no marco da estratexia europea para o emprego, a estratexia española para a activación do emprego e o Plan Anual de Política de Emprego que conduzan a crear empregos estables e de calidade e, consecuentemente, á redución da taxa de desemprego e da temporalidade no mercado de traballo galego.
- Promover medidas para acadar mellores taxas de emprego, especialmente mediante o establecemento de actuacións específicas para aqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo: as persoas con discapacidade, as persoas que pertencen aos colectivos en risco de exclusión social, as persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, as persoas desempregadas de longa duración as persoas desempregadas maiores de 45 anos, as persoas desempregadas mozas, especialmente aquelas que nin teñen unha ocupación nin se están a formar, e as persoas traballadoras con contratos temporais.
- Impulsar a cultura emprendedora potenciando a xeración de emprego a través de fórmulas de autoemprego, apoiando especialmente o esforzo dos traballadores e das traballadoras autónomas.
- Ofrecer ás persoas traballadoras autónomas apoios económicos nos seus primeiros anos de actividade para a súa consolidación apostando deste xeito por este colectivo xa que o autoemprego individual estase a demostrar como unha vía eficaz para reincorporarse ao mercado de traballo. Así mesmo, e como un nicho de emprego, fomentarase, a través de incentivos, a contratación indefinida de persoas desempregadas por parte das persoas traballadoras autónomas acadando deste xeito o dobre obxectivo de apostar polos traballadores e traballadoras autónomas como dinamizadores da economía galega e como motores da xeración de emprego.
- Potenciar e favorecer as iniciativas empresariais xeradoras de emprego que respondan a sectores e actividades emerxentes ou a necesidades non cubertas no territorio de implantación co fin de impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e

de emprego preferentemente nas zonas rurais e pequenos núcleos urbanos, así como no entorno da investigación e da innovación tecnolóxica.

- Desenvolver e xestionar as medidas de fomento da contratación e de apoio ao autoemprego das persoas mozas sen ocupación laboral e sen desenvolver actividades educativas e formativas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.
- Facilitar a integración laboral das persoas con discapacidade, ben a través das fórmulas de emprego protexido como son os centros especiais de emprego, ben a través da súa constitución como persoas traballadoras autónomos, ou ben incentivando a súa contratación por parte das empresas ordinarias.
- Favorecer a inserción socio laboral das persoas traballadoras pertencentes a colectivos en risco de exclusión social incentivando a súa contratación tanto temporal como indefinida e desenvolvendo, impulsando e apoiando ás Empresas de Inserción Laboral en Galicia como o instrumento máis eficaz para acadar un traballo digno para estas persoas.
- Ofrecer á mocidade galega, a través das medidas da garantía xuvenil, a oportunidade de adquirir unha experiencia laboral que mellore a súa situación no mercado de traballo.
- Promover o progresivo incremento da participación da muller no mercado de traballo ata lograr unha equiparación de ámbolos dous sexos. Para isto profundarase nas políticas diferenciadoras a prol do emprego feminino, ben a través de accións e programas específicos, ben mediante a súa definición como colectivo preferente ou a través de sobreincentivos cando se trate de programas xerais.
- Establecer medidas de discriminación positiva, a través de actuacións específicas e prioritarias nas medidas horizontais, ás mulleres que sofren violencia de xénero, dándolles a oportunidade de acceder ou reincorporarse ao mercado de traballo a través dos programas de incentivos á contratación por conta allea e de fomento do autoemprego.
- Favorecer contratación dos traballadores e traballadoras desempregados que consumisen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego á que tiñan dereito pois se están a converter nun sector social que se atopa en situación de maior vulnerabilidade.
- Promover medidas activas de emprego implementadas en colaboración coas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, dirixidas ao fomento do emprego, coa dobre finalidade de dinamización e xeración de novas actividades e de mellora da empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas participantes, facilitando a súa posterior inserción laboral.
- Consolidar a rede de técnicos de emprego de Galicia potenciando o seu papel como actores decisivos na implantación das diferentes medidas de políticas activas de emprego na súa zona de actuación, principalmente das políticas relacionadas coa creación de actividade empresarial, contribuíndo co seu traballo á localización de recursos ociosos e infrautilizados cara á promoción económica dos concellos galegos, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores.

DIRECCION XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL

Desenvolver o modelo de Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) atendendo a unha maior eficacia na intermediación laboral, implementando sistemas de xestión que faciliten os trámites tanto ás persoas desempregadas como ás empregadoras, mellorando o sistema público de intermediación laboral realizado a través das oficinas de emprego, elevando a calidade dos servizos ofertados e prestados aos desempregados, o que redundará, sen dúbida, na mellora das ratios de intermediación e na consecución de maiores graos de satisfacción dos empresarios que as utilizan e converténdoas en ferramentas verdadeiramente útiles para eles, impulsando, no seo do diálogo social, unha norma que complemente a carteira común dos servizos do Sistema Nacional de Emprego prevista no artigo 27 do Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego, e desenvolvida no Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro, polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego, e que regule os servizos que se prestan, a quen van dirixidos, quen e como se prestan e cal é o fin último que se persegue, partindo da base de que a rede de Oficinas de Emprego do SPEG presta un servizo integral ás persoas demandantes de emprego desempregadas, ás persoas ocupadas na procura da mellora de emprego e ás persoas empregadoras e empresas.

- En coherencia co acordo acadado entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, procurarase a adopción dunha nova estratexia para a mellora na aplicación das políticas activas de emprego, orientada a mellorar a capacidade de inserción profesional, en particular dos máis novos.
- Nesta liña desenvolveranse as medidas activas de emprego programadas no marco da Estratexia Europea para o Emprego, a Estratexia Española de Activación para o Emprego, prevista no art.4 bis da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo Real decreto lei 8/2014, do 14 de xullo, e que esta regulada no Real decreto 1032/2017, do 15 de decembro, polo que se aproba a Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020, o Plan Anual de Política de Emprego, e os acordos, no campo da colaboración institucional e do dialogo social e político, que conduzan a crear empregos estables e de calidade e, consecuentemente, á redución da taxa de desemprego e da temporalidade no mercado de traballo galego. Todo isto nun modelo deseñado e baseado na activación laboral mediante a corresponsabilidade, entendendo isto como o establecemento dun compromiso de actividade na busca e mellora de emprego por parte das persoas demandantes, así como a loita contra a fraude nas prestacións e contra o emprego non declarado.
- O Real Decreto 1032/2017, do 15 de decembro, polo que se aproba a Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020 oriéntase sobre cinco obxectivos de referencia, deixando claro que ten carácter aberto, que se establecerán cada ano nos sucesivos Plans Anuais de Política de emprego para acomodalos segundo as circunstancias que concorran en cada momento. Entre as prioridades da nova versión, atópanse: avanzar na modernización dos servizos públicos de emprego, mellorando os instru-

mentos de coordinación, incrementar os fondos para a formación xestionados polas comunidades autónomas e priorizar os esforzos na implementación da Garantía Xuvenil e a atención a desempregados de longa duración.

- Integrar as accións de adecuación de perfís profesionais e orientación nas distintas áreas funcionais de emprego, establecendo a cooperación entre as oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego, os seus centros colaboradores e demais actores do mercado laboral, de xeito que todos os demandantes de emprego poidan ser, dun xeito eficiente, atendidos de maneira personalizada en igualdade de condicións.
- Consolidar a realización de itinerarios personalizados de inserción como ferramenta básica de atención aos colectivos máis desfavorecidos ou de difícil inserción, prestando especial atención aos traballadores que esgotaran as súas prestacións.
- Potenciar as accións de orientación laboral e asesoramento ao autoemprego, e posta en marcha de novas políticas activas de emprego para determinados colectivos con dificultades no acceso ao emprego a través das Lanzadeiras de Emprego de Galicia.
- Reforzar o enfoque preventivo das políticas activas de emprego coa fin de reducir o paro de longa duración a través de medidas de políticas activas de emprego: programas mixtos de formación e emprego.
- Apoiar a través das políticas activas a incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo dos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.
- Impulsar a colaboración público-privada no ámbito da intermediación laboral, para mellorar a intermediación laboral e procurar elevar os niveis de inserción laboral de determinados colectivos con especiais dificultades para acadala, como pode ser os parados de longa duración, os beneficiarios da renda de integración social de Galicia e outros colectivos en risco de exclusión social, en coherencia cos acordos adoptados a proposta do Servizo Público de Emprego Estatal na reunión da LV Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e co Convenio de colaboración asinado o 6 de agosto de 2013 entre o Servizo Público de Emprego Estatal e a Comunidade Autónoma de Galicia para a celebración dun acordo marco con axencias de colocación para a colaboración cos servizos públicos na inserción laboral de persoas desempregadas.
- Impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego nas zonas rurais e núcleos urbanos pequenos, orientar os programas mixtos de formación e emprego para que respondan tamén a estas novas actividades, procurando o carácter integral destas actuacións tendo en conta as características xeográficas e de poboación da comunidade autónoma galega, nunha estratexia de cooperación institucional das administracións territoriais, para dinamizar o emprego e o desenvolvemento local.
- Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.
- Conseguir que o investimento en formación responda aos cambios rápidos e constantes que teñen lugar no noso entorno produtivo, coa finalidade de manter actualizadas

as competencias dos nosos traballadores e de aumentar a competitividade das nosas empresas.

- Avanzar na investigación e desenvolvemento das cualificacións e da formación asociada, especialmente a formación para o emprego e os novos certificados de profesionalidade, a través do Instituto Galego de Cualificacións en colaboración coas demais administracións estatais e autonómicas e os axentes sociais.
- Potenciar a formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente á poboación activa desempregada mellorando a súa cualificación e, polo tanto, as súas perspectivas de inserción laboral a través dunha oferta formativa axeitada ás necesidades do mercado de traballo.
- Consolidar, desenvolver e potenciar as accións de formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas, como elemento fundamental para a mellora da capacitación profesional e a reciclaxe dos traballadores da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente das que traballan en empresas dos sectores estratéxicos de Galicia.
- Potenciar a programación propia de cursos de formación profesional para o emprego en colaboración con outros departamentos da administración co obxecto de aproveitar ao máximo os centros e recursos dispoñibles na rede pública.
- Potenciar a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas e ocupadas consistente en formación técnica e certificación oficial en produtos, servizos e metodoloxías TIC, e poñer en valor e priorizar as accións formativas máis vinculadas coas necesidades da Industria 4.0.
- Promover accións de formación en liderazgo e coaching para profesionais, directivas e emprendedoras, co fin de conseguir una maior presenza e fomento do papel das mulleres nos ámbitos de responsabilidade, así como facilitar a mellora da súa competitividade e empregabilidade profesional.
- Realizar cursos do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego para formadores.
- Promover e potenciar os estudos técnicos e publicacións centrados esencialmente no campo das necesidades de formación profesional para o emprego, busca de emprego e orientación laboral e promoción do autoemprego, analizando as demandas dos sectores produtivos da economía galega e as súas cualificacións específicas.
- Potenciar a programación de accións formativas dirixidas á obtención dos certificados de profesionalidade e facilitar a adquisición das competencias clave requiridas para poder acceder aos cursos de formación para o emprego.
- Consolidar a xestión da formación profesional para o emprego coa introdución das medidas que, de ser o caso, se consideren oportunas no sistema informático que lles permita unha xestión máis áxil das accións formativas aos centros de formación, tanto da rede pública autonómica como privados ou de administración local.

- Consolidar a función de intermediación entre oferta e demanda de emprego, coordinando e adaptando o seu funcionamento ao sistema de información dos servizos públicos de emprego, que permite a transparencia do mercado de traballo a nivel nacional, facilitando a mobilidade xeográfica entre os demandantes.
- Mellorar a función de intermediación laboral, incrementándoa cunha atención específica e de calidade tanto a demandantes de emprego como a empregadores.
- Potenciar a mobilidade de demandantes de emprego a través da rede EURES (European Employement Services) mediante dous aspectos básicos:
- Achegamento das ofertas de traballo existentes noutros países da Unión Europea aos demandantes da comunidade autónoma.
- Atención ao mercado laboral transfronteirizo para facilitar a mobilidade dos traballadores entre Galicia e Portugal a través da oficina de coordinación do EURES TRANSFRONTEIRIZO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL e dos Conselleiros EURES Transfronteirizos das provincias de Ourense e Pontevedra.
- Promover a formación dos técnicos e persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia, atendendo, non so a súa reciclaxe profesional nas materias de xestión propias das políticas activas de emprego, senón tamén en todas aquelas materias sensibles que teñan relación coa atención aos cidadáns e que deriven nunha xestión eficiente, moderna e próxima ao cidadán.
- Potenciar o procedemento de recoñecemento da cualificación profesional adquirida a través da experiencia laboral ou vías non formais de formación.
- Promover a implantación dos novos certificados de profesionalidade en Galicia, tanto dentro da oferta de formación para o emprego, como a través do procedemento de avaliación e acreditación da experiencia profesional.
- Garantir a expedición de certificacións persoais para a manipulación de gases fluorados e autorizar aos centros para impartir a formación relativa a eles de xeito máis áxil e eficiente.
- Desenvolver accións de observación e de prospección que proporcionen información sobre a evolución do mercado de traballo en Galicia, ocupacións e perfís profesionais, co obxectivo de mellorar a eficacia das políticas activas de emprego e, en particular, a oferta de formación para o emprego.
- Impulsar a formación profesional dual, promovendo a modalidade contractual de formación e aprendizaxe, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensinanza e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.
- Promover o acceso ao mercado laboral das persoas novas cualificadas, proporcionándolles a posibilidade de adquirir práctica nun contorno real, incentivando o sistema de bolsas ás persoas novas que realicen prácticas non laborais en empresas.
- Promover a impartición e seguimento de accións formativas non financiadas por fondos públicos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción da Dirección Xeral da Orientación e Promoción Laboral para o exercicio orzamentario 2019 van ser as seguintes:

- Xestión das políticas activas de emprego no marco da Estratexia Europea para o Emprego, a Estratexia Española de Activación para o Emprego, o Plan Anual de Política de Emprego (PAPE), a implementación en Galicia do Sistema de Garantía Xuvenil, creado polo Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, do Programa Operativo FSE Emprego Xuvenil 2014-2020 e do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.
- Adopción de medidas dirixidas á mellora da inserción e reinserción laboral e para acadar mellores taxas de emprego, especialmente mediante o establecemento de actuacións específicas para aqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo: persoas mozas sen cualificación, maiores de 45 anos, parados de longa duración, persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego, persoas con discapacidade, mulleres, inmigrantes, emigrantes retornados e persoas en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios da Renda de Integración social de Galicia e do Programa Extraordinario de Activación para o Emprego, regulado polo Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de Activación para o Emprego.
- Xestión das políticas activas de emprego no ámbito da colaboración entre administracións e os axentes sociais.
- Consolidación da rede de información, orientación e busca de emprego, integrada nos diferentes programas e medidas de políticas activas de emprego, como instrumento de achegamento entre os demandantes e as necesidades reais do mercado de traballo.
- Modernización do Servizo Público de Emprego, co obxectivo de facilitar un servizo áxil e eficaz tanto para os demandantes de emprego como para os empresarios.
- Implantar as novas especialidades de formación profesional para o emprego segundo as necesidades manifestadas polo tecido empresarial e a convocatoria de probas de competencias clave e a programación das correspondentes especialidades formativas en competencias clave.
- Desenvolvemento dunha política integral e coordinada de formación e emprego que englobe a orientación, o asesoramento, a formación, a avaliación e acreditación de competencias, o fomento de iniciativas empresariais, os incentivos á contratación, a economía social, os programas de cooperación e outras medidas innovadoras que contribúan á consecución da creación de emprego e de riqueza.
- Promover estudos de diagnose e caracterización do mercado laboral en Galicia co fin de ter perspectivas tanto cuantitativas como cualitativas da evolución da demanda, da oferta e da contratación das profesións no mercado de traballo galego.
- Desenvolver o procedemento de recoñecemento das cualificacións profesionais adquiridas pola experiencia laboral, principalmente a través de novas convocatorias deste procedemento que permitirán a acreditación oficial da competencia profesional das persoas contribuíndo así de xeito importante a fomentar a súa empregabilidade e per-

mitindo abrir novas vías para acceder ou progresar no emprego, e/ou no mundo da formación.

- Participar de xeito activo na elaboración de novas cualificacións profesionais e de novos certificados de profesionalidade do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais.
- Avanzar na posta en relación das cualificacións e da formación para o emprego cos sectores produtivos, especialmente das persoas traballadoras de empresas dos sectores estratéxicos de Galicia.
- Xestionar e rexistrar o procedemento de expedición das distintas certificacións persoais para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles.
- Impulsar o labor da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo como entidade instrumental que actúe para favorecer a formación das persoas traballadoras, tanto en situación de desemprego como ocupadas, mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, a través das diferentes liñas de actuación programadas pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, especialmente naqueles casos de formación profesional para o emprego con compromiso de contratación e mellora da capacitación das persoas traballadoras de empresas dos sectores estratéxicos de Galicia.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA - IGCC.

- Reforzo das tarefas de asesoramento as persoas consumidoras galegas de maneira presencial e o través da web e do telefono de balde co que conta o IGCC.
- Potenciación da mediación entre persoas consumidoras e empresarios e profesionais.
- Promoción e potenciación do sistema arbitral de consumo "on line".
- Potenciación do Laboratorio de Consumo de Galicia.
- Reforzamento da actividade da Escola Galega de Consumo.
- Actuación en materia de control, vixilancia do mercado e seguridade dos produtos industriais.
- Impulso á normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.
- Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que poi-dan ter incidencia na libre competencia no mercado, tanto desde a perspectiva dos operadores económicos como das persoas consumidoras e usuarias.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA - ISSGA.

A principal misión do ISSGA para o ano 2019, é dar continuidade á execución e coordinación das políticas públicas de seguridade e saúde no traballo que se deseñan e acordan no marco do Diálogo Social do Goberno Galego e que se plasman nas sucesivas estratexias na materia.

Nas ditas Estratexias establécese o marco de actuación a medio prazo, estruturándose nunha serie de obxectivos, liñas de actuación e medidas que o ISSGA debe desenvolver por si só ou en colaboración con outras unidades administrativas con competencias concorrentes na materia de prevención de riscos laborais e/ou coa participación de axentes sociais, entidades ou organizacións implicadas no eido laboral, sanitario ou de prevención.

A Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020 está chamada a concretar o marco estratéxico da Unión Europea en materia de seguridade e saúde no traballo 2014-2020, aprobado pola Comisión Europea o 6 de xuño de 2014, e a estratexia española 2015-2020, aprobada en Consello de Ministros con data 24 de abril de 2015.

Neste contexto de políticas en materia de seguridade e saúde laboral e, partindo de que un dos obxectivos estratéxicos da Comisión Europea, traballado en estreita colaboración cos Estados membros e os interlocutores sociais, é garantir un entorno de traballo seguro e saudable para o conxunto dos traballadores, e dado que os riscos son similares, corresponde ao ISSGA afrontar tales riscos de forma máis eficaz, dado o balance de situación, contrastando os avances e os problemas pendentes neste ámbito.

Os principais retos destas políticas públicas son:

1. Mellorar o historial de aplicación en Galicia, en particular mediante o reforzo da capacidade das microempresas e pequenas empresas, para poñer en marcha medidas efectivas e eficaces para a prevención do risco.
2. Mellorar a prevención das enfermidades relacionadas co traballo, combatendo os riscos existentes, novos e emerxentes.
3. Combater o cambio demográfico; é necesario crear un entorno seguro e saudable dunha man de obra cada vez máis diversificada e capaz de prolongar adecuadamente a súa vida laboral, con intervencións dirixidas aos traballadores de máis idade.

Son tamén obxectivos claves a consolidación do ISSGA como o instrumento de execución e de coordinación no eido da prevención dos riscos laborais da Xunta de Galicia para desempeñar un papel aínda máis importante e sistemático na implementación de estratexias das políticas e os recursos públicos dedicados a este ámbito, coa presenza cualificada no instituto dos outros actores implicados (representantes de empresarios e traballadores).

Debe facerse especial incidencia en todas as actuacións do ISSGA nas distintas disciplinas preventivas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina do traballo) e na área de formación, documentación e divulgación no seguinte:

1. Facilitar o cumprimento da lexislación en materia de saúde e seguridade no traballo, en particular por parte de microempresas e pequenas empresas.
2. Mellorar a garantía do cumprimento da lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo por parte dos órganos técnicos en materia de prevención de riscos laborais, promovendo a coordinación e a colaboración coas unidades directivas con competencias na materia e coa participación dos axentes sociais.
3. Colaborar e participar para a simplificación da lexislación vixente.
4. Xestionar o envellecemento da man de obra, os novos riscos emerxentes e a prevención de enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas co traballo. Cabe sinalar a importancia da xestión do factor "idade" na prevención de riscos laborais e existe a previsión de efectuar un estudo para formular recomendacións ás empresas e facilitar a adopción de medidas para traballadores e traballadoras de máis de 55 anos.
5. Mellorar a recollida de datos estatísticos, desenvolver bases de información e a calidade e fiabilidade dos datos.
6. Xestionar a información, formación e o asesoramento técnico, transmitindo o coñecemento derivado de proxectos de investigación e plans de execución en sectores de alto risco ou en empresas con altos índices de sinistralidade. Neste punto é importante destacar a previsión da posta en marcha dunha campaña sobre riscos biolóxicos e psicosociais na actividade de atención a persoas con dependencia, dunha campaña sobre o traballo en plataformas móbiles de persoas, estadas e guindastres, dado o elevado índice de sinistros graves e mortais, doutra campaña dirixida a condutores profesionais, doutra sobre os riscos e responsabilidades de traballos con exposición a amianto en comunidades de veciños e a empresas de saneamento ou doutra sobre estrés térmico en traballos con alta temperatura. Non se pode deixar de mencionar neste punto a gamificación da información e sensibilización en prol dun traballo seguro a través de apps deseñadas para dispositivos móbiles en ámbitos tan importantes como o salvamento na pesca, o uso da motoserra ou o dos produtos químicos perigosos.
7. Adquirir e transmitir coñecemento sobre os novos riscos, factores cruzados, etc, de xeito integral e desde todas as especialidades preventivas. Aquí son numerosas as actuacións previstas:
   - Uso de drons aplicado á prevención de riscos laborais
   - Riscos e medidas preventivas na industria 4.0
   - Riscos derivados da utilización de dispositivos móbiles e introdución de novas tecnoloxías
   - Promoción da saúde no traballo en oficinas

- Reorientación da Escola Galega de Prevención para introducir un apartado dedicado ás novas tecnoloxías en prevención de riscos laborais.

Na Estratexia Galega ocupan un lugar prioritario e preferente sectores de actividade con peso na nosa comunidade, como a pesca e o agro, tanto polos seus riscos e seus índices de sinistralidade, como polas súas peculiaridades ou estruturas, que dificultan unha adecuada xestión da prevención, motivo polo que demandan unha especial preocupación polos poderes públicos e que provocan manter actuacións xa iniciadas en anos anteriores como a relacionada coa prevención de riscos pola utilización do tractor e os seus apeiros ou a relacionada coa redución da sinistralidade das operacións de maior accidentabilidade no traballo no monte. De igual xeito existe unha especial incidencia na promoción da igualdade de xénero nas políticas preventivas e nos colectivos de especial sensibilidade. Neste último ámbito está prevista a posta en marcha dunha campaña informativa sobre a protección da maternidade e a reprodución no ámbito laboral.

II.3. DAS ENTIDADES PUBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS - CGRL

O obxectivo do Consello Galego de Relacións Laborais é contribuír á mellora das relacións laborais en Galicia, mediante o fomento do diálogo entre organizacións sindicais e empresariais, para o que elabora, por propia iniciativa, estudos e informes e os remite aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma, formulándolles propostas en materia de política laboral.

O Consello inflúe con eficacia na estruturación da negociación colectiva galega, contribuíndo deste xeito a conseguir para Galicia unhas relacións laborais modernas, dinámicas, dialogadas e participadas. Facilita a adopción de acordos entre as organizacións empresariais e sindicais a través da negociación colectiva. Por unha banda, presta o seu apoio material e técnico ás mesas de negociación e ás comisións paritarias dos convenios colectivos e, por outra, impulsa a xestión dos sistemas de solución extraxudicial de conflitos de traballo, as mediacións e as arbitraxes, na busca dun acordo que poña fin ao conflito.

Así mesmo, o Consello Galego de Relacións Laborais promove a igual-dade de xénero nas relacións laborais coa axuda da Comisión Consultiva Autonómica entre Mulleres e Homes para a Igualdade na Negociación Colectiva.

Para a consecución destes obxectivos, en 2019 o Consello continuará a desenvolver as seguintes liñas de acción:

1. Mellorar as condicións laborais a través do fomento da negociación colectiva.

2. Facilitar a consecución de acordos en materia de relacións laborais mediante a xestión dos procedementos previstos no AGA (mediación e arbitraxe) e co seu apoio material e técnico ás mesas de negociación e ás comisións paritarias dos convenios colectivos.
3. Promover a implantación de cláusulas de igualdade de xénero na negociación colectiva e fomentar a elaboración de plans de igualdade.
4. Fomentar a formación e información en materia de relacións laborais e de igualdade de xénero.

Estas liñas de accións se desenvolven coas actuacións que se enumeran a continuación.

En relación coa liña 1, mellorar as condicións laborais a través do fomento da negociación colectiva:

1.1. Impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución española. Estudar coas partes afectadas a posibilidade de negociar convenios autonómicos para os sectores que se decidan e promover a creación de comisións paritarias nos diversos ámbitos de negociación colectiva.

1.2. Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e reco-mendarlles a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.

1.3. Apoiar material e tecnicamente e asesorar ás mesas negociadoras e ás comisións paritarias na negociación e nos bloqueos de convenios colectivos e fomentar o diálogo entre organizacións sindicais e empresariais.

1.4. Obter un diagnóstico acertado da realidade negocial en Galicia mediante a xestión do programa informático "Necol" e o seguimento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións salariais negociadas, así como a elaboración periódica de informes semestrais e dos relativos a inaplicacións de convenios rexistradas. O Consello continuará a elaborar os Boletíns do Observatorio de Negociación Colectiva que recollen trimestral-mente o número total de convenios asinados e revisados en Galicia, xunto cos datos de maior interese sobre a situación da negociación colectiva galega, así como os datos sobre convenios estatais que afectan a traballado-ras e traballadores galegos.

1.5. Emitir ditame non vinculante en orde a determinar a aplicación ou non dun convenio colectivo vixente a unha empresa ou centro de traballo, sen prexuízo da competencia da xurisdición social.

1.6. Estudar o contido dos convenios colectivos e trasladar as conclusións ás respectivas comisións negociadoras, así como facer propostas de mellora, para adaptalos ás novas situacións e realidades do mercado de traballo.

1.7. Mellorar os contidos dos convenios colectivos a través de recomendacións xerais ás organizacións empresariais e sindicais, cláusulas tipo e guías de boas prácticas.

En relación coa liña 2, facilitar a consecución de acordos en materia de relacións laborais mediante a xestión dos procedementos previstos no AGA (mediación e arbitraxe) e co seu apoio material e técnico ás mesas de negociación e ás comisións paritarias dos convenios colectivos:

2.1. Promover e facilitar a mediación e arbitraxe nos conflitos laborais, ao abeiro do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), por pedimento das partes interesadas. Para tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecer arbitraxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.

2.2. Xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.

2.3. Ter información actualizada do desenvolvemento do AGA, así como controlar o seu funcionamento e impulsar a súa ampliación.

2.4. Prestar asesoramento e asistencia técnica nas Comisións Paritarias e na negociación do convenio colectivo nos sectores que lle soliciten as organizacións sindicais e/ou empresariais.

2.5. Apoiar material e tecnicamente e asesorar ás mesas negociadoras e ás comisións paritarias na negociación e nos bloqueos de convenios colectivos e fomentar o diálogo entre organizacións sindicais e empresariais.

En relación coa liña 3, promover a implantación de cláusulas de igual-dade de xénero na negociación colectiva e fomentar a elaboración de plans de igualdade a través da actuación da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade na Negociación Colectiva entre Mulleres e Homes, adscrita organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais:

3.1. Asesorar ás partes negociadoras, que así o soliciten, na redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade entre mulleres e homes nas relacións laborais, co obxectivo de eliminar ou evitar a aparición de cláusulas que impliquen condutas discriminatorias por razón de xénero.

3.2. Estudar os convenios colectivos que lle son remitidos polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, para analizar as cláusulas recollidas en materia de xénero e propoñer recomendacións.

3.3. Desenvolver actividades de formación en igualdade de xénero, nos termos que se acorde, como a realización de cursos de formación para persoas negociadoras e xornadas de debate

e difusión de cuestións relaciona-das coa promoción da igualdade entre mulleres e homes no ámbito das relacións laborais.

3.4. Elaborar recomendacións xerais de boas prácticas e materia de igualdade na negociación colectiva para contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso e das condicións de traballo das persoas traballadoras e para garantir o dereito das mulleres e dos homes á conciliación da vida laboral e familiar, a protección da saúde e a seguridade das mulleres por razóns de maternidade, embarazo e lactación.

3.5. Editar e publicar estudos e informes sobre cláusulas de igualdade na negociación colectiva e sobre a negociación de plans de igualdade.

En relación coa liña 4, fomentar a formación e información en materia sociolaboral e en igualdade de xénero:

4.1. Contribuír a especialización de profesionais en relacións laborais mediante a realización de cursos en colaboración coas universidades gale-gas, seminarios conxuntos para a formación de cadros sindicais e empresariais e cursos formativos sobre técnicas de comunicación e técnicas de negociación, así como a través dun Curso en liña sobre deseño e medidas de igualdade e plans de igualdade.

4.2. Incentivar o debate na sociedade galega sobre os distintos aspectos de interese da realidade laboral mediante a organización de diferentes xornadas sobre temas de interese social.

4.3. Realizar unha nova edición do Encontro Galego de Relacións Laborais, que quere ser un espazo de encontro dos interlocutores sociais, a Xunta de Galicia, a universidade e a xudicatura. As súas conclusións serían propostas polo Consello, como medidas concretas dirixidas a mellorar a realidade sociolaboral dos galegos e galegas, ás institucións competentes, Xunta de Galicia e, de ser o caso, ao Parlamento de Galicia, pola vía que xuridicamente se entenda mais axeitada.

4.4. Elaborar estudos monográficos sobre aspectos concretos da negociación colectiva galega e sobre aqueles temas que acorde o Pleno do Consello.

4.5. Continuar coa Revista Galega de Dereito Social, publicación científica semestral do Consello Galego de Relacións Laborais, dirixida a difundir entre os colectivos docentes, investigadores e profesionais interesados no mundo laboral a actualidade legal, xurisprudencial e doutrinal na materia, con especial incidencia no marco galego de relacións laborais. Segue a filosofía do acceso aberto ao coñecemento xurídico, e promove, ademais, a creación de textos xurídico-laborais en galego, para consolidar o seu uso técnico.

4.6. Continuar coa elaboración e publicación do Informe anual sobre a situación sociolaboral na Comunidade Autónoma de Galicia, certeiro instrumento de análise da nosa realidade sociolaboral.

II.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA - IGAPE.

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), incardínase no conxunto de medidas do Goberno da Comunidade Autónoma dirixidas a promover a economía galega, favorecer o emprendemento e o crecemento empresarial a través da internacionalización e a competitividade do conxunto do territorio e das empresas galegas.

Estas medidas están dirixidas

- Ao impulso e consolidación da actividade económica das empresas.
- A dar resposta ás esixencias do escenario económico actual, caracterizado pola importante presenza de restricións financeiras e dificultades para continuar o crecemento da nosa economía e do noso tecido empresarial.
- Á consolidación e fortalecemento do programa de apoio á internacionalización das pemes galegas.
- Ao fomento da competitividade e da produtividade e ao impulso da participación e cooperación entre os axentes económicos galegos.
- Ao desenvolvemento da política industrial de Galicia, en colaboración cos clúster galegos e de acordo coa Axenda de competitividade Galicia: Industria 4.0.
- Ao apoio integral ao emprendemento, de acordo coa de Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.
- Á atracción de novos investimentos empresariais internacionais que contribúan á creación de emprego e ao fortalecemento do tecido produtivo e de servizos en Galicia.
- A favorecer o equilibrio territorial.

Os orzamentos de 2019 estrutúranse en torno á estratexia do IGAPE no marco 2014-2020 e á posta en marcha dos diferentes programas e plans de actuación, que integrarán medidas configuradas de xeito conxunto, nas bases reguladoras dos apoios xestionados polo Instituto, xunto con instrumentos financeiros, servizos e novas actuacións.

Os plans de actuación do IGAPE materializan o compromiso coa reactivación da economía da nosa Comunidade e a mellora da competitividade das empresas galegas.

Programas e plans de actuación do IGAPE no ano 2019:

1º.- Programa Competitividade Empresarial.- A mellora da competitividade das pemes eixe central da actuación do IGAPE, verase reforzada pola posta en marcha de novas medidas e actuacións da Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0.

Este programa execútase na súa maior parte a través do IGAPE, e contempla accións en catro eixos: factores territoriais de competitividade, capitalización e crecemento, persoas e organizacións e mercados, como elementos clave e críticos para a competitividade da industria galega e, por extensión, da súa economía.

Deste xeito, no despregue de medidas correspondentes aos eixes anteriores cara á mellora da competitividade do tecido empresarial, no ano 2019, o IGAPE contempla accións específicas, como son:

- Subvencións ao abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar melloras na transformación dixital, especialmente no eido da implantación de sistemas e solucións de dixitalización así como na sensibilización e capacitación de directivos e mandos intermedios fronte ao reto 4.0 da economía.
- Promoción e financiamento de INFRAESTRUTURAS COLABORATIVAS INDUSTRIAIS, que contribúan a reforzar o contorno industrial e dotar de acceso a infraestruturas equipadas a emprendedores, traballadores en activos, spin-outs empresariais, etc. para desenvolver proxectos e iniciativas industriais en espazos dotados e con condicións de acceso coñecidas e reguladas.
- Proceso de traballo continuo con representantes de empresas fabricantes de maquinaria e bens de equipo en Galicia, cara a descubrir o mellor sistema de xeración de novas solucións tecnolóxicas mediante a unión de capacidades interempresariais, cara ao DESENVOLVEMENTO DE PROVEDURIA avanzada en Galicia de equipos, sistemas e maquinaria 4.0.
- Prestación de servizos, a través do programa "Re-Acciona" renovado e reforzado co obxectivo de contribuír á mellora competitiva da empresa, mediante servizos avanzados de profesionalización empresarial, de desenvolvemento estratéxico das empresas, de dixitalización industria 4.0, e que se verán complementados por novos servizos de apoio á innovación desenvolvidos en colaboración coa GAIN
- Accións estratéxicas para os fondos 2014-2020 como o seguimento e control do portal doing business galicia, sistema activo de seguimento da normativa, licenzas e permisos, atrancos e dificultades normativas ou de xestión pública para as empresas; que se verá complementado con un sistema de información sobre a industria 4.0 en Galicia: Observatorio Galicia Industria 4.0, así como o peche da 'Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia' que establece as pautas e recomendacións principais cara ao ordenamento e optimización do sistema de infraestruturas e comunicacións loxísticas galegas, e que demanda a xeración dun agrupamento reitor da Estratexia, que podería ser un Cluster da Función Loxística de Galicia, como elemento de impulso, seguimento e control dos avances nas melloras estratéxicas da función loxística en Galicia.

A importancia dos clúster para a política industrial de Galicia vén manifestada de dúas formas principais: en primeiro lugar, no papel dos mesmos como panca fundamental na Axenda da

Competitividade de Galicia Industria 4.0, en segundo lugar, cunha política específica que durante o ano 2019 se concreta en:

- Continuar a promover a excelencia nos clúster, cunha nova liña de axudas á governanza das Agrupacións Empresariais Innovadoras.
- Promover proxectos de transformación e educación dixital, comprometidos polos clúster para a concesión das axudas á governanza, facer un seguimento activo deles e difundir e poñer en valor as mellores prácticas para o aproveitamento mais amplo posible dos resultados da política de clústers.
- Promover a través dos propios clusters a execución de obradoiros de dixitalización e proxectos de hibridación intersectorial para a xeración de novos produtos ou servizos conxugando as diferentes capacidades de eidos de actividade non conexos.
- Xerar mais e mellores proxectos de implantación de tecnoloxías Industria 4.0 nas pemes agrupadas en proxectos colectivos demostradores das posibilidades das tecnoloxías dixitais nos sectores estratéxicos da industria galega e os servizos de apoio industrial.

2º.- Plan Galicia Inviste.- O IGAPE no ano 2019 porá en marcha distintas liñas de actuación de financiamento dos investimentos das empresas galegas que contribuirán:

- A apoiar e incentivar o investimento e o crecemento empresarial.
- A estimular unha maior dimensión das empresas galegas.
- A favorecer un nivel equilibrado de fondos propios nos balances das pemes.
- A favorecer o acceso ao crédito bancario para a financiación do capital corrente das pemes.
- A mobilizar o financiamento privado nos ámbitos do emprendemento, a industria 4.0 e a innovación empresarial.
- A promover a diversificación, reorientación ou cambio de negocio a partir da hibridación e a correspondencia oferta/demanda sectorial.

As distintas actuacións contempladas neste plan son as seguintes:

- Subvencións a fondo perdido ao abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar o investimento e o crecemento empresarial.
- Liñas de acceso ao financiamento operativo avalando operacións de circulante, mediante convenios coas sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras, como o do programa "Resolve".
- Avais directos para facilitar o acceso ao financiamento de investimentos e de capital circulante.
- Préstamos ao amparo do instrumento financeiro do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, para mellorar a competitividade das pemes, financiando investimentos en

activos fixos e capital corrente nos ámbitos do emprendemento e da industria 4.0, así como para potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, financiando investimentos en activos fixos e gastos de desenvolvemento e innovación neste ámbito.

- Programa de préstamos directos para financiar grandes proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia, así como liñas específicas de préstamos que financien actuacións sectoriais específicas.

Para as diversas actuacións, o IGAPE contará coa colaboración de distintos organismos facilitadores de financiamento (entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca, entre outros). A participación do IGAPE no marco destes convenios suporá a concesión de avais e reavais, compensacións ás sociedades de garantía recíproca e, no seu caso, subsidiación de xuros.

Ademais dos propios apoios do Instituto, as medidas de impulso dos investimentos empresariais compleméntanse coa tramitación, coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Facenda, a través da liña de Incentivos económicos Rexionais, e coordinación e acompañamento noutras liñas de financiamento como as de Reindustrialización e Fomento da Competitividade Industrial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, ou as de préstamos do Banco Europeo de Investimentos (BEI).

3º.- Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020.- Contribuirá a fomentar a internacionalización, como base para a competitividade do tecido empresarial galego.

A través de actuacións, medidas, servizos e instrumentos, a actuación do IGAPE focalizarase no aumento e consolidación no exterior das empresas galegas. Así como á atracción de inversión produtiva, comercial e financeira cara á Galicia, contribuíndo á promoción económica e ao crecemento empresarial.

As liñas de actuación no ano 2019, promoverán:

- A cultura da internacionalización: mediante formación de xóvenes profesionais e especialización e capacitación dos recusos humanos das empresas.
- Incrementar e consolidar a presenza das empresas galegas nos mercados internacionais: mediante identificación de mercados e oportunidades nos que as capacidades das empresas galegas presentan vantaxes competitivas. E desenvolvemento e programas/accións en función de ditas oportunidades e das necesidades das empresas galegas con potencialidade para as mesmas.
- Consolidar a imaxe de Galicia no exterior: para mellorar o posicionamento de Galicia e a percepción dos produtos e servizos. Imaxe de marca.
- Fomentar a cooperación empresarial e institucional en prol da imaxe de Galicia e das súas empresas no exterior.

- A atracción de investimento do exterior que contribúa a incrementar o tecido produtivo galego, a crear novos postos de traballo e a completar cadeas de valor sectoriais.

O IGAPE, como coordinador das políticas de Internacionalización da Xunta de Galicia, baseará a súa actuación no ano 2019 reforzando a colaboración e coordinación entre os distintos axentes públicos e privados.

Na procura de multiplicar a eficiencia dos recursos públicos, no ano 2019 o IGAPE prestará especial atención ás iniciativas de colaboración de entidades e principais organizacións empresariais que traballan no ámbito da internacionalización.

A cooperación empresarial será fundamental para poder seguir avanzando, con paso firme, cara á consolidación das empresas galegas nos mercados exteriores máis activos polo que incidiremos especialmente en programas orientados a fomentar e facilitar a cooperación empresarial de cara á internacionalización conxunta ou ao intercambio de boas prácticas en internacionalización.

4º.- Programa Galicia Emprende.- A Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia atribúe ao IGAPE a responsabilidade de desenvolver unha serie de medidas, que son o fío condutor neste eido dos orzamentos para os vindeiros anos.

O ano 2019 suporá continuar o desenvolvemento das actuacións previstas na Lei, e as medidas promoverán o impulso de tecido empresarial pola creación de novas empresas.

Entre os seus obxectivos:

- Favorecer a creación de empresas e a creación de emprego.
- Desenvolvemento da Unidade Galicia Emprende como instrumento para vertebrar e coordinar o ecosistema emprendedor galego e acadar indicadores máis altos de actividade emprendedora en Galicia a corto, medio e longo prazo.
- Profundizar na utilización e aplicación a novos proxectos de emprendemento do fondo 'Galicia Iniciativas Emprendedoras' (FGIE).
- Seguir impulsando a rede galega de investidores particulares e incrementar a aplicación de capital privado no apoio ás novas empresas.
- Crear e un portal intelixente do ecosistema emprendedor galego.

Neste sentido, a Unidade Galicia Emprende de información, asesoramento e avaliación, unha vez aprobado o regulamento, irase ampliando coa adhesión dos axentes que, dentro do territorio galego, soliciten a súa adscrición e faciliten apoio aos emprendedores de xeito coordinado co IGAPE.

Inclúense tamén nos orzamentos a xestión dos instrumentos financeiros de diferentes tipoloxías que serán articulados para o financiamento do emprendemento: préstamos, créditos, garantías ou avais.

Manteranse igualmente os incentivos a fondo perdido, co cofinanciamento do FEDER, para apoiar os investimentos e gastos iniciais necesarios para a posta en marcha de empresas constituídas por suxeitos ós/ás que sexa de aplicación a antedita Lei (Programa GALICIA EMPRENDE) e continuarase co sistema de subvención a fondo perdido para iniciativas emprendedoras no medio rural cofinanciadas co FEADER e xestionadas polo IGAPE, que están tendo unha resposta moi importante en termos de cantidade e calidade dos proxectos seleccionados para ser apoiados (Programa GALICIA EMPRENDE RURAL).

Por último, o IGAPE mantén nos orzamentos as asignacións aos FOCOS DE EMPRENDEMENTO SECTORIAIS, co que estima seguir cofinanciando e dirixindo a Business Factory Auto (BFA), así como promover e cofinanciar novos Focos, nos sectores Aeronáutico (ABF- Aeronautics Business Factory), no sector da industria alimentar (BFF-Business Factory Food) e, posiblemente unha BFN no sector naval.

A potenciación dos instrumentos de sensibilización e difusión, incluíndo outras accións de apoio para a extensión da cultura emprendedora, incluíndo o ámbito educativo (EDUEMPRENDE), forman parte deste eixe que se completa con servizos gratuítos de titorización, formación e acompañamento a potenciais emprendedores coa colaboración de mentores inscritos na rede de mentores do IGAPE.

5º.- Programa Galicia Capacita.- Como elemento e peza clave na mellora da competitividade das empresa galegas, o IGAPE desenvolverá un programa de formación e desenrolo directivo.

No Programa Galicia Capacita contémplanse accións en tres eixos: formación e difusión, profesionalización, estratexia e novos modelos de negocio e cooperación. Estes tres aspectos resultan totalmente determinantes da competitividade das persoas e as organizacións e, polo tanto, das competencias necesarias para a profesionalización das empresas e así incrementar a súa solidez, capacidade de resistencia ante circunstancias adversas e afirmar as bases dun crecemento sostido e sostible a medio e longo prazo.

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos é outra das medidas sinaladas para contribuír a capacitación, ao desenvolvemento e á modernización empresarial, que o Instituto vén facendo, especialmente nos últimos anos. Deste xeito contribuír a que tódolos axentes e organismos de Galicia colaboren de maneira coordinada para mellorar o tecido empresarial e situar a Galicia como unha rexión atractiva para investir e traballar é o principal obxectivo deste piar nos plans de actuación do Instituto, que ten como principais axentes aos clúster e organismos intermedios de carácter empresarial.

Deste xeito, cara á capacitación do tecido empresarial, os orzamentos contemplan accións específicas nestes eidos, como son:

- Acordos e convenios con axentes clave para a formación, a difusión de tendencias de xerencia e xestión e o desenvolvemento directivo dos administradores, directivos e mandos intermedios da peme galega.
- Un gran programa de difusión, formación e capacitación de mandos intermedios empresariais, directivos e Consellos de Administración, como chave de éxito das pemes cara ó futuro e que pretende exercer un impulso de cambio na acción dos cadros de mando das pemes galegas e, consecuentemente, o lanzamento de novas estratexias cara ó crecemento e a internacionalización de xeito decidido.
- Liñas de formación práctica axeitadas as necesidades da peme galega e fomentar a intelixencia competitiva e a penetración acelerada da tecnoloxías da Indus-tria 4.0.
- Prestación de servizos diferenciais, de alto valor, a través do programa "Re-Acciona" "Re-Acciona Innovación" e "ReAccion TIC-I4.0". Servizos avanzados de profesionalización empresarial e de desenvolvemento estratéxico, xa consolidados durante os anos 2013 ao 2016, complementados a partir de 2017 con servizos de dixitalización industrial e Industria 4.0. aos que, no vindeiro 2019, sumaránse servizos de apoio e introducción da innovación nas pemes galegas.

Moitas das liñas de actuación neste plan, acometeranse en colaboración con entidades e organismos dedicados a formación e capacitación de directivos e mandos intermedios, como as escolas de negocios, a Asociación para Progreso da Dirección…

6º.- Programa Galicia Equilibra.- Como elemento garante dun desenvolvemento equilibrado, o IGAPE no ano 2019 porá en marcha actuacións, cos seguintes obxectivos:

- Potenciar e favorecer o desenvolvemento equilibrado dos distintos territorios de Galicia, mediante a elaboración de plans de desenvolvemento territorial para zonas especificas, con un modelo único refundido coas estratexias xerais e particulares da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Crear e implantar un índice de Competitividade Territorial (ITC) como elemento de medida da competitividade, para acadar unha medición integral da efectividade das accións, e comparativa con outros territorios.
- Promover, fomentar e potenciar actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais como territoriais.
- Impulsar a interacción co tecido produtivo estimulando a confianza deste no seu papel como axente de desenvolvemento territorial.
- Coordinar actuacións das distintas administracións para acercar o apoio integral a cada proxecto, para acadar maior efectividade, no desenvolvemento económico e sostible do territorio.

7º.- Proxectos en cooperación.- No ano 2019, o IGAPE continúa reforzando e impulsando proxectos en cooperación:

- Rede Asociacións de empresarios galegos nos exterior –impulsada polo IGA-PE - constitúe un activo con gran potencial dinamizador da internacionalización ao ofrecer ao empresario galego interesado no mercado exterior un apoio singular que pode serlle de grande utilidade. As asociacións de empresarios de orixe galega vincúlanse voluntariamente a Galicia e poñen a disposición do tecido empresarial galego a experiencia, o especial coñecemento do mercado e o seu saber facer empresarial nos países ou comunidades onde están localizadas.

  A Rede no seu conxunto representa unha iniciativa que busca aproveitar as sinerxías asociativas en proveito da xeración mutua de negocio e unha vía para canalizar a captación de investimento para Galicia.
- PROXECTO 0041_ECICII_PLUS_1_E, , dentro do programa INTERREG V-A España - Portugal (POCTEP) 2014-2020, que ten como obxectivo fortalecer a capacidade de internacionalización da pemes da eurorrexión, a través da intensificación da cooperación transfronteiriza e do aproveitamento das sinerxias da experiencia galega e do norte de Portugal, apostando tamen pola experimentación con modelos de internacionalización multisectorial, onde empresas intensivas en coñecemento se alíen con empresas tradicionais de sectores estratéxicos na eurorrexión con maior experiencia en internacionalización.

  Outros programas e proxectos que apoien a política industrial, o emprendemento, a internacionalización e a competitividade das pemes.

8º.- Outras accións.

Baixo este eixe inclúense accións que teñen como denominador común mellorar a atención integral do Instituto aos empresarios e emprendedores, tomando a iniciativa no desenvolvemento de proxectos como a administración electrónica ou o desenvolvemento de portelos multicanle de atención integral a proxectos empresariais, ou fomentando a participación en proxectos e iniciativas convocadas pola Unión Europea.

A formulación de actividades formativas para os recursos humanos do Instituto pretende fortalecer as capacidades de prestación deste tipo de servizos e a concienciación en xeral de avanzar nas ferramentas de coñecemento.

10º.- Actividades soporte.

Baixo este eixe inclúense as diferentes actividades de información e difusión dos servizos e apoios do IGAPE e os gastos xerais de funcionamento do Instituto.

A perspectiva de xénero nos orzamentos.

O IGAPE no ano 2019 velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Por outra parte, para os distintos programas obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

INSTITUTO ENERXETICO DE GALICIA - INEGA.

As principais liñas de acción para o ano 2019 son as seguintes:

1. Certificación enerxética de edificios:
   - Tramitación e resolución das solicitudes de inscrición no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
   - Habilitación do rexistro de técnicos competentes en materia de certificación enerxética.
   - Control técnico dos certificados de eficiencia enerxética.
   - Cualificación e certificación dos edificios públicos autonómicos da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
   - Participación como membro da Comisión Asesora en materia de certificación enerxética de edificios.
2. Actuacións de aforro e eficiencia enerxética na administración pública autonómica:
   - Desenvolvemento da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética no sector público autonómico.
   - A rede de enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA), constituída polas infraestruturas, medios e servizos necesarios para a xestión enerxética dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
   - A mellora do comportamento enerxético dos elementos técnicos e arquitectónicos nos centros sociais, educativos, sanitarios e administrativos, na procura de acadar unha diminución na factura enerxética da Xunta de Galicia a través de actuacións directas neste edificios.
3. Programa de axudas de aforro e eficiencia enerxética:
   - Impulso á mellora da competitividade das empresas pola vía do aforro e a eficiencia enerxética mediante axudas dirixidas ós sectores industrial, de servizos e agrícola primario.
4. Actuacións en enerxías renovables:

- Axudas para intensificar a implantación de enerxías renovables na Comunidade Autónoma, focalizando a implantación das instalacións que permitan aos fogares e ás empresas o acceso ao autoconsumo eléctrico e á xeración distribuída a pequena escala.
- Apoio á instalación de equipamentos térmicos con biomasa e ás instalacións de xeración de calor a partir das tecnoloxías xeotérmica e aerotérmica.

5. Actuacións en planificación e infraestruturas enerxéticas:
   - Promoción das actuacións contempladas nas Directrices enerxéticas de Galicia para o período 2018-202, recentemente aprobadas.
   - Seguimento da planificación da rede de transporte de electricidade do Estado 2014-2020.
   - Elaboración do Balance enerxético de Galicia do 2017.
   - Recompilación de información da enerxía eléctrica xerada polas distintas centrais de produción de enerxía eléctrica en réxime especial existentes en Galicia (Sicapde).
   - Actualización da información xeorreferenciada (gráfica e alfanumérica) das infraestruturas enerxéticas da Comunidade Autónoma (Atlas Enerxético).
6. Proxectos europeos:
   - "Proxecto 0015_BIOMASA_AP_1_E – Mellora de capacidades de investigación en biomasa, para un uso enerxético optimizado de biomasa non valorizada pero de Alto Potencial na Eurorrexión", encadrado na Primeira Convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (POCTEP).
   - "Proxecto 0092_AQUALITRANS_1_E – Sistema de xestión e control para a mellora da eficiencia na depuración e na calidade ambiental de augas a nivel transfronteirizo", encadrado na Primeira Convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (POCTEP).
   - Presentación de novas propostas de proxectos de investigación a distintos programas europeos.
7. Outras actuacións:
   - Asesoramento técnico á Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
   - Participación na comisión de seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial asociados ós parques eólicos adxudicatarios dentro das Ordes da convocatoria que regula a Lei 8/2009, do 22 de decembro.
   - Tramitación das competencias derivadas do Real Decreto 56/2016, do 12 de febreiro, relativo a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía.
   - Desenvolvemento de proxectos pilotos e demostrativos.
   - Estudo enerxético para a mellora da competitividade na industria auxiliar da automoción.
   - Ensaio de prototipos (Life demowave e Miami) na zona experimental de Punta Langosteira.

AXENCIA GALEGA DE INNOVACION - GAIN

- A coordinación das políticas da RIS3 para a consecución dun maior desenvolvemento económico e social no contexto da nova Política de Cohesión Comunitaria para o período 2014-2020.
- O desenvolvemento dun Polo de Investigación e Tecnoloxía Aeroespacial, a través de diversas actuacións:
  - A creación e desenvolvemento dun parque tecnolóxico aeronáutico, infraestrutura composta polo aeródromo de Rozas destinado a UAVs de uso civil e o novo Centro de Investigación Aerotransportada Inta-Xunta (CIAR).
  - A promoción da utilización dos UAVs no ámbito civil e especialmente na mellora dos servizos públicos mediante a colaboración público-privada con varios socios estratéxicos tecnolóxicos e industriais a través dun acordo de Asociación para o Desenvolvemento Precomercial seleccionados na denominada Fase I-"Request For Proposal" (RFP-A), así como mediante procesos de contratación pública innovadora de solucións concretas (compra precomercial, compra pública de tecnoloxía innovadora e asociación para la innovación) seleccionados na denominada da Fase II-RFP-B. POLO AEROESPACIAL.
- O fomento do investimento privado a través da xeración de alianzas estratéxicas con empresas tractoras que coinvistan coa Administración no desenvolvemento de grandes proxectos de I+D orientados á renovación do modelo produtivo de Galicia para consolidar un crecemento intelixente e sustentable da economía galega que permita acadar un novo modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento e aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia. INDUSTRIA 4.0.
- A captación, retención e recuperación do persoal investigador excelente mediante:
  - A contratación por parte de GAIN do persoal investigador beneficiario dunha bolsa do "European Research Council". OPORTUNIUS.
  - O fomento da excelencia: estimulando a participación nos programas do ERC de investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos. OPORTUNIUS
  - O apoio á excelencia: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das bolsas do programa ERC e que non recibiran financiamento. Dotarase ao persoal investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto de cara a participación en convocatorias futuras do ERC.
- A participación na rede galega de aceleradoras de innovación. O apoio aos programas de aceleración de empresas dende a fase inicial do nacemento empresarial, a través de servizos de formación, asesoramento e a achega de capital semente. ACELARADORAS e Fondo GIE.

- O apoio ós proxectos de investigación que se atopan nun estado de madurez tecnolóxica que xa superou a fase de investigación fundamental, pero requiren dun impulso que permita a validación da tecnoloxía e a posterior transferencia ó mercado dos resultados. IGNICIA.
- O impulso do crecemento sostible da empresa innovadora nos sectores da agroalimentación, biotecnoloxía e biomasa, a través do Programa Agrobiotech Innovación, que persegue impulsar a consolidación das pemes innovadoras galegas en fase de crecemento e o fortalecemento do emprego tecnolóxico cualificado, a través dun plan de traballo práctico individualizado para cada peme e actividades transversais para os sectores. AGROBIOTECH.
- As axudas para o financiamento dos custos de implementación dos plans de innovación das empresas destinadas ao financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan sistematizar os procesos de innovación da empresa. INNOVA-PEME (Absorción).
- O fomento da cooperación entre as empresas, especialmente Pemes, e os demais axentes do Sistema Rexional de Innovación, particularmente cos axentes xeradores de coñecemento, a través do apoio a proxectos de investigación e innovación orientados ao mercado (proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental, innovación en materia de procesos e organización). CONECTA PEME.
- O fortalecemento de centros de xeración de coñecemento a través do financiamento dos seus gastos de estrutura tendo en conta en relación coa posta en valor das súas actividades de I+D, a súa capacidade de transferencia ao mercado, así como a captación de recursos de I+D+I competitivos en programas nacionais e internacionais. CONTRATOS PROGRAMA.
- As axudas aos investimentos en equipamentos para proxectos de I+D+i que aumenten a capacidade competitiva dos Centros Tecnolóxicos e a súa capacidade de transferencia tecnolóxica ao mercado. EQUIPAMENTO.
- A mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos a través das unidades mixtas de investigación que teñen como propósito o desenvolvemento de iniciativas de colaboración focalizadas nun contexto limitado de áreas de singularidade estratéxica para o conxunto da rexión mediante a creación de consorcios estratéxicos rexionais entre as universidades, os centros de innovación tecnolóxica e as empresas. UNIDADES MIXTAS.
- As axudas para o fomento da contratación de persoal dedicado a actividades de I+D+i, co fin de favorecer a súa carreira profesional e a incorporación de talento investigador en empresas e organismos de investigación. PRINCIPIA, PRE E POS E TALENTO EN XERAL.
- Consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do Sistema galego de I+D+i mediante o apoio aos grupos de referencia competitiva, ós grupos con potencial de crecemento e a redes de investigación. GRUPOS DE INVESTIGACIÓN.

- O fomento da colaboración entre os diferentes axentes do sistema de innovación que permita integrar nunha soa estrutura as diferentes fases do proceso innovador, dende a formación e a xeración de coñecementos ata a súa implantación no tecido industrial. HUBs de Innovación.
- Fondos de capital risco dirixidos a proxectos empresariais de marcado carácter innovador e de apoio en xeral, financiando investimentos en diferentes sectores. FONDO I2C E XESINNOVA.
- As axudas para dinamizar a participación das empresas nas iniciativas de H2020. H2020.
- Impulso e desenvolvemento de proxectos innovadores a través da compra pública innovadora. CPI.
- A participación en proxectos europeos de diferentes iniciativas (Interreg Europe, POCTEP ou Horizonte2020) co obxectivo de fortalecer a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación e mellorar a excelencia científica no espazo de cooperación transfronteiriza de Galicia e Portugal e nas alíneas de investigación con potencial para seren mais competitiva internacionalmente.
- Xestión do Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía e apoio de proxectos que requiran do deseño e xeración de aplicacións informáticas baseadas na realidade virtual, na realidade aumentada e na estereoscopía, e transferencia de tecnoloxía.

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL - XERA

As principais liñas de acción para o ano 2019 son as seguintes:

1. O obxectivo básico da Axencia Galega da Industria Forestal, debe ser o incremento da xeración de valor da cadea forestal ao que irán dirixidas as súas actuacións:
   - Incremento do valor dos produtos intermedio e do produto final da cadea forestal
   - Fomento de emprego de calidade mediante a incorporación de persoal cualificado.
   - Innovación tecnolóxica e fomento da formación cualificada, regrada e non regrada así como a incorporación de titulados universitarios.
2. Os suxeitos diana serán as pemes que conforman a cadea forestal, tendo en conta que moitas de estas empresas teñen funcións dentro de cada un dos subsectores:
   - Explotación forestal, traballos de corta e saca, de silvicultura e comercialización de madeira en bruto.
   - Primeira transformación, basicamente serradoiros.
   - Segunda transformación: Carpinteira e mobles, madeira alistonada, madeira tratada e elaborada para rehabilitación, fabricación de portas e ventás, embalaxes de alimentación e industrial.
3. Liñas estratéxicas de actuación:

- Fomento das relacións entre os distintos subsectores da cadea forestal, singularmente entre primeira e segunda transformación, incentivando a utilización de madeira derivada das explotacións forestais para a fabricación de produtos finais de consumo
- Incremento do valor engadido do produto derivado da produción forestal mediante a aplicación de deseño, innovación e a incorporación de profesionais con formación expresa no sector.
- Incremento da produtividade, a través da renovación tecnolóxica, a aplicación técnicas de enxeñería e a formación específica potenciando os centros de formación propios da administración autonómica e a incorporación de titulados de formación regrada.
- Novos nichos de mercado final, mediante actuacións concretas de marketing sobre o produto elaborado.
- Fomento do emprego de calidade, mediante o desenvolvemento de formación expresamente cualificada nos centros propios e a incorporación ao sector de profesionais con titulacións regradas de formación profesional e universitaria.

4. Outras actuacións:
   - Fomentar e desenvolver programas de asesoramento para a industria forestal.
   - Promover e coordinar programas de actividades científicas centradas no ámbito forestal.
   - Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos seus fins.
   - Organizar programas de formación e reciclaxe profesional no ámbito da industria forestal, en colaboración con centros de formación públicos e privados.
   - Impulsar e establecer mecanismos de colaboración con outros centros de investigación públicos nas diferentes materias que o sector forestal traslade á Administración por consideralas do seu interese.
   - Outorgar e xestionar subvencións nas materias da súa competencia, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia, e na normativa que a desenvolva.
   - Deseñar estratexias e elaborar e xestionar programas de captación de fondos estatais e internacionais dirixidos á innovación e biotecnoloxía forestal.
   - Promover e apoiar o crecemento de novas empresas de aproveitamento e transformación de produtos do monte destinados á industria forestal no medio rural, incidindo especialmente na segunda e seguintes fases de transformación industrial do recurso, por ser as que proporcionan un maior valor engadido ao produto e reportan maiores beneficios globais.
   - Desenvolver programas específicos que permitan relacionar os produtos do monte destinados á industria forestal cun criterio global de "material precioso e alto nivel", que faciliten a integración destes produtos con empresas de deseño especializadas.

- Desenvolver unha marca colectiva única que facilite a integración das diversas actividades produtivas da industria forestal: materia prima, deseño, industrialización e comercialización.
- Xestión do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira e fomento de proxectos de innovación para o desenvolvemento de tecnoloxía ligada á explotación da biomasa, e transferencia de coñecemento neste ámbito.

5. A perspectiva de xénero nos orzamentos:

   Á Axencia Galega da Industria forestal no ano 2019 velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

   Para os distintos programas obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

II.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

XES GALICIA - SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO CERRADO - SGEIC, SAU

A Sociedade xestiona entidades de capital risco e entidades de inversión de tipo cerrado destinadas ó financiamento e desenvolvemento empresarial, materializado en forma de tomas de participación de capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos.

En función da tipoloxía das empresas obxecto de investimento e dos seus proxectos investidores, establécense distintas liñas de actuación, que se canalizan a través dos respectivos fondos xestionados:

- GALICIA COMPITE, F.I.C.C.: Este fondo destinase ao financiamento de empresas con posibilidades de crecemento e que acometan actividades novidosas e/ou apliquen novas tecnoloxías.
- ADIANTE 2000, F.C.R., en Liquidación: Financia empresas necesitadas de apoio financeiro e de xestión.
- XES-INNOVA, F.C.R.-PEME: Este fondo financia proxectos emprendedores e proxectos de desenvolvemento tecnolóxico preferentemente vencellados ós sectores da biotecnoloxía, telecomunicacións, enerxías renovables e medio ambiente.
- FONDO TECNOLÓGICO I2C, F.C.R.-PEME: Destinase ao financiamento de investimentos en proxectos de I+D+i con perspectivas de rendibilidade que teñan por obxecto a produción, investigación e desenvolvemento de todo tipo de actividades novidosas con posibilidade de desenvolvemento e mais concretamente, a proxectos empresariais de semente-arranque e expansión-consolidación de marcado carácter innovador, con

especial atención a proxectos que resulten da potencial valorización do coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i.

- GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS, F.C.R.-PEME: Este fondo orientase a proxectos empresariais de semente-arranque promovidos dentro de programas de financiación do emprendemento ou aqueles proxectos de emprendedores financiados por investidores privados a través da Rede Ga-lega de Investidores Particulares.

SODIGA GALICIA.- SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO

Así mesmo, XESGALICIA, S.G.E.I.C., S.A.U. tamén ten encomendada a xestión dos activos de SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A. As liñas de actuación da Sociedade materializaranse en investimentos, mediante a toma de participación no capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos, en empresas con alto potencial de crecemento, xestionados por empresarios de recoñecida solvencia profesional, que leven a cabo proxectos ou actuacións que contribúan á dinamización da economía na Comunidade Autónoma.

GALICIA CALIDADE S.A.

Galicia Calidade SA, no ano 2019 afronta o reto de ser unha marca paraugas da economía galega.

Unha marca que será un instrumento da Xunta de Galicia, particularmente de Economía, Medio Rural, Turismo, Pesca, para toda acción promocional económica en Galicia, España e no ámbito internacional a través de promoción institucional, feiras, misións comerciais, etc.

As accións previstas desenvolveranse nos seguintes ámbitos:

- Institucional: Accións no ámbito da Administración galega para converter a mar-ca Galicia Calidade no proxecto estratéxico do Goberno para a promoción e protección dos produtos e servizos de Galicia
- Empresarial. Actuacións destinadas a promover as relacións institucionais coas empresas galegas (socios e non socios) para incrementar os produtos adscritos a Galicia Calidade. Estas accións abriranse tamén a asociacións empresariais e clústers sectoriais.
- Promocional: Desenvolvemento de accións de promoción, de comunicación e reputación corporativa para impulsar o coñecemento da marca e a difusión dos produtos amparados baixo a marca para acceder a novos mercados.
  - Galicia Calidade SA, realiza accións de promoción de marketing e publicidade da marca de garantía Galicia Calidade. Accións publicitarias consistentes en campañas en medios convencionais e non convencionais, presenza en feiras e eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional, así como diversas actuacións de comunicación noutros ámbitos como vehículos de promoción que se acheguen ó público; obxectivo establecido pola sociedade anónima. Ademais, a sociedade pública continuará coa promoción nos pun-

tos de venda, como nas grandes cadeas de distribución, así como outras accións para dar a coñecer os produtos amparados pola marca de garantía.

- Preténdese que Galicia Calidade se poida empregar sectorialmente como unha ferramenta para a mellora da calidade e de diferenciación nos mercados, que permita, a través da confianza no consumidor, mellorar a capacidade de comercialización de nosas empresas. Galicia Calidade apostará por promover a marca de garantía nas accións que considere máis proveitosas para o selo así como para os produtos amparados polo mesmo.
- Paralelamente Galicia Calidade traballará para conseguir un número maior de empresas que queiran e poidan levar nos seus produtos a Marca de Garantía "Galicia Calidade" como un modo de conseguir unha maior promoción de Galicia.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA.

Os obxectivos estratéxicos da sociedade no ano 2019 son os seguintes:

1. Converter a Tecnópole en localización preferente para empresas tecnolóxicas con alta capacidade innovadora, xeradoras de emprego cualificado e con actividade de I+D+i. Para acadar este obxectivo desenvolveranse as seguintes liñas de acción:
   - Mellora e actualización da oferta de espazos para a ubicación dos diferentes perfís de empresas, facilitando os procesos de instalación para o inicio da actividade económica en cada caso.
   - Desenvolvemento dunha oferta de servizos atractiva e axeitada para empresas de perfil tecnolóxico e innovador que faciliten o seu lanzamento e consolidación.
   - Promoción e venda do solo dispoñible na ampliación do Parque a través de accións específicas para atraer grandes empresas tractoras en busca de localiza-ción industrial.
   - Promoción do centro de cirurxía experimental (proxecto Tecmeva)
   - Promoción do laboratorio de biotecnoloxía
   - Promoción dos locais en aluguer dos edificios Centro de Empresas e Innova-ción, Tecnópole I e Tecnópole II e do espazo de coworking
   - Promoción da imaxe de Tecnópole para dar a coñecer Tecnópole en toda Galicia e fora da nosa comunidade.
   - Consolidación da imaxe de Tecnópole no novo modelo de cidade intelixente, incrementando as relacións do Parque coas infraestruturas que compoñen a contorna.
   - Continuar co sistema de xestión de calidade implantado en base ás novas normas UNE-EN ISO 9001:2015.
2. Fomentar a transferencia do coñecemento e da tecnoloxía, facendo de axente de enlace, colaborando cos socios de asociacións sectoriais e empresariais e outros foros, e fomentando a innovación aberta. Para este obxectivo no ano 2019 realizaranse distintas actividades

e proxectos cos que se potenciará a Tecnópole como espazo de encontro entre o sistema público de I+D+i e o tecido privado:

- Colaboración como axente do sistema galego de innovación na liña cos obxectivos marcados para Galicia na Estratexia de Especialización Intelixente para o período 2014-2020.
- No marco da RIS3, contribución á diversificación especializada a través do apoio aos descubrimentos emprendedores que repercutan na xeración de innovacións radicais.
- Organización de eventos, xornadas, encontros empresariais, etc. que favorezan a inter-relación empresarial e o contacto con outros axentes (universidade, administración, investidores)
- Participación activa coa Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos de España (APTE): Tecnópole forma parte do comité executivo dende maio de 2012 e ten pre-senza en varios grupos de traballo
- Participación activa no Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) e colaboración co grupo de traballo de Financiamento creado no Cluster.
- Participación nos proxectos que xurdan das relacións cos diferentes foros e redes e que respondan aos obxectivos estratéxicos da Tecnópole.

3. Favorecer a creación de empresas, o seu crecemento e consolidación, propiciar a creación de emprego, o desenvolvemento económico e crecemento empresarial na rexión. Para conquerir estes obxectivos prantéxanse as seguintes actuacións no 2019:
   - Terceira edición do Programa Centro de Excelencia para o impulso do crecemento sustentable da peme innovadora galega: co obxectivo de incrementar o nivel de excelencia daquelas pemes innovadoras galegas que amosen potencial de cre-cemento e que estean centradas en actividades priorizadas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3). Nos anos 2015 e 2017 desenvolvéronse a primeira e segunda edición do programa que estiveron centradas nos sectores agroalimentario, biotecnolóxico e biomasa.
   - Convocatoria para a asignación de espazos na preincubadora de proxectos empresariais para o ano 2019 en colaboración coa Universidade de Vigo.
   - Asesoramento especializado ás empresas e persoas emprendedoras usuarias das instalacións de Tecnópole e busca de novos servizos adaptados ás súas necesidades e que na medida do posible supoñan incremento de ingresos.
   - Outras actividades, proxectos ou programas piloto realizados baixo o amparo da Xunta de Galicia ou organismos dela dependentes, para desenvolver medidas contidas no Plan i2c
   - Promoción de proxectos de colaboración empresarial dirixidos á mellora da competitividade empresarial a través de convocatorias públicas e participación activa da sociedade xestora nos mesmos se fora posible.
   - Promoción da rede de transferencia de tecnoloxía creada coa rede de técnicos de APTE.

4. Promover as vocacións científicas e o espírito emprendedor entre os galegos mais novos. Entre as actuacións previstas para o ano 2019 destacan:
   - 14ª edición da Feira Galiciencia: tres días de exposición de proxectos científicos de estudantes de primaria, ESO e bacharelato, obradoiros e espectáculos.
   - Aulas Tecnópole: desenvólvense de outubro a maio para estudantes de 2º ciclo da ESO e bacharelato tendo como resultado proxectos que nalgúns casos se presentarán a certames nacionais e internacionais.
   - Aulas Tecnópole STEAM KIDS: coa finalidade de atender a rapaces dun rango de idade inferior unha das quendas de Aulas Tecnópole adícase a traballar en proxectos científicos e tecnolóxicos con nenos de entre 8 e 11 anos. Durante os dous anos anteriores centráronse no ámbito da robótica pero a partir deste curso ábrese a outras temáticas.
   - Aulas de emprendemento: actividade para incentivar a cultura emprendedora dirixida a estudantes.
   - Tecnópole Technological Workshops: campamento tecnolóxico para mozos entre 12 e 18 anos no que os participantes traballan no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos con diferentes graos de complexidade en función das súas idades
   - Proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino, realizado de forma conxunta con outros 16 parques tecnolóxicos de toda España co obxectivo principal de aumentar a elección entre o público feminino de carreiras científicas e tecnolóxicas no futuro. Comezouse a desenvolver no 2018.
   - Recepción de visitas guiadas á Tecnópole, principalmente procedentes do ámbito educativo e na súa maioría universitario e de formación profesional.
5. Desenvolver políticas medio ambientais, fomentar o uso das enerxías renovables e o aforro enerxéticos, mediante as seguintes actividades:
   - Organización de actividades de sensibilización: xornadas informativas e con-cursos
   - Promoción do Centro de Experimentación de Enerxías Renovables
   - Actuacións de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións xestionadas pola sociedade.
6. Desenvolvemento de medidas de apoio á internacionalización das empresas e da propia sociedade:
   - Tecnópole incorporouse á Enterprise Europe Network, unha rede que engloba a máis de 600 entidades de 60 países co obxecto de ofrecer asesoramento a pequenas e medianas empresas que queren expandir o seu mercado fóra das súas localizacións de orixe a través de actividades de innovación ou busca de socios comerciais. Xunto á Axencia Galega de Innovación, é a entidade de referencia da rede en Galicia a través da Galactea Plus, o consorcio que lle dá cobertura á rede no noroeste de España.
   - Desenvolvemento de xornadas, eventos e información periódica para o fomento dunha maior participación das empresas en convocatorias europeas.

- Realización de informes sobre H2020 ás empresas que o soliciten: revisión dos proxectos e investimentos planificados pola empresa a curto e medio prazo, identificación de proxectos con potencial de conseguir financiamento europeo e in-formación doutras vías de financiamento rexional e estatal.
- Consultaría especializada en cuestións de internacionalización.

7. Apertura ao público das instalacións deportivas do Parque Tecnolóxico de Galicia. Unha vez que as obras de acondicionamento no contorno da piscina estarán rematadas no 2018, para o 2019 serán abertas ao público. As accións necesarias para este obxectivo:
   - Execución do plan de xestión e mantemento das instalacións.

Integración da perspectiva de xénero:

Cada programa levará consigo medidas concretas para promover a igualdade entre homes e mulleres e prever a discriminación, estudando a situación inicial e avaliando as consecuencias e impacto das actuacións. Algúns exemplos do que se está a facer:

- A política de Responsabilidade Social Corporativa que practica a sociedade inclúe a flexibilización de horarios e o teletraballo, nun cadro de persoal maioritaria-mente feminino.
- No recinto do Parque Tecnolóxico de Galicia hai unha escola infantil a disposición dos traballadores e traballadoras das empresas e centros instalados, cuestión que favorece a integración laboral das mulleres, tradicionalmente mais adicadas ao coidado dos fillos.
- Os mozos e mozas que participan das actividades de divulgación científica reciben un obradoiro específico ó inicio no que se traballan os seguintes puntos: integración do grupo no que se establece confianza, respecto, colaboración e participación, relación de igualdade (todas as opinións son consideradas) e incentívase o coñecemento na investigación tecnolóxica das alumnas.
- As xornadas e actividades organizadas pola sociedade realízanse en horarios que permitan a conciliación familiar, evitando os horarios de tarde.
- En canto ao emprendemento partimos dunha situación discriminatoria xa que son moitas menos as iniciativas empresariais que xorden de mulleres segundo po-demos constatar na propia Tecnópole, polo que todas as actuacións a levar a cabo neste ámbito de fomento do emprendemento incidirán en favorecer a igualdade. Un exemplo é dar mais protagonismo ás mulleres participando como relatoras en eventos.
- Exposición permanente sobre o papel das mulleres na ciencia ao longo da historia recente, situada no edificio principal de Tecnópole, coa finalidade de promover as vocacións científicas nas mozas.
- Nos procedementos de contratación incluiranse cláusulas sociais para fomentar as medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

II.6. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACION CENTRO GALEGO DE ARTESANÍA E DO DESEÑO

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, segue apostando por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado, optando por unha visión a longo prazo, imprescindible para poder conseguir un sector artesanal sólido e sostible no tempo.

O plan de actuación para o ano 2019 céntrase en 4 eixes de actuación que responden ás demandas reais dun sector artesán que recolle un incremento cada vez máis acusado dunha nova xeración de artesáns.

1. ARTESANÍA = EMPRESA

Obxectivos xerais:

a) Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.
b) Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización e estudo sobre as posibilidades que ofrecen novas formas como a asistencia a feiras especializadas, a introdución do produto artesán en accións de promoción de Galicia en colabora-ción con outras institucións, o pulo á realización de showrooms e pop up, a realiza-ción de feiras ou mostras de artesanía nas que se combine a promoción e posta en valor dos oficios artesanais e a venda de produtos artesáns de alta calidade con outros elementos culturais (música, folclore, exposicións, talleres, gastronomía, etc)

Accións a desenvolver no 2019:

1.1. Corazón da Artesanía. VIII Encontro da Artesanía tradicional e popular de Galicia

Dende a súa posta en marcha no 2012 é sen dúbida unha cita ineludible no calendario de eventos de interese artesanal de Galicia.

Obxectivos xerais do Encontro:

- Promocionar o sector artesanal e contribuír ao seu posicionamento no mercado actual. A artesanía e unha actividade cunha cota de mercado en crecemento e como un sector de prestixio e de alto recoñecemento polo público.
- Recuperar un espazo do valor histórico dos Pendellos e dotalos novamente de contidos dinámicos liderado polo sector da artesanía.
- Consolidar este espazo de interrelación dos distintos eidos que conforman a nosa identidade e a posta en valor da nosa artesanía, a música e o baile tradicional ou a

gastronomía, e proxectar unha imaxe integral e fiel da cultura tradicional e popular de Galicia no seu conxunto.

- Dinamizar e contribuír ao desenvolvemento económico, cultural, social e turístico desta área xeocéntrica de Galicia, ao tempo que se poñen en valor e se divulgan os seus atractivos turísticos e culturais.
- Fomentar a participación cidadá na cultura tradicional facendo fincapé entre os máis novos estimulando a conservación das nosas tradicións e contribuíndo a ga-rantir a sostibilidade deste sector.

1.2. Terceira edición do Pop Up Galicia. Saberes e Sabores, Palacio de Santa Bárbara, Madrid

Obxectivos xerais:

- Ofrecer unha imaxe transversal é de calidade de Galicia (artesanía, gastronomía, cultura, turismo)
- Estreitar lazos profesionais, crear novos contactos e servir como xermolo de futuros proxectos no campo da artesanía e da restauración aproveitando as sinerxías que se xeran entre estes dous sectores.
- Fortalecer as redes comerciais e a venda directa dirixida ao público en xeral con accións concretas dirixidas a posibles prescritores de artesanía, cociñeiros e prensa especializada.
- Realizar accións promocionais como presentacións de produto, promocións tu-rísticas, catas, showcookings con cociñeiros galegos, accións dirixidas ao público especializado e tamén aos máis pequenos.
- A artesanía está a ser considerada como un ben diferencial e cun grande potencial. Nun mundo tendente á uniformidade, a artesanía achégalle un valor excepcional que o converte no que é parte da esencia mesma da súa creación: un produto único.

1.3. Organización e colaboración en eventos para a recuperación de oficios en extinción

O impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia. A recuperación, o mantemento e a divulgación de profesións ances-trais constitúe unha ferramenta de dinamización social e de divulgación da nosa cultura, ademais de establecer referentes para os novos profesionais que se achegan ao sector artesanal galego.

- XXXIX Feira do viño de Amandi, promoción da olería de Gundivós
- XIII Feira de Artesanía do Ferro de Riotorto
- VI Encontro de Cacharreiros, Niñodaguia
- XIX Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, Xermade

1.4. Colaboración, asesoramento, divulgación e participación en diferentes actividades artesanais

- Participación de Artesanía de Galicia en stands e proxectos institucionais de promoción nacionais e internacionais (material promocional, exposicións de pezas, demostracións de artesáns)
- Colaboracións, asesoramento e difusión en diferentes accións doutras consellerías da Xunta de Galicia e organismos privados.
- Días Europeos da Artesanía
- Encontros de Palilleiras e tecedoras
- Programa Facemos Marca. Medrando cos artesáns para favorecer o achegamento da artesanía a futuros profesionais do sector
- Promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia
- Colaboración e apoio ás tendas da Marca Artesanía de Galicia
- Aposta pola difusión da Artesanía de Galicia como agasallo promocional

1.5. Apoio e aposta á internacionalización

- Promoción da participación de artesáns galegos en feiras profesionais internacionais coa presenza do Stand Institucional de Artesanía de Galicia.

  Participación no ano 2019:
  - Formex 2019, edición de xaneiro. Estocolmo (Suecia)
  - London Design Fair. Tent London 2019. Londres (Reino Unido)
- Prospección do mercado internacional para estudar novas vías de comercia-lización e novos clientes.

2. PROFESIONALIZACIÓN, FORTALECEMENTO DO TECIDO PRODUTIVO ARTESÁN E MAIOR VISIBILIDADE DO SECTOR

Obxectivos xerais:

a) Formación especializada e mellora continua do sector.
b) Aposta por unha maior visibilidade do produto feito a man.

Accións a desenvolver no 2019:

2.1. Programa de formación especializada dirixida a artesáns e a captación de no-vos talentos ao sector. Busca da introdución da innovación en todos os procesos, na recuperación de oficios tradicionais en extinción que repercutan nunha mellora da comercialización.

2.2. Deseño, organización e coordinación dun programa de actividades de formación e divulgación para a exposición Artesanías de Galicia que terá lugar na Cidade da Cultura. Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2.3. Organización e coordinación dun programa de obradoiros abertos e demostración en diferentes eventos co obxectivo de amosar á sociedade o valor engadido da artesanía e o valor do produto feito a man en canto á súa creatividade, patrimonio cultural e tradición.

3. DIVULGACIÓN

Obxectivos xerais:

a) Accións de promoción e publicidade da actualidade e realidade da Artesanía de Galicia.

Accións a desenvolver no 2019:

3.1. Premio Artesanía de Galicia 2019

O obxectivo desta iniciativa é recoñecer a mellora continua no labor dos profesionais do sector artesán galego e contribuír ao seu desenvolvemento económico e promocional.

Distínguense 3 categorías:

- *Premio Artesanía de Galicia 2019*

  Dotado con 6.000 euros e trofeo acreditativo, premia a obra que representa as liñas desexadas para unha artesanía competitiva no mercado actual como son o deseño, a adaptación ou conservación das técnicas e valores tradicionais máis característicos da nosa artesanía, a incorporación ás tendencias actuais, a innovación, a boa presentación e a calidade da obra tanto nos seus materiais como no desenvolvemento da mesma.

- *Premio Traxectoria 2019*

  De carácter honorífico e dotado cun trofeo acreditativo, é o recoñecemento á traxectoria profesional consolidada dun/dunha artesán/á galego/a. O premio concédese tendo en conta as propostas dos obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía, asociacións profesionais de artesáns ou outros entes públicos e privados que manteñan relación coa artesanía de Galicia, encargadas de facer a presentación das candidaturas. Valórase a traxectoria recoñecida do/a candidato/a, a súa contribución, posta en valor e promoción da artesanía galega, a calidade dos seus traballos realizados e o compromiso coa divulgación e transmisión pedagóxica dos principais valores positivos no eido da nosa artesanía, o labor de posta en valor do traballo artesanal ao longo da súa vida profesional premiando a súa experiencia.

- *Bolsa Eloy Gesto 2019*

Dotada con 4.000 euros e diploma acreditativo. Premia a candidatura que presenta unha proposta para a súa formación nun centro de referencia no eido da artesanía e o deseño. Valórase o carácter innovador do proxecto, a transferencia de coñecemento que se pretende acadar con esa formación, a incorporación das novas tecnoloxías, o curriculum da persoa candidata e a potencialidade de incorporación deste formación para a elaboración dun produto artesanal innovador.

3.2. Revista Obradoiro de Artesanía 2019

Coordinación da edición anual do número 17 da revista Obradoiro de Artesanía. Escaparate da ampla diversidade e riqueza do produto artesán galego, ao tempo que establece unha canle de comunicación do sector coas diferentes liñas de actuación do goberno galego en materia de artesanía, así como unha plataforma de encontro entre a artesanía e outros sectores de interese coma o turismo, a arte, a moda, a arquitectura ou a educación.

3.3. Publicacións especializadas e redes sociais

A Fundación elabora periodicamente dossieres, información puntual de obradoiros e dos seus produtos, realiza o seguimento de medios, envío de mailing con información actualizada e utiliza as redes sociais (Facebook, Pinterest, Instagram, Twitter) para a promoción da artesanía e os obradoiros galegos en medios nacionais e internacionais.

A Fundación coordina, promove e difunde a través das redes sociais diferentes actuacións de interese para o sector.

- Identificación de puntos de información e consulta sobre instrumentos e axudas ás empresas.
- Programas de apoio ao crecemento: apoio financeiro, asesoramento en acceso a novos mercados e asesoramento empresarial.
- Difusión de titoriais online.
- Accións de comunicación específica dirixidas a fomentar a cultura exportadora.
- Sesións informativas sobre posibilidades de financiamento.
- Formación para a mellora do deseño web.
- Difusión, publicación e novidades de interese para o sector.
- Difusión de casos de éxito na colaboración.

4. ARTESANÍA INNOVADORA E COLABORATIVA

Obxectivos xerais:

a) Innovación, deseño e creatividade como aposta de modernización do sector.

b) Pulo á cooperación intra e intersectorial favorecendo espazos de encontro con diferentes axentes.

Accións a desenvolver no 2019:

4.1. Proxecto Design for innovation financiado por Interreg Europe e liderado polo GAIN no que a Fundación participa no Comité estratéxico do proxecto.

Obxectivos: Plans de acción de deseño para mellorar a competitividade das pemes a través dun uso máis estratéxico do deseño.

4.2. II Xornadas profesionais Artesanía no Prato

A artesanía e a gastronomía son parte fundamental da nosa cultura e o noso atractivo turístico e dous sectores en crecemento cuxa colaboración pretende situar a Galicia no epicentro da calidade gastronómica e artesanal e lograr unha satisfactoria maridaxe. Máis auténtico que nunca, o carácter atlántico preséntase reforzado, fusiona os seus compoñentes visuais e gustativos para expresar a historia, o sabor, o tacto e o cheiro do produto galego en todos os seus matices.

Obxectivos estratéxicos destas xornadas:

- Posta en valor da artesanía e do produto alimentario galego no eido da gastronomía e a restauración.
- Xerme de novos proxectos de colaboración no deseño de produto para a nova cociña e na revisitación de elementos tradicionais da nosa artesanía.
- Aposta pola innovación, deseño e creatividade, no seu sentido máis amplo e experiencias en novos soportes e novos materiais.
- Na súa aposta pola innovación, o deseño e a creatividade, o sector artesanal galego continúa explorando as súas capacidades, abríndose á experimentación con novos materiais e soportes que permitan non só corroborar a súa calidade senón tamén ampliar os seus horizontes e expandiras súas redes de actuación.

4.3. Accións de colaboración con Escolas de Arte e Superiores de Deseño, Universidades e deseñadores/as profesionais.

A Fundación continuará traballando nestas accións co fin de crear vínculos entre os alumnos, deseñadores profesionais e obradoiros artesanais durante o exercicio 2019.

4.4. Accións de promoción da artesanía entre os sectores non artesáns de maior interese para a cooperación. Accións de difusión do valor engadido dos produtos artesáns e do "saber facer" dos seus profesionais.

Realización de accións de difusión do valor da incorporación da artesanía en relación con elementos como a calidade, a autenticidade e a exclusividade (valores cada vez máis demandados e valorados por un determinado perfil de clientes) como elemento diferencial que outros sectores poden incorporar facilmente en certas liñas da súa produción (liñas gourmet, liñas exclusivas, arquitectura, etc.).

PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Fundación Pública Artesanía de Galicia dirixe as súas actuacións ao desenvolvemento e promoción do sector artesán. Estas medidas benefician por igual a mulleres e homes, xa que están dirixidas ás artesás e aos artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia.

En todas as actuacións da Fundación, as mulleres e os homes están no mesmo punto de partida para acceder ás actividades e aos proxectos que leva a cabo: cursos de formación, participación en feiras de carácter internacional e autonómico, colaboración en campañas de promoción da marca Artesanía de Galicia, difusión de oficios artesanais entre os escolares, etc.

As mulleres e os homes son beneficiarios en igualdade das iniciativas que pon en marcha a Fundación. Os criterios de selección son os vinculados á artesanía, como é o caso de posuír a carta de artesá/artesán, o que implica a súa inscrición no Rexistro Xeral de Artesanía; ou ter o dereito de uso da marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia.

FUNDACION CENTRO DE SURPERCOMPUTACION DE GALICIA - CESGA.

En xeral son fins da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA) todos aqueles que promovan o uso do cálculo intensivo e comunicacións avanzadas como instrumento para o desenvolvemento socio económico sostible, dedicando especial atención ás relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados, universidades galegas e o sector produtivo.

O CESGA dispón dun Plan Estratéxico 2017-2020 no que se establecen os obxectivos e accións a levar a cabo.

1) Os obxectivos estratéxicos do CESGA para o período 2017 - 2020 céntranse en:

- Fortalecer a súa actividade como un centro de excelencia para a Ciencia Computacional Aplicada.
- Unha forte presenza na industria, mediante un amplo programa de cooperación.
- O fomento da internacionalización.

Cada un destes tres obxectivos estratéxicos levan aliñados tres obxectivos operativos.

1 - Obxectivo estratéxico: excelencia en Ciencia Computacional:

Obxectivos operativos:

- Lograr a excelencia en servizos computacionais e de comunicación de alto rendemento.
- Mellorar a sustentabilidade do centro e a súa autonomía económica e financeira.
- Modernizar a estrutura organizativa do CESGA cunha maior orientación á industria, e especialmente ás pemes, e formalización mediante certificacións oficiais.

2 - Obxectivo estratéxico: forte presenza na industria, mediante cooperación.

Obxectivos operativos:

- Aumentar o número de proxectos coas principais industrias de Galicia.
- Desenvolver unha liña de proxectos e servizos para pemes.
- Acadar unha forte especialización nas actividades de investigación en ciencias computacionais aplicadas.

3 - Obxectivo estratéxico: internacionalización.

Obxectivos operativos:

- Fortalecer a relación con entidades similares ao CESGA a nivel internacional.
- Aumentar a calidade dos proxectos presentados e captados polo CESGA en convocatorias europeas e internacionais.
- Fomentar a mobilidade internacional de investigadores e técnicos.

2) No ano 2019 levaranse a cabo as seguintes liñas de actuación:

- Manter un conxunto competitivo actualizado de servizos de alta calidade.
- Proseguir na mellora da eficiencia enerxética.
- Incrementar a seguridade do Centro. Implantar a norma ISO 27001.
- Cumprimento do II Plan de Igualdade do CESGA (2018-2020), destacando as seguintes actuacións relacionadas co PLAN GALEGO DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE 2018 - 2021:
- Inclusión e análise das medidas en materia de igualdade no informe anual de actividade do CESGA e difusión dos datos desagregados por sexo relativos á actividade investigadora e do persoal do centro. (rela-cionada coa medida 1.2.6)

- Promoción da vocación tecnolóxica e emprendedora entre as alumnas de educación primaria e secundaria obligatoria. (relacionada coa medida 1.2.8)
- Elaboración dun catálogo de beneficios sociales relativos á conciliación postos en marcha pola organización para os seus traballado-res/as que estblezca a súa definición e condicións de disfrute. (relacionada coa medida 4.2.9)
- Incrementar a sostenibilidade do centro.
- Manter un alto nivel de participación en actividades de investigación, en colaboración con outras institucións.
- Mellorar servizos adaptados as PEME.
- Incrementar a calidade das actividades internacionais.
- Fortalecemento das ferramentas de xestión do centro.
- Impulsar actividades asociadas á capacitación de persoal propio e as normas do centro.
- Difundir as actividades do centro.

FUNDACION DE EXPOSICIONS E CONGRESOS DA ESTRADA

Para o ano 2019 a Fundación Exposicións e Congresos A Estrada prevé a realización das seguintes feiras e celebración de eventos co obxectivo de ocupar o maior número de días do calendario anual, así como comercialización de todos os nosos espazos:

- 33º Feira do Moble de Galicia.
- 9ª Feira de Oportunidades de Comercio.
- 4º Salón do Vehículo de Ocasión.
- 58º Feira de Antigüidades (Marzo), 59º Feira de Antigüidades (Maio) e 60º Feira de Antigüidades (Decembro).
- 3ª Feira Multisectorial ExpoEstrada.
- 7º Encontro de Palilleiras .
- 7º Salón Motor Classic.
- Aluguer das Instalacións para a organización de distintos eventos.
- Realización de actividades culturais e deportivas nas instalacións.
- Convenio coa Consellería de Educación para a impartición do Ciclo de Formación Reglada da Madeira.
- Convenio coa Xunta de Galicia para a realización de actividades de promoción comercial.
- Convenio co Concello da Estrada para a realización de diversas actividades no recinto (tenis, karate, xudo, Festival de baile tradicional Tequexetéldere)
- Convenio coa Universidade de Vigo para a realización de xornadas dirixidas aos empresarios do sector do moble.

- Convenio co IES Antón Losada Diéguez para a realización de prácticas co seu alumnado.
- Organización de Talleres e Xornadas Técnicas para o sector empresarial e público en xeral.
- XXIV Edición do Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela.
- Dinamización sociocomunitaria con diversos colectivos : amas de casa, mulleres rurais, terceira idade, persoas con discapacidade, etc.
- Aluguer das oficinas que albergan o Viveiro de Empresas.

Perspectiva de xénero:

Tendo en conta que mulleres e homes, estamos a compartir un mesmo contorno social, económico, político e cultural, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, contempla o deseño e execución de todos os seus programas de actuación, tendo en conta a promoción da igualdade de xénero e de oportunidades entre ambos colectivos, non existindo discriminación nin prevalencia dun sobre do outro.

A entidade considera prioritaria a corresponsabilidade entre os xéneros, sabe-dores de que, existe un ritmo diferente entre a incorporación do colectivo masculino ó espazo privado e do feminino ó espazo público.

A entidade, trata de limitar, na medida das súas posibilidades, os roles sexuais, tratando en cada evento de integrar as capacidades e intereses de todos e todas.

Os eventos (basicamente certames de promoción económica), están dirixidos a cubrir as necesidades e intereses detectados na cidadanía, promocionando e fomentando en cada un deles a promoción integral de ambos xéneros en igualdade de condicións.

A execución de certames da entidade, promoven a transversalidade de xénero tanto entre os nosos clientes como os nosos usuarios (visitantes fundamentalmente).

Recentemente, sendo coñecedores das desigualdades existentes, estanse a executar programas específicos de promoción do sector feminino (Feira de Labores e encontros de palilleiras), fomentando en todo caso a non discriminando por elo a do colectivo masculino.

Todos os programas financiados dende a Fundación, con cargo aos orzamentos públicos, inciden directa e indirectamente no colectivo de empresarios/as, emprendedores e visitantes. Igualmente e neste senso, os certames xeran un importante impacto socioeconómico no entorno inmediato.

Os certames deseñados, están destinados indistintamente aos diferentes colectivos, sen priorizar ningún deles fronte ós demais (homes, mulleres, discapacitados, etc...).

En ningún dos nosos certames de promoción económica, se contempla a existencia de estereotipos de xénero que limite a participación activa de ningún tipo de colectivo. En todo caso, a participación, é un fiel reflexo da sociedade.

Obxectivos en materia de igualdade de xénero:

- Fomentar a participación de mulleres e homes en igualdade de oportunidades.
- Limitar os roles sexuais así como, os estereotipos que impiden a transversalidade de xénero.
- Promocionar as actividades socioeconómicas en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Incitar á participación activa das mulleres nos diferentes ámbitos sociais e co-mo axentes activos e dinamizadores do desenvolvemento rural.

Conclusión: Os programas executados dende a entidade, son de dobre índole: Programas que financian actuacións que inciden directamente sobre as mulleres e programas que financian gastos xerais en bens e servizos accesibles a toda a poboación. Dentro dos primeiros atópase o Encontro de Palilleiras. Dentro do segun-do apartado, todos os demais eventos: Feira do Moble de Galicia, Feira de oportunidades do Comercio, Feiras de antigüidades, Salón Motor Classic etc...

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

O obxectivo da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para o vindeiro ano 2019 é potenciar o desenvolvemento dos diversos sectores estratéxicos produtivos galegos a través de realización de feiras comerciais profesional ou empresarial para lograr una dinamización económica cun maior crecemento, un aumento do emprego e unha maior competitividade.

Para acadar ditos obxectivos están previstos a realización de 13 eventos coas seguintes características:

- VI Festival A Candeloria
- Feira de Mostras de Lugo, de carácter público xeral, con periodicidade anual e dirixidas comerciantes pertences a calquera sector empresarial..
- XIV edición do Salonauto Lugo, salón do automóbil e industria auxiliar
- XIV edición de Motorocasión, salón do vehículo usado e de ocasión.
- Salón da Cervexa de Lugo
- XI edición de ExpoVerbena, evento no que ten lugar a presentación dunha gran variedade de orquestras que estarán presentes nos multitudinarios festexos de Galicia.
- Equigal 2019, Salón Internacional do Cabalo de Galicia que consta da IV edi-ción de Concurso Nacional de Salto de Obtáculos e XII edición do Concurso Morfo-lóxico de Cabalos e Eguas de Pura Raza Española

- II edición de Salón Canino de Lugo
- Super campamento verán Lugo. Campamento urbano para nenos de 4 a 12 anos.
- XXII edición de Expolugo A Rural, que alberga un mercado gandeiro, agroali-mentario, de artesanía e de maquinaria agrícola.
- IX edición de Caroutlet, Esta mostra albergará unha exposición de máis de 400 vehículos: coches, motos, quads, revistas especializadas, financeiras, seguros, seguros, etc.
- III edición de Expobec Lugo, Salón Nupcial, que reunirá as tendencias e novi-dades en vodas, comunións e outras celebracións (bautizos, aniversarios,...).
- XXII edición de Xuvenlugo, salón do Ocio, de carácter lúdico, deportivo e cultural.

Este programa de actividades publicarase na páxina web e levarase a cabo unha campaña de promoción feiral para o reforzo das mesmas.

A duración destes eventos é de tres ou catro días e nove días de montaxe e desmontaxe, con excepción de Xuvenlugo que dura aproximadamente sobre vinte días e o campamento de verán que ten unha duración de dous meses e dúas semanas.

Coa realización de feiras comerciais de carácter profesional ou empresarial, a Fundación ten o obxectivo de potenciar o desenvolvemento dos diversos sectores produtivos galegos para lograr unha dinamización económica cun maior crecemento e un aumento do emprego, acadar unha maior competitividade mediante un impulso da economía, e todo iso acompañado de unha maior cohesión social, benestar e ca-lidade de vida.

As feiras é un dos instrumentos más efectivos de mercado que ten como finalidade incrementar as oportunidades de negocio e a cota de mercado e mellorar a competitividade dunha empresa, aproveitando ao máximo os contactos que esta adquire cos diferentes públicos, á vez que é unha actividade empresarial. É unha inversión na que se canalizan todas as accións de comunicación, relacións públicas, promoción e imaxe que a empresa realiza. Nun espazo curto de tempo, estas accións se intensifican a un maior ritmo e en presenza dun numeroso público, logrando chegar dunha soa vez tanto a clientes actuais como potenciais, competencia, prensa e incluso ao entorno político, cun aforro importante en custos. Estes encontros tamén se rentabilizan en aprendizaxe, innovación, produtividade, establecemento de alianzas, compartir coñecementos e ideas, creación de valor engadido e un mellor desenvolvemento do networking.

Por outra banda hai una previsión similar a de anos anteriores de albergar eventos de diversa índole enfocados a reactivar a nosa economía: cursos de formación de desempregados dirixidos a formación e especialización en sectores estratéxicos galegos, congresos e xornadas, encontros entre emprendedores, grupo de compras, etc, así como outros de carácter deportivo e cultural: concertos, galas, encontros deportivos, exposicións, representacións teatrais, etc.

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo incorporará unha perspectiva de xénero e promoverá a igualdade entre homes e mulleres na elaboración e execución dos eventos realizados

no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo co obxecto de adaptar e neutralizar os posibles efectos discriminatorios e fomentar a igualdade entre mulleres e homes: realización de accións formativas específicas para mulleres, incentivar a presenza das mulleres empresarias nas feiras profesionais, incorporar a perspectiva de xénero na páxina web e nos medios de comunicación, impulsar proxectos, reunións, congresos, que teñan en conta a igualdade de oportunidades e a organización do traballo con perspectiva de xénero, etc.

FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

- Obxectivos xerais:

  A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, ten como obxectivos a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educativas e todas aquelas que potencien o desenvolvemento destes sectores na Comunidade Galega e, en especial, da provincia de Ourense.

- Aposta pola internacionalización:

  En canto á internacionalización fíxase como obxectivo o apoio ás empresas nesta materia e na proxección da súa capacidade innovadora, así como no apoio ós autónomos e ás microempresas na busca de novos clientes e mercados.

- Labor Social:

  En relación ó labor social que ven desenvolvendo a Fundación dende hai anos, estudaranse novos acordos de colaboración con asociacións ou organizadores que traballen a favor da sociedade dende diferentes ámbitos.

- Liñas de traballo:

  Derivado da instalación da pista de atletismo, e do convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte que regula o uso deportivo da mesma, hai unha restrición de catro meses na xestión do pavillón feiral por parte da Fundación . Polo tanto entre os obxectivos para 2019 encóntrase apostar pola comercialización das salas de actos, e incidir en actividades formativas, adaptándonos á infraestrutura dispoñible, así como redeseñar proxectos que poidan complementarse coas instalacións exteriores, debido ás restricións técnicas que supón a instalación de dita pista no interior do recinto.

Expourense para o ano 2019 ten previsto a realización das feiras que se relatan a continuación. Todas elas son eixos que definen a vida socioeconómica da provincia, nichos de mercado singulares que teñen neste recinto feiral o seu oco e a súa posibilidade de promoción, algunhas a nivel internacional:

FEIRAS:

- 20ª Edición: Xantar "Salón Internacional de Gastronomía e Turismo"
- 14ª Edición: Previsel "Salón da Prevención e Seguridade Laboral"
- 8ª Edición: Vinis Terrae " Salón do viño e licores galegos de calidade"
- 19ª Edición: Termatalia "Feira Internacional do Turismo Termal"
- 11ª Edición: Salón do Automóvil- vehículo novo
- 11ª Edición: Salón do Automóvil- vehículo de ocasión
- 2ª Edición: Car Outlet
- 20ª Edición: Celebra "Salón de Vodas, Comuñóns, Bautizos e Actos Sociais"
- 3ª Edición: Bebega " Salón do Bebé de Galicia"
- 2ª Edición: Sportur Galicia " Feira do Deporte e Turismo Activo"
- 3ª e 4ª Edición: Antiq Auria " Feira Internacional de Antigüedades"
- 20ª Edición: Megaxove "Salón da Xuventude"

Actividades paralelas:

- XIII Xornada de Divulgación das Enerxías Renovables
- Cursos formativos AFD
- XIV Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo, enmarcado dentro da feira Termatalia, e que contará con expertos a nivel internacional.
- 7º Foro da Comunicación de Galicia, no que se darán cita empresarios e profesionais do sector.
- Xornada de Exaltación da Calidade, sumándonos a outras empresas e institucións para conmemorar o Día Internacional da Calidade.
- 12º Open Internacional de Xadrez Cidade de Ourense.

Durante o 2019 traballarase nestes eixos:

- Incrementar a rendibilidade do recinto a través do aluguer das nosas instalacións.
- Potenciar o valor diferenciador dos nosos espazos para poder ser máis competitivos.
- Posicionar o recinto dentro das empresas organizadoras de eventos.
- Establecer convenios de colaboración con institucións tanto nacionais como internacionais que nos permitan seguir incrementando o labor de internacionalización.
- Fidelización de clientes.
- Traballar na mellora do noso posicionamento a través das redes sociais.
- Estudar a viabilidade de novos proxectos feirais que nos permitan substituír outros que xa non son tan rendibles.
- Revisión de taxas, tanto de aluguer de instalacións como de comercialización das feiras, redeseñándoas, co ánimo de animar á contratación de espazos.

- Consolidarnos como recinto feiral de referencia dentro da comunidade de Galicia.
- Internacionalización, Calidade, Innovación, Emprendemento e Formación, serán os eixos principais nos que se incidirá.

FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA

1 ANÁLISE DA SITUACIÓN

1.1 ANÁLISE DA SITUACIÓN INTERNA

A. Breve historia de EXPOCORUÑA

O recinto de EXPOCORUÑA foi creado no 2008 para ser o marco adecuado e flexible para adaptarse a feiras, congresos, competicións deportivas, xuntanzas de empresa, concertos, exposicións, desfiles, festivais ou obradoiros.

O deseño correu a cargo do Arquitecto Luis Collarte, recibiu en 2008 o premio ao Mellor Proxecto Urbanístico que concede a prestixiosa Revista Actualidade Económica.

B. Infraestruturas

O recinto conta con 19.000 m2 de espazo interior y 8.000 m2 de espazo exterior. Dispón de distintos espazos:

- Hall
- Atrio
- Espazos Prisma
- Galería
- Aparcadoiro

Ademais conta con un auditorio, adecuado para calquera tipo de evento coma concertos, teatro, eventos corporativos, entregas de premios ou proxeccións.

Finalmente dispón de Salas Multiusos e Aulas pensadas para impartir tanto cursos de formación coma talleres ou serviren de backstage para os distintos eventos como desfiles de moda ou concertos.

C. Análise interno EXPOCORUÑA

A evolución do negocio, medido en eventos realizados e en días de ocupación de actividades de produción propia como de aluguer de espazos, pódese segmentar en dous períodos:

i. 2008 ao 2012. Período marcado por unha tendencia positiva na actividade. A promoción e visibilidade dos nosos espazos levábase a cabo a través da realización de eventos propios e a presenza en redes sociais.

ii. 2012 ata a actualidade. Este período ven marcado pola instauración dunha nova política interna de axustes do orzamento e a consecuente decisión de diminuír as actividades propias. Neste período modifícanse as canles para a promoción; a través de entrevistas en medios de comunicación, rodas de prensa asociadas á actividade feiral, contacto con promotores que puideran aportar retorno, comercialización directa noutros recintos feirais, intercambio de proxectos con outros recintos da eurorrexión Galicia – Norte de Portugal e un gran impulso das redes sociais e da páxina web para acadar un bo posicionamento en Internet.

Dende o punto de vista económico financieiro os resultados veñen marcados por dous aspectos: A elevada amortización do inmobilizado, derivada do gran investimento realizado e, en segundo lugar, a instauración da nova política de axuste dende 2012. Deste xeito o resultado acumulado no período 2012-2016, se non temos en conta a amortización, é positivo tal e como amosa a seguinte táboa.

PERÍODOS	EBITDA	AMORT. EXERCICIO	EBIT
2008-2011	-3.323.175	-2.744.113	-6.067.288
2012-2017	138.858	-5.052.140	-4.913.282

Actualmente EXPOCoruña conta cun fondo de manobra positivo, que fai que sexa capaz de ter certa independencia, pero sempre tendo en conta a realización de eventos que deixen unha marxe positiva, para ser capaces de atender ás necesidades de explotación. Como se citaba con anterioridade desde o ano 2012, a liña de traballo centrouse na celebración de eventos con marxe positivo, deixando de promover eventos propios, que aínda que poden deixar marxes superiores, no caso de non alcanzar o número de visitantes adecuado poden ser un lastre para a rendibilidade de explotación da entidade.

2 DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN

Fortalezas

- Polivalencia dos espazos e das salas, tanto para poder celebrar distintos tipos de eventos como para distinto número de asistentes.
- Arquitectura vangardista do edificio, no referente ao deseño exterior como na decoración e mobiliario interior.
- Dispón de salas adaptadas aos eventos musicais.
- Servizo integral aos expositores que inclúe asesoramento en canto a deseño; unha ferramenta orientada a converter en protagonista cada stand e/ou área de actividade.
- Ubicación e accesibilidade, con aloxamentos, centros comerciais nas cercanías. Facilidade para aparcamento, tanto no parking propio como na contorna.
- A súa capacidade permite facer macroeventos.
- O estar a carón do Coliseo permite facer eventos combinados.

- A capacidade de facer difusión dos EVENTOS como parte do servizo (AGAFE, Consorcio de Turismo, Concellaría de Cultura, RRSS, etc.).
- Capacidade de innovación e de ser pioneiros como lanzadeira de eventos que se orixinaron en EXPOCoruña e que hoxe son un éxito.
- A maridaxe de eventos (por exemplo facer una feira+concerto, congreso+feiras) é un concepto exclusivo de EXPOCoruña
- Capacidade de simultaneidade de eventos.

Debilidades

- Persoal reducido
- Situación económica do centro que limita a capacidade de inversión.
- Escasa proxección pública dos servizos que non están relacionados coas feiras, actividades formativas, …
- Non é posible facer difusión en publicacións especializadas do sector polas restricións económicas.

Oportunidades

- A Coruña é un destino pouco explotado no ámbito do turismo de negocios.
- Potencial de crecemento de marketing de eventos fronte a outras fórmulas máis clásicas.
- Organización de festas únicas.
- No referente ao aluguer de espazos, existe unha puxanza na formación de empresas que necesitan alugar centros de formación & Servizos.
- A competencia é moito menor para o segmento de eventos con un gran número de asistentes. Ningún dos competidores existentes ten capacidade para organizar eventos da magnitude de EXPOCoruña.

Ameazas

- A actual situación económica que fai que os operadores contraten menos eventos, ademais é moi difícil manter as feiras que se organizaban tódolos anos, e aquelas que se manteñen baixan o número de días de ocupación.
- Aumento da morosidade.
- A competencia local doutras áreas expositivas, palacios de congresos, hoteis, fundacións, etc., que ofertan os mesmos servizos, espazos... Ademais dun alto número de recintos feirais a nivel autonómico.
- O tamaño das empresas e o mercado galego é mediano ou pequeno o que limita a promoción de grandes eventos.

3 OBXECTIVOS

EXPOCoruña quere ser recoñecida como unha organización:

- Innovadora: que marca o camiño dunha forma de facer as cousas. Os eventos que albergue EXPOCoruña terán a innovación como piar e base da súa creación. Novas ideas, conceptos, produtos e servizos.
- Profesionalizada: xestionada eficientemente baixo criterios de rendibilidade, excelencia e transparencia.
- Centrada no seu entorno: coñecida polos cidadáns e clientes como unha referencia no sector expositivo galego e no ámbito dos servizos á empresas.

Na súa liña de traballo EXPOCoruña para o 2018 seguirá apostando polos valores que configuraron o seu selo de identidade: o deseño, a tecnoloxía, a cultura e a innovación empresarial.

- Deseño: unha das apostas máis firmes de EXPOCoruña. Os proxectos contarán con espazos atractivos e funcionais creados en exclusiva para ese momento. Tamén os expositores contarán co noso asesoramento en canto a deseño; unha ferramenta orientada a converter en protagonista cada stand e/ou área de actividade.
- Tecnoloxía: EXPOCoruña incorpora ao seu proxecto os últimos avances tecnolóxicos, dende as técnicas audiovisuais máis pioneiras ata a xestión áxil e rápida das relacións cos clientes.
- Formación: fomentamos a realización de cursos de formación profesional e das prácticas correspondentes, contando con colaboradores temporais que dan apoio á nosa actividade diaria.
- Música: EXPOCoruña terá a música como unha protagonista máis, creándose deste xeito un espazo apto para grupos de gran calidade e repercusión.
- Cultura: exposicións, artes escénicas e dixitais terán o seu espazo en EXPOCoruña, sumándose á xa rica oferta da cidade como un axente dinamizador do panorama cultural. Coa realización de eventos de distintas temáticas apóstase igualmente por ampliar a oferta cultural presente na cidade.
- Innovación: novas ideas, conceptos, produtos e servizos.

A labor como recinto feiral non se limitará ao feito de albergar só feiras; a disposición e características de EXPOCoruña posibilítanos ofrecer unha alternativa no sector expositivo galego, nacional e internacional, xa que podemos albergar tanto reunións de empresa ou presentacións de produtos, como a organización de eventos de distintas dimensións, festivais de música ou competicións deportivas.

3.1 Obxectivos estratéxicos

Os principais obxectivos estratéxicos son:

- Autofinanciación. Por unha banda xerando actividade e ingresos dabondo para equilibraren a conta de gastos de IFECO e, por outra, reducindo custos que poidan ser trasladados ao cliente para que reverta nunha maior actividade.
- Aumentar a notoriedade de EXPOCoruña, por medio dunha maior visibilidade e posicionamento.

3.2 Estratexias

- EST001 Fidelización de clientes, mantendo para anos sucesivos un programa de colaboración con promotores que levan varias edicións celebrando eventos.
- EST002 Redución de custos e posibilitando aluguer máis económico que reverta nunha maior actividade.
- EST003 Captar como clientes ou prescriptores a empresas eventos e comunicación a nivel local aproveitando a proximidade con EXPOCoruña.
- EST004 EST004 Provocar a publicación nos medios de comunicación de noticias positivas relacionadas con EXPOCoruña (Publicity)
- EST005 Realizar campañas dirixidas a empresas e prescriptores.
- EST006 Profundizar nas relacións interempresariais e colaboracións externas.
- EST007 Persuadir aos promotores de eventos locais das vantaxes e bondades de EXPOCoruña.
- EST008 Incentivar accións comerciais nos intermediarios.
- EST009 Establecer vínculos comerciais con prescriptores e con outros recintos feirais.
- EST0010. Potenciación da imaxe de marca EXPOCoruña baseada nos valores corporativos.

3.3 Plan de acción

EXTRATEXIA S E ACCIÓNS

- EST001
  - Envío de comunicación de agradecemento.
  - Plan de filiación con acción dirixidas aos clientes ‘”’Premium’”’. Apoio persoal na venta.
  - Newsletter específico para carteira de clientes.

- EST002
  - Negociaremos prezos á baixa, co ánimo de incentivar o aluguer dos nosos espazos, adaptándonos á tendencia actual do sector e esixencias da demanda.

- EST003
  - Contactos con empresas locais e nacionais que realizan eventos corporativos.
  - Accións de marketing directo: mailing, newsletter, plan de visitas ao centro e de visitas a cliente.

- EST004
  - Procedementos de comunicación: atención a solicitudes de información, envío de notas de prensa, inserción de noticias y mantemento web.
  - Comunicación RRSS. Community manager. Contamos con esta figura, para dar un novo impulso ás nosas redes sociais, publicando calquera novidade a tempo real, sobre todo durante a celebración de eventos, e facendo promoción da nosa marca.
  - O contido das Redes Sociais baséase en eventos presentes ou próximos en cada momento e a comunicación de marca EXPOCoruña.
  - Eventos propios que necesiten escaso financiamento e que aínda que supoñan unha menor rendibilidade, nos aporten visibilidade.
  - Convenios e colaboracións con Institucións Públicas e privadas: Concellos, Xunta de Galicia, Deputación, GADISA, Hijos de Rivera, REPSOL, etc.

- EST005
  - Participación en foros de debate e xornadas.
  - Asistencia a eventos empresariais organizados por institucións públicas ou iniciativas privadas. Nestes encontros aproveitamos para facer networking e dar a coñecer as nosas instalacións.
  - Plan de mellora da web. Potenciar web, que consideramos o noso escaparate, a ferramenta con maior proxección non so a nivel local senón tamén a nivel nacional e internacional. Grazas a unha web interactiva e atractiva poderemos conseguir unha maior captación de promotores e público obxectivo.
  - Edición de catálogo comercial.
  - Newsletter e emailing específicos.
  - Accións de comercialización mediante a invitación a responsables de empresas locais, nacionais e internacionais para visitar e coñecer in situ as nosas instalacións. Esta actividade axuda á filiación e ao nacemento de "embaixadores" de EXPOCoruña.
  - Eventos propios e/ou en colaboración. Apórtannos visibilidade e actividade, ademais de cumprir cos fins marcados nos nosos estatutos conseguindo un retorno económico. Estamos en proceso de análise de posibles feiras que resulten viables e buscando realizalas en colaboración. Pequenos eventos propios con mínima necesidade de financiamento. Adaptarémonos ás necesidades

sociais actuais, con aluguer de salas de reunións a prezos moi axustados. Con estas iniciativas conseguiremos proxección, co mínimo custo.

- EST006
  - Presenza en Asociacións empresariais para mellorar a rede de contactos: BNI, AJE, Consulta y Crece, Asociación de Empresarias de A Coruña, etc.
  - Protocolo de actuación comercial e comunicación específica para o segmento obxectivo.
  - Plan de mellora de contactos a través de RRSS (fundamentalmente Linkedin).
  - Asistencia a feiras e eventos do sector, tanto locais como nacionais e internacionais, facilitando a captación de posibles promotores e facendo networking en visitas a feiras do sector dos eventos: IBTM en Barcelona, MIS en Madrid, Iberian MICE en Oporto ou IMEX Frankfurt, entre outros.
  - Asociación a entidades do sector feiral e turístico: AGAFE, Cluster de Turismo de Galicia, Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña.
  - Proceso de internacionalización, para o que temos contactado con persoal do Instituto de Comercio Exterior, Cámara de Comercio, Turismo de Galicia, IGAPE e Turespaña, quen nos facilita información sobre feiras internacionais de sectores clave da economía galega así como os contactos dos seus promotores. Dentro de este proceso de internacionalización atópanse os contactos con recintos feirais do norte de Portugal para o intercambio de proxectos dentro da eurorrexión Galicia-Deputación.
  - Convenios e colaboracións con Institucións Públicas: Concellos, Xunta de Galicia e Deputación.

- EST007
  - Accións de marketing directo.
  - En función da dispoñibilidade de fondos, destinaremos unha pequena partida económica a inserción publicitaria en publicacións do sector, tanto en edición dixital como impresa.

- EST008
  - Relación comercial con promotores de concertos e festivais.
  - Acordos de colaboración con empresas organizadoras de eventos e OPCs.

- EST009
  - Establecemento de contactos con potenciais prescritores: ronda de invitacións personalizadas para que visiten e coñezan o que oferta o edificio de primeira man.

- Visitas a outros recintos feirais. Estudar posibles colaboracións e intercambio de proxectos. Intentando atraer eventos innovadores e atractivos, de organización propia ou con promotores externos, que se realicen en recintos doutras comunidades autónomas e Portugal.

- EST0010
  - Web. Potenciar a páxina Web, que consideramos o noso escaparate, a ferramenta con maior proxección non só a nivel local senón tamén a nivel nacional e internacional. Grazas a unha web interactiva e atractiva poderemos conseguir unha maior captación de promotores e público obxectivo.
  - Accións de marketing dixital (SEO e SEM) para mellorar o posicionamento en buscadores.
  - Comunicación dixital. Mantemento e actualización da web e das RRSS para elevar o posicionamento da marca e dar visibilidade ás actividades que se desenvolven no Recinto Feiral.
  - Eventos propios que necesiten escaso financiamento e que aínda que supoñan pouco beneficio económico, nos aporten visibilidade.

PERSPECTIVA DE VALORES

Nunha sociedade cada vez máis esixente e heteroxénea a xestión da diversidade converteuse para nós nunha necesidade prioritaria. Dentro das distintas variables da diversidade, a igualdade de xénero é un dos obxectivos estratéxicos nas nosas políticas de actuación, tendo en conta a promoción da igualdade de xénero e de oportunidades entre todos os colectivos, non existindo discriminación nin prevalecía duns sobre outros.

EXPOCoruña sempre que actúa como promotor das súas actividades realiza accións transversais en todos os eventos de creación propia. Desde o ano 2012 a actividade baséase na cesión de espazos e na colaboración en proxectos desenvolvidos por promotores externos, dando prioridade a aqueles economicamente viables. Como recinto feiral establécense recomendacións aos clientes para o uso non discriminatorio na linguaxe e a comunicación corporativa.

Non obstante, EXPOCoruña ten sempre na súa perspectiva uns valores que mantén presentes na realización de proxectos propios ou en colaboración con entidades públicas e privadas. A execución de eventos de EXPOCoruña, promoven a transversalidade de xénero tanto entre os nosos clientes como nos nosos usuarios (visitantes).

FUNDACION PUBLICA GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO

A formación dirixida a persoas traballadoras ten como obxectivo principal que esta sexa axustada ás necesidades do mercado de traballo.

Na situación actual e atendendo ás previsións da evolución do emprego, a formación e un dos medios máis relevantes para á adquisición, mellora e actualización permanente das competencias e cualificacións profesionais, favorecendo a actualización de coñecementos ao longo de toda a vida da poboación activa, e conxugando as necesidades das persoas, das empresas, do territorio e dos sectores produtivos.

A Fundación, atendendo ós seus fins, ten previsto que as principais liñas de acción para o ano 2019 continúen sendo a xestión das diferentes convocatorias, a elaboración de propostas de mellora (baseadas na análise estatística e cualitativa) e o asesoramento técnico ós usuarios, así como a remodelación, mellora e actualización continua da súa sede electrónica, con modificacións de contidos web e das ferramentas interactivas.

A continuación exponse unha breve descrición das principais liñas de acción para o ano 2019:

A) Xestión das solicitudes das seguintes liñas de axudas:

i. Plans de Formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas en materia de formación de oferta.
ii. Bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas para o emprego (2 convocatorias).
iii. Programa de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos, para as empresas galegas, cofinanciadas polo FSE (2 convocatorias).
iv. Accións Formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación (2 convocatorias).
v. Bono emprega automoción, para a formación con contratación de persoas desempregadas no sector da automoción en Galicia.
vi. Bolsas e axudas a persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que realizan prácticas non laborais en empresas.

O obxectivo principal desta liña de acción é a de proporcionar apoio técnico a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral xestionando as solicitudes de axudas, ao amparo das diferentes Convocatorias de subvencións, afectando as seguintes funcións:

- Revisión da totalidade das solicitudes de axudas presentadas, en todas as liñas de axudas relacionadas con anterioridade.
- Seguimento completo da execución das accións formativas subvencionadas nas convocatorias de axudas correspondentes aos puntos 1 e 3.
- Revisión e análise da documentación obrigatoria e complementaria referida á xustificación de custos e á liquidación económica , nas liñas de axudas correspondentes aos puntos 1, 2, 3 e 6.

B) Informes/Estudos e Grupos de Traballo 2019:

O obxectivo principal desta liña de acción é a de dar resposta ás solicitudes xeradas na Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral. Para a súa consecución desenvolveranse a totalidade das tarefas necesarias para cumprir as seguintes funcións:

- Preparar informes, estudos e/ou propostas, tanto a petición dá Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral como por iniciativa propia do Padroado da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo, co obxecto de facilitar suxestións de mellora nos distintos ámbitos da formación para o emprego (principalmente sobre procedementos, instrumentos e ferramentas de xestión).
- Elaborar a totalidade da documentación solicitada pola D.X. de Orientación e Promoción Laboral para presentar ante o Padroado ou calquera organismo da comunidade autónoma.
- Verificar a documentación acreditativa para a obtención de certificados de impartición e/ou de participación.
- Realízanse traballos de análise de información, principalmente das diferentes variables implicadas.

C) Asesoramento técnico e difusión do Sistema:

O obxectivo principal desta liña de acción é dobre, a de facilitar o asesoramento e a difusión no ámbito galego das diferentes Iniciativas de Formación para o Emprego subvencionadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, sendo as máis significativas as de Formación de Oferta dirixida prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, e o Programa de Incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos, cofinanciada polo FSE.

1.- Asesoramento técnico:

- Informar sobre as diferentes Iniciativas de Formación.
- Xestionar dúbidas dos usuarios nas convocatorias asignadas.
- Orientar sobre calquera outra Iniciativa de Formación para o Emprego.

2.- Difusión do Sistema de Formación:

- Participar como relatores ou invitados en mesas de traballo de Formación para o Emprego.
- Actualizar a páxina WEB da FPGFT as necesidades froito dos novos proxectos: Mapa de Recursos Formativos (completo), App Android "FOL", Estudo de detección temperá de necesidades.

D) Revisión do compromiso de calidade na xestión da FPGFT

O obxectivo principal desta liña de acción é a revisión do compromiso de calidade na xestión da FPGFT. Desempeñaranse as tarefas precisas para obter os seguintes compromisos:

i. Determinar a conformidade do sistema de xestión da FPGFT
ii. Avaliar a súa capacidade para cumprir cos requisitos legais, regulamentarios e contractuais aplicables.
iii. Avaliar a súa eficacia para cumprir os obxectivos especificados e cando corresponda, identificar posibles áreas de mellora da Fundación.

FUNDACION AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA

A Fundación ten como fin principal a mellora e o aproveitamento dos recursos enerxéticos provinciais, así como a sensibilización das autoridades locais, as empresas e os cidadáns sobre a escaseza de recursos enerxéticos.

FAEPAC ten previstas para o ano 2019 as actuacións que a continuación se detallan:

1. Xestor Enerxético:
   - FAEPAC continuará cos traballos de xestión da facturación eléctrica dos concellos da provincia da Coruña que así o demanden.
   - Xestión da facturación eléctrica da UDC
   - Asesoramento enerxético a particulares que o soliciten, tanto nas oficinas físicas da axencia (As Pontes e Cerceda) como a través da web, ou telefonicamente.
2. Realización de Auditorías enerxéticas en concellos da provincia.
3. Xestión e mantemento da páxina web e do facebook, que serve de canle de comunicación ao publico das distintas actuacións que se veñen desenvolvendo por parte da Fundación.
4. Formación:

   Organización e coordinación de cursos formativos destinados ó sector da enerxía, do aforro e da eficiencia enerxética, incidindo na mellora e aproveitamento dos recurso enerxéticos actuais.
5. Organización de xornadas sobre aforro e a eficiencia enerxética dirixidas ó colectivo cidadán.
6. Organización da xornada sobre as diferentes liñas de axudas/ subvencións as administracións públicas.
7. Proxecto de loita contra a pobreza enerxética.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 321A - DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A finalidade deste programa é dar cobertura ao funcionamento das unidades administrativas vinculadas ós servizos centrais e periféricos dentro das competencias de emprego da Consellería. Deste xeito actúa de soporte básico cara a coordinar e garantir uns recursos humanos, materiais e de organización que permitan acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As características do programa determinan o seu alcance universal entendendo como tal aquel que pretende, aínda que sexa de modo indirecto, garantir a toda a cidadanía unha adecuada xestión dos recursos públicos. Trátase de xerar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade que presiden o funcionamento de calquera administración pública, sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Escenario económico marcado pola contención do gasto corrente sen descoidar os servizos públicos esenciais no que se priorizarán as políticas de gasto encamiña-das a potenciar os sectores fundamentais para a recuperación da actividade económica co fin de mellorar a senda de creación de emprego, todo isto encadrado nun compromiso de eficacia e economía que definen o deseño e funcionamento de calquera administración pública.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco de actuación do programa pasa polo establecemento dun sistema de coordinación interna e interadministrativa estable de acordo aos principios inspirado-res da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender á problemática concreta das distintas unidades administrativas e centros con competencias de emprego da consellería intentando dar solución

inmediata e áxil ás situacións que unha organización destas características exixe no marco dunha estratexia de facilitarlle ó administrado, en tan-to que destinatario último das súas políticas, unha resposta adecuada ás súas de-mandas.

Como queda dito, as características do programa permiten definilo como un conxunto de actuacións e recursos dirixido a acadar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería, tratando de garantir a toda a cidadanía unha axeitada xestión dos recursos públicos. Estariamos diante do que podemos definir como un programa instrumental facilitador de recursos para a consecución de escenarios laborais que permitan unha axeitada definición das liñas de actuación e intervención da consellería.

As actuacións máis significativas a desenvolver con este programa estarían relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.
- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas en materia de emprego da consellería.
- A definición de programas de información e comunicación en materia laboral na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.
- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas laborais da consellería.
- A racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas en materia laboral da consellería, con especial incidencia nos procedementos de xestión de subvencións.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

- Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose): As actuacións contempla-das neste programa desenvólvense respectando a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen ningún tipo de distinción dado que atende a persoal funcionario e laboral e non se entende ningún tipo de discriminación positiva nin negativa.
- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito: A relación de partida é moi boa o ser a parte funcionarial e laboral dentro da Comunidade Autónoma e da Consellería moi equilibrada.
- Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto: Por igual parte ó ser un programa de asuntos xerais interno. Sendo a nómina de persoal unha fonte de datos moi importante onde se ve o equilibrio e a non discriminación por cuestións de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Todo o cadro de persoal da Consellería.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprir no maior grao posible a necesidade de integrar a perspectiva de xénero dentro da Función Pública.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

No caso deste programa e en relación a toda a Consellería de Economía, Emprego e Industria a proporción é de 40,70 % de homes traballadores e de 59,30 % de mulleres traballadoras.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.2. PROGRAMA 322A - MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABIILIDADE:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa finalidade de favorecer a redución da taxa de desemprego na nosa comunidade autónoma e para atender á necesidade de mellora da empregabilidade, é dicir, das posibilidades de colocación dos desempregados, este programa está constituído por todas aquelas medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ó emprego das persoas desempregadas, por conta propia ou allea.

Para a consecución destes obxectivos este programa, está constituído polo conxunto de accións e medidas de políticas activas de emprego dirixidos a facilitar información, orientación laboral e busca de emprego, así como a promover a adaptación da formación e recualificación para o emprego dos traballadores e traballadoras mediante a adquisición de experiencia profesional a través da execución de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social, polos programas integrados de emprego de Galicia, así como por aqueloutras accións innovadoras e complementarias que se programen, fomentando a participación activa e a mobilidade para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral da poboación en situación de desemprego.

Finalmente, contempla aquelas accións e medidas dirixidas a promover a colaboración publico privada con axencias de colocación para a inserción no mercado de traballo de persoas desempregadas, así como aquelas destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social e a establecer mecanismos e ferramentas de asesoramento e acompañamento ás iniciativas emprendedoras para o seu establecemento e nos primeiros momentos da súa andaina.

O desemprego é unha das situacións que máis preocupa a sociedade, aínda en épocas que presentan situacións expansivas que permiten a creación de emprego. Nesta situación, aínda que se produce unha mellora das taxas de desemprego, mantéñense as dificultades de incorporación ó mercado de traballo de determinados colectivos, con especial incidencia no paro de longa duración, carencias de capacitación da poboación, dificultades con respecto á mobilidade xeográfica e funcional, desequilibrios no mercado laboral, unha excesiva temporalidade na ocupación, etc.

Na actualidade, o Servizo Público de Emprego ten que actuar nun entorno máis competitivo, complexo e dinámico e ten que posicionarse no mercado prestando un servizo de calidade aos seus usuarios, garantindo o carácter público e gratuíto dos seus servizos.

Neste contexto, o Servizo Público de Emprego ten que ofrecer ós desempregados, baixo os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, transparencia, gratuidade, efectividade e calidade na prestación de servizos, unha atención preventiva e personalizada, con especial atención ós colectivos desfavorecidos. As políticas activas de emprego teñen que funcionar como instrumentos incentivadores para a incorporación efectiva dos desempregados ao mercado de traballo, estimulando a busca activa de emprego e a mobilidade xeográfica e funcional.

Partindo destas consideracións, e con medidas integradas de distintas políticas activas de emprego e o desenvolvemento dun programa de orientación laboral preténdese prestar un servizo de avaliación e orientación laboral ós desempregados que se constitúa no instrumento que lles axude a adaptarse ás condicións actuais do mercado de traballo atendendo tanto ás necesidades das empresas como ás das persoas inscritas, a través de itinerarios personalizados e propostas formativas que permitan ós demandantes tomar decisións de xeito mais efectivo.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido á mellora da empregabilidade do conxunto das persoas desempregadas e rexistradas na base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia que se atopen nun proceso activo de busca de emprego. Dentro deste colectivo xeral podemos establecer subgrupos prioritarios ós que se prestará especial atención e caracterizados polas súas maiores dificultades para acceder a un emprego, ben sexa polas súas carencias de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa: as persoas desempregadas mozas, mulleres, de longa duración, que esgotaran as prestación ou os subsidios de desemprego, especialmente aquelas sen cualificación profesional, maiores de 45 anos, con discapacidade e as que pertenzan aos colectivos en risco de exclusión, en especial os beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia e beneficiarios do programa extraordinario de activación para o emprego.

Non obstante as beneficiarias directas das axudas son as entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro para potenciar o desenvolvemento de programas de orientación, de programas integrados de emprego, ou de programas mixtos de formación e emprego mediante a subvención de proxectos de utilidade social xeradores de emprego promovidos e xestionados, como instrumento idóneo para fomentar a creación de novas actividades e, polo tanto, de novos empregos nas zonas rurais vencellados a novos xacementos de emprego, favorecendo así unha mellora das rendas e, consecuentemente, das condicións de vida no medio rural, contribuíndo así á fixación de poboación nas mesmas. Do mesmo modo tamén participarán mediante a colaboración publico privada as axencias de colocación seleccionadas a través do Acordo Marco establecido polo Servizo Público de Emprego Estatal.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na seguintes táboas reflíctese a evolución do paro rexistrado e das taxas de desemprego nos últimos anos:

MEDIAS ANUAIS DE PARO REXISTRADO					
2012	2013	2014	2015	2016	2017
270.515	276.007	256.960	233.449	212.558	194.428

TAXA DE DESEMPREGO					
2012	2013	2014	2015	2016	2017
21,10	21,90	20,90	17,70	16,30	14,70

Como pode observarse a evolución presenta datos que indican unha mellora e diminución da media anual de paro en 2014, 2015, 2016 e 2017. Tamén a taxa de desemprego está mello-

rando dende o ano 2014. Neste sentido, a mellora da empregabilidade mediante a execución de políticas integradas de emprego, acompañadas dunha atención personalizada a través dun itinerario individual de inserción, son claves para iniciar a saída da situación de desemprego. En concreto, todas as medidas que aumenten a formación e capacitación profesional son fundamentais para situar ás persoas desempregadas con opcións de acceder ao mercado de traballo, ou ben de mellorar a posición dentro do mercado de traballo das persoas ocupadas.

As medidas levadas a cabo para intentar resolver a problemática das persoas desempregadas foron os programas de orientación laboral, os programas integrados para o emprego e os programas mixtos de formación e emprego.

ANÁLISE DAFO

A situación de partida debe circunscribirse a un entorno de recuperación económica, lixeiramente expansivo, nun contexto de contención do gasto, polo que a debilidade que pode supoñer a limitación económica, debe contrapoñerse pola oportunidade que representa o mantemento dos programas e medidas de políticas activas de emprego xa implementadas.

Como fortalezas destacan a existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas así como contar con persoal cualificado e con experiencia na súa implementación, contando co reforzo coxuntural de persoal técnico de emprego polivalente para as oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, especialmente vinculados á Garantía Xuvenil e o Programa de Activación para o Emprego.

Como oportunidade debe recollerse, tamén, a nova regulación que establece o Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os protocolos que desenvolverán cada un dos servizos previstos na mesma: orientación profesional, colocación e de asesoramento ás empresas, formación e cualificación para o emprego e de asesoramento para o autoemprego e o emprendemento.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As distintas liñas de actuación financiadas a través deste programa artéllanse a través das correspondentes ordes de subvencións e dos outros instrumentos legais previstos no artigo 36.3 do Real decreto lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Emprego e no marco dos seguintes documentos de planificación e normas:

- Real decreto lexislativo 3/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Emprego.
- Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego.
- Orde anual do ministerio de emprego e seguridade social pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias

asumidas, subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos presupostos xerais do estado.

- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.
- Os acordos do Diálogo Social asinado o 25 de xaneiro de 2012 e 14 de xaneiro de 2015.
- O Real decreto 1032/2017, do 15 de decembro, polo que se aproba a Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020.
- Plan Anual de Política de Emprego (PAPE).
- Os Programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, co obxecto de contribuír ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos, na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, que establece o Sistema de Garantía Xuvenil.
- O Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.
- O Plan Galego de Emprego xuvenil.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través deste programa preténdese:

- Desenvolvemento dun programa de información e orientación laboral destinado a mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas, a través da elaboración de itinerarios profesionais personalizados, atendendo as circunstancias persoais dos demandantes así como as condicións do mercado e da a estrutura socioeconómica do territorio onde se pretende atopar ese emprego.
- Ofrecer un sistema áxil de información que permita coñecer ós usuarios o seu nivel de cualificación e potencialidades, contribuír ó desenvolvemento local mediante asesoramento ás empresas, detección de necesidades, xerar unha oferta de servizos ó autoemprego e xerar unha cultura emprendedora.
- Desenvolvemento de ferramentas e procedementos que promovan e melloren a inserción laboral da poboación activa no noso mercado de traballo, procurando a mellora da información dispoñible e a cualificación dos nosos traballadores segundo as necesidades do tecido empresarial.
- Mellorar a capacidade dos traballadores e traballadoras desempregadas na busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso aos colectivos con maiores dificultades, ben sexa pola súas características de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa; ben sexa pola perda inminente de cobertura na súa protección social, facilitando a aqueles que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego

unha nova oportunidade laboral mediante a adquisición e reorientación das súas competencias, a adquisición de experiencia profesional, así como a obtención de recursos de subsistencia económica para eles e as súas familias, ao mesmo tempo que, mediante o seu traballo subvencionado en actividades de interese xeral e social, contribúen tamén á mellora das condicións de vida no rural e nas vilas e cidades e á mellora e recuperación do medio ambiente e de espazos naturais protexidos.

- Favorecer a incorporación e permanencia da xente nova no mercado de traballo, mediante actuacións específicas dirixidas a mellorar a súa empregabilidade ó abeiro das actuacións encadradas no Sistema de Garantía Xuvenil e do Plan Galego de Emprego Xuvenil.
- Remover os atrancos que dificultan a promoción do emprego feminino de xeito que a participación das mulleres nas políticas activas de emprego sexa superior ós homes para o cal xestionaranse programas específicos a favor das mulleres, consideraranse colectivos prioritarios nas políticas activas horizontais.
- Facilitar a integración laboral ás persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego.
- Facilitar a integración laboral ás persoas en risco de exclusión social, especialmente ás beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia e beneficiarios do programa de activación para o emprego, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego.
- Facilitar a mobilidade transfronteiriza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, a través do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, proporcionando información sobre as ofertas e demandas de emprego na Eurorrexión, sobre a lexislación dos dous países en materia laboral, fiscal e social, e sobre as condicións de vida e de traballo en ambos lados da fronteira.
- Apoiar e fomentar o espírito emprendedor a través do establecemento de ferramentas de apoio, asesoramento e difusión da cultura emprendedora e da innovación e que faciliten e poñan ao alcance dos potenciais emprendedores o coñecemento e os medios materiais establecidos polos distintos estamentos públicos e privados para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e proxectos empresariais que, sendo innovadores, promovan a creación de novos postos de traballo vencellados ós novos xacementos de emprego, preferentemente entre mozos desempregados no medio rural, local e no entorno universitario e contribúan a diversificación do tecido produtivo, garantindo un desenvolvemento económico sostido en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e incrementando o ritmo de creación de empresas.
- Contribuír, en coherencia cos Programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.

Realizaranse as seguintes actividades co obxecto de conseguir estes obxectivos:

- Establecemento de medidas dirixidas a mellorar a empregabilidade e a apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo dos traballadores e traballadoras desempregados, especialmente daquelas con maiores dificultades de inserción laboral: os que pertencen a colectivos en risco de exclusión social, os mozos, as mulleres, os parados de longa duración, os demandantes que esgotaran as súas prestacións, os demandantes de primeiro emprego, as persoas con discapacidade, os inmigrantes e os que estean en situación de risco de exclusión social, especialmente os beneficiarios da Renda de Integración social de Galicia.
- Elaboración de itinerarios integrados de inserción personalizada, definindo plans individuais adaptados ás necesidades e características das persoas destinatarias e atendendo á súa situación persoal, familiar e sociolaboral.
- Posta en marcha de programas integrados de emprego con intermediación laboral que combinen distintas políticas activas de emprego.
- Instrumentación de actuacións específicas para a mobilidade e o apoio ao seguimento das accións de mellora da empregabilidade definidas nos itinerarios de inserción.
- Implementación de programas que faciliten a adquisición de experiencia profesional e de formación en alternancia das persoas desempregadas, especialmente daquelas con especiais dificultades de inserción, mediante os programas mixtos de formación e emprego.
- Profundizar na implementación da colaboración público-privada no ámbito da intermediación laboral, para mellorar a intermediación laboral e procurar elevar os niveis de inserción laboral de determinados colectivos con especiais dificultades para acadala, en desenvolvemento do Convenio de colaboración asinado o 6 de agosto de 2013 entre o Servizo Público de Emprego Estatal e a Comunidade Autónoma de Galicia para a celebración dun acordo marco con axencias de colocación para a colaboración cos servizos públicos na inserción laboral das persoas desempregadas.
- Aplicación da Orde do 20 de setembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións ao abeiro do Real decreto 196/2010, do 26 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a reinserción laboral así como o establecemento de axudas especiais, aos traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego 76/2000, do 8 de marzo de 2001 e 25/2001, do 31 de xullo de 2001.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa está constituído por todas aquelas medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas, por conta propia ou allea, e a adaptación da formación e recualificación para o emprego dos traballadores e traballadoras así como aquelas outras destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social e a establecer mecanismos e ferramentas de asesoramento e acompañamento ás iniciativas emprendedoras para o seu establecemento e nos primeiros momentos da súa andaina.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, tendo en conta que un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, incide na necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, facendo fincapé na integración da igualdade de xénero e en mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres en xeral, articula un conxunto de incentivos dirixidos a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar tanto o acceso ao mercado de traballo coma a permanencia nel. Estas medidas tradúcense fundamentalmente na definición das mulleres como colectivo beneficiario das axudas e na consideración das mulleres como colectivo preferente no acceso ás mesmas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As mulleres son colectivo preferente en todas as medidas incluídas neste programa de gasto, en concreto, nos programas integrados de emprego e nos programas mixtos de formación e emprego.

No que respecta ao desenvolvemento das accións de información, orientación e busca de emprego, as mulleres desempregadas serán un colectivo prioritario no direccionamento automático de demandantes polo que se asignan cada semana as citas cos técnicos de orientación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

A previsión é unha participación final dun sesenta por cento de mulleres dentro do conxunto de persoas desempregadas participantes nas medidas activas de emprego incluídas neste programa de gasto.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

III.1.3. PROGRAMA 322C - PROMOCION DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como finalidade principal, intervir na creación de emprego a través, principalmente, de incentivos aos principais actores do proceso de creación de emprego: as persoas empresarias e emprendedoras, incluíndo partidas específicas para fomentar a xeración de emprego das persoas mozas, persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción no mercado laboral, as persoas con discapacidade e as persoas en risco de vulnerabilidade.

Así mesmo, trátase de potenciar o desenvolvemento de programas de cooperación e colaboración con entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro como instrumento idóneo para fomentar a creación de novas actividades e, polo tanto, de novos empregos nas zonas rurais vencellados a novos xacementos de emprego, favorecendo así unha mellora das rendas e, consecuentemente, das condicións de vida no medio rural, contribuíndo así á fixación de poboación nas mesmas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten un carácter horizontal sendo o beneficiario final del as persoas desempregadas. Dentro deste colectivo xeral establécense colectivos específicos que son, os que presentan maiores dificultades de inserción laboral, e que necesitan medidas específicas de igualdade de oportunidades, pretendéndose facilitar a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo, como son: as persoas con discapacidade, as persoas que pertencen aos colectivos en situación ou en risco de exclusión social, as persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, as persoas desempregadas de longa duración, as persoas desempregadas maiores de 45 anos e as persoas traballadoras con contratos temporais.

É salientable o colectivo das persoas desempregadas mozas menores de 30 anos, e dentro deste colectivo o das persoas mozas que nin traballan nin reciben unha acción de formación ou educación inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, aos que van dirixidas as medidas de fomento da contratación e do autoemprego cofinanciadas polo Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

Non obstante, os colectivos beneficiarios directos das axudas son as empresas, as persoas emprendedoras que creen o seu propio posto de traballo, as pequenas iniciativas empresariais xeradoras de emprego, os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral.

Tamén serán beneficiarias directas aquelas entidades sen ánimo de lucro que xeren postos de traballo e, as entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro que potencien o desenvolvemento de programas de cooperación e colaboración.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na seguinte táboa reflíctese a evolución do paro rexistrado nos últimos anos, expresado en valores medios anuais:

MEDIDAS ANUAIS DE PARO REXISTRADO						
2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
241.323	270.515	276.007	256.960	233.449	212.558	194.428

Como pode observarse a evolución presenta datos que indican a inversión da tendencia, cunha mellora e diminución da media anual de paro en 2015 e 2017. Non obstante, o importante incremento do paro na época de crise e a conseguinte diminución de ofertas de emprego no mercado de traballo, e o proceso de recuperación dificultan as oportunidades de atopar un emprego, polo que é necesario tomar medidas para afrontar a busca activa de emprego, facéndonos máis competitivos nesta tarefa. Neste sentido, os programas de incentivos á contratación, os programas de apoio ao autoemprego, e os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social son políticas que xunto coas medidas de mellora da empregabilidade dos traballadores e traballadoras galegas son claves para iniciar a saída da situación de desemprego.

As medidas que se levaron a cabo para intentar resolver o problema foron os programas de incentivos á contratación, os programas de apoio ó autoemprego e a pequenas iniciativas empresariais e os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.

No ano 2017 o número total de persoas beneficiarias dos programas de incentivos á contratación, os programas de apoio ao autoemprego, e os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, ascendeu a 13.247.

- Mulleres: 6.258
- Homes: 6.989

ANÁLISE DAFO

Debilidades

- Un 50% das persoas paradas en Galicia levan nesta situación un ano ou máis. Destas, un 30% delas son persoas maiores de 45 anos.
- A taxa de desemprego, aínda que por debaixo da media do Estado, é superior á media europea. A maior taxa de paro entre a poboación galega por grupos de idade corresponde ás persoas menores de 30 anos.
- Baixo nivel de medidas de conciliación da vida laboral e persoal nas pemes galegas.
- Maiores dificultades nas zonas máis rurais para o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras.
- Falta de espírito emprendedor. Ausencia de programas formativos específicos en autoemprego e emprendemento para as persoas (ou grupos de persoas) que optan por esta vía de desenvolvemento profesional.
- Elevada inestabilidade no emprego, alta taxa de temporalidade, de xeito especial entre os mozos e mozas menores de 30 anos (un 59,50%).
- Dificultades de acceso ao mercado de traballo doutros colectivos, ademais das persoas mozas, como serían as persoas paradas de longa duración, co consecuente desenganche do mercado laboral, ou as persoas en risco de exclusión laboral e social.
- Escasa empregabilidade da mocidade, especialmente das mulleres con menor nivel de formación.

Ameazas

- Envellecemento da poboación galega, que afecta tanto á poboación activa como á ocupada.
- Máis do 90% da estrutura industrial galega concéntrase en pemes de menos de 6 persoas empregadas.

- Falta de tecido empresarial no ámbito rural.
- Falta de espírito emprendedor e obstáculos burocráticos e administrativos para aquelas persoas que o teñen.
- Difícil inserción no mercado de traballo das persoas paradas de longa duración e dos mozos e mozas.
- Perda de capital humano por prolongación do desemprego.
- Falta de conciliación da vida laboral coa vida persoal, especialmente no ámbito do sector privado.
- Dificultade de trasladar con axilidade a recuperación económica á asignación dos recursos.

Fortalezas

- Diminución do número de persoas desempregadas no último horizonte temporal observado.
- Aumento da contratación indefinida e tempo completo.
- Uso de medios telemáticos para a realización de trámites co SPEG.
- Expectativa de crecemento económico sostido.
- Existencia de capacidades investigadoras e de xeración de coñecemento.
- Marco regulador das relacións laborais modernizado.
- Posta en marcha de medidas destinadas ás persoas desempregadas en xeral, pero tamén a determinados colectivos especialmente afectados pola dificultade de volver acceder a un emprego, ou mesmo pola falta de oportunidades para acceder ao seu primeiro posto de traballo, como son o conxunto de actuacións que acompañen e complementen o Programa de garantía xuvenil e o de activación para o emprego, de maneira que se procure e posibilite que o efecto destas medidas en Galicia sexa, se cabe, máis rápido, eficaz e profundo.
- Existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas así como contar con persoal cualificado e con experiencia na xestión.

Oportunidades

- Demanda de novas ocupacións, cualificacións e perfís profesionais derivados da evolución tecnolóxica, e desenvolvemento de postos de traballo en novos sectores e áreas: novos xacementos de emprego, emprego verde, sectores tecnolóxicos, I+D+i, sector turístico; economía baixa en carbono, economía mariña e marítima e crecemento azul.
- Emprego autónomo como fórmula para a reincorporación ao mercado de traballo, especialmente para as persoas maiores de 45 anos.

- Plan Galicia industria 4.0 - Axenda da competitividade industrial, Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 para impulsar e dinamizar o crecemento das empresas e o emprendemento entre a sociedade galega.
- Gran potencial do sector comercial como xerador de emprego, especialmente entre as mulleres e a mocidade.
- O interese da comunidade científica e tecnolóxica por chegar ao mercado a través do emprendemento.
- Capacidade de crecemento do sector servizos, o que maior volume de emprego aglutina na comunidade autónoma, con especial posibilidade de desenvolvemento nas zonas intermedias de poboación.
- Mellora da empregabilidade da mocidade coa posta en marcha da Iniciativa Emprego Xuvenil.
- Incentivos á contratación indefinida.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As distintas liñas de actuación financiadas a través deste programa artéllanse a través das correspondentes ordes de convocatoria de subvencións no marco dos seguintes documentos de planificación e normas:

- Real Decreto lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Emprego.
- Orde anual do Ministerio de Emprego e Seguridade Social pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, competitividade e eficiencia, que establece o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
- Plan Anual de Políticas de Emprego (PAPE) 2018.
- Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.
- Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.
- Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020
- Axenda 20 para o emprego.
- Estratexia do autónomo 2020.
- Programa Emprega en feminino.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través deste programa e tendo en conta dun xeito transversal a igualdade de oportunidades entre os homes e as mulleres, preténdese:

- Que as persoas desempregadas atopen un posto de traballo por conta allea.
- Que as persoas traballadoras cun contrato temporal acaden a súa estabilidade no emprego.
- Que as persoas desempregadas creen o seu propio posto de traballo a través das fórmulas de autoemprego.
- Que as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social se integren social e laboralmente.
- Que as persoas mozas se incorporen, por conta propia ou allea, e de xeito efectivo ao mercado de traballo.
- Que as mulleres reciban axudas específicas, de maior contía económica, que contribúan no obxectivo de igualdade de oportunidades.
- Fomentar o emprego no rural galego.
- Mellorar a capacidade dos traballadores e traballadoras desemprega-das na busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso aos colectivos con maiores dificultades, ben sexa pola súas características de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa; ben sexa pola perda inminente de cobertura na súa protección social, facilitando a aqueles que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego unha nova oportunidade laboral mediante a adquisición e reorientación das súas competencias, a adquisición de experiencia profesional, así como a obtención de recursos de subsistencia económica para eles e as súas familias, ao mesmo tempo que, mediante o seu traballo subvencionado en actividades de interese xeral e social, contribúen tamén á mellora das condicións de vida no rural e nas vilas e cidades e á mellora e recuperación do medio ambiente e de espazos naturais protexidos.
- Facilitar a integración laboral ás persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego.
- Facilitar a integración laboral ás persoas en risco de exclusión social, especialmente ás beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia e beneficiarios do programa de activación para o emprego, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A través das accións deste programa preténdese, por medio de medidas de discriminación positiva, acadar unha maior participación das mulleres no merado laboral, dado que a súa taxa de actividade e de ocupación é menor ca dos homes e a súa taxa de desemprego é máis alta ca dos homes.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Incentivos á contratación por conta allea: toda a sociedade.

Incentivos ao autoemprego e ás iniciativas empresariais: toda a sociedade.

Incentivos á integración laboral dos colectivos vulnerables: toda a sociedade.

Incentivos ás entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro para potenciar o desenvolvemento de programas de cooperación e colaboración: toda a sociedade.

Todos estas actuacións contemplan nos seus incentivos incrementos económicos específicos para as mulleres en situación de desemprego ademais dos propios das súas circunstancias persoais.

Dentro do Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2020 o programa 322C ten estas actuacións:

ÁREA ESTRATÉXICA 4: REFORZANDO O COMPROMISO DAS ORGANIZACIÓNS CUNHA CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

Obxectivo específico 4.2. Favorecer a implantación efectiva de medidas de conciliación e de flexibilización do tempo de traballo nas empresas e outras organizacións, fomentando un uso corresponsable entre as persoas traballadoras.

Medida 4.2.2 Establecemento de axudas ás pequenas e medianas empresas galegas para a introdución de medidas de organización flexible do tempo de traballo (flexibilidade horaria, de xornada, quendas, vacacións), o traballo a distancia, a mobilidade xeográfica así como outros beneficios sociais e servizos que faciliten ás traballadoras e traballadores compatibilizar a esfera laboral coa vida persoal e familiar.

No proxecto 2016 00317 Iniciativas empresarias xeradoras de emprego, na subvención para o fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación ten como un dos seus obxectivos promover o emprego estable das mulleres, para o que convoca unha axuda á conciliación a que poden acollerse homes e mulleres.

- O importe: 600.000 €
- Indicador: Número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e da conciliación de vida laboral e familiar. Obxectivo 120.

Medida 4.2.5 Consolidación de axudas á conciliación por maternidade ou paternidade da persoa traballadora autónoma, nos casos en que se amplíe a contratación da persoa substituta da devandita baixa.

Parte da estratexia do autónomo 20 desenvólvese no proxecto 2017 00021. Está recollida nesta estratexia favorecer a conciliación e a corresponsabilidade o que se fai a través da convocatoria dunha axuda con fin de que se poida aumentar en 16 semanas máis o permiso de maternidade ou paternidade, mediante a subvención á contratación dunha persoa substituta.

- O importe: 500.000 €
- Indicador: Número de axudas de substitución por conciliación e corresponsabilidade (homes e mulleres). Obxectivo 100.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A previsión é que a través dos programas de axudas deste programa o 50 % dos beneficiarios finais do mesmo (persoas desempregadas ou cun emprego precario) sexan mulleres. Este porcentaxe atópase na actualidade nun 47% de mulleres beneficiarias.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Emprego

III.1.4. PROGRAMA 323A - FORMACION PROFESIONAL DESEMPREGADOS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O servizo público de emprego está obrigado a desenvolver a súa actividade de cara aos desempregados, actuando conforme aos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, transparencia, gratuidade, efectividade e calidade na prestación de servizos. E debe prestarlles unha atención que lles permita mellorar as súas competencias e cualificación profesional, mellorando a súa empregabilidade e incrementando as súas posibilidades de inserción laboral. De igual xeito, todas as políticas activas que se desenvolvan deben potenciar nas persoas traballadoras desempregadas unha actitude proactiva estimulando a busca activa de emprego, de xeito que esas políticas actúen como instrumentos incentivadores para a incorporación efectiva dos desempregados ao mercado de traballo

De xeito particular, desenvolveranse accións e medidas destinadas a mellorar a empregabilidade das persoas xoves, tanto das que carecen de cualificación, como daquelas que estando cualificadas atopan dificultades para acceder por primeira vez ao mercado laboral.

Do mesmo xeito, a través do Programa extraordinario de activación para o emprego desenvolveranse accións e medidas específicas destinadas a mellorar a empregabilidade das persoas beneficiarias do dito plan extraordinario.

Neste contexto, a formación profesional para o emprego convértese no principal factor de impulso da mellora da empregabilidade tanto da poboación desempregada como da poboación ocupada.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

- Persoas traballadoras desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia en especial, aqueles colectivos con especiais dificultades de inserción laboral: mozos; mulleres, especialmente as vítimas de violencia de xénero; persoas con discapacidade, parados de longa duración, emigrantes retornados e outros colectivos con dificultades de inclusión, beneficiarios do programa extraordinario de activación para o emprego e persoas mozas beneficiarias do programa de garantía xuvenil.
- Persoas traballadoras ocupadas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na seguintes táboas reflíctese a evolución do paro rexistrado e das taxas de desemprego nos últimos anos:

MEDIAS ANUAIS DE PARO REXISTRADO					
2012	2013	2014	2015	2016	2017
270.515	276.007	256.960	233.449	212.558	194.428

TAXA DE DESEMPREGO					
2012	2013	2014	2015	2016	2017
21,10	21,90	20,90	17,70	16,30	14,70

Como pode observarse a evolución presenta datos que indican unha mellora e diminución da media anual de paro en 2014, 2015, 2016 e 2017. Tamén a taxa de desemprego está mellorando dende o ano 2014. Neste sentido, a mellora da empregabilidade mediante a execución de políticas integradas de emprego, acompañadas dunha atención personalizada a través dun itinerario individual de inserción, son claves para iniciar a saída da situación de desemprego. En concreto, todas as medidas que aumenten a formación e capacitación profesional son fundamentais para situar ás persoas desempregadas con opcións de acceder ao mercado de traballo, ou ben de mellorar a posición dentro do mercado de traballo das persoas ocupadas.

ANALISE DAFO

- Debilidades:
  - A taxa de desemprego, aínda que por debaixo da media do Estado, presenta valores superiores aos da media europea e é especialmente elevada na poboación xuvenil.
  - Dificultades de acceso ao emprego doutros colectivos ademais das persoas mozas, como os parados de longa duración, ou das persoas en risco de exclusión social.
  - Escasa empregabilidade das mulleres con menor nivel de formación.
  - Baixo nivel de aprendizaxe de idiomas.

- Fortalezas:
  - Proceso de diálogo social.
  - Establecemento de instrumentos de colaboración con organizacións empresariais e sindicais.
  - Introdución de medidas como a formación dual, orientada a dar maiores posibilidades de emprego aos grupos menos cualificados e excluídos do mercado laboral.
  - Maior porcentaxe de mulleres nas accións e plans de formación para o emprego.
  - Extensa rede de centros de formación para o emprego, con capacidade e experiencia.
  - Posta en marcha de medidas destinadas ós desempregados en xeral, pero tamén a determinados colectivos especialmente afectados pola dificultade de acceder ou voltar

a un emprego, como son o programa de garantía xuvenil e o programa de activación para o emprego.

- Ameazas:
  - Desánimo e desmotivación entre os parados de longa duración e os mozos e mozas fronte ao mercado de traballo.
  - Perda de capital humano por prolongación do desemprego.
  - O desemprego xuvenil.

- Oportunidades:
  - Mellora da empregabilidade dos mozos e mozas co Plan galego de emprego xuvenil.
  - A nova formación profesional dual, ligada á obtención dun titulo de FP ou Certificado de profesionalidade.
  - A nova regulación que establece o Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os protocolos que desenvolverán cada un dos servizos previstos na mesma: orientación profesional, colocación e de asesoramento ás empresas, formación e cualificación para o emprego e de asesoramento para o autoemprego e o emprendemento.
  - A nova regulación que establece o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento do programa artéllase a través dos sistemas de contratación establecidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público (Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro), e das correspondentes ordes de subvencións no marco das seguintes normas:

- Artigo 36.3 do Real decreto lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Emprego.
- Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, que establece o Sistema de Garantía xuvenil.
- Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral.
- Real Decreto 7/2015, do 16 de xaneiro polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego.
- Real decreto 115/2017, de 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipos baseados neles , así como a certificación dos profesionais que os empregan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emitan gases fluorados.

- Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral.
- Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.
- Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.
- Orde anual do Ministerio competente en materia de emprego pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.
- Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020.
- Plan Anual de Política de Emprego (PAPE).
- Os Programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, co obxecto de contribuír ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos, na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.
- O Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.
- Axenda da Competitividade "Galicia Industria 4.0", aprobada polo Consello da Xunta o 13 de maio do 2015.
- Axenda 20 para o Emprego.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Resúmese nos seguintes puntos:

- Favorecer a incorporación ao mercado de traballo dos colectivos de difícil inserción especialmente os menores de 30 anos, maiores de 45 anos e aqueles que son persoas desempregadas de longa duración.
- Fomentar o emprego e a estabilidade e intervir eficazmente entre demandantes e empregadores.
- Ofrecer un sistema áxil de información que permita coñecer aos usuarios o seu nivel de cualificación e potencialidades, contribuír ao desenvolvemento local mediante asesoramento ás empresas, detección de necesidades, xerar unha oferta de servizos ao autoemprego e xerar unha cultura emprendedora.
- Racionalizar e informatizar os procedementos de xestión dos programas de formación para o emprego.

- Continuar coa evolución do sistema de información do Servizo Público de Emprego, empregando as novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Dotar de equipamento aos centros de formación propios para a execución das súas funcións.
- Consolidar o procedemento de acreditación e avaliación da competencia profesional adquirida por experiencia laboral e vías non formais de formación.
- Desenvolver e mellorar as aplicacións web, sobre o mercado laboral galego en diferentes variables significativas (contratos, paro rexistrado, traballadores afiliados e empresas).
- Fomentar a calidade e integración da formación profesional a través das convocatorias de competencias clave para ter acceso aos cursos de certificados de profesionalidade.
- Contribuír ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos, na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.
- Realizar unha oferta formativa axeitada ás necesidades do mercado de traballo.
- Conseguir que o investimento en formación responda aos cambios rápidos e constantes que teñen lugar no noso entorno produtivo, coa finalidade de manter actualizadas as competencias das persoas traballadoras e de aumentar a competitividade das empresas.
- Fomentar o contrato de formación e aprendizaxe, a formación dual e a formación con compromiso de contratación.
- Potenciar as accións formativas vinculadas coa Industria 4.0 e as demandas dos sectores económicos e produtivos de cada comarca, así como aquelas de carácter complementario, experimental e innovador, no ámbito da formación profesional para o emprego, a formación TIC, en idiomas, e ambiental.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa busca prestarlles aos desempregados unha atención que lles permita mellorar as súas competencias e cualificación profesional, mellorando a súa empregabilidade e incrementando as súas posibilidades de inserción laboral. A Consellería de Economía, Emprego e Industria, tendo en conta que un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, diante da necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, e especialmente co obxecto de mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres de cara a súa inserción laboral, desenvolve unha serie de medidas dirixidas a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar tanto o acceso ao mercado de traballo como a permanencia nel.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

- A consideración das mulleres como colectivo preferente no acceso ás accións formativas: nos procesos de selección para o acceso as accións formativas, identificarase ao colectivo "mulleres", especialmente ás "mulleres vítimas de violencia de xénero"de acordo co disposto no artigo 3 do Real decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, como un dos colectivos preferentes, segundo os criterios establecidos na correspondente orde de convocatoria, facilitando deste xeito o seu acceso á formación e incrementando a súa empregabilidade.
- O mantemento de axudas específicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero que participen nas accións.
- O mantemento de axudas á conciliación, co obxecto de conciliar a asistencia ás accións formativas co coidado de fillos menores de 12 anos ou familiares dependentes.
- A inclusión, en todas as accións formativas, dun módulo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O establecemento do colectivo "mulleres" como preferente contribuirá a redución da brecha de xénero, favorecendo acadar unha participación igualitaria de homes e mulleres nas accións formativas. Así mesmo, as axudas á conciliación permitirán incrementar o número de mulleres participantes nos cursos, e diminuír a taxa de abandonos.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Anualmente convócanse probas de avaliación en competencias clave para a acceso aos cursos de formación para o emprego de certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3. Os datos do ano 2018 amosan que, das 3.574 solicitudes para participar na convocatoria deste ano, 2.211 son de mulleres e 1.363 son de homes, a porcentaxe de solicitudes das mulleres representa o 61,86%. En canto á participación nas probas de avaliación a de ambos sexos foi dun 62,59%, sendo superior a participación das mulleres, cun 63,12%, sendo a dos homes dun 61,82%.

En canto aos resultados, as mulleres que aprobaron como mínimo una competencia ascende a 683 persoas e no caso dos homes a cifra é de 388 e o número de mulleres das presentadas que aprobaron todas as competencias foron 537 persoas e para os homes a cifra e inferior sendo de 330 persoas.

Por outra banda, estes son datos correspondentes a accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas durante o 2017:

Programáronse 617 accións formativas con contidos sobre a igualdade de xénero, cun total de 3.935 horas impartidas nesta materia

Nas accións formativas para persoas desempregadas participaron 6.619 mulleres, o que representa un 52,25% sobre o total de 12.669 persoas participantes nas accións formativas:

No que levamos de 2018, constátase a participación neste tipo de accións formativas de 7.738 mulleres, o que supón o 55,07% do total de 14.052 persoas participantes.

Asemade, no que vai desta anualidade, programáronse 1.361 accións formativas con contidos sobre a igualdade de xénero, cun total de 18.018 horas impartidas nesta materia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

III.1.5. PROGRAMA 323B - FORMACION PROFESIONAL DOS OCUPADOS :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa finalidade de contribuír á estabilidade de emprego e a cohesión social, este programa pretende tanto e mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional das persoas traballadoras ocupadas.

Para acadar este obxectivo débese proporcionar ás persoas unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional e para a mellora das súas competencias e cualificacións, apostando por unha formación que favoreza a aprendizaxe permanente dos traballadores e o pleno desenvolvemento das súas capacidades profesionais.

A formación constitúe un obxectivo estratéxico para reforzar a produtividade e a competitividade das empresas e para potenciar a empregabilidade dos traballadores. Neste contexto debese proporcionar unha formación axeitada aos traballadores ocupados das empresas afectadas pola crise económica ou de sectores estratéxicos de Galicia. Así mesmo débese estender a formación dos traballadores ocupados a ámbitos nos que non estea plenamente introducida.

Todo isto redundará na mellora da produtividade e competitividade das empresas, e da estabilidade e calidade no emprego.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

- Persoas traballadoras ocupadas para mellorar a súa adaptabilidade o mercado laboral.
- Persoas traballadoras desempregadas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A estrutura empresarial galega constituída nunha porcentaxe moi elevada por Pemes e microempresas, con dificultades en moitas ocasións para facer fronte á globalización, así como á transformación tecnolóxica, o que afecta ao seu nivel de competitividade, determina que se teña que facer un especial esforzo na cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas galegas. Esta cualificación redundará en facer as empresas galegas máis fortes e competitivas.

Para avanzar neste ámbito de actuación nos últimos anos vense a desenvolver actuacións encamiñadas á adquisición polos traballadores ocupados de coñecementos, habilidades e aptitudes ante a crecente incorporación das novas tecnoloxías no mercado laboral así como a instrumentar todas cantas medidas resulten necesarias para posibilitar que os traballadores teñan unha maior capacidade de formación que lles permita adecuarse aos cambios que poidan xurdir ao longo da súa traxectoria profesional.

Dado o peso que no noso tecido produtivo representan os autónomos e emprendedores estívose a apostar por unha formación axeitada ás súas necesidades e demandas, favorecendo deste xeito o emprendemento e o acceso ao autoemprego.

Cómpre poñer en marcha programas formativos en Industria para os ocupados dos sectores estratéxicos e, ao tempo, avanzar cara a nova Axenda de Capacidades para Europa.

ANÁLISE DAFO

- Debilidades:
  - Reducido tamaño das empresas que repercute na súa baixa capacidade formadora.
  - Baixa internacionalización.
  - Desigualdade territorial pola concentración da poboación e da densidade empresarial na franxa costeira.

- Fortalezas:
  - Proceso de diálogo social.
  - Establecemento de instrumentos de colaboración con organizacións empresariais e sindicais.
  - Maior porcentaxe de mulleres nas accións e plans de formación para o emprego.
  - Extensa rede de centros de formación para o emprego, con capacidade e experiencia.

- Ameazas:
  - Competencia mundial crecente polo incremento da produción en países emerxentes.
  - Avellentamento da poboación activa e ocupada.
  - Perda de capital humano activo en investigación e innovación.

- Oportunidades:
  - Desenvolvemento de postos de traballo en novos sectores e areas: emprego verde, sectores tecnolóxicos, sector turístico, economía mariña...
  - A regulación que establece o Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os protocolos que desenvolverán cada un dos servizos previstos na mesma: orientación profesional, colocación e de asesoramento ás empresas, formación e cualificación para o emprego e de asesoramento para o autoemprego e o emprendemento.
  - A regulación que establece o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento do programa terá en conta o establecido na Axenda para o emprego no Eixo de Formación e Capacitación como panca do cambio. O desenvolvemento do programa artéllase a través dos sistemas de contratación establecidos na normativa aplicable aos contratos do sector público, e das correspondentes ordes de subvencións no marco das seguintes normas:

- Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, que establece o Sistema de Garantía Xuvenil.
- Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral.
- Real Decreto lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego.
- Real Decreto 7/2015, do 16 de xaneiro polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego.
- Real decreto 115/2017, de 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os empregan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emitan gases fluorados.
- Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral.
- Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.
- Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.
- Orde anual do Ministerio competente en materia de emprego social pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.
- Real decreto que aprobe a Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020.
- Plan Anual de Política de Emprego (PAPE).
- O Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.
- Axenda da Competitividade "Galicia Industria 4.0".
- Axenda 20 para o Emprego.

- A Estratexia do Emprego Autónomo en Galicia 2017 – 2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Favorecer a formación ao longo da vida das persoas traballadoras mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionándolles os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.

Acadar emprego de calidade mediante a cualificación das persoas traballadoras, especialmente das ocupadas en empresas dos sectores estratéxicos de Galicia.

Conseguir que o investimento en formación responda aos cambios rápidos e constantes que teñen lugar no noso entorno produtivo, coa finalidade de manter actualizadas as competencias das persoas traballadoras e de aumentar a competitividade das empresas.

Promover accións de formación en liderado e coaching para profesionais, directivas e emprendedoras, co fin de conseguir una maior presenza e fomento do papel das mulleres nos ámbitos de responsabilidade.

Potenciar a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras ocupadas, orientadas á Industria 4.0 e á formación técnica e certificación oficial en idiomas e produtos, servizos e metodoloxías TIC, con especial referencia ás que traballan en sectores produtivos estratéxicos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Favorecer a formación ao longo da vida das persoas traballadoras mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e ás necesidades das empresas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, tendo en conta que, un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego incide na necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, trata de potenciar cunha serie de medidas, as perspectivas profesionais das mulleres, o seu acceso a empregos de maior cualificación e a súa incorporación a sectores onde aínda ten baixa representación. Trátase de potenciar a igualdade entre homes e mulleres incrementando a permanencia das mulleres no mercado laboral pola vía da mellora da súa cualificación. Estas medidas tradúcense fundamentalmente en que se considerará ás mulleres como un dos colectivos preferentes no acceso ás accións formativas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As entidades beneficiarias deben dar acceso as mulleres ás accións formativas como un dos colectivos preferentes, nos termos das ordes da convocatoria.

Incluirase en todas as accións formativas, un módulo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

Estableceranse, para mulleres desempregadas que participen nas accións formativas, axudas específicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero e axudas á conciliación, co obxecto de conciliar a asistencia ás accións formativas co coidado de fillos menores de 12 anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O establecemento do colectivo "mulleres" como preferente contribuirá a redución da brecha de xénero.

Do mesmo xeito, as axudas incrementarán a posibilidade tanto de acceso como de finalización das accións formativas.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

No que levamos de 2018, constátase a participación neste tipo de accións formativas de 1.599 mulleres, o que supón o 52,62% do total de 3.039 persoas participantes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

III.1.6. PROGRAMA 324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

- Avanzar cara un emprego estable e de calidade e contar cunhas relacións laborais sólidas que permitan crear as condicións axeitadas no contorno empresarial e laboral galego.
- Desenvolver actuacións cara a evitar a infrarrepresentación das mulleres en determinados sectores, fomento dos plans de igualdade e adopción de medidas que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral, así como racionalización de horarios laborais ou elaboración de plans de mellora da conciliación laboral en sectores empresariais representativos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Incentivos ás pemes para adopción de medidas de conciliación, tales como acordos de teletraballo, flexibilidade horaria, e axudas para investimentos nas pemes co fin de poñer en práctica estas medidas.
- Actuacións de fomento da Responsabilidade Social Empresarial (RSE), dirixidas á Xóvenes(Programa Xeración Responsable), a Pemes (Programa Responde Representación Empresarial Galego en materia de RSE).
- Convenios de colaboración en materia de RSE.
- Articular medidas de apoio ás persoas desempregadas naqueles casos nos que a situación de dificultade económica deu lugar a que moitas empresas acudan a regularizar os seus cadros de persoal (EREs) o que fai necesario, prestar especial atención, e máxime en sectores de especial relevancia para a economía galega con actuacións de mellora da empregabilidade en apoio á reinserción laboral de persoas desempregadas nestes sectores.(Proxecto FEAG - GALITEX)

- Apoio ás organizacións sindicais en cumprimento do establecido na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, co fin de fomentar a realización das funcións propias das organizacións sindicais e a promoción do funcionamento dos seus gabinetes técnicos, así como o apoio aos plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.
- Axudas destinadas ao fomento da prevención de riscos laborais mediante accións de formación, difusión e sensibilización sobre a normativa e os aspectos máis relevantes da seguridade e saúde laboral entre os distintos sectores afectados(persoas traballadoras, empresariado,entidades representativas, etc.) co obxecto de impulsar a presenza de recursos preventivos na empresa e o fomento dunha auténtica cultura de prevención de riscos no traballo.
- Facer efectiva a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais garantindo a participación en igualdade de oportunidades de homes e mulleres, nos órganos de participación da comunidade autónoma, cumprindo así coa Lei 17/2008, de Participación Institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.
- Controlar que as empresas cumpran coa normativa laboral, de igualdade de oportunidades e de prevención de riscos laborais o que esixe dunha áxil e eficaz tramitación dos expedientes sancionadores por infraccións laborais así como o mantemento do rexistro público de sancións, especificando a tipoloxía das sancións e, especialmente, se hai sancións en materia de igualdade de oportunidades.
- Impulsar a execución do Plan de loita contra o emprego non declarado, co obxectivo de controlar toda manifestación de economía irregular e por ende, de traballo non declarado.
- Impulsar o protocolo de coordinación coa Fiscalía de Galicia e a Consellería de Economía, Emprego e Industria para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, saúde e integridade física das persoas traballadoras, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, no que se establece, entre outros, un sistema permanente de gardas do persoal técnico de prevención e da Inspección de Traballo coa finalidade de cumprir con esta investigación.
- Impulsar redes transfronteirizas como xeito de colaborar e intercambiar boas prácticas en materia de relacións laborais, de RSE e de Igualdade Laboral.(PROXECTO GEMCAT).
- Desenvolver actuacións de mediación en conflitos colectivos de traballo.
- Polo que respecta á seguridade e saúde laboral, potenciar e fomentar a prevención de riscos laborais, así como a acreditación dos Servizos de prevención alleos, e o seguimentos e control dos Servizos de Prevención Propios e Mancomunados.
- Acreditar que as empresas que operan no sector da construción cumpren cos requisitos de capacidade e de calidade da prevención de riscos laborais, o que obriga ao mantemento do rexistro administrativo de empresas acreditadas do sector da construción (REA), que ten como obxectivo que toda empresa que pretenda ser contratada ou

subcontratada para traballos nunha obra de construción, deberá estar inscrita no REA, dependente da autoridade laboral onde estea situado o domicilio social da empresa.

- Contribuír a eliminar a discriminación e a fomentar a igualdade entre mulleres e homes nas relacións laborais, mediante actuacións promoción e de control, evitando a discriminación salarial por razón de xénero, implantando medidas contra a brecha salarial.
- Promover a prevención de riscos laborais nas empresas e centros de traballo e o fomento de boas prácticas para a redución da sinistralidade laboral.
- Desenvolver accións de información, divulgación e formación en materia preventiva.
- Polo que respecta ao ámbito do ISSGA, o motivo que xustifica a intervención pública e o ámbito concreto do programa resúmese nos seguintes aspectos:
- Apoio técnico aos órganos laborais, sanitario, educativo, etc., así como servir de instrumento transversal en materia preventiva á Xunta de Galicia e outros organismos.
- Obter unha información veraz dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais de orixe laboral, para o seu tratamento estatístico e posterior formulación de medidas correctoras en materia preventiva.
- Promover a prevención de riscos laborais nas empresas e centros de traballo e o fomento de boas prácticas para a redución da sinistralidade laboral.
- Desenvolver accións de información, divulgación e formación en materia preventiva.

Polo que respecta ao CGRL:

Acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuíndo a conflitividade e a sinistralidade laboral.

Unha das actuacións ligadas a este programa é a que desenvolve o Consello Galego de Relacións Laborais, coa que se pretende conseguir unhas relacións laborais sólidas e modernizadas a través do diálogo entre organizacións sindicais e empresariais, especialmente co apoio material e técnico ás mesas de negociación e ás comisións paritarias dos convenios colectivos.

O Consello é, ademais, o organismo competente en Galicia para promover e facilitar a consecución de acordos nas empresas, mediante a xestión de mediacións e arbitraxes, ao abeiro do Acordo Interprofesional Galego para a solución extraxudicial de conflitos de traballo (AGA), a única ferramenta realmente efectiva para evitar directamente a conflitividade e as folgas e facilitar a súa axil solución.

Así mesmo, a actuación do Consello, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución Española, contribúe á mellora das condicións laborais e ao fomento da igualdade de xénero nas relacións laborais. Adscrita organicamente ao Consello, actúa a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade de Mulleres e Homes na negociación colectiva, co obxecto de contribuír a eliminar as discriminacións directas ou indirectas por razón de xénero. O seu labor de asesoramento ás comisións negociadoras facilita a mellora

dos contidos dos convenios colectivos e as súas recomendacións, cursos formativos e xornadas divulgativas contribúen á formación en igualdade de xénero de cadros sindicais e empresariais.

Hoxe, máis que nunca, dada a importancia esencial e a forza real dos convenios colectivos, é necesario contar con estruturas de apoio á negociación colectiva, como o Consello Galego de Relacións Laborais, que aúnen imparcialidade e capacidade técnica.L

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións a desenvolver diríxense aos seguintes sectores:

- Con carácter universal a toda a poboación en xeral.
- Empresas, persoas empregadoras, persoas traballadoras, persoas desempregadas, xuventude, organizacións empresariais e sindicais, órganos de participación, universidades, a sociedade en xeral.

O ISSGA estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade de persoal traballador, homes e mulleres, respecto dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo. Na súa actuación inclúe especificamente as cooperativas de traballo asociado e as demais cooperativas en relación cos seus socios e socias de traballo.

Así mesmo leva a cabo as actividades de promoción da prevención de riscos laborais en relación coas traballadoras e os traballadores por conta propia e co con-xunto da poboación, prestándolles especial atención ás actividades de prevención dirixidas a pequenas e medianas empresas.

Polo que respecta ao CGRL, as actuacións a desenvolver diríxense aos seguintes sectores:

- Con carácter universal a toda a poboación en xeral.
- Empresas, persoas empregadoras, persoas traballadoras, persoas desempregadas, xuventude, organizacións empresariais e sindicais, órganos de participación, universidades, a sociedade en xeral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Secretaría Xeral de Emprego:

En Galicia é prioritario o apoio ás empresas e persoas traballadoras galegas, sendo que debemos continuar pola senda de acadar un emprego estable e de calidade e contar cunhas relacións laborais sólidas que permitan crear as condicións axeitadas no contorno empresarial e laboral galego.

No último informe do Observatorio Galego de Responsabilidade Social Empresarial (RSE), de novembro de 2016, o grao de coñecemento da RSE por parte das empresas con actividade en Galicia, obtívose un valor de 2,62 de media nunha escala de 0 a 5, cun resultado similar ao do ano 2015 polo que se pon de manifesto un importante descoñecemento desta forma de xestión empresarial, amplamente recoñecida como máis competitiva e comprometida coa sociedade, o que ven a manifestar a necesidade de impulsar unha nova Estratexia Galega de Responsabilidade Social Empresarial que ten por obxectivo principal o de que esta filosofía empresarial calle nas nosas empresas.

ANÁLISE DAFO

Factores internos:

- Debilidades:
  - Situación económica adversa para as empresas e o seu persoal.
  - Dificultade da Administración para penetrar nos sectores obxecto das accións de RSE.
  - Carencias de formación e coñecemento en xestión empresarial baixo os parámetros da RSE.
  - Dificultade da administración para penetrar nos sectores obxecto de seguimento das modificacións en materia de Seguridade e Saúde laboral.
  - Falta de instrumentos non coercitivos de fomento da adaptación en materia de prevención de riscos laborais dos sectores económicos ás modificacións normativas.

- Fortalezas:
  - Unha Axenda 20 para o Emprego.
  - Compromiso de axentes sociais e económicos.
  - Diálogo social.
  - Establecemento de instrumentos de colaboración con organizacións empresariais e sindicais.
  - Colaboración con outras administracións.
  - Percorrido de accións de implantación de RSE, durante a execución das medidas do Plan Estratéxico de RSE 2012/2014.
  - Unha nova Estratexia de RSE, 2018-2020.
  - Existencia de órganos de Participación Institucional en materia de Seguridade e Saúde Laboral.

Factores externos

- Ameazas:- Situación económica desfavorable.

- Baixo nivel de concienciación para implantación da RSE do empresariado, maiormente, PEME.
- Baixa implantación de medidas de igualdade laboral.
- Existencia de brecha salarial
- Descoñecemento na sociedade galega sobre o concepto da RSE.
- Baixo nivel de formación do empresariado que reúnen condicións obxectivas para o desempeño da actividade preventiva.

- Oportunidades:
  - Axenda 20 para o emprego
  - Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020
  - A RSE pode actuar como xeradora de emprego e de competitividade empresarial..
  - A existencia de grandes empresas galegas que aplican RSE que poden actuar como tractoras das PEMES galegas.
  - Disposición das empresas, institucións, colectivos e da sociedade para interatuar coa Administración.
  - Dispoñer de persoal cualificado e con experiencia na xestión empresarial.
  - Existencia de mecanismos de colaboración e de órganos colexiados de participación institucional.
  - Establecemento de instrumentos de colaboración en materia de PRL con organizacións empresariais e sindicais.
  - Aproveitar a negociación colectiva para erradicar a brecha salarial.

- Debilidades:
  - Situación económica adversa para quen protagoniza as relacións laborais: persoas empregadoras e persoas traballadoras.
  - Escaseza de formación específica en técnicas avanzadas de negociación e en igualdade de xénero.

- Fortalezas:
  - Existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas.

ISSGA

Ao ISSGA correspóndelle a xestión e coordinación das políticas que nas mate-rias de seguridade e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

A situación actual neste eido pódese resumir en que, a pesar do descenso mantido da sinistralidade laboral no último decenio en Galicia, séguese producindo un número importante de accidentes laborais. Malia o descenso sinalado na sinistralidade laboral en Galicia durante os últimos anos, nos anos 2015 e 2016 produciuse un repunte. No ano 2017 producíronse 27.730 accidentes con baixa, dos cales 446 foron graves e 43 mortais. Aínda que a incidencia total dos accidentes en Galicia é comparable á media de España, os accidentes graves e mortais prodúcen-se cunha incidencia moito máis elevada que o promedio nacional. Ao mesmo tempo, e tamén para a anualidade de 2017, declaráronse na nosa Comunidade Autónoma 1.491 enfermidades profesionais, das que 845 cursaron con baixa. As expectativas de creación de emprego, xunto coa incentivación da primeira contratación de mozos e mozas, poden ter un efecto sobre o incremento da sinistralidade laboral ao incorporar ao mercado de traballo a profesionais sen experiencia e posiblemente, en moitos casos, cunha formación insuficiente.

Por iso, para o cumprimento do obxectivo de eliminar ou reducir na súa orixe os riscos laborais, o instituto:

a) Desenvolve accións de información, divulgación e formación, en materia preventiva.
b) Realiza o asesoramento e o control das accións técnico-preventivas, sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, dirixidas á diminución dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais que se realicen nas empresas para elevar a protección da seguridade e a saúde das traballadoras e dos traballadores.
c) Préstalles ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas em-presas, ás traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
d) Realiza o seguimento, coordina e promove a colaboración de accións en materia de prevención de riscos laborais dos diferentes departamentos da Administración autonómica, así como con aqueles organismos estatais e internacionais orientados aos mesmos fins.
e) Fomenta a prevención de riscos laborais a través do seu tratamento como materia horizontal no ensino regrado e non-regrado.

O problema xenérico, xa enunciado, é o elevado número de accidentes de tra-ballo e de enfermidades profesionais, do que se poden destacar:

- A alta incidencia dos trastornos musculoesqueléticos, con forte significación entre os accidentes de traballo (aproximadamente o 38% do total en 2017 foron accidentes por sobreesforzo), pero especialmente entre as enfermidades profesionais con baixa (ao redor do 70% destas).
- A relevancia do sector primario en Galicia, no que actividades como a explota-ción forestal ou a pesca, de alto risco laboral e elevada sinistralidade.

- Os accidentes de tráfico, que supoñen un 16% das mortes por accidente laboral en xornada de traballo; esta porcentaxe aumenta ata o 21% se se contabilizan os accidentes "in itinere", que tamén teñen a consideración de laborais.
- O aumento significativo dos accidentes de traballo por causas non traumáticas (fundamentalmente infartos), que en 2017 acadan o 26% dos accidentes mortais.
- A presenza de novos riscos pouco coñecidos, asociados a procesos ou produtos novos, especialmente os asociados a substancias cancerígenas, mutaxénicas, tóxicas para a reprodución ou sensibilizantes.

As causas desta situación son múltiples, non pudendo concretarse para cada caso dos mencionados unha única que os orixine, pero as que conflúen concomitantemente á maior parte delas pódense xeneralizar nas seguintes:

1. Falta dunha cultura preventiva: nas organizacións, o aspecto da prevención de riscos laborais é, en moitos casos, secundario fronte ás consideracións económicas e de produción, especialmente na situación de crise económica actual.
2. Insuficiencia na formación sobre esta materia, tanto dos responsables, como de toda a estrutura organizativa, incluídos os traballadores.
3. Xestión e organización do sistema preventivo deficientes:

   3.1. Ámbito privado, no que existen eivas recoñecidas na calidade dos servizos prestados polas entidades que actúan como servizos de prevención alleos:

   - Control insuficiente sobre os servizos de prevención e entidades de formación.
   - Criterios de calidade consensuados só nalgúns sectores: naval, metal.
   - Documentalización da prevención: avaliación de riscos e planificación preventiva existentes, pero sen seguimento.
   - Elevada externalización.
   - Falla de mecanismos de comunicación e participación das persoas traballado-ras.

   3.2. Ámbito público:

   Falta de coordinación entre administracións: laboral, sanitaria, industrial, educativa:

   - Falta de conexión na planificación das actuacións institucionais relacionadas coa prevención.
   - Ausencia de plans de investigación aplicada sobre Seguridade e Saúde Laboral.
   - Falta de conexión entre os sistemas de información das distintas administracións.
   - Insuficiente implicación do sistema educativo e de formación en prevención.
   - Articulación e coordinación de recursos inexistente: inclúense tamén aquí as actividades dos axentes sociais.

CGRL

Respecto ao Consello Galego de Relacións Laborais hai que destacar o incremento de número de expedientes tramitados mediante o sistema de solución extraxudicial de conflitos (AGA) nos últimos anos. Os cambios realizados nas últimas reformas laborais fan constantes remisións e envíos de materias para resolver a través de mecanismos como as mediacións e as arbitraxes. O incremento do número de expedientes tramitados ao abeiro do AGA con respecto aos exercicios anteriores crece de ano en ano. Fronte a un descenso global da conflitividade, o recurso á intervención de Consello Galego de Relacións Laborais, en canto xestor do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos colectivos de traballo, utilízase cada vez máis pola confianza que lle merece ás partes en conflito e polos bos resultados que amosa. Os beneficios socioeconómicos derivados da xestión dun sistema de mediación e arbitraxe, que chega a acordos en máis dun 80 % dos conflitos nos que intervén, xustifican a necesidade de incrementar os medios á súa disposición. Igualmente, ante os cambios operados en materia laboral, increméntase notablemente a demanda de xornadas informativas, motivada entre outros aspectos pola intensa variabilidade nos últimos anos da lexislación laboral e de seguridade social, o que aconsellan manter e mesmo incrementar as actividades de promoción do debate social que organiza o Consello.

A 30 de xuño de 2018 existen en Galicia 994 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, que afectan a 458.354 persoas traballadoras. Neste total inclúense tamén os pactos e acordos reguladores de persoal funcionario dos que se ten coñecemento. Asináronse e revisáronse no que vai de ano en Galicia 106 convenios (80 asinados e 26 revisados), que afectan a 175.599 persoas traballadoras. Destes convenios 21 son de sector (11 asinados e 10 revisados) e afectan a 162.224 persoas traballadoras e 85 son de empresa (69 asinados e 16 revisados) e afectan a 13.375 persoas traballadoras. Asináronse por primeira vez 16 convenios (todos de empresa) que afectan a 695 persoas traballadoras. Recollen "pacto de ultraactividade" o 81,82% dos convenios de sector asinados no que vai de ano e o 79,71% dos convenios de empresa. A xornada pactada (media ponderada) nos convenios asinados e revisados no que vai de ano que a regulan de xeito anual foi de 1.760,28 horas (1.763,07 horas nos convenios de sector e 1.722,46 horas nos convenios de empresa). O incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados no que vai de ano (media ponderada) foi do 1,73%. Respecto da inflación, este incremento é inferior ao IPC galego e ao estatal do mes de xuño que foron do 2,3%. Recollen cláusulas de revisión salarial o 31,25% dos convenios asinados e o 26,92% dos revisados. Respecto do número de persoas traballadoras ás que afectan estas cláusulas, as porcentaxes son do 19,29% nos convenios asinados e do 79,53% nos revisados. Rexistráronse no que vai de ano 38 inaplicacións de convenio que afectan a 544 persoas traballadoras. Os convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia asinados ou revisados no que vai de ano foron 55 e afectan a 58.296 persoas traballadoras. Deles 21 son de sector e 34 de empresa. O incremento salarial pactado nestes convenios (media ponderada) foi do 1,48%, e recollen cláusulas de revisión salarial o 23,08% dos convenios asinados e o 56,25% dos revisados. A xornada pactada (media ponderada) na negociación colectiva estatal con efectos en Galicia no que vai de ano foi de 1.771,56 horas.

- Debilidades:
  - Situación económica adversa para quen protagoniza as relacións laborais: persoas empregadoras e persoas traballadoras.
  - Escaseza de formación específica en técnicas avanzadas de negociación e en igualdade de xénero por parte das persoas que negocian os convenios colectivos.

- Fortalezas:
  - Existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas.
  - Dispoñer de persoal cualificado e con experiencia na xestión.

- Ameazas:
  - Incremento dos conflitos de traballo.

- Oportunidades:
  - Confianza das comisións negociadoras de convenios colectivos no labor de asesoramento do Consello Galego de Relacións Laborais.
  - Altísima porcentaxe de acordos (80 %) nos procedementos de solución extraxudicial de conflitos de traballo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Secretaría Xeral de Emprego:

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 17/2008, do 29 de decembro, pola que se regula a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.
- Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos colectivos de Traballo e se regula a súa tramitación electrónica.(REGCON).
- Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais
- Decreto 101/2015, do 18 de xuño, polo que se crea a Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos e se regula o seu funcionamento.
- Real Decreto 416/2015, do 29 de maio, sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais.(DEOSE)
- Orde do 15 de maio de 2008, polo que se crea o Rexistro administrativo de empresas Acreditadas sector da Construción (REA) de Galicia.
- Decreto 156/2014, do 4 de decembro, polo se institúen os Premios RSE Galicia.
- Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

- Orde TIN/2504/2010, do 20 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.
- Real Decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.
- Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Orde do 25 de marzo de 2013 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.
- Axenda 20 para o Emprego
- Estratexia Galega de RSE. 2018-2020, en elaboración.
- Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020.
- Programa operativo do Fondo Social Europeo 2014-2020.
- Programa de Cooperación transfronteiriza (POCTEP)
- Programa europeo de Adaptación á Globalización (FEAG).

ISSGA

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se dispón o inicio de actividades do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- Resolución do 14 de outubro de 2010 pola que se crea a Comisión para a integración da igualdade e se nomean os seus membros.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020.
- Plan Anual de Actividades do ISSGA.

CGRL

- Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais
- Resolución do 23 de outubro de 2008, pola que se dispón a publicación do Regulamento interno de organización e funcionamento do Consello Galego de Relacións Laborais.
- Decreto 101/2015, do 18 de xuño, polo que se crea a Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos e se regula o seu funcionamento.
- Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (REGCON)
- Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Decreto 89/2012, do 8 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Consello Galego de Relacións Laborais.
- Decreto 145/2008, do 17 de xullo, polo que se ditan normas relativas ao funcionamento do Consello Galego de Relacións Laborais derivadas da entrada en vigor da Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais.
- Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Secretaría Xeral de Emprego:

A finalidade do programa, na área da mellora das relacións laborais, de prevencións de riscos laborais estrutúrase en base a cinco eixos:

- Eixo 1: Potenciar a mellora da política laboral mediante accións de apoio á empresas e persoas traballadoras, organizacións empresariais e sindicais.
- Eixo 2: Modulación das relacións cos axentes sociais.
- Eixo 3: Fomentar a RSE, mediante accións, entre outras, de formación e difusión.
- Eixo 4: Fomentar políticas de igualdade laboral.
- Eixo 5: Axilizar de maneira eficaz a tramitación administrativa de expedientes competencia desta unidade.

A través dos seguintes medios:

- Impulso da mellora dos contidos na negociación colectiva, polo Rexistro de Acordos e Convenios Colectivos (REGCON).
- Deseño e aprobación dun Plan de actuación por obxectivos da Inspección de Traballo e Seguridade Social na comunidade autónoma.
- Deseño de campañas específicas da Inspección de Traballo para vixilancia e control de sectores determinados.
- Execución do Plan de actuación contra o Emprego non declarado.
- Axudas á persoas desempregadas en sectores clave da nosa economía.

- Axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas.
- Fomento do diálogo social.
- Axudas ás centrais sindicais e á participación institucional de sindicatos e organizacións empresariais.
- Aprobación da Estratexia Galega de RSE 2018-2020, en elaboración.
- Apoio e impulso de Redes Transrexionais de cooperación en RSE, e en diálogo social. (Proxecto GEMCAT)
- Axudas para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade e a conciliación laboral nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da comunidade autónoma.
- Colaboración coas universidades galegas para a realización de actividades de promoción e divulgación da RSE.
- Elaboración de materiais e recursos para a divulgación, formación e promoción da RSE, con especial atención á presenza redes sociais.
- Impulso e celebración de xornadas, seminarios e actividades de difusión da RSE e de Igualdade laboral.
- Sensibilizar á sociedade galega sobre os principios e valores da RSE sobre as súas potencialidades, especialmente entre a xuventude, así como dotar de maior vi-sibilidade ás empresas que fan RSE.
- Convocatoria anual dos Premios RSE Galicia.
- Impulso do Plan de Acción do Observatorio Galego de RSE.
- Mellora dos rexistros administrativos, xestionados por esta Unidade.

A súa vez, a finalidade do programa, no ámbito da mellora da Prevención de Riscos Laborais, estrutúrase en tres eixos:

- Eixo 1: Mellora da actividade preventiva, mediante:
  - Integración da actividade preventiva na empresa.
  - Formación do empresariado para desempeñar a actividade preventiva.
  - Fomento do desenvolvemento da actividade preventiva con medios propios. Formación de traballadores/as designados/as.
  - Formación dos representantes dos traballadores/as: Formación específica para delegados/as de prevención.
  - Fomento da constitución de servizos de prevención mancomunados nos sectores de actividade de maior sinistralidade.
  - Promoción de gabinetes técnicos sectoriais nas asociacións empresariais e organizacións sindicais que sirvan como puntos focais de consulta e asesoramento en materia preventiva.

- Eixo 2: Supervisión dos servizos de prevención
- Eixo 3: Formación, difusión de novidades normativas e promoción de boas prácticas en sectores de alta sinistralidade.
  - Participación en foros de divulgación de carácter sectorial e intersectorial organizados por asociacións empresariais e profesionais e organizacións sindicais.

As actuacións a desenvolver na área de Seguridade e Saúde Laboral ou Prevención de Riscos Laborais diríxense aos seguintes sectores:

- Empresas:
  - Empresas con menos de 10 traballadores, ou 25 nun único centro de traballo, nas que os empresarios ou empresarias desempeñen directamente a actividade preventiva.
  - Empresas con máis de 10 traballadores, ou 25 nun único centro de traballo, que desenvolvan a actividade preventiva con medios propios.
  - Servizos de prevención mancomunados.
  - Servizos de prevención alleos ás empresas.

- Organizacións empresariais:
  - Con programas específicos de prevención de riscos laborais.
  - Organizacións sindicais:
  - Gabinetes de seguridade e saúde laboral dos sindicatos.
  - Delegados/as de prevención e delegados/as de persoal nas empresas de me-nos de 30 traballadores.

- Persoas traballadoras:
  - Persoas traballadoras designadas pola empresa para desenvolver actividades preventivas.
  - Integrantes de servizos de prevención alleos, propios e mancomunados.

- Administración autonómica:
  - Órganos da administración con competencias sectoriais en materia de seguridade e saúde laboral.

- Outros:
  - Órganos bipartitos nacidos da negociación colectiva ou de acordos sectoriais con funcións en materia de seguridade e saúde laboral.

ISSGA

Para incidir sobre as causas que se veñen de mencionar e en cumprimento das funcións que ten atribuídas, o ISSGA desenvolve a súa actuación baseándose no seu Plan de Actividades que

elabora anualmente e que se estrutura seguindo as liñas xerais definidas inicialmente. Este plan no ano 2019 versará sobre os seguintes eixos:

1. Transversalidade:

O ISSGA configúrase coma o órgano transversal da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde no traballo, como organismo técnico encargado de executar as políticas que se deseñan neste ámbito.

A lei de creación do Instituto e a súa normativa reguladora establecen que desenvolve as súas actividades consonte o establecido no seu plan de actividades, como instrumento fundamental para dar cumprimento aos fins e desenvolver as funcións que lle son propias, no marco da estratexia que nesta materia adoptan os poderes públicos de Galicia.

Asemade, o ISSGA participa en numerosos programas autonómicos no marco das áreas de competencia dos distintos departamentos que configuran a Xunta de Galicia, incorporando as súas achegas no eido da seguridade e saúde laboral .

2. Observatorio:

O Observatorio Galego de Condicións de Traballo configúrase como un espazo de xestión da información e análise das condicións de traballo en Galicia e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral na poboación traballadora. Nel recóllense e analízanse os indicadores preventivos de maior relevancia, co obxecto de transformar a información en coñecemento, de xeito que apoie a toma de decisións en materia de prevención de riscos laborais e condicións de traballo, tanto no eido técnico-científico como no social, para orientar as políticas públicas nesta materia e o seu consenso cos interlocutores sociais.

Dado o seu cometido de obter, procesar e difundir información, interactúa practicamente con todas as demais actuacións do Instituto, e ten unha actividade propia ao tratar e publicar os datos estatísticos e a información xerada por aquelas, e por servir de espazo para dar a coñecer todos os estudos e informes que fai públicos o ISSGA.

3. Investigación:

Este eixe inclúe procesos reactivos, isto é os derivados de danos xa producidos tras un sinistro, cuxa investigación é necesaria con diversos fins, preferentemente establecer accións preventivas e dar traslado dos informes técnicos a outros órga-nos administrativos ou xudiciais cando o soliciten, para a depuración de posibles responsabilidades nos distintos ámbitos no eido da PRL.

O anterior sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e realizando como función do ISSGA a de prestar colaboración pericial e asesoramento técnico á devandita inspección.

Esta función entenderase dentro do marco competencial que atribúe a investigación de accidentes en aplicación da técnica mineira, accidentes ferroviarios, accidentes aéreos e accidentes marítimos, cando a investigación corresponde a outros organismos especializados.

A través da investigación xérase coñecemento que se pode transmitir, xa que cos informes de investigación elaborados preténdese analizar as causas que motivan os accidentes de traballo, as enfermidades profesionais e as enfermidades relacionadas co traballo, co fin último de que non volvan a ocorrer

4. Asesoramento técnico e actuacións de coordinación e colaboración:

As actuacións deste eixe son as de coordinación administrativa, colaboración e asesoramento técnico a outros organismos e entidades públicas, ás empresas e aos traballadores e traballadoras, así como aos seus representantes. O asesoramento técnico é unha actividade fundamental do Instituto, figurando entre os seus fins recollidos no artigo 3 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, así como nos seus estatutos.

Inclúense neste eixe tanto actuacións de carácter permanente como as que se demanden, que en moitos casos non son programables por estar en función das solicitudes que se reciban.

5. Promoción da prevención e redución da sinistralidade:

Actuacións de investigación, asesoramento e asistencia programadas por sectores ou fronte a riscos ou colectivos determinados, en función do seu estado de situación e da súa evolución, polo que a filosofía é que teñan un carácter temporal limitado (anuais ou bienais), co obxecto de podelos reformular periodicamente, sen menoscabo de que, polas súas características de especial risco, determinados sectores figuren case de forma permanente entre estes programas.

O deseño e execución das actuacións recollidas nos distintos programas deste eixe farase coa participación e colaboración dos interlocutores sociais con representación na Comisión de Goberno do ISSGA.

6. Formación e difusión da PRL:

Esta área constitúe unha actividade permanente do ISSGA, que en formación e información, e sinaladamente nas xornadas técnicas, ten acadado un nivel recoñecido de calidade técnica e científica que cómpre manter e impulsar.

Nestes últimos anos O ISSGA elabora unha serie de publicacións técnicas para distintos colectivos aos que pretende chegar, implicándoos como protagonistas des-te material divulgativo, informativo e de sensibilización, tendo moi en conta a calidade técnica e a función de promoción da PRL.

Destacar a formación dos cursos que habilitan para o exercicio das funcións de nivel básico en PRL, tanto presenciais como en liña, e aos que por segundo ano se oferta unha modalidade específica para traballadores autónomos; é de destacar que se prioriza no acceso aos curso en liña aos delegados de prevención e persoal traballador designados e empresariado que asume persoalmente a prevención na súa empresa.

Este eixe péchase coas campañas de sensibilización, información e formación. Por unha banda dirixidas a persoal cualificado, colectivos con riscos específicos, ou actividades ou sectores de alta sinistralidade ou alto risco e, por outra banda, dirixidos ás Pemes e micropemes, á promoción da PRL nos traballadores autónomos e á promoción da cultura preventiva na sociedade galega.

7. Mellora continua:

Estes procesos constitúen actuacións de carácter interno do Instituto, dirixidas á obtención da máxima eficacia e eficiencia funcional e de resultado para unha ade-cuada prestación dos servizos, co fin de acadar unha mellora continua no seu funcionamento.

Para valorar o cumprimento destes eixes o ISSGA establece indicadores entre os que estarán o número de actuacións de asesoramento realizadas en materia de prevención de riscos laborais, o número de accións de formación e información desenvoltas en materia de prevención de riscos laborais e o número de persoas participantes nas distintas accións, o número de campañas e de accións de sensibilización de prevención de riscos laborais e o número de programas sectoriais desenvoltos.

CGRL

A través deste programa e coa actuación do Consello Galego de Relacións Laborais:

1. Facilítase a consecución de acordos nas empresas e nos sectores que solicitan a asistencia do organismo e foméntase o diálogo social, todo isto para conseguir unha maior incidencia na mellora do emprego e das condicións laborais.
2. Asesóranse ás mesas negociadoras sobre a redacción e a aplicación de cláusulas aos convenios colectivos que promovan a igualdade de xénero nas relacións laborais.
3. Elabóranse estudos e informes que se trasladan ás mesas negociadoras e ás organizacións empresariais e sindicais para facilitarlles o coñecemento dinámico e actualizado do noso sistema de relacións laborais.
4. Realízanse actividades de formación dirixidas a cadros empresariais e sindicais sobre prácticas óptimas para unha mellor negociación laboral.
5. Desenvólvense xornadas de difusión e debate social sobre materias de actualidade laboral que resulta oportuno analizar con detalle.
6. Finalmente, o Consello ditamina preceptivamente os proxectos normativos que lle son remitidos e formula propostas en materia de política laboral.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Secretaría Xeral de Emprego:

Existe unha clara segmentación pola variable de xénero no mercado de traballo, tanto no referido ao sector de actividade como ás ocupacións das mulleres e homes dentro do mesmo sector, de feito hai profesións onde as mulleres están claramente infrarrepresentadas, caso do sector naval, da pesca ou construción.

ISSGA

Existe unha clara segmentación pola variable de xénero no mercado de traballo, tanto no referido ao sector de actividade como ás ocupacións das mulleres e homes dentro do mesmo sector. Isto determina que as cifras de sinistralidade e os tipos de danos sexan diferentes entre ambos sexos. A presenza relativa da muller no merca-do laboral aumenta de xeito sostido. Segundo datos do IGE, nos últimos anos, a afiliación feminina á Seguridade Social en Galicia medrou permanentemente, desde o 42,76% de 2006 ao 48,30% en 2017. Ao remate dese ano o total de poboación afiliada foi de 973.812 persoas, das que 469.739 son mulleres. Desde o punto de vista de accidentes laborais, as mulleres sofren moitos menos accidentes. Tanto os índices de

incidencia como os de gravidade son moitos menores nas mulleres; isto podía ser predicible en sectores como a pesca ou a construción, onde as mulleres están menos representadas e desenvolven, en xeral, ocupacións de menor risco, pero ocorre tamén nos servizos ou na agricultura, onde non se dan esas diferenzas. No 2017 os índices de incidencia de traballadores homes para accidentes leves, graves e mortais son, respectivamente, 2,3 (leves), 4,6 (graves) e 13,2 (mortais) veces maiores que os das mulleres.

Á situación anterior hai que sumar a dificultade de conciliar familia e traballo, que provoca, en determinadas ocupacións, xunto coas diferenzas fisiolóxicas e anatómicas entre homes e mulleres, que as mulleres teñan máis problemas de saúde que os homes que desenvolven as mesmas tarefas.

Todo o exposto obriga a integrar a dimensión da igualdade na prevención dos riscos. Non se pode esquecer tampouco que no artigo 26 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o lexislador realiza unha diferenciación de xénero en sentido positivo ao regular a protección da maternidade.

Cabe destacar a existencia dun indicador con relevancia de xénero, o que mide o número de mulleres participantes nas accións de formación, información e/ou sensibilización en materia de seguridade e saúde laboral promovidas polo ISSGA.

CGRL

Polo que respecta ao Consello Galego de Relacións Laborais, sinalar que, segundo os datos recollidos no seu Informe anual sobre a situación da negociación colectiva, se parte dunha desigual participación de mulleres na negociación colectiva galega, polo que se quere potenciar a participación de mulleres nas mesas de negociación.

As persoas destinatarias potenciais son 30.000 delegados/as sindicais e empresariais.

Co programa preténdese contribuír a eliminar a discriminación e lograr unha igualdade entre homes e mulleres nas relacións laborais.

O Consello Galego de Relacións Laborais realiza tamén, anualmente, un informe sobre a situación sociolaboral da nosa comunidade autónoma e, dentro deste, inclúese un capítulo, o V, que estuda o mercado de traballo en Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres, para contribuír á adopción de medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a desigualdade salarial e as dificultades para conciliar a vida persoal, laboral e familiar.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

ISSGA

Dentro do plan de actividades do ISSGA no ano 2019 manteranse actividades que xa se veñen levando a cabo actualmente e relacionadas con esta materia:

- A comisión permanente de integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais asesorará e orientará nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos, propoñendo directrices sobre a avaliación do risco para a saúde ou a seguridade das traballadoras embaraza-das, que deran a luz recentemente ou en período de lactación e orientando as actuacións especiais que en materia de prevención de riscos laborais sobre sectores feminizados realice a Administración Pública Autonómica.
- O programa de protección da maternidade no ámbito laboral, que leva consigo o desenvolvemento dunha campaña de sensibilización e divulgación destinada a promover o cumprimento das obrigas legais existentes para as empresas nas situacións de embarazo e lactación.
- O módulo de igualdade dos cursos básicos de prevención de riscos laborais que habilitan para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais, tanto presenciais como online, contribúe á promoción da igualdade entre homes e mulleres.

Se ben as dúas primeiras actividades se dirixen preferentemente a mulleres, a última está dirixida a toda a sociedade.

Neste ámbito tamén débese destacar a participación do ISSGA no Plan Galego de Conciliación e Responsabilidade 2018-2021 a través do impulso da formación non presencial e adecuación horaria das accións formativas ás necesidades de conciliación das persoas traballadoras. O importe proposto para o ano 2019 é de 30.480,00 e empregaranse como indicadores para o seguimento da súa realización tanto o número de accións formativas desenvoltas na modalidade de teleformación como o núm. de persoas participantes (homes e mulleres).

CGRL

Para corrixir as desigualdades que aínda hai en materia de xénero nas relacións laborais, desenvólvense varias actuacións que leva a cabo a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, adscrita ao Consello Galego de Relacións Laborais. Trátase de actividades de formación presencial e anual a negociadores e negociadoras de todo o que compete a incorporación da igualdade aos convenios colectivos e aos plans de igualdade, tanto pola parte sindical como pola parte empresarial, así como elaboración de guías

de boas prácticas e recomendacións, para a Información e difusión de criterios e orientación para mellorar os contidos e a calidade da negociación colectiva, co obxecto de contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso e das condicións de traballo das persoas traballadoras.

Os obxectivos das actuacións pódense concretar nos seguintes:

1. Incrementar o número de convenios colectivos que introducen no seu articulado cláusulas sobre igualdade entre homes e mulleres.
2. Mellorar os contidos e a calidade da negociación colectiva, así como contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso ao emprego e das condicións de traballo das persoas traballadoras.
3. Elaboración de ditames sobre proxectos normativos remitidos pola Xunta de Galicia en materia de política laboral nos que se promove un uso adecuado da linguaxe de xénero, para consolidar o uso da linguaxe inclusiva.
4. Estudo de cláusulas de igualdade nos convenios colectivos, analizalas e facer recomendacións ás mesas negociadoras de convenios colectivos para negociar medidas dirixidas a promover a igualdade de trato e de oportunidades entre as mulleres e os homes no ámbito laboral ou, no seu caso, plans de igualdade e para fomentar a igualdade nas relacións laborais.
5. Elaboración dunha Guía de Boas Prácticas en materia de igualdade de trato e de oportunidades para a negociación colectiva, co obxectivo de orientar ás mesas negociadoras de convenios colectivos orientacións que contribúan a mellorar os seus contidos e conseguir a aplicación efectiva do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso ao emprego e das condicións de traballo das persoas traballadoras.
6. Elaboración dun informe anual sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, que analiza a composición das mesas negociadoras de convenios colectivos e identifica as medidas que se recollen nos convenios en materia de igualdade, co obxectivo de incrementar a presenza das mulleres nas mesas negociadoras actualmente inferior á dos homes e reforzar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral.
7. Estudar a situación sociolaboral de Galicia e, particularmente, o mercado de traballo desde a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres, co obxectivo de informar e que se adopten medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a desigualdade salarial e as dificultades para conciliar a vida persoal, laboral e familiar.
8. Realización dunha xornada anual en materia de igualdade de xénero que sirva de estímulo e de difusión de medidas en favor da igualdade entre mulleres e homes no ámbito laboral.

ACTUACIÓNS DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS ENCADRADAS DENTRO DO PLAN GALEGO DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE 2018-2021

MEDIDA 22: ORGANIZACIÓN DUNHA XORNADA ANUAL EN MATERIA DE IGUALDADE.

O Consello organiza cada ano, no mes de outubro, unha xornada sobre temas relacionados coa igualdade de xénero nas relacións laborais, de acceso libre e gratuíto para cadros das organizacións empresariais e sindicais, empresas, traballadores e traballadoras, estudantes, colexios de graduados sociais e, en xeral, cidadanía interesada, na que normalmente participan a inspección de traballo, persoal docente da Universidade, xuíces e xuízas e na que sempre hai unha mesa de diálogo integrada por representantes dos sindicatos máis representativos e pola Confederación de Empresarios de Galicia.

Trátase dunha acción de sensibilización, formación e información para xerar conciencia e coñecemento sobre a importancia da conciliación e da corresponsabilidade, entre outras medidas de igualdade. En 2018, a xornada trata sobre A prevención de riscos laborais desde unha perspectiva de xénero.

Dende o ano 2018, con ocasión de favorecer a asistencia das persoas que teñan menores ao seu coidado, o Consello ofrece un servizo de gardaría gratuíto nas xornadas organizadas en horario de tarde, de modo que se favoreza a conciliación e tamén para amosar un exemplo de medida óptima neste sentido, en xornadas nas que as persoas asistentes pertencen na súa meirande parte ao mundo da empresa e as relacións laborais.

MEDIDA 24: IMPULSO Á INCLUSIÓN NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA DE CLÁUSULAS TIPO E FÓRMULAS PARA GARANTIR NAS EMPRESAS OS DEREITOS DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE.

O Consello impulsa cada ano a inclusión de medidas de igualdade nos convenios colectivos que se rexistran anualmente mediante recomendacións dirixidas ás mesas negociadoras, ás que tamén lles traslada, xunto coa recomendación, o informe emitido polo Servizo de Igualdade da Secretaría Xeral de Emprego sobre o convenio colectivo que lles afecta. Así mesmo, colabora na xestión -xunto co referido Servizo- dun curso de formación online sobre deseño de medidas e plans de igualdade, dirixido ás persoas dos sindicatos e das empresas que integran as mesas negociadoras dos convenios colectivos galegos. Este curso vai este ano xa pola súa segunda edición e nos dous últimos anos participaron máis de 120 cadros sindicais e empresariais. En 2019 está prevista a realización dun novo curso en liña de 60 horas lectivas sobre igualdade de xénero.

MEDIDA 25: ANÁLISE DOS CONVENIOS COLECTIVOS EXISTENTES QUE INCLÚAN MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE.

O Consello realiza ao longo de cada ano un seguimento dos convenios colectivos existentes e elabora informes e análises sobre aspectos relativos á estrutura e á situación da negociación colectiva galega. No informe analízase con detalle todas as medidas de igualdade recollidas nos convenios, tales como as cláusulas relativas á conciliación da vida laboral e familiar. Actualmente, recollen estas cláusulas a totalidade dos convenios colectivos de sector e o 99% dos de empresa. Respecto do tipo de cláusulas que conteñen, que melloran ou varían, nalgún aspecto, o sinalado na lexislación vixente, os informes do Consello destacan o contido das cláusulas relativas a per-

misos, redución de xornada por garda legal ou coidado de familiares, distribución do tempo de traballo, garderías, excedencias, entre outras.

MEDIDA 30: INCLUSIÓN DE BOAS PRÁCTICAS EN MATERIA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE NA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS EN MATERIA DE IGUALDADE PARA A NEGOCIACIÓN COLECTIVA.

O Consello vai publicar unha Guía de Boas Prácticas, elaborada pola Comisión Consultiva Autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, que inclúe recomendacións en materia de conciliación e corresponsabilidade, así como unha serie de boas prácticas extraídas de cláusulas recollidas nalgúns convenios colectivos e plans de igualdade asinados en Galicia.

MEDIDA 31: CONSIDERACIÓN DAS MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE NO ESTUDO MONOGRÁFICO SOBRE A APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA GALEGA.

O Consello encargou a realización dun estudo sobre a aplicación do principio de igualdade nos convenios colectivos, baseado na negociación colectiva galega nos anos 2013 a 2017, que se fará público na xornada de igualdade a celebrar no mes de outubro de 2018, e que servirá de base, entre outras cuestións, para a elaboración de consideracións que se trasladarán ás mesas negociadoras e para afondar nos traballos dirixidos á aprobación dun Acordo Interconfederal Galego en materia de igualdade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tender á equiparación total nos eidos laborais, tanto público como privado.

Polo que respecta ás políticas de RSE, un aspecto clave é acadar que nas empresas se respecte a igualdade laboral.

Así mesmo, na Comisión operativa autonómica da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia aprobáronse actuacións inspectoras para 2018 e nas que se aprobarán para 2019 se inclúen campañas referidas á discriminación no acceso ao emprego, discriminación na relación laboral e discriminación salarial. Tamén se planifican actuacións e o exame do exercicio dos dereitos sobre conciliación da vida familiar e laboral e plans de igualdade laboral.

Fomentarase na negociación colectiva a inclusión de cláusulas que revertan a situación e se reduza a brecha salarial.

O obxectivo da actuacións que o ISSGA leve a cabo nesta materia é mellorar o cumprimento do artigo 26 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de ris-cos laborais.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

No ano 2018 comezouse a traballar na elaboración dos documentos que van dar soporte á campaña mencionada, pero esta aínda non se activou.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Emprego

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia - ISSGA

Consello Galego de Relacións Laborais - CGRL

III.1.7. PROGRAMA 324C - PROMOCION DA ECONOMÍA SOCIAL :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Mediante este programa trátase en primeiro lugar de xerar emprego de calidade promovendo iniciativas empresariais baseadas nas persoas e na cooperación baixo os principios e fórmulas da economía social, e prestando especial atención á xuventude, as mulleres e as persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade, así como ás iniciativas xeradoras de emprego no rural galego.

Para contribuír ao anterior preténdese tamén mellorar o coñecemento acerca das distintas fórmulas de economía social, achegando á poboación xeral e aos emprendedores en particular, os valores e principios que a sustentan e a formación necesaria para iniciar unha actividade baixo estas fórmulas empresariais.

Finalmente trátase de impulsar a mellora da xestión empresarial e societaria e da competitividade das empresas de economía social e de mellorar as súas posibilidades de financiamento.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Con carácter xeral, as accións previstas neste programa diríxense a toda a poboación. Máis especificamente, diríxense a:

- Persoas desempregadas.
- Mulleres
- Mozos e mozas.

- Persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade social
- Persoas socias, traballadoras ou directivas de empresas da economía social.
- Entidades de economía social e as entidades asociativas destas.
- Concellos, as súas agrupacións e mancomunidades.
- Universidades.
- Outras entidades sen ánimo de lucro colaboradoras da Rede Eusumo.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En Galicia existen (a 30 de xuño de 2018) 1328 cooperativas activas, ademais de 1526 sociedades laborais, 107 centros especiais de emprego e 10 empresas de inserción laboral activos.

As diagnoses realizadas fundamentalmente no ámbito do cooperativismo, tanto no ámbito estatal como propiamente no galego, amosan un sector con amplo potencial de crecemento e unha demostrada capacidade para a creación de emprego de calidade e para a resistencia ás crises.

Non obstante, séguese constatando, a pesar dos importantes esforzos neste sentido, un importante déficit no coñecemento da fórmula cooperativa por parte da poboación en xeral, e no sistema educativo e formativo en particular. Así mesmo ponse de manifesto a necesidade de mellorar a formación dos cooperativistas e a xestión empresarial e societaria das cooperativas, e a importancia de poder contar con procesos de asesoramento e acompañamento especialmente nas etapas de lanzamento dos proxectos.

Esta situación é trasladable a outras fórmulas da economía social, especialmente as sociedades laborais, as empresas de inserción laboral ou tamén, en menor medida, os centros especiais de emprego. Estas entidades, xunto con outras como as mutualidades, asociacións e fundacións con actividade económica, sociedades agrarias de transformación, mancomunidades de montes ou confrarías de pescadores, forman parte da economía social, regulada pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, que fixa os obxectivos e principios para o fomento, promoción e apoio a este sector. A lei recoñece de interese xeral e social a promoción, o estímulo e o desenvolvemento das entidades da economía social, cuxa importancia vén dada porque contribúe a un modelo económico sustentable no que as persoas son máis importantes ca o capital e cuxo motor principal non é a rendibilidade financeira, senón os beneficios para toda a sociedade.

Neste papel de fomento e promoción cómpre destacar a extensión e consolidación da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, que engloba xa máis de 200 entidades colaboradoras, entre asociacións, fundacións, entidades locais, universidades, cámaras de comercio e outras entidades públicas e privadas, e entre as que destacan 149 concellos (de forma individual ou a través de agrupacións ou das mancomunidades nas que se integran) que supoñen máis do 47% do total de concellos galegos.

As actividades prestadas no marco da rede supuxeron desde a súa posta en marcha o asesoramento a 822 grupos promotores, que supoñen máis de 2700 persoas beneficiadas, así como 1143 actividades de formación, sensibilización e divulgación ás que asistiron máis de 19.500 persoas.

Na actualidade atópase en elaboración a Estratexia Galega da Economía Social, que recollerá a senda de actuacións da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o fomento destas entidades no período 2018-2020.

ANÁLISE DAFO

- Debilidades:
  - Desigual e, nalgúns casos, insuficiente sentido de pertenza á economía social por parte das entidades que forman parte dela.
  - Carencia de estudos globais do seu peso. Falta de cuantificación.
  - Gran descoñecemento das fórmulas de economía social como alternativa económica. Identificación con sectores produtivos moi concretos e tradicionais.
  - Dificultades para a captación de talento e relevo xeracional.
  - Carencias de formación en xestión empresarial e societaria dos membros das empresas da economía social.
  - En xeral, pequena dimensión das empresas de economía social, que dificulta a internacionalización ou a implantación de medidas de mellora de competitividade.

- Fortalezas:
  - As empresas de economía social, e particularmente as cooperativas, adáptanse mellor adaptación aos períodos de dificultade e teñen un alto índice de supervivencia.
  - Son entidades máis igualitarias e contribúen a xerar emprego de calidade.
  - Contribúen á fixación de poboación
  - A Rede Eusumo de fomento do cooperativismo e a economía social ten unha ampla implantación que abrangue todo o territorio galego
  - A aceptación entre as entidades de economía social da filosofía de colaboración empresarial, que permite sumar esforzos e mellorar o alcance das actuacións individuais.

- Ameazas:
  - A preponderancia da cultura empresarial que non ten en conta as fórmulas empresariais que, como a economía social, pivotan sobre a persoa.
  - Escaso alcance do coñecemento por parte da sociedade en xeral, así como en particular dos promotores e prescriptores do emprendemento (asesores, formadores...) acerca das figuras empresariais da economía social e as súas posibilidades para o emprendemento.

- Posibilidade de confusión inducida pola extensión de termos de uso recente con significados non sempre claros, como a economía colaborativa, emprendemento social, economía circular e outros.
- As dificultades de acceso ao financiamento.
- O despoboamento do rural e envellecemento da poboación, unido á falta de relevo xeracional no sector primario.

• Oportunidades
  - As facilidades para o emprendemento derivadas das vantaxes da participación e da asunción de riscos compartida.
  - As actuais tendencias sociais en torno á economía colaborativa e modelos de traballo baseados na cooperación, particularmente entre a xuventude.
  - A normativa en materia de cooperativas e sociedades laborais, recentemente modificadas co fin de facilitar a súa constitución, flexibilidade e competitividade.
  - O recoñecemento e apoio por parte de todas as Administracións (europea, estatal, autonómica e local), con estratexias para o desenvolvemento do sector recentemente aprobadas (caso estatal) ou en elaboración (no caso galego).
  - A existencia dunha rede específica colaborativa para a promoción da economía social con presenza en todo o territorio galego (Rede Eusumo).
  - A actual tendencia de crecemento económico.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As actuacións previstas enmárcanse no seguinte contexto normativo e de planificación:

- Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia
- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas.
- Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de cooperativas de Galicia.
- Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.
- Real decreto 2114/1998, do 2 do outubro, sobre rexistro administrativo de sociedades laborais.
- Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social
- Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o regulamento de centros especiais de emprego

- Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.
- Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción
- Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e establece as medidas para o fomento da inserción sociolaboral
- Orde do 29 de decembro de 2008, pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo
- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- O Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.
- Plan Estratéxico de Galicia 15-20.
- Plan Anual de Políticas de Emprego (PAPE) 2019
- Programa Emprega en feminino
- Estratexia galega da economía social (en elaboración).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa céntrase nos seguintes puntos:

- Creación de emprego a través da promoción do autoemprego colectivo e do apoio ao emprendemento baixo as fórmulas de economía social, con especial atención á xente nova, ás mulleres e ás iniciativas rurais.
- Facilitar a integración laboral das persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou pertencente a colectivos vulnerables.
- Mellora da competitividade das cooperativas e sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción, apoiando especialmente a investigación, desenvolvemento e innovación, así como a plena utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións.
- Mellorar as capacidades das persoas integradas na economía social para un mellor desempeño profesional e para viabilizar o seu proxecto empresarial.
- Fomento do aproveitamento do talento feminino nas entidades da economía social, para acadar unha maior representatividade nos seus órganos de dirección e xestión.
- Valorización e diferenciación dos produtos e servizos da economía social para mellorar a súa comercialización e internacionalización.

- Sensibilizar a sociedade galega sobre os principios e valores da economía social, sobre as súas potencialidades, especialmente entre a xuventude, así como dotar de maior visibilidade a este sector.
- Consolidación de redes de colaboración para o fomento da economía social, para a colaboración transfronteiriza e para a comercialización e internacionalización.
- Fortalecer o movemento cooperativo e da economía social galega, incentivar os procesos de intercooperación e integración, así como canalizar a súa participación en todos os ámbitos e a presenza institucional a todos os niveis.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é obxecto das competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais e a dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é obxecto das actuacións da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A igualdade é un dos valores nos que se asenta a economía social, que se caracteriza por estar inspirada, entre outros valores, pola promoción da solidariedade interna e coa sociedade, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas

con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, ou a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Non obstante, a realidade é que as mulleres seguen a estar infrarrepresentadas na economía social galega. Así se desprende das estatísticas relativas a traballadores en alta na Seguridade Social na economía social, correspondentes ao 2º trimestre de 2018, que indican que as mulleres supoñen só o 40,1% do total, fronte ao 54% no conxunto do Estado. Non só iso, senón que a porcentaxe de mulleres diminuíu progresivamente nos últimos anos, desde o 41,9% no 4º trimestre do 2014.

Para contribuír a reducir estas diferenzas, no ámbito específico do fomento do emprego en economía social, incentívase con maior contía de axuda a incorporacións de mulleres desempregadas ás cooperativas e sociedades laborais, así como a creación de postos de traballo en centros especiais de emprego e en empresas de inserción.

Á vista dos resultados, continúa sendo necesario manter este tratamento diferenciado.

Os indicadores clave de produtividade asociados a este programa: P190 - nº de persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativas e sociedades laborais e SC16 – participantes con discapacidade, así como outros indicadores asociados como o P227 - persoas participantes en accións de formación son susceptibles de desagregación por xénero.

Por outra banda, a presenza feminina nos órganos de xestión e dirección das entidades de economía social segue sendo inferior á que lle correspondería de xeito proporcional á composición das entidades. Por iso, levaranse a cabo accións que fomenten o acceso das mulleres a postos de responsabilidade das entidades, a través de accións formativas específicas para este fin.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

1. As axudas seguintes increméntanse nun 25% cando se trata de mulleres:
   - Axudas para a incorporación de persoas desempregadas como persoas socias traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais
   - Axudas para a creación de emprego para persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión en centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral respectivamente.
   - Axudas para a contratación de xerentes ou persoal técnico en empresas de inserción
2. Nas axudas dirixidas ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para a realización de actividades de promoción da economía social, tense en conta entre os criterios de valoración a realización de actividades dirixidas a fomentar a incorporación das mulleres aos órganos sociais das cooperativas e sociedades laborais e postos directivos en xeral.

3. Formación específica para promover o acceso das mulleres a postos de responsabilidade nas entidades de economía social.
4. Impulso da formación non presencial e adecuación horaria das accións formativas ás necesidades de conciliación das persoas traballadoras.
5. Formación en valores cooperativos, entre os que cabe destacar o de igualdade entre todas as persoas socias.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

- Contribuirase a reducir o diferencial existente entre a taxa de paro feminino e a taxa de paro masculino, a través dun acceso ao emprego en condicións de igualdade.
- Contribuirase a formar as persoas que integran as empresas de economía social, sexa como socias ou como membros dos equipos directivos, na xestión e toma de decisións baixo criterios de igualdade.
- Facilitarase o acceso a actividades formativas favorecendo a conciliación da vida persoal, familiar e profesional
- Formarase á poboación en xeral, e ás persoas interesadas en emprender baixo fórmulas de economía social en particular, acerca dos principios e valores da economía social, entre os que destaca o de igualdade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

No programa APROL economía social, para a incorporación de persoas socias traballadoras a cooperativas ou sociedades laborais, subvencionouse a incorporación de 109 persoas, das que 51 foron mulleres (46,8%)

Nos programas de incentivos á contratación en empresas de inserción laboral, concedéronse axudas para a contratación de 4 xerentes ou persoas técnicas, das que 2 eran mulleres (50%), así como para a creación de 42 novos postos de traballo para persoas en risco de exclusión, das que 12 (28,6%) eran mulleres.

Finalmente cos programas de apoio a centros especiais de emprego subvencionouse a creación de 79 novos postos de traballo para persoas con discapacidade, dos que 26 (un 33%) corresponden a mulleres.

En canto ás actividades de asesoramento, formativas ou divulgativas en materia de economía social, cabe destacar:

- prestouse asesoramento especializado para a posta en marcha ou consolidación de proxectos de economía social a 145 persoas, das que 72 (49,7%) foron mulleres

- 1418 persoas participaron en actividades formativas para o emprendemento ou mellora de xestión das entidades de economía social, das que 749 (52,8%) foron mulleres. Cabe destacar aquí que se desenvolveron actividades específicas dirixidas a potenciar o talento feminino en entidades de economía social nas que participaron 71 mulleres.
- 2858 persoas participaron en actividades de difusión ou divulgación (xornadas, charlas, visitas etc.) das que as mulleres representaron o 45,6% (1304)
- 14 das actividades formativas (unha quinta parte do total) se realizaron en réxime de teleformación ou mixto.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Emprego

III.1.8. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxecto atender a un conxunto de prioridades que se agrupan en tres grandes retos para o 2020:

- Reto 1. Novo modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación.
- Reto 2. Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento.
- Reto 3. Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación.

Prioridades do reto 1

- Valorización dos subprodutos e residuos xerados polas cadeas de produción vencelladas ao mar mediante a súa utilización como compoñentes de produtos cosméticos; aditivos alimentarios; aplicacións farmacolóxicas; para conseguir unha diminución significativa nos residuos xerados e acadar un posicionamento nos mercados de produtos innovadores con alto valor engadido.
- Desenvolvemento do sector acuícola galego para converter a rexión en referente internacional na xeración de novos produtos e servizos de base tecnolóxica aplicados á acuicultura.
- Diversificación do sector enerxético galego para acadar un melloramento significativo da eficiencia no aproveitamento de recursos naturais galegos priorizando a biomasa e a enerxía mariña.

- Modernización dos sectores primarios galegos (agricultura, pesca, gandería e forestal) cara á mellora sostible dos indicadores de eficiencia e rendibilidade das explotacións e á xeración de produtos e servizos innovadores.
- Modernización do sector turismo e das industrias culturais galegas a través do uso intensivo das TICs para acadar un sector turístico competitivo a nivel Europeo baseado no turismo cultural e nos recursos naturais.

Prioridades do reto 2

- Diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través dun uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras [TFEs], orientado ó fornecemento de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, no coñecemento e na tecnoloxía.
- Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de "Fábrica do Futuro" e a través da Eco-innovación para a mellora da eficiencia e do comportamento medioambiental na industria.
- Impulso das TICs como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, ao igual que outras Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFEs).

Prioridades do reto 3

- Galicia como rexión líder no sur de Europa na aplicación das novas tecnoloxías ao ámbito do envellecemento activo e a vida saudable e na promoción da autonomía persoal.
- Diversificación do sector alimentario galego para posicionalo como referente internacional ó redor da innovación en nutrición como elemento chave para unha vida saudable.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Sistema Galego de Innovación esta integrado por tres subsistemas:

a) Subsistema de xeración e difusión de coñecemento: Composto por Universidades, Organizacións Públicas de Investigación (OPIs e Grupos de Investigación ligados aos Centros Hospitalarios) e ás Organizacións Intermedias de Tecnoloxía, como poden ser os Centros Tecnolóxicos, Parques Tecnolóxicos, Viveiros e Asociacións Empresariais, incluídos as Plataformas e os Clúster.
b) Subsistema de explotación do coñecemento ou estrutura de produción rexional: Composto maioritariamente de empresas, especialmente das que mostran características sistémicas.
c) Subsistema ou infraestrutura de apoio rexional, no que actuarían as organizacións gobernamentais e as axencias de desenvolvemento rexional.

O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) é transversal aos tres subsistemas descritos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na pasada década foise afianzando unha traxectoria de políticas de innovación desenvoltas dende a Xunta de Galicia que propiciaron o fortalecemento e cohesión dun Sistema Galego de Innovación composto por un conxunto de axentes que conforman unha ampla oferta tecnolóxica e que reduciu significativamente a súa fenda tanto coas diferentes rexións españolas máis avanzadas así como coa media europea.

A pesar do camiño percorrido e dos progresos realizados dende que no ano 1999 se puxera en marcha o primeiro Plan Galego de I+D+i, a economía galega non medrou aínda cara un modelo económico baseado na innovación e o coñecemento que faciliten o crecemento económico e a converxencia cos territorios europeos máis avanzados, e adoece dunha serie de debilidades ou fallos de Sistema, que supoñen os grandes desafíos para o horizonte 2020 que xa foran identificados no plan I2C da Xunta de Galicia e sobre os que a Xunta de Galicia ven traballando nos últimos anos fornecendo un marco regulador e de gobernanza colaborativa integrado no contexto interrexional.

Desafíos do Sistema Galego de Innovación:

a) Reducido tamaño medio das empresas: mais do 95% das empresas son micropemes, o que condiciona a súa capacidade de absorción de novo coñecemento e de trasladar ó mercado novas innovacións.
b) Estrutura produtiva caracterizada por unha especialización relativa en sectores que non son intensivos en Coñecemento, o que ligado ao factor anterior, implica unha baixa capacidade de tracción por parte do Sector privado no eido da innovación e o coñecemento.
c) Protagonismo central das Universidades como os axentes galegos que mellor compiten internacionalmente en programas de apoio á I+D+i respecto das empresas e Centros Tecnolóxicos, sintomático dun Sistema que demostra capacidade de xerar e difundir coñecemento que non se está a trasladar ao mercado.
d) Necesidade de garantir que as OPIs, Universidades e Centros Tecnolóxicos dispoñan de recursos suficientes e duradeiros e os empreguen eficazmente.
e) Necesidade de crear dinámicas sistemáticas de cooperación entre centros de coñecementos (universidades, centros tecnolóxicos e organismos de investigación) e as empresas.
f) Necesidade de estruturar unha oferta financeira para a emprendeduría de base tecnolóxica suficientemente transparente e especializada.
g) Necesidade de captación, formación e retención de talento.
h) Cambio de modelo mais aló de 2020 debido á diminución dos fondos europeos para Galicia.

Alén dos desafíos que debe afrontar o Sistema Galego de Innovación, Galicia conta con un abano de singularidades espaciais e sociais no contexto internacional que por si mesmas ou combinadas coas demais, implican desafíos diferenciais para o mercado, e polo tanto que implican oportunidades de xerar novos produtos ou servizos baseados en coñecemento suficientemente competitivos no contexto internacional, en áreas transversais a múltiples sectores económicos como é o caso da Saúde e a Calidade de Vida, o Transporte, as Comunicacións, ou o Medio Ambiente.

Singularidades espaciais e sociais destacadas respecto do contexto nacional e europeo:

a) Fragmentación do territorio e dispersión poboacional.
b) Situación periférica con respecto ás rexións europeas.
c) Envellecemento máis acusado da poboación, cunha media de idade en constante aumento.
d) Abundancia de recursos forestais, mariños e enerxéticos asociada a sectores económicos de intensidade tecnolóxica media-baixa que presentan un forte enraizamento socioeconómico no territorio.

Das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades identificadas, destílanse os principios reitores que rexerán a definición da estratexia e que son adoptados pola estrutura de gobernanza do Sistema Galego de Innovación, actuando de columna vertebral en tódolos elementos que conforman a devandita estratexia. En definitiva, os principios reitores da Estratexia RIS3 de Galicia son catro:

- Pemes innovadoras para ser competitivas.
- Investimento público para atraer investimento privado.
- Promoción da transferencia de investigación ao mercado.
- Oportunidades para a investigación e o talento innovador.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Constitución Española establece no artigo 149.1.15ª a competencia exclusiva do Estado en materia de "fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica" e no artigo 148.1.17ª establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para "o fomento da cultura e da investigación".

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico créase ao abeiro da lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento de Investigación e de Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación establece no artigo 2 como finalidade desta, "fomentar e vertebrar as políticas de innovación

nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes".

A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3) foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na reunión do 7 de novembro de 2013.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é consolidar a economía galega para o ano 2020 nunha senda socialmente recoñecible cara a mellora do crecemento e a competitividade en base á transformación do modelo produtivo dende un modelo de intensidade tecnolóxica medio-baixa das actividades produtivas, a un modelo caracterizado por unha intensidade tecnolóxica medio-alta, mediante a absorción das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFE) por parte dos sectores arraigados, e o posicionamento da rexión como referente no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados co envellecemento activo e a vida saudable.

O conxunto de prioridades establecidos anteriormente acadaranse mediante unha serie de instrumento que se agrupan en catro programas:

- Programa Peme Innova
    1. Conecta Peme
    2. Programa Principia
    3. Plans de innovación
    4 Préstamos para a innovación
    5. Fondos capital risco: Xesinnova e I2C

- Programa Innova en Galicia
    6. Unidades Mixtas
    7. Captación de investimentos 4.0
    8. Apoio H2020

- Programa Galicia Transfire
    9. Apoio á etapa predoutoral
    10. Apoio á etapa posdoutoral
    11. Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas
    12. Contratos programa para organismos de investigación
    13. Consolidación e estruturación de centros tecnolóxicos consolidados
    14. Programa Ignicia
    15. Investimentos en equipamentos de I+D para centros tecnolóxicos

16. Compra pública precomercial: Fase A. Civil UAVs Initiative
17. Compra pública de tecnoloxía innovadora: Fase B. Civil UAVs Initiative

- Programa Emprendemento Innovador
    18. Oportunius
    19. Programa de apoio ao talento
    20. Rede Galega de Aceleradoras de Innovación
    21. Fondos de capital risco: Fondo GIE

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa 561A destinado a investigación e a innovación, prevé, non obstante, unha serie de actuacións que poden contribuír a eliminar a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito da ciencia. Para iso, a Axencia Galega de Innovación en todas as actuacións que desenvolva tratará de analizar as posibles fendas de xénero e as súas causas, tentando establecer medidas correctivas.

A maioría das actuacións están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que a análise da situación debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

As diferentes actuacións nas que se fará especial énfase na perspectiva de igualdade son as seguintes:

- Talento e capital humano.
- Emprendemento innovador.
- Difusión e divulgación da ciencia e do papel da muller nesta.

Resulta de especial importancia o traballo a prol da participación de mulleres no eido da investigación, un sector que tradicionalmente ten unha maioritaria participación masculina. Con esta finalidade nas distintas actuacións e liñas de axuda a desenvolver pola Axencia Galega de Innovación valorarase a incorporación de mulleres nos equipos de investigación como un aspecto importante dentro da repercusión socio-económica dos proxectos financiados por esta Axencia, incluíndo a perspectiva de xénero entre os indicadores de calidade na produción de coñecemento e de resultados de I+D+I. Así mesmo, con este mesmo obxectivo, tamén será relevante a inclusión de mulleres como investigadoras principais e/ou en tarefas de coordinación.

Trátase con estas medidas de favorecer un cambio nas actividades científicas, tecnolóxicas e de innovación realizadas polas empresas que inclúa as perspectivas, experiencias e necesidades das mulleres. Promovendo a implantación da igualdade de xénero nas empresas con actividade de I+D+I como unha estratexia empresarial que fomente a contratación de mulleres científicas e tecnólogas e que fomente no tecido produtivo galego a adopción de boas prácticas na igualdade de xénero.

Tamén, hai que destacar a participación con outros órganos no Plan de Ciencia e Muller, fundamentalmente a través de premios que visualicen o papel da muller na ciencia, así como a participación noutras iniciativas como o "día internacional das rapazas nas TIC", unha celebración a nivel internacional, orientada a motivar as novas xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Innovación - GAIN

III.1.9. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), participa no de-senvolvemento do Plan Galego de Estatística, mediante a elaboración e difusión da monografía anual da sinistralidade laboral en Galicia, como unha das súas actuacións previstas Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020 e no Plan Anual de Actividades.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe esta publicación anual, son as empresas e o persoal traballador dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que tamén ten repercusión nas organizacións sindicais e empresariais, nas empresas e traballadores/as das restantes Comunidades Autónomas e, na sociedade en xeral, por ser o instrumento base para o análise e a información das causas e factores que inciden na sinistralidade laboral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A necesidade de realizar esta actuación ven dada pola obrigada explotación estatística dos datos que figuran nos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais do persoal traballador afiliado á Seguridade Social, que se ven realizando dende o ano 1994 a través da publicación anual da monografía de sinistralidade laboral, que inclúe os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais segundo o grao da lesión (leves, graves e mortais) e o estudo das variables incorporadas no parte: sectores de actividade, forma de producirse o accidente, natureza da lesión, parte do corpo lesionada, sexo, idade, nacionalidade, cadro de persoal, antigüidade no posto de traballo, hora do día, hora do traballo, día da semana, etc.

Incorpora ademais esta monografía o estudo das enfermidades profesionais comunicadas a través do sistema CEPROSS, a variación interanual dos accidentes e os índices de incidencia; así como a análise das patoloxías non traumáticas causadas polo traballo.

O tratamento estatístico da sinistralidade laboral constitúe unha técnica xeral analítica de gran rendemento ao permitir o control sobre os parámetros do accidente e da enfermidade profesional e cantas circunstancias poidan incidir naqueles, de tal forma que se poida orientar a actuación das técnicas preventivas. A importancia das estatísticas da sinistralidade laboral reside fundamentalmente en que do seu análise xorden os datos necesarios para determinar as melloras nas actuacións preventivas a desenvolver, reflectíndose á súa vez a efectividade e o resultado das medidas preventivas adoptadas.

A magnitude do problema da sinistralidade laboral e o estudo das causas que a provocan, é polo tanto unha das funcións primordiais do ISSGA, dando a coñecer á sociedade unha importante información que axude á toma de decisións no eido da prevención de riscos laborais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- Decreto 165/2014, do 11 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se dispón o inicio de actividades do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- Resolución do 14 de outubro de 2010 pola que se crea a Comisión para a integración da igualdade e se nomean os seus membros.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonó-mico.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020.
- Plan Galego de Estatística 2017-2021.
- Plan Anual de Actividades do ISSGA.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade é presentar a estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2018 agrupada en 7 epígrafes:

- Accidentes laborais sen baixa
- Accidentes laborais con baixa
- Accidentes laborais mortais
- Variación interanual dos accidentes con baixa en xornada de traballo ocorridos nos últimos dez anos
- Índices de incidencia
- Enfermidades profesionais
- Patoloxías non traumáticas causadas polo traballo

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A información estatística que xurde dos accidentes laborais e das enfermidades profesionais é un instrumento fundamental para a definición de políticas e a toma de decisións en materia de prevención. Desde a perspectiva da igualdade, os datos e o seu tratamento estatístico evidencian a necesidade de facer un enfoque de xénero para comprobar como existe forma distinta de enfermar e accidentarse entre homes e mulleres, xa sexa como consecuencia das propias diferenzas biolóxicas, ou pola definición u organización social do traballo, que adxudica ás mulleres o desempeño de profesións específicas, cos seus factores de risco predeterminados.

O tratamento estatístico diferenciado da sinistralidade entre homes e mulleres facilita a integración da dimensión da igualdade ao axudar a planificar as actividades preventivas de xeito que se poida acadar un nivel de protección con independencia do xénero. Por isto o estudo dos danos da saúde coa diferenciación por sexo constitúe un instrumento útil para lograr a dita integración.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	X

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A extracción e tratamento dos datos de accidentes e enfermidades profesionais, desagregando os datos por sexo, no estudo da sinistralidade laboral do ano 2018 para que se poidan deseñan as medidas de prevención de riscos adecuadas.

Está dirixida a toda a sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprir no maior grao posible a necesidade de integrar a perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia- ISSGA

III.1.10. PROGRAMA 613A - ORDENACIÓN, INOFRMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo estratéxico deste programa é a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, pro-moción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Este programa ten os seguintes obxectivos operativos:

1. Financiamento operativo do persoal, instalacións e demais recursos necesarios para garantir os dereitos e intereses das persoas consumidoras e usuarias, de forma especial no relativo a súa información, asesoramento e resolución de conflitos, a través da mediación e a arbitraxe de consumo.
2. Reforzo das tarefas de asesoramento as persoas consumidoras galegas de maneira presencial e a través da web e do telefono gratuíto co que conta o IGCC
3. Asesoramento e cooperación coas organizacións de consumidores, entidades locais, operadores económicos e as administracións públicas a todos os niveis.
4. Execución do plan anual de formación e educación en materia de defensa do consumidor/a e da competencia a través da Escola Galega de Consumo.
5. Realización de campañas informativas e de sensibilización, dirixidas as persoas consumidoras.
6. Promoción e potenciación do sistema arbitral de consumo "on line".

7. Impulso a normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, e a través de normativa sectorial e a propia na materia de defensa do consumidor
8. Actuacións en materia de seguridade dos produtos industriais postos no mercado a disposición das persoas consumidoras e usuarias, de execución obrigatoria por parte da comunidade autónoma en base ao disposto no Real decreto 1801/2003, e mantemento da rede de alerta deste tipo de produtos, en colaboración co Laboratorio de Consumo de Galicia.
9. Potenciación do Laboratorio de Consumo de Galicia.
10. Realización do programa anual de control e vixilancia do mercado, incorporando a dimensión da defensa e promoción da competencia, co obxectivo primordial de defender os lexítimos intereses das persoas consumidoras e usuarias e mellorar a eficiencia dos mercados.
11. Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.
12. Protección dos consumidores fronte a condutas anticompetitivas e posibles trabas ao funcionamento eficiente dos mercados.
13. Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que poidan ter incidencia na libre competencia no mercado, tanto desde a perspectiva dos operadores económicos como dos consumidores e usuarios.
14. Impulso á terminación convencional dos expedientes sancionadores, en materia de competencia.
15. Elaboración de informes sobre sectores económicos, tanto de xeito individual como en colaboración con outras autoridades de competencia.
16. Asesoramento e control da actividade das Administracións públicas galegas relacionadas coa libre competencia, a través da emisión de informes sobre os proxectos normativos, que poidan ter algún incidencia sobre a competencia efectiva nos mercados.
17. Potenciar a solicitude de informes sobre os proxectos de concesión de axudas a empresas con cargo a recursos públicos, en relación cos seus efectos sobre as condicións de competencia e a emisión de informes sobre o impacto das axudas públicas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa vai dirixido a toda a poboación da Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nos últimos anos, estase a producir un aumento moi significativo das peticións de asesoramento e de resolución de conflitos cos empresarios, de maneira especial nos sectores enerxético, financeiro e automoción; feito que orixinou un aumento exponencial das peticións de asesoramentos, mediacións e arbitraxe de consumo. Tamén e polo respecta á defensa da competencia estase a actuar ante condutas anticompetitivas no mercado e que igualmente afectan as persoas consumidoras.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

De acordo co establecido no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, polo que se autoriza a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, como organismo autónomo adscrito á Consellería competente en materia de consumo, tendo como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é, potenciar a mediación e axilizar a arbitraxe de consumo co fin de resolver os conflitos con consumidores, executar campañas de control de mercado, acercar máis a Escola Galega de Consumo aos colectivos máis desprotexidos, e as asociacións de consumidores, así como, trasladar a sociedade os valores da libre competencia e a necesidade de promovela e defendela.

O IGCC aposta pola prestación dun servizo de calidade as persoas consumido-ras, un consumo mais responsable o través da formación e a educación e un mercado mais seguro e transparente e levará a cabo control oficial no mercado, potenciará a mediación e a arbitraxe de consumo e sancionara as conductas no acordes coa normativa sobre persoa consumidoras.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa, está dirixido a todas as persoas consumidoras galegas, facendo desde a Escola Galega de Consumo un especial seguimento da publicidade e da educación para o consumo non sexista, ensinando a comprar a través dos cursos que nela se imparten aos nenos e nenas galegas.

Os indicadores serían os seguintes tendo en conta os resultados de 2017 e a previsión de 2018, resultando que para 2019 se estiman equivalentes:

- Actividades especificamente orientadas á temática de xénero:
  - Curso de formación de profesorado "Consumo e xénero" a través da plataforma de formación de profesorado da Xunta de Galicia (PLATEGA). Total: 30 alumnos/as (8 homes, 22 mulleres).
  - Obradoiro "Traballando a igualdade a través da publicidade" dentro do pro-grama de formación permanente en consumo responsable, Programa CORES. Cero solicitudes.

- Actividades non especificamente orientadas á igualdade pero que a traballan de xeito transversal.
- Outros indicadores que poden ser de interese:
  - Persoas usuarias do Programa Cores por sexo: 48% homes, 52% mulleres.
  - Persoas usuarias do Programa Lecerconsumo por sexo: 48,3% homes e 51,7% mulleres.
  - Persoas usuarias do Programa Infonadal por sexo: 44% homes, 56% mulleres.

A homoxeneidade nas cifras de persoas usuarias ven dada porque estes pro-gramas traballan con centros educativos principalmente, polo que a ratio de homes e mulleres é moi semellante.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Camiño dunha sociedade non sexista e con igualdade de oportunidade en todos os ámbitos.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Consumo e da Competencia - IGCC

III.1.11. PROGRAMA 731A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DA INDUSTRIA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A finalidade deste programa é dar cobertura ao funcionamento das unidades administrativas vinculadas aos servizos centrais e periféricos dentro das competencias de economía e industria da Consellería. Deste xeito actúa de soporte básico ca-ra a coordinar e garantir uns recursos humanos, materiais e de organización que permitan acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As características do programa determinan o seu alcance universal entendendo como tal aquel que pretende, aínda que sexa de modo indirecto, garantir a toda a cidadanía unha adecuada xestión dos recursos públicos. Trátase de xerar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade que presiden o funcionamento de calquera administración pública, sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Escenario económico marcado pola contención do gasto corrente sen descoidar os servizos públicos esenciais no que se priorizarán as políticas de gasto encamiña-das a potenciar os sectores fundamentais para a recuperación da actividade económica co fin de mellorar a senda de crecemento económico, todo isto encadrado nun compromiso de eficacia e economía que definen o deseño e funcionamento de calquera administración pública.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco de actuación do programa pasa polo establecemento dun sistema de coordinación interna e interadministrativa estable de acordo aos principios inspirado-res da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender á problemática concreta das distintas unidades administrativas e centros con competencias de economía e industria da consellería intentando dar solución inmediata e áxil ás situacións que unha organización destas características esixe no marco dunha estratexia de facilitarlle ao administrado, en tanto que destinatario último das súas políticas, unha resposta ade-cuada ás súas demandas.

Como queda dito, as características do programa permiten definilo como un conxunto de actuacións e recursos dirixido a acadar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería, tratando de garantir a toda a cidadanía unha axeitada xestión dos recursos públicos. Estariamos diante do que podemos definir como un programa instrumental facilitador de recursos para a consecución de escenarios de crecemento económico que permitan unha axeitada definición das liñas de actuación e intervención da consellería.

As actuacións máis significativas a desenvolver con este programa estarían relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.
- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas en materia de economía e industria da consellería.
- A definición de programas de información e comunicación en materia económica na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.
- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas económicas da consellería.
- A racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas en materia de economía e industria da consellería.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

- Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose): As actuacións contempla-das neste programa desenvólvense respectando a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen ningún tipo de distinción dado que atende a persoal funcionario e laboral e non se entende ningún tipo de discriminación positiva nin negativa.
- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito: A relación de partida é moi boa o ser a parte funcionarial e laboral dentro da comunidade autónoma e da Consellería moi equilibrada.
- Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto: Por igual parte ó ser un programa de asuntos xerais interno. Sendo a nómina de persoal unha fonte de datos moi importante onde se ve o equilibrio a non discriminación por cuestións de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Todo o cadro de persoal da Consellería.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprir no maior grao posible a necesidade de integrar a perspectiva de xénero dentro da Función Pública.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

No caso deste programa e en relación a toda a Consellería de Economía, Emprego e Industria a proporción e de 37,68 % de homes traballadores e de 62,32 % de mulleres traballadoras.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.12. PROGRAMA 732A - REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións técnicas e administrativas en materia de seguridade, administración industrial e metroloxía, mellorando os sistemas de inspección e control.

O programa responde á necesidade de manter e mellorar a seguridade dos establecementos e instalacións industriais no referente a seguridade industrial e a garantir a exactitude das medidas e dos equipos de medición suxeitos a control metro-lóxico (básculas, contadores eléctricos, de auga e gas, rexistradores de temperatura, surtidores, camións cisterna, etc.).

Desenvolveranse as competencias da actividade da metroloxía legal e industrial, levando a cabo servizos de control metrolóxico e servizos de calibración, coa participación do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

Por outra banda desenvolveranse programas de vixilancia de mercado de produtos industriais e equipos de medida, coa intención de comprobar que ditos equipos, con normativa harmonizada da UE e polo tanto con Marcado CE, cumpran os requisitos esenciais de seguridade e funcionalidade e que por tanto son válidos para a súa comercialización e uso.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os beneficiarios do programa son os titulares dos establecementos e instalacións industriais e os compradores de produtos regulados pola metroloxía legal (alimentos, combustibles, contadores de gas, electricidade, etc.), e en xeral o tecido industrial galego na prestación de servizos metrolóxicos por parte do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

Por outra banda, serán beneficiarios directos os concellos de Galicia polo que respecta ás ordes de axudas para a mellora de infraestruturas en parques empresariais e para a creación de viveiros industriais de empresas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No relativo ás instalacións afectadas por regulamentos de seguridade industrial, e preciso facer unha labor divulgativa das obrigas que teñen os seus titulares para garantir a súa seguridade, facendo ademais un plan de inspección que nos permita verificar o seu estado actual.

No relativo aos instrumentos de medida que interveñen en transaccións comerciais, é preciso facer unha labor divulgativa das obrigas dos seus titulares no referente á metroloxía legal, fomentando as súas verificacións periódicas.

Incídese tamén na mellora da competitividade das empresas mellorando as infraestruturas básicas dos polígonos e parques empresariais onde as empresas desenvolven a súa actividade, así como o fomento da creación de viveiros industriais de empresas nos distintos concellos de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal nas actuacións en materia de seguridade industrial o constitúe fundamentalmente a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria que establece as normas básicas reguladoras da ordenación das actividades e instalacións industriais así como o control administrativo para a vixilancia e control do cumprimento das normas e regulamentos de seguridade industrial e o Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

No caso da metroloxía legal a lexislación básica estatal a constitúe a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, e o Real decreto 442/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, completando a normativa de referencia o Decreto 78/2011, do 14 de abril, polo que se establece a ordenación das funcións do control

metrolóxico do Estado que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, e se aproba o regulamento de vixilancia e inspección de instrumentos sometidos a control metrolóxico.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A mellora da seguridade industrial ten como finalidade cumprir coas competencias propias da consellería en materia de industria como garante dunhas instalacións e produtos o máis seguras posibles.

En concreto, faranse campañas especiais de inspección nos seguintes sectores:

- Instalacións industriais
- Produtos industriais

Polo que respecta a metroloxía legal o principal obxectivo é garantir aos cidadáns que os instrumentos utilizados para medir e contar en aplicacións de medida por razóns de interese público, saúde e seguridade pública, orde público, protección do medio ambiente, protección dos consumidores e usuarios, recadación de impostos e taxas, calculo de aranceis, canons e sancións administrativas, realización de peritaxes xudiciais e para o establecemento das garantías básicas para un comercio leal ofrecen a confianza, exactitude, seguridade, etc que legalmente se lle requiren.

No relativo ó tecido empresarial acometeranse dúas actuacións clave, que se veñen desenvolvendo nos últimos anos: mellora das infraestruturas dos parques empresariais e creación de vieiros industriais de empresas.

E, por último, outra das finalidades deste programa de gasto é desenvolver as actividades da metroloxía legal e industrial coa participación activa do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas normas reguladoras das distintas actividades que se desenvolven neste programa de gasto, e como consecuencia da natureza das mesmas, non se identifican disposicións concretas que establezan unha relación directa con políticas de igualdade de oportunidades. Non obstante, esta Dirección Xeral promoverá o emprego dunha linguaxe non sexista e unhas imaxes non estereotipadas en todas as comunicacións e campañas que se realicen, tendo en conta ademais que moitas das accións destes programas desenvólvense en ámbitos e profesións nas que a muller está infrarrepresentada.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

III.1.13. PROGRAMA 733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O principal obxectivo que se pretenden acadar con estes programas é contribuír a transformación do sistema enerxético galego para que sexa máis sostible en termos económicos, sociais e ambientais, fundamentalmente a través de medidas que fomenten o aforro enerxético

e as enerxías renovables. Para acadar estes obxectivos e fundamental impulsar a implantación das enerxías renovables xa que contribúen a diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións. Unha maior achega das enerxías renovables permite reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles. A importancia das enerxías renovables vese reforzada, en relación con aspectos ambientais (diminución da emisión de substancias contaminantes a atmosfera), xeración de emprego, desenvolvemento rexional, incremento da actividade económica, etc.

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese diminuír as emisións do CO2 á atmosfera e contribuír coas boas prácticas á unha concienciación cidadá para evitar o desperdicio e diminuír o consumo enerxético. Neste sentido, e polo que respecta ao ámbito do aforro e eficiencia enerxética, a Directiva 2012/27/UE, relativa á eficiencia enerxética, establece que o sector público debe adoptar actuacións de eficiencia enerxética sostibles e integrados con obxectivos claros, incluíndo os sistemas de xestión de enerxía que permita aos organismos públicos xestionar mellora o consumo de enerxía, reducindo os custos enerxéticos e actuar como papel exemplar de cara á toda a sociedade. Deste xeito, se desenvolverá a Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico recentemente aprobada co obxectivo de integrar as liñas de actuación que se realicen nos edificios e instalacións públicas co obxectivo de optimizar o consumo de enerxía e os custos asociados. O Decreto 66/2013 do 18 de abril, polo que se crea a Rede de Enerxía da Xunta de Galicia e se regula a organización e competencias para a contratación da subministración enerxética dentro da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ten entre outras finalidades a promoción e supervisión de estudos enerxéticos que permitan avaliar a viabilidade das medidas de aforro enerxético que se implementen nos centros de consumo, así como a definición das actuacións necesarias para a mellora da eficiencia enerxética dos centro de consumo adscritos a esta Rede de Enerxía. Así mesmo, foméntase a contratación centralizada das fontes de enerxía que consumen os centros adscritos á REDEXGA. Neste sentido, impulsarase a realización de estudos e proxectos así como a contratación das diferentes subministracións de enerxía da REDEXGA.

Con carácter xeral se impulsarán actuacións en liña cos principios recollidos nas Directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020 recentemente aprobadas e que se resumen a continuación:

- Desenvolver un sistema orientado á consecución dunha economía baixa en carbono.
- Diversificar as novas enerxías primarias na procura de conseguir unha presenza crecente das autóctonas.
- Potenciar ao máximo o aforro e a eficiencia enerxética.
- Conseguir unha mellora continua da calidade do subministro enerxético.
- Que as administracións públicas sexan un exemplo de sustentabilidade.
- Desenvolvemento da I+D+i no sector enerxético, pulando nomeadamente o almacenamento enerxético nas súas diferentes formas, térmica, electroquímica, ...
- Potenciar a mobilidade sustentable con especial apoio ao ferrocarril, coche eléctrico e ao GNL e GNC como combustibles alternativos.

De forma máis especifica se detallan as principais actuacións no ámbito das enerxías renovables e no aforro enerxético:

- Fomentar o aforro e diminuír a intensidade enerxética, concienciando á cidadanía para a limitación da demanda enerxética, por medio de axudas.
- Fomentar as enerxías renovables por medio de axudas aos particulares e ás empresas galegas, especialmente a biomasa a solar térmica, xeotérmica, aerotermia e a xeración distribuída con renovables.
- Impulsar o uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización na súa utilización nos edificios existentes e nas construcións novas, permitindo á persoa usuaria coñecer o comportamento enerxético mediante o decreto autonómico de desenvolvemento da certificación de eficiencia enerxética dos edificios, derivado da normativa estatal establecida no Real Decreto 235/2013, polo que se regula o procedemento básico da certificación de eficiencia enerxética de edificios.
- Elaborar informes e levar a cabo actuacións relativas á certificación enerxética de edificios.
- Potenciar o emprego e/ou a substitución de equipos que cumpran coas máximas esixencias no ámbito do aforro enerxético, tamén a través de axudas aos par-ticulares e ás empresas.
- Potenciar o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables, diversificando o mix enerxético actual que permita diminuír a dependencia enerxética co exterior, pero á vez, garantindo a subministración enerxética a toda a poboación.
- Potenciar a I+D+i no campo enerxético, así como un mellor coñecemento daquelas fontes de enerxía renovables menos empregadas en Galicia, pero máis avanzadas noutras partes do mundo, por medio de plans demostrativos que desen-volvan proxectos piloto, que permitan coñecer o funcionamento destas na nosa co-munidade.
- Elaborar estudos e traballos técnicos en materia de eficiencia e aforro da enerxía no ámbito das administracións públicas.
- Desenvolvemento da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico.
- Xestión da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA) e impulso de actuacións de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables nos centros e entidades adscritos á mesma.
- Impulso á contratación centralizada das subministracións das fontes de enerxía da REDEXGA.
- Ademais, das axudas á biomasa, se desenvolverán outras medidas contempladas na Estratexia integral de impulso a biomasa forestal.

- Participación na comisión de seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial asociados aos parques eólicos adxudicatarios dentro das Ordes da convocatoria que regula a Lei 8/2009, do 22 de decembro.
- Organización de xornadas técnicas sectoriais e cursos de formación en materia de enerxías renovables e actuacións de difusión.

De forma máis especifica se detallan as principais actuacións desenvolvidas po-lo INEGA noutros ámbitos e tecnoloxías enerxéticas:

- Elaboracións de documentos xerais de planificación enerxética.
- Participar na valoración das necesidades de novas infraestruturas eléctricas, novas infraestruturas de gas e na promoción do aproveitamento das fontes de enerxía renovables e no incremento do aforro e eficiencia enerxética.
- Elaboración do Balance enerxético de Galicia do 2017. Coñecer e analizar a distribución da enerxía importada, xerada e consumida en Galicia así como das dis-tintas transformacións ata o seu consumo e a súa exportación.
- Recompilación de información da enerxía eléctrica xerada polas distintas centrais de produción de enerxía eléctrica en réxime especial existentes en Galicia (Sicapde).
- Actualización da información cartográfica das infraestruturas enerxéticas.
- Asesoramento técnico á Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- Tramitación das competencias derivadas do Real Decreto 56/2016, do 12 de febreiro, relativo a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía.

A continuación detállanse outras necesidades que se atenden con este programa, desenvolvidas pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas:

- Loitar contra a pobreza enerxética, contribuíndo ao pagamento da factura eléctrica das familias con menos recursos, a través dunha orde de axudas para evitar cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.
- Levar a cabo un seguimento medioambiental de parques eólicos e liñas eléctricas. Este ano vaise facer un estudo das liñas eléctricas en zonas de especial protección.
- Atender as consultas relativas á facturación eléctrica a través do servicio de in-formación telefónica do 012.
- Continuar co convenio co Laboratorio de Combustibles da Universidade da Coruña, co fin de acreditar a calidade dos hidrocarburos en Galicia.
- Organizar o XIV Congreso da Asociación Española para a Economía Enerxética.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

En xeral, as actuacións no eido da planificación enerxética, das enerxías renovables e da eficiencia e aforro enerxético van dirixidas á totalidade da poboación de Galicia, coas seguintes liñas e actuacións xenéricas:

- Por medio de convenios de colaboración entre diferentes consellerías, organismos ou entes do sector público.
- Por medio de estudos e información estatística: balance enerxético, información na páxina web do INEGA (http://www.inega.gal).
- Por medio de axudas a familias e institucións sen ánimo de lucro e ás empresas, que permitan o acceso ás enerxías renovables.
- Por medio de axudas a familias e institucións sen ánimo de lucro e ás empresas que permitan a substitución de determinados equipos ou instalacións cuxo resultado sexa unha maior eficiencia e un maior aforro enerxético.
- Tamén por medio de plans demostrativos que levan aparellado o desenvolvemento de proxectos piloto para achegar á poboación galega as enerxías renovables para coñecer o seu funcionamento e as vantaxes que proporciona a súa implantación.
- As actuacións da dirección xeral orientaranse cara as familias vulnerables, no caso das axudas para evitar cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.
- En xeral, o resto das actuacións desta dirección xeral no ámbito da enerxía van dirixidas á totalidade da poboación de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual do sistema enerxético de Galicia ven marcada pola grande dependencia enerxética do exterior, xa que segundo os balances enerxéticos de Galicia máis do 80% da enerxía primaria consumida en Galicia procede do exterior, e tamén polo importante consumo de combustibles de orixe fósil (tamén próximo ao 80%), destacando esta elevada dependencia no sector transporte. Por iso, considéranse como principais debilidades estas dependencias de combustibles fósiles e de produtos enerxéticos do exterior. Por outra banda entre as fortalezas destacan os importantes recursos renovables existentes en Galicia, que permiten aproveitar certas oportunidades como o desenvolvemento tecnolóxico destas enerxías, e o gran desenvolvemento das enerxías renovables para a xeración eléctrica nos últimos anos, fundamentalmente a eólica.

En Galicia, as políticas de fomento das enerxías renovables e do aforro enerxético véñense desenvolvendo dende hai anos, e axudaron a incrementar de forma significativa a contribución das enerxías renovables e a reducir o consumo enerxético. Nos últimos anos destaca o desenvolvemento da Estratexia integral de impulso á biomasa forestal 2014-2020 que, entre 2014 e 2018, deu lugar a distintas convocatorias de axuda con importes duns 50 M€. Non obstante, a

transformación do sistema enerxético é un proceso a largo prazo e as debilidade aínda existentes obrigan a desenvolver actuacións encamiñadas a diminuír a dependencia enerxética co exterior, garantindo a subministración enerxética de Galicia, polo que é importante potenciar o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables autóctonas, diversificar o mix enerxético actual, fomentar o aforro e diminuír a intensidade enerxética. Neste sentido cabe destacar a recente aprobación das Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020 orientadas á consecución dunha economía baixa en carbono.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As actuacións en materia de enerxías renovables, de eficiencia e de aforro enerxético, en xeral encádranse dentro das competencias e atribucións establecidas no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A nivel de obxectivos enerxéticos da UE destaca o marco da estratexia europea 20-20-20, establecido no Consello da Unión Europea de decembro de 2008 e a Directiva 2012/27/UE relativa á eficiencia enerxética.

En relación co aforro enerxético a nivel estatal destaca o "Plan de acción de ahorro y eficiencia energética 2011-2020" e o Real Decreto 235/2013 por el que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética de edificios.

Por outra banda, o documento de planificación de referencia en enerxías renovables a nivel estatal é o "Plan de Energías Renovables 2011-2020".

Os programas cofinanciados con fondos FEDER compren o establecido polo Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 e o Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013. Por outra banda os programas cofinaciados con fondos FEADER teñen en contan o Programa de desenvolvemento rural de Galicia FEADER e o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.

Tamén convén salientar o Real Decreto 56/2016, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos.

As actuacións en materia de pobreza enerxética encádranse no marco da nova regulación estatal establecida no RD 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica. Ademais, veñen a desenvolver a Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No tocante ás enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética os beneficios que se pretenden acadar a través de actuacións para o seu fomento, que impliquen un maior emprego e coñecemento delas, son fundamentais para conseguir:

- Diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións á poboación de Galicia.
- Reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles.
- Reforzar aspectos ambientais como a diminución da emisión de substancias contaminantes a atmosfera.
- Impulsar un sector tan estratéxico como é o das enerxías renovables que permitan a Galicia acadar e manter unha situación de líder mundial no desenvolvemento destas fontes enerxéticas, o que sen dúbida proporcionará un incremento da actividade económica, que terá tamén unha positiva repercusión na xeración de emprego e no desenvolvemento rexional da nosa comunidade autónoma.

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese con todas estas actuacións diminuír as emisións de CO2 á atmosfera e contribuír coas boas prácticas a unha concienciación cidadá, co papel exemplar da administración.

Coa certificación enerxética os beneficios que se pretenden acadar son:

- Maior información da cidadanía para mellorar a toma de decisión de alugueiros e compravenda de inmobles.
- A optimización enerxética dos edificios públicos, así como a redución dos custos asociados.

As actuacións no eido da pobreza enerxética, van dirixidas ás familias máis vulnerables de Galicia, para contribuír ao pagamento da factura eléctrica e evitar os cortes de subministración.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As axudas xestionadas dende o INEGA teñen catro tipos de beneficiarios principais:

1. Persoas físicas: Os potenciais beneficiarios son todas as persoas que teñen propiedades en Galicia ou contratos de alugueiro. Non se dispón de información do número de mulleres e homes que cumpre este requisito, non obstante, na maioría dos casos a axuda beneficia ó conxunto da unidade familiar, xa que se trata de incentivar melloras no consumo enerxético dos fogares galegos, o que supón unha mellor calidade de vida das familias.
2. Empresas: Axudas dirixidas a empresas con centros de traballo en Galicia ou para actuacións realizadas en Galicia. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia, xa que todas as axudas son para incentivar melloras no consumo eléctrico ou para implantar sistemas de enerxías renovables, o que supón unha mellora da competitividade da empresa e un maior coidado do medio natural.
3. Administración autonómica e local: Axudas dirixidas a entidades da administración local ou autonómica de Galicia. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia, xa que todas as axudas teñen por obxecto incentivar melloras no consumo enerxético ou implantar sistemas de enerxías renovables, o que supón unha redución nos seus gastos enerxéticos e un maior coidado do medio natural.
4. Agrupacións, asociacións e institucións sen ánimo de lucro: Axudas dirixidas a diversas entidades con centro de traballo ou actividade no territorio de Galicia. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia xa que todas as axudas son para incentivar melloras no consumo enerxético ou para im-plantar sistemas de enerxías renovables, o que supón unha redución nos seus gas-tos enerxéticos e un maior coidado do medio natural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

Instituto Enerxético de Galicia - INEGA

III.1.14. PROGRAMA 734A - FOMENTO DA MINARÍA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Comunidade Autónoma de Galicia, sendo consciente do carácter estratéxico do sector mineiro, defende unha minería baseada nos valores de sustentabilidade, seguridade e responsabilidade, entendendo como intimamente unidos os obxectivos de crear emprego e riqueza coa busca da excelencia ambiental, a protección das persoas traballadoras e o desenvolvemento de actitudes empresariais éticas e responsables.

Neste contexto, a variable medioambiental constitúe un eixo básico de actuación polo que se desenvolverán varias liñas de acción simultáneas que inclúen o reforzamento e apoio ao control da autoridade mineira no seguimento ambiental das explotacións, a sinatura de convenios con órganos sectoriais ambientais para o estudio de afeccións ao medio ambiente e para a identificación de medidas preventivas ou de restauración así como unha partida orzamentaria específica para prever necesidades de execución subsidiaria pola Administración de actuacións en materia de rehabilitación medioambiental ou de seguridade mineira, asociadas ao peche das explotacións.

Por outra banda, a seguridade mineira e, en particular, a protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras é outro dos obxectivos esenciais deste programa de gasto. Por iso, considerase necesario incentivar a adaptación das empresas mineiras ás tecnoloxías máis modernas e avanzadas en materia de seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras para combater os riscos das enfermidades profesionais asociadas a través do impulso á innovación, a mellora da competitividade e a modernización.

A condición da minería como sector estratéxico á vangarda da economía galega non pode concibirse sen fundamentarse en valores de responsabilidade social e ética empresarial, que se materialicen en políticas inclusivas e transversais, de cohesión social e de respecto do medio ambiente. Para iso, contémplase orzamentariamente unha liña de subvencións destinada ao desen-

volvemento de proxectos e iniciativas que potencien obxectivos tales como: a incorporación da variable de xénero no ámbito mineiro incidindo na visibilización da presenza da muller no sector; o fomento da integración laboral das persoas con discapacidade; prácticas innovadoras para un aproveitamento máis racional e eficiente dos recursos minerais existentes; o achegamento dos cidadáns ao sector mediante accións de divulgación; a investigación, posta en valor e divulgación da historia da minería de Galicia; a posta en valor e protección do patrimonio vinculado ás actividades mineiras e, en xeral, actuacións que contribúan a unha maior implicación ambiental e social das actividades mineiras co contorno no que se implantan.

Por último, continuarase co apoio ao funcionamento da Cámara Oficial Mineira de Galicia, como institución representativa do sector que ten encomendado en xeral o seu fomento .

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións van dirixidas ao sector mineiro no seu conxunto, abranguendo a industria mineira propiamente con especial atención aos seus traballadores e traballadoras, entidades e institucións sen ánimo de lucro con actividade relevante no sector, a poboación dos territorios máis directamente afectados polos impactos ambientais e socioeconómicos da actividade extractiva e, en último termo, a sociedade e xeral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector da minería, sendo un dos sectores económicos estratéxicos da Comunidade Autónoma, estase a recuperar dos efectos negativos da crise económica que implicaron unha acusada redución da actividade, de modo que nos atopamos nos momentos iniciais dun novo ciclo de impulso e desenvolvemento do sector. Neste sentido, trátase dun momento especialmente indicado para incentivar dende a Administración a consecución dos obxectivos indicados nos parágrafos anteriores.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal das actuacións en materia de minería o constitúe fundamental-mente a Lei 3/2008, 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas e o regulamento que a desenvolve e o Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita Lei, son de aplicación, dado que as liñas de actuación comprenden axudas regulamentadas por estas normas.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é promover accións que contribúan ao desenvolvemento dun sector mineiro seguro e sustentable a través da innovación, a mellora da competitividade, a modernización das súas técnicas e tecnoloxías, a identificación das mellores prácticas aplicables, a divulgación do seu coñecemento, a pro-moción da perspectiva de xénero, a procura da excelencia ambiental e o control do cumprimento da legalidade vixente.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A finalidade deste programa é, como xa queda dito anteriormente, promover accións que contribúan ao desenvolvemento dun sector mineiro seguro e sustentable a través da innovación, a mellora da competitividade, a modernización das súas técnicas e tecnoloxías, a identificación das mellores prácticas aplicables, a divulgación do seu coñecemento, a promoción da perspectiva de xénero, a procura da excelencia ambiental e o control do cumprimento da legalidade vixente.

Entre os obxectivos do programa e, particularmente, das súas liñas de axudas, atópase a atención á transversalidade da variable de xénero nas iniciativas e proxectos que se incentiven,

tendo en conta as problemáticas específicas en materia de igualdade que se presentan neste ámbito, incidindo na visibilización da presenza da muller no sector.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HO-

MES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Introdución da variable de xénero como criterio de valoración respecto das iniciativas e proxectos que se presenten no marco das liñas de axudas do programa de gasto.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Contribuír á visibilización da muller no sector. Fomentar actuacións que atendan ás especificidades da presenza da muller neste sector relativas á seguridade e saúde das traballadoras e á aplicación de políticas de igualdade.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Introdución da perspectiva de xénero e dos obxectivos de igualdade na definición do programa e nos obxectivos das liñas de actuación que financia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

III.1.15. PROGRAMA 741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia.

No ámbito das actividades do Instituto Galego de Promoción Económica, este programa contén apoios ao investimento empresarial, internacionalización, mellora da competitividade, o emprendemento, etc.

No ámbito da actividade da Axencia Galega da Industria Forestal, a finalidade é impulsar a actividade económica asociada ó sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

A Axencia Galega da Industria Forestal utilizará instrumentos coma liñas de axuda, adaptados ao novo marco comunitario 2014-2020.

O programa 741A complementa o 561A no que se refire ao desenvolvemento de Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. Tendo en conta isto, o obxectivo fundamental de desenvolver un sistema de innovación eficiente para situar á economía galega en posición de competir nunha economía global é común a ambos programas. Dentro dos retos que contempla o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, o programa 741A centrase nos seguintes:

- Converter a innovación no principal mecanismo de competitividade das empresas galegas.
- Crecemento empresarial. Crecemento corporativo a través da innovación que contribúa a xeración de emprego e a internacionalización das empresas.
- Cambio no modelo para ter un sistema competitivo máis aló de 2018. Desen-volver un sistema de I+D+i eficiente que de prioridade aos resultados de impacto como a creación de empresas, activación do emprego, investigación de calidade e valorización desta.
- Innovación Forestal mediante o impulso e establecemento de mecanismos de colaboración con centros de investigación públicos.
- Promoción e Calidade Forestal mediante o fomento das accións de mellora na xestión e promoción da calidade nas empresas do sector forestal.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os destinatarios das actuacións específicas contidas no programa 741A son moi diversos: empresas privadas, institucións sen fins de lucro (asociacións e confederacións empresariais, clúster, cámaras de comercio, colexios profesionais, etc.), entidades financeiras, sociedades de garantía recíproca e outras.

Empresas, especialmente as Pemes.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida ven determinada pola conxuntura económica e financeira actual, que limita severamente o acceso ao financiamento das empresas.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica estase a desenvolver nunha conxuntura de grave crise económica. Os recursos públicos están diminuíndo e o Sistema Galego de I+D+i ten unha forte dependencia destes polo que as actuais restricións orzamentarias poden por en perigo a sustentabilidade económica a medio prazo dalgúns axentes do sistema. A isto súmase que a crise financeira supón un incremento das dificultadas das empresas para obter financiamento.

Non obstante, esta crise tamén puxo de manifesto a necesidade de promover o progreso económico e social a través dunha economía baseada na investigación e a innovación.

Por tanto, neste marco, as administracións públicas deben xestionar os recursos dispoñibles coa máxima eficiencia posible, atendendo aos resultados acadados, e as empresas e demais axentes do sistema de I+D+i deben fomentar a internacionalización e especialmente a cooperación para facer fronte a súa reducida dimensión e capacidade de financiamento.

En resumo, nun contexto como o actual, a innovación como elemento clave pa-ra a competitividade e o crecemento económico adquire, se cabe, unha relevancia aínda maior da que xa tiña en épocas de bonanza económica.

No ámbito forestal, aínda que Galicia é un dos maiores produtores nacionais de madeira, unha parte considerable da súa superficie forestal segue a estar desaproveitada, en parte debido á estrutura da propiedade do monte, a unha cultura afastada do asociacionismo e ao baixo valor que aporta unha propiedade media.

O potencial e a importancia estratéxica do monte reclaman un esforzo inversor en innovación. Así mesmo, cómpre garantir unha convivencia saudable e sostible entre o aproveitamento e a industrialización forestal e a conservación dos bosques orixinais, o que demanda un impulso da investigación en biotecnoloxía forestal.

A baixa produtividade e escaso esforzo inversor en I+D+i poden mermar a competitividade das empresas do sector, polo que se fai necesario asegurar que a investigación realizada nos centros de I+D+i existentes reverta na industria e nas necesidades reais dos propietarios.

Por todo isto, faise necesario que a Axencia Galega da Industria Forestal actúe como un instrumento de xestión eficiente que impulse a actividade económica asociada ao sector, a mellora da competitividade e da innovación das empresas, que promova a valorización na cadea monte-industria e que actúe coordinador dos centros de investigación a la adscritos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa 741A desenvólvese dentro do marco delimitado polas Directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para o período 2014-2020 e no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado CE.

O marco referido complementouse, nos pasados exercicios económicos, coa Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, que ten como obxecto a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, e coa Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0, instrumento para aumentar o peso da actividade industrial no conxunto da economía galega, rexenerar tecido industrial para aumentar o peso do sector industrial e crear emprego de calidade no ano 2020.

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), foi creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promo-vendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

O Decreto 81/2017, do 3 de agosto (DOG núm. 163 do 19 de agosto de 2017), creou a Axencia Galega da Industria Forestal en virtude da autorización prevista na disposición adicional sexta da Lei da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa desenvolve medidas de fomento específicas para acadar a mellora do tecido empresarial da nosa Comunidade Autónoma, contando cunha importante contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, do Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural e Fondo Social Europeo, así como de outros proxectos e iniciativas da Unión Europea.

Neste sentido, o Instituto Galego de Promoción Económica desenvolve a súa actividade no marco dos obxectivos fundamentais do programa 741A:

- Impulsar a creación de novas empresas e fomentar decididamente o espírito emprendedor.
- Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Atraer investimentos empresariais a Galicia.
- Facilitar a internacionalización.
- Apoiar a cooperación e os proxectos colectivos de empresas.

Por outro lado a Axencia Galega da Industria Forestal conta cunha importante contribución do Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural.

A Axencia Galega da Industria Forestal ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

A importancia estratéxica do bosque na economía galega explica este esforzo investidor e de innovación, na idea de que tanto a actuación da industria forestal como a súa potenciación pola Axencia asegure a compatibilidade e a sustentabilidade dos diversos usos produtivos do monte. Trátase de lograr unha convivencia saudable e sustentable entre o aproveitamento e industrialización forestal e a conservación dos bosques orixinais, impulsando e promovendo a investigación en biotecnoloxía forestal.

Desde a Axencia Galega da Industria Forestal preténdese revalorizar a competitividade e a innovación das empresas forestais, especialmente na segunda e seguintes fases de transformación do recurso, participando, como interlocutor cualificado, na elaboración dos instrumentos de planificación, e de ordenación e mellora da xestión e aproveitamento dos recursos forestais que regula a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

A finalidade do programa, compartida ca do 561A, é fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, centros tecnolóxicos e organismos de investigación, a través da estratexias e programas de innovación eficientes. Dentro das estratexias nas que se concretan no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación 2011-2015 o programa 741A centrase nas seguintes:

- A innovación como motor de crecemento: A innovación é fundamental para a mellora a competitividade das empresas e o crecemento empresarial. O crecemento empresarial deriva dunha innovación sistemática, estratéxica e eventualmente disruptiva. Par iso é necesario a estimulación da cultura empresarial innovadora, apoiar as organizacións que están na súa fase inicial e apostan pola innovación, as Pemes que teñen un alto potencial de crecemento a través da innovación e os modelos colaborativos de innovación (innovación aberta)
- Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación: Desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación con perspectiva global. Os obxectivos son a internacionalización da empresa galega, fomentar a cooperación a nivel internacional, facilitar o acceso aos fondos europeos, desenvolver proxectos competitivos de maneira colaborativa e optimizar os investimentos e os procesos de investigación.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A maioría das actuacións están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que o análise da situación debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

O IGAPE no ano 2019 velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Por outra parte, para os distintos programas obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

No ano 2019, a Axencia Galega da Industria Forestal, nas liñas de axuda nas que se valore a creación e mantemento de emprego, establecerá unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA

III.1.16. PROGRAMA 751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Comercio: Modernizar e incrementar a competitividade do tecido comercial:

- Impulsar o dinamismo económico do sector comercial mediante o fomento e a promoción do emprendemento así como a consolidación dun sector sostible.
- Incrementar e potenciar a innovación nas empresas comerciais impulsando a súa presenza en novos formatos, produtos e servizos, incentivando a súa dixitalización de procurando un asesoramento especializado en novas tendencias de consumo para aumentar a súa competitividade
- Impulsar a modernización das estruturas e espazos comerciais procurando a mellora da imaxe e dos servizos.
- Incentivar a demanda comercial e potenciar a calidade e a excelencia no tecido comercial e o seu compromiso cos valores sociais e o medio ambiente. Apoiar ó asociacionismo comercial como ferramenta de colaboración e cooperación para incrementar a competitividade do comercio de proximidade e a mellora da imaxe das nosas vilas e cidades.
- Impulso da actividade feiral e promoción dos produtos galegos, especialmente coa marca de garantía "Galicia Calidade" como marca económica da Xunta de Galicia.

Artesanía: Modernizar o sector artesanal nas súas estruturas produtivas e mellorar a comercialización dos produtos artesanais:

- Creación de emprego de calidade no sector artesanal galego.
- Mellora nas técnicas de xestión e deseño aplicadas á produción artesanal.
- Fomento e promoción da identidade corporativa asociada á marca "artesanía de Galicia".

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Comercio: o sector comercial constituído por un total de 34.500 empresas que dan emprego a 106.000 traballadores, ocupando a maior porcentaxe aqueles grupos de especial sensibilidade como é o emprego xuvenil ou feminino.

Artesanía: Sector artesanal galego composto por 2.959 persoas que ten a carta artesán e 582 obradoiros artesanais.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Comercio: o sector do comercio retallista galego, atópase en fase de modernización para acadar unha maior competitividade así como adecuación do mesmo ás características territoriais e socioeconómicas de Galicia.

Artesanía: Actualmente o sector caracterízase pola disgregación e atomización, cunha baixa utilización das técnicas de xestión e certas carencias na comercialización.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Comercio:

- Lei 13/2010 do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia e normativa de desenvolvemento.
- Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

Artesanía:

- Lei 1/1992 do 11 de marzo, de Artesanía de Galicia
- Decreto 218/2001 do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en artesanía de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Comercio:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia posúe, entre outras competencias, as referidas ao comercio, nos termos recollidos no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Co dobre obxectivo, por unha banda manter vivo o comercio de proximidade, toda vez que exerce un papel cohesionador básico na actividade económica xeral ao revelarse como unha das actividades con maior capacidade de incidencia no entorno urbano e social onde se desenvolve, e pola outra, a creación de emprego no sector comercial mediante a transmisión ós novos emprendedores no só do comercio se non tamén do bo facer e dos coñecementos profesionais do transmisor asegurando ademais a continuidade da calidade e profesionalidade do sector. En definitiva, encamiñar de xeito unitario o incremento da competitividade do comercio, a súa dinamización e adecuación da súa estrutura para acadar a súa renovación e modernización.

A dirección xeral de Comercio e Consumo persegue incentivar a creación de emprego en materia de comercio así como a modernización, dixitalización e calidade dos establecementos comerciais, co obxectivo de acadar un tecido comercial equilibrado, forte e competitivo que dea resposta as demandas dos consumidores ao tempo que dinamice a actividade comercial das nosas vilas e cidades e mellore a súa imaxe e seguridade.

Igualmente, na actualidade a actividade comercial vén ligada á presenza permanente das novas tecnoloxías nas persoas consumidoras, por iso un dos retos do comercio galego e chegar a un comercio dixitalizado capaz de aproveitar todas as oportunidades tecnolóxicas para conectar co cliente e ofrecer todos os servizos que precisan na súa experiencia de compra.

O sector comercial experimentou un intenso proceso de transformación que provocou a necesidade de desenvolver novas estratexias de mercadotecnia para adaptarse aos novos hábitos de consumidor, nun contexto de intensa competencia sectorial.

Neste contexto cobra especial importancia o aproveitamento do valor estratéxico do comercio urbano e a dinamización da actividade comercial para buscar novas estratexias de incentivación da demanda que favorezan tanto o incremento das vendas como o número dos consumidores.

Tamén, nos últimos anos, están a xurdir novas estratexias de canle de vendas e novas formas de aproveitar as existentes. En particular o comercio electrónico, permite o acceso a un mercado global de clientes potenciais e xunto as redes socias e a xestión de comunidades -social commerce- , conforman na actualidade fundamentos na actividade comercial e constitúen ferramentas para mellorar a competitividade da empresa comercial. O compromiso social e a sostibilidade e protección do medio ambiente no exercicio da actividade comercial complementan as tendencias dun comercio acorde coas esixencias das persoas consumidoras no momento actual.

O programa ten por finalidade acadar a modernización do tecido comercial galego e ó seu dinamismo e adaptación ás novas tendencias do mercado mediante as seguintes actuacións:

- Contribuír a construción dun sector comercial máis competitivo e dinámico.
- Revitalización e fortalecemento das prazas de abastos, centros comerciais abertos e eixes comerciais.
- Racionalización e optimización dos recursos dos recintos feirais.
- Mellora da comercialización dos produtos galegos.

Artesanía:

O Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, indica que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, coordinación e control das competencias da Consellería en materia de artesanía.

A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, co que se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual.

A dirección Xeral de Comercio e Consumo consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega aposta por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado, e ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento dunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector coa modernización das estruturas produtivas, introdución das novas tecnoloxías e fomento e divulgación dos produtos artesanais e potenciación da marca Artesanía de Galicia, para a mellor comercialización da Artesanía Galega.

- Contribuír a construción dun sector artesanal máis competitivo e dinámico.
- Acadar unha formación e inserción laboral adecuada.
- Mellora da comercialización dos produtos artesanais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo incorporará unha perspectiva de xénero e promoverá a igualdade entre homes e mulleres na licitación dos contratos que teña que levar a cabo, de acordo co código medida 4.3.4, de carácter transversal do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, co obxecto de promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria e conciliación responsable, mediante o uso estratéxico da contratación pública a través da aplicación de cláusulas sociais.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	

Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 321A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO1 - Contribuír a aumentar a empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OIO2 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

Programa: 322A MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Diminuír a taxa de desemprego en Galicia co fomento da empregabilidade das persoas desempregadas, a través da adquisición de experiencia profesional

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OIO3 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO01 - Contratación temporal de persoas desempregadas ou beneficiarias de determinados Programas estatais como o Programa de activación para o emprego.
OO02 - Programas integrados de emprego con intermediación laboral.
OO04 - Mellora da empregabilidade mediante accións e programas de orientación laboral

Indicador	Valor Previsto
SC01.H - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	5.568
SC01.M - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	5.861

Programa: 322C PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Aumentar a inserción laboral e o emprendemento, especialmente para as persoas con especiais dificultades para atopar traballo

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OIO4 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO01 - Programas de fomento da contratación por conta allea.
OO02 - Programas de promoción do auto emprego.
OO03 - Programas de integración laboral de persoas con discapacidade e de colectivos en risco de exclusión social.

Indicador	Valor Previsto
DOCO01 - Número de empresas que reciben axudas	907
SC01.H - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	5.215
SC01.M - Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	5.290
SC16.H - Participantes con discapacidade. Homes	239
SC16.M - Participantes con discapacidade. Mulleres	187

Programa: 323A FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, mediante a adquisición dunha acreditación oficial de formación profesional, co obxecto de aumentar a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras, e aumentar as súas posibilidades de acceso ao mercado laboral

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OIO6 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

O001 - Accións de formación das persoas desempregadas.

O002 - Medidas para acadar un maior axuste da formación profesional para o emprego ás necesidades do mercado de traballo.

O003 - Medidas de impulso á formación para o emprego asociada á impartición de accións formativas vinculadas á obtención de certificados de profesionalidade.

Indicador	Valor Previsto
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	9.470
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	10.057
P422.H - Persoas que participan no proced. de recoñecemento experiencia profesional (homes)	527
P422.M - Persoas que participan no proced. de recoñecemento experiencia profesional (mulleres)	1.290

Programa: 323B FORMACIÓN PROFESIONAL DE OCUPADOS

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E04 - Mellorar a capacitación e cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas, mediante a adquisición de formación profesional, co obxecto de aumentar a estabilidade no emprego, e posibilitar a promoción profesional, o incremento da capacidade para aumentar as súas rendas así como a competitividade das empresas do tecido produtivo galego, prestando especial atención ao colectivo das mulleres traballadoras, así como aos colectivos de baixa cualificación.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

O001 - Accións de formación ás persoas ocupadas.

Indicador	Valor Previsto
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	4.504
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	5.654

Programa: 324A MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E05 - Acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuíndo a conflitividade e a sinistralidade laboral

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI09 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

O001 - Formación e información e/ou Sensibilización da sociedade en materia de seguridade e saúde laboral.

O003 - Accións de promoción da igualdade laboral e a conciliación laboral, familiar e persoal

O004 - Facilitar a consecución de acordos en materia laboral.

O006 - Promoción da RSE e das Relacións Laborais

O007 - Mellora das condicións laborais

O008 - Promoción e defensa dos intereses xerais dos traballadores/as e empresarios/as. Participación institucional

Indicador	Valor Previsto
P00325 - Accións de formación e información desenvoltas en materia deprevención de riscos laborais	130
P0076B - Entidades beneficiadas en materia de prevención de riscos laborais	200
SC05.H - Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Homes	406
SC05.M - Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres	475

Programa: 324C PROMOCIÓN DA ECONOMIA SOCIAL

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E06 - Promover o cooperativismo e a economía social, como forma de xerar emprego e contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO01 - Fomento do emprendemento colectivo a través da incorporación a cooperativas ou sociedades laborais. Formación e difusión sobre a economía social e formación especializada para persoas membros ou xestores das empresas de economía social.
OO02 - Favorecer o acceso ao financiamento para o desenvolvemento de proxectos de emprendemento colectivo.
OO03 - Fomentar o asociacionismo e intercooperación entre as empresas de economía social, favorecendo a posta en marcha de proxectos comúns, o intercambio de experiencias e a transferencia de coñecementos.
OO04 - Fomentar o emprego inclusivo e entidades de economía social

Indicador	Valor Previsto
PO0171 - Entidades de economía social beneficiadas	299
P190.H - Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativ	85
P190.M - Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativ	85
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	1.320
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	1.220

Programa: 561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA01 - Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI14 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO01 - Apoio ao fomento da absorción de coñecemento por parte das PEMES, contribuíndo así, á mellora das súas competencias e competitividade.
OO02 - Fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta.
OO03 - Apoio ao descubrimento emprendedor, centrado en potenciar a oferta de oportunidades ao talento investigador e innovador galego naquelas áreas, intensivas en coñecemento e/ou tecnoloxía, vencelladas aos nichos de especialización rexional.
OO13 - Mobilización e atracción de capital privado para procesos de innovación galegos

Indicador	Valor Previsto
DOCO01 - Número de empresas que reciben axudas	1.774
DOCO27 - Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D	99.916.560
DE021H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	432
DE021M - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	297
PO076A - Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	319

Programa: 581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO2 - Desenvolver o sistema de información estatística oficial como un dos piares nos que se debe asentar as políticas de transparencia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI06 - Actuacións de soporte e apoio (Gastos de funcionamento)

Programa: 613A ORDENACIÓN , INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO1 - Mellorar a competencia e funcionamento dos mercados, removendo obstáculos á entrada de novas empresas e garantindo a defensa dos dereitos e intereses das persoas consumidoras e usuarios/as.

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI05 - GASTOS DE PERSOAL	
OO01 - Detección e sanción de condutas anticompetitivas. A promoción da competencia trata de mellorar o entorno competitivo por medio de mecanismos non coactivos, como a elaboración de informes, recomendacións e todos aqueles medios que permitan difundir na sociedade os valores da competencia.	
OO02 - Reforzo da protección e defensa dos consumidores.	
Indicador	**Valor Previsto**
P01004 - Número de efectivos	138

Programa: 731A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO2 - Contribuír ao fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos/as, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI02 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO01 - Contribuír ao fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Programa: 732A REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OO01 - Comprobar a adecuación da posta en funcionamento e as condicións de servizo dos establecementos e das instalacións, así como da fabricación e comercialización dos produtos industriais, respecto dos regulamentos de seguridade e normativa que lles sexan aplicables.	
OO02 - Axudas para a renovación de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial e para mellora de equipamentos industriais.	
OO04 - Fomento e creación de viveiros de empresas	
Indicador	**Valor Previsto**
P00176 - Instalacións industriais inspeccionadas	10
P00177 - Instalacións industriais renovadas	8
P01000 - Parques empresariais con equipamentos mellorados	40

Programa: 733A EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES

Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes

Prioridade de Actuación: PA02 - Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Aumentar o peso das enerxías renovables no mix enerxético e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OO01 - Instalacións de xeración de calor distribuído.	
OO02 - Instalación de caldeiras de biomasa e proxectos que aproveiten as enerxías renovables como recurso autóctono dentro das administracións e os sectores industrial e de servizos.	
OO03 - Uso das tecnoloxías de aproveitamento das renovables para particulares.	
Indicador	**Valor Previsto**
DOC030 - Capacidade adicional para producir enerxía renovable	41

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P0045F - Axudas concedidas ao fomento das enerxías renovables 1.762

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E03 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos, avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas. Medidas para garantir a subministración a precios competitivos e para diversificar a orixe da enerxía.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

O001 - Proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas industrias e no sector servizos, por exemplo: renovación de caldeiras de derivados de petróleo por outras máis eficientes ou por bombas de calor aerotérmicas o xeotérmicas; substitución da iluminación actual por outra de maior eficiencia, principalmente tecnoloxía LED; incorporación de intercambiadores de calor para o aproveitamento de enerxías residuais; instalación de variadores de frecuencia en motores; renovación de maquinaria industrial de proceso; renovación de instalacións auxiliares como compresores de aire o centrais de frío; implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellora da xestión da enerxía na empresa.

O002 - Realización de estudos de implantación e impulso e apoio á execución de proxectos de aforro e eficiencia enerxética, que inclúe a implantación de medidas de aforro e eficiencia enerxética en edificacións xudiciais, administrativas, sociais, educativas, deportivas e sanitarias de Galicia.

O003 - Axudas para o tiquet eléctrico social de Galicia e para evitar cortes de subministración eléctrica

Indicador	Valor Previsto
D0E001 - Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas	5
P0045G - Axudas concedidas en eficiencia enerxética	3.430

Programa: 734A FOMENTO DA MINARÍA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E03 - Impulsar o crecemento e a competitividade dun sector mineiro sustentable na comunidade autónoma de Galicia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

O001 - Fomento do uso dos recursos mineiros na mellora da eficiencia enerxética dos edificios e medidas de apoio para a utilización de produtos mineiros.

O002 - Recuperación dos espazos afectados por labores mineiras abandonadas, actuacións de recuperación e posta en seguridade de labores mineiras.

O003 - Redución da incidencia dos niveis de sílice en suspensión nas explotacións e nos establecementos de beneficio.

Indicador	Valor Previsto
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	1.916.666
P0045A - Axudas ao impulso dos recursos mineiros	85
P0045B - Accións de apoio ao sector mineiro	89

Programa: 741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E04 - Mellorar a competitividade das empresas e dos sectores tradicionais galegos nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI07 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

O001 - Profesionalización do tecido empresarial.

O002 - Impulso á iniciativa emprendedora.

O003 - Consolidación e crecemento das empresas.

O004 - Apoio á presenza nos mercados externos.

O005 - Captación de Inversións.

O006 - Subvencións a fondo perdido para fomentar os investimentos das empresas.

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	585
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	126.000.000
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	1.025
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	1.000

Programa: 751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E05 - Modernizar e mellorar a competitividade do tecido comercial

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO01 - Impulso á creación de novas empresas comerciais e apoios ás empresas existentes.
OO03 - Aproveitamento das sinerxías intra e intersectoriais para a mellora do sector.

Indicador	Valor Previsto
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	4.150.000
P0045C - Axudas concedidas ao sector do comercio	504

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos						
	10	20	30	40	41	80	81
321A-Dirección e servizos xerais de emprego	6.426						
322A-Mellora e fomento da empregabilidade					50.604		
322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo				71.010			
323A-Formación profesional desempregados					86.739		
323B-Formación profesional de ocupados					7.625		
324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da prevención de riscos laborais				11.735			6.420
324C-Promoción da economía social				20.252			
581A-Elaboración e difusión estatística							1
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e competencia						6.426	
731A-Dirección e servizos xerais de industria	7.485						
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	6.488	8.762					
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables		2.903					
734A-Fomento da minaría		4.415					
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia			15.835				
Total	**20.399**	**16.080**	**15.835**	**102.997**	**144.968**	**6.426**	**6.421**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos					
	A1	A2	A3	A4	B1	Total
321A-Dirección e servizos xerais de emprego						6.426
322A-Mellora e fomento da empregabilidade						50.604
322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo						71.010
323A-Formación profesional desempregados						86.739
323B-Formación profesional de ocupados						7.625
324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da prevención de riscos laborais					1.129	19.284
324C-Promoción da economía social						20.252
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica			96.511			96.511
581A-Elaboración e difusión estatística						1
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e competencia						6.426
731A-Dirección e servizos xerais de industria						7.485
732A-Regulación e soporte da actividade industrial						15.249
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables		22.817				25.720
734A-Fomento da minaría						4.415
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	121.625			14.355		135.980
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia						15.835
Total	**121.625**	**22.817**	**96.511**	**14.355**	**1.129**	**569.563**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos								
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
321A-Dirección e servizos xerais de emprego	3.822	2.472			132				6.426
322A-Mellora e fomento da empregabilidade	6.044	2.000		42.540	21				50.604
322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo	3.508	68		67.304	130				71.010
323A-Formación profesional desempregados	24.228	11.424		49.996	1.090				86.739
323B-Formación profesional de ocupados				7.625					7.625
324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da prevención de riscos laborais	9.508	1.281		6.626	1.599	269			19.284
324C-Promoción da economía social		156		19.385	711				20.252
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	4.356	479	126	5.141	20.759	59.463	1.700	4.488	96.511
581A-Elaboración e difusión estatística					1				1
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e competencia	4.861	726		185	630	24			6.426
731A-Dirección e servizos xerais de industria	3.030	1.139		25	3.292				7.485
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	9.264				150	5.835			15.249
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables	2.441	372		1.364	1.940	19.603			25.720
734A-Fomento da minaría				210	605	3.600			4.415
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	7.030	2.423	89	3.468	12.334	58.884	48.591	3.160	135.980
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	1.171			1.108	1.528	12.028			15.835
Total	**79.263**	**22.540**	**214**	**204.978**	**44.923**	**159.707**	**50.291**	**7.648**	**569.563**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

10 SECRETARÍA XERAL TECNICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	12.697	13.339	5,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.591	3.611	0,6
Cap. IV - Transferencias correntes	25	25	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.679	3.424	27,8
Total	**18.992**	**20.399**	**7,4**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

20 D.X. DE ENERXÍA E MINAS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.677	3.690	37,8
Cap. IV - Transferencias correntes	1.283	1.510	17,7
Cap. VI - Investimentos reais	387	1.437	271,5
Cap. VII - Transferencias de capital	11.300	9.443	-16,4
Total	**15.647**	**16.080**	**2,8**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

30 D.X. DE COMERCIO E CONSUMO	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.119	1.171	4,7
Cap. IV - Transferencias correntes	1.077	1.108	2,9
Cap. VI - Investimentos reais	3.528	1.528	-56,7
Cap. VII - Transferencias de capital	12.519	12.028	-3,9
Total	**18.242**	**15.835**	**-13,2**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

40 S.X. DE EMPREGO	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.830	7.033	3,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	442	438	-0,9
Cap. IV - Transferencias correntes	86.410	93.267	7,9
Cap. VI - Investimentos reais	1.394	1.989	42,7
Cap. VII - Transferencias de capital	745	269	-63,9
Total	**95.821**	**102.997**	**7,5**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

41 D.X. DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	32.396	30.272	-6,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	19.983	13.424	-32,8
Cap. IV - Transferencias correntes	82.442	100.161	21,5
Cap. VI - Investimentos reais	1.000	1.111	11,1
Total	**135.822**	**144.968**	**6,7**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.760	4.861	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	723	726	0,4
Cap. IV - Transferencias correntes	188	185	-1,6
Cap. VI - Investimentos reais	622	630	1,3
Cap. VII - Transferencias de capital	12	24	100,0
Total	**6.305**	**6.426**	**1,9**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

81 INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.206	5.316	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	596	672	12,7
Cap. VI - Investimentos reais	433	433	0,0
Total	**6.235**	**6.421**	**3,0**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A1 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.869	5.993	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.085	2.050	-1,7
Cap. III - Gastos financeiros	89	89	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	3.293	2.768	-15,9
Cap. VI - Investimentos reais	10.383	11.089	6,8
Cap. VII - Transferencias de capital	43.734	47.884	9,5
Cap. VIII - Activos financeiros	40.539	48.591	19,9
Cap. IX - Pasivos financeiros	10.000	3.160	-68,4
Total	**115.992**	**121.625**	**4,9**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A2 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.496	1.528	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	352	372	5,7
Cap. IV - Transferencias correntes	64	64	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	341	1.258	269,0
Cap. VII - Transferencias de capital	15.771	19.595	24,2
Total	**18.024**	**22.817**	**26,6**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A3 AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.232	4.356	2,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	424	479	13,0
Cap. III - Gastos financeiros	0	126	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	4.958	5.141	3,7
Cap. VI - Investimentos reais	13.504	20.759	53,7
Cap. VII - Transferencias de capital	49.263	59.463	20,7
Cap. VIII - Activos financeiros	5.900	1.700	-71,2
Cap. IX - Pasivos financeiros	1.000	4.488	348,8
Total	**79.280**	**96.511**	**21,7**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A4 AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.009	1.037	2,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	243	373	53,5
Cap. IV - Transferencias correntes	750	700	-6,7
Cap. VI - Investimentos reais	1.292	1.245	-3,6
Cap. VII - Transferencias de capital	6.693	11.000	64,4
Total	**9.986**	**14.355**	**43,7**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2018	2019	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL TECNICA	18.992	20.399	7,4
20 D.X. DE ENERXÍA E MINAS	15.647	16.080	2,8
30 D.X. DE COMERCIO E CONSUMO	18.242	15.835	-13,2
40 S.X. DE EMPREGO	95.821	102.997	7,5
41 D.X. DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL	135.822	144.968	6,7
80 INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	6.305	6.426	1,9
81 INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	6.235	6.421	3,0
A1 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	115.992	121.625	4,9
A2 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	18.024	22.817	26,6
A3 AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	79.280	96.511	21,7
A4 AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	9.986	14.355	43,7
B1 CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.106	1.129	2,1
Total	**521.452**	**569.563**	**9,2**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Cap. I - Gastos de persoal	55.719	55.505	23.224	23.758	0	0	78.944	79.263
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	24.016	17.473	4.823	5.067	0	0	28.839	22.540
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	89	214	0	0	89	214
Cap. IV - Transferencias correntes	205.051	229.530	9.288	8.907	33.814	33.459	180.525	204.978
OPERACIÓNS CORRENTES	**284.787**	**302.508**	**37.424**	**37.946**	**33.814**	**33.459**	**288.396**	**306.995**
Cap. VI - Investimentos reais	8.988	9.490	26.593	35.433	0	0	35.581	44.923
Cap. VII - Transferencias de capital	199.438	235.374	115.473	137.967	174.874	213.633	140.036	159.707
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	46.439	50.291	0	0	46.439	50.291
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	0	11.000	7.648	0	0	11.000	7.648
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**208.425**	**244.863**	**199.505**	**231.338**	**174.874**	**213.633**	**233.056**	**262.569**
Total	**493.212**	**547.371**	**236.929**	**269.284**	**208.689**	**247.092**	**521.452**	**569.563**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Economía, Emprego e Industria	2019
Altos Cargos	**6**
Persoal Funcionario	**969**
Subgrupo A1	**238**
Subgrupo A2	**280**
Subgrupo C1	**208**
Subgrupo C2	**215**
Agrupacións profesionais	**28**
Persoal Laboral	**345**
Grupo I	**173**
Grupo II	**60**
Grupo III	**30**
Grupo IV	**63**
Grupo V	**19**
TOTAL	**1.320**

Medios Persoais

Instituto Galego do Consumo e da Competencia	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	122
Subgrupo A1	25
Subgrupo A2	18
Subgrupo C1	57
Subgrupo C2	20
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	15
Grupo I	6
Grupo III	4
Grupo IV	4
Grupo V	1
TOTAL	138

Medios Persoais

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	111
Subgrupo A1	40
Subgrupo A2	31
Subgrupo C1	13
Subgrupo C2	19
Agrupacións profesionais	8
Persoal Laboral	20
Grupo I	2
Grupo II	1
Grupo III	4
Grupo IV	12
Grupo V	1
TOTAL	132

Medios Persoais

Instituto Galego de Promoción Económica	2019
Altos Cargos	1
Persoal Laboral	107
Grupo I	76
Grupo IV	2
Grupo V	29
TOTAL	108

Medios Persoais

Instituto Enerxético de Galicia	2019
Persoal Laboral	**29**
Grupo I	14
Grupo II	1
Grupo III	13
Grupo IV	1
TOTAL	**29**

Medios Persoais

Consello Galego de Relacións Laborais	2019
Altos Cargos	**1**
Persoal Funcionario	**16**
Subgrupo A1	2
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	5
Agrupacións profesionais	1
TOTAL	**17**

Medios Persoais

Axencia Galega de Innovación	2019
Altos Cargos	**1**
Persoal Funcionario	**32**
Subgrupo A1	12
Subgrupo A2	4
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	10
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	**77**
Grupo I	53
Grupo II	12
Grupo III	5
Grupo IV	7
TOTAL	**110**

Medios Persoais

Axencia Galega da Industria Forestal	2019
Altos Cargos	**1**
Persoal Funcionario	**10**
Subgrupo A1	**6**
Subgrupo C1	**4**
Persoal Laboral	**9**
Grupo I	**3**
Grupo II	**4**
Grupo III	**1**
Grupo IV	**1**
TOTAL	**20**

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	679	1
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia	1.973	750
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	205	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	519	320
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.430	102
Instituto Feiral de A Coruña	443	
Fundación Galega Formación para o Traballo	487	11
Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña	207	2
Sociedades mercantís públicas autonómicas	**Explotación**	**Capital**
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	865	
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a.	2.129	25
Galicia Calidade,S.A.	747	6
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	1.921	30
Total	**11.603**	**1.246**

(Miles de Euros)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

SECCIÓN 10

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para o exercicio das súas competencias e o cumprimento dos seus fins, baixo a superior dirección da súa persoa titular estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

- Secretaria Xeral Técnica
- Secretaria Xeral de Universidades
- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Quedan adscritos a esta Consellería, sen prexuízo da súa personalidade xurídica propia, as seguintes entidades públicas instrumentais:

- A Fundación Rof Codina

Nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra existe unha xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional cuxo ámbito de competencia se estende ao territorio da respectiva provincia.

Así mesmo, están adscritos a esta Consellería co carácter, cometido e funcións establecidas nas súas respectivas normas reguladoras os órganos colexiados seguintes:

A nivel central:

- O Consello Escolar de Galicia, creado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro.
- O Consello Galego de Universidades, creado pola Lei 2/2003, do 22 de maio.
- O Consello Galego de Formación Profesional, creado polo Decreto 110/1999, do 8 de abril, modificado polo Decreto 214/2003, do 20 de marzo.
- O Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia creado polo De-creto 104/2011,do 11 de maio.
- O Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, creado polo Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño , de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- O Comité de Seguridade da Información creado pola Orde do 30 de xuño de 2017.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de:

a) Planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.
b) Coordinación do sistema universitario.
c) Recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións docentes de interese galego.
d) Competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e o Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de cultura e educación son os seguintes:

- Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.
- Real decreto 2092/1983, do 28 de xullo, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos os servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.
- Real decreto 2794/1986, do 30 de decembro, sobre ampliación de servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación non universitaria (institutos de orientacións educativa e profesional).
- Real decreto 1724/1987, do 18 de decembro, sobre ampliación de servizos e medios en materia de educación non universitaria (centros de formación profesional regrada).
- Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e institucións e de medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.
- Real decreto 1457/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza de graduado social.
- Real decreto 1460/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Estado en materia de ensinanzas superiores de mariña civil.

- Real decreto 87/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real de-creto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de ensino.
- Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.
- Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1752/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro, de ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 367/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación (escolas viaxeiras).
- Real decreto 553/2006, do 5 de maio, sobre funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña.
- Real Decreto 1139/2007, do 31 de agosto, de ampliación dos medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación (CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte).
- Real Decreto 1319/2008, do 24 de xullo, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias.

I.2.2. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A FUNDACIÓN ROF CODINA

A Fundación garante o financiamento do Hospital Veterinario Universitario de Lugo e conforma a metade dunha comisión paritaria encargada, xunto coa Universidade de Santiago, de velar polo cumprimento dun triplo obxectivo: docente asistencial e investigador que defende que unha boa docencia veterinaria require dunha formación clínica práctica de nivel hospitalario, acorde co que o sector demanda.

Entre as súas competencias, destacan as seguintes:

a) Colaboración coa docencia, mediante a formación práctica do alumnado, a formación especializada nas diferentes vertentes clínicas da profesión ou a organización de xornadas de estudo, orientación e outros cursos sobre temas monográficos clínicos.

b) A prestación de servizos asistenciais ás persoas dedicadas á gandería ou que posúan animais en xeral; de apoio ambulante; de asistencia técnica ao sector profesional naqueles campos que no poidan desenvolver por falla de medios: radioloxía, ecografía, cardioloxía, análises clínicos e microbiolóxicos, intervencións cirúrxicas complexas e outros ou de colaboración no control da saúde pública.

c) A colaboración e o fomento da investigación experimental e a derivada da propia casuística clínica do Hospital Clínico.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2019

II.1. DA CONSELLERÍA

A. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN NON UNIVERSITARIA

A prestación dos servizos educativos ten un importante peso específico nas políticas públicas , e esixe a xestión racional dunha cantidade notable de recursos asignados que debe cumprir o principio constitucional de estabilidade orzamentaria. Obxectivos nos que non debe esquecerse o peso dos recursos públicos que se dedican ao gasto persoal, tanto directo como o asimilado, os dedicados ao financiamento das universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) ou dos servizos educativos prestados polo réxime de concerto. Así, o 83% dos recursos xestionados pola consellería teñen un marcado carácter inflexible ao financiar gastos de persoal.

Os obxectivos da consellería poden encadrarse nas seguintes actuacións ou liñas estratéxicas:

- Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016-2020, cuxo obxectivo é dotar as infraestruturas educativas necesarias para o uso da comunidade educativa de xeito que se favoreza unha mellora nos parámetros educativos nacionais e internacionais .
- Edulingüe 2020 a Estratexia Galega de Linguas estranxeiras 2020, busca dar un novo impulso lingüístico, de xeito que ao rematar os seus estudos a mocidade galega teña un dominio completo avanzado dunha primeira lingua estranxeira e de usuario nunha segunda lingua estranxeira, o que nun contexto global sen fronteiras, favorecerá a súa participación cidadá europea e a empregabilidade como unha maior competitividade no sector empresarial.
- "Edudixital 2020", a Estratexia Galegas para a Educación dixital 2020, a educación dixital trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado mediante o proceso educativo, de xeito que poda desenvolver a capacidade para aprender ao longo da súa vida, traballar con outras persoas, resolver problemas, ser creativo e participar plenamente nunha sociedade dixital do século XXI abordando especificamente a fenda de xénero nas vocacións científico-tecnolóxicas
- "Educonvives 2015-2020", coa que se pretende contribuír, a través dos obxectivos e das actuacións dos seus cinco eixes, facer dos centros educativos espazos para a convivencia e o traballo en valores, e a que o alumnado en particular, e a sociedade en xeral, saiba vivir e comportarse de xeito pacífico e comprometido, na sociedade tecnificada deste primeiro cuarto do século XXI.
- Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia O Plan de Igualdade no ámbito educativo ten como obxectivo xeral principal que a actividade educativa estea dirixida a contribuír de xeito transversal á construción dunha sociedade na que a igualdade de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de

discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

- Plan Proxecta , no que a Consellería en colaboración con diferentes organismos , tanto da propia Xunta de Galicia como outras entidades, busca fomentar a innovación nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixo do currículo, como a competencia en comunicación lingüística, a matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a dixital, o aprender a aprender, as competencias sociais e cívicas, o sentido de iniciativa e espírito emprendedor e a conciencia e expresións culturais.

Asemade, os programas incluídos no Proxecta teñen en común o obxectivo de desenvolver os elementos transversais, entre eles a educación en valores.

- A inclusión educativa, de xeito que se continúe afondando na atención Cumprimento das necesidades de atención á diversidade, en colaboración cos distintos axentes e institucións da sociedade civil e mediante medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
- Eduemprende, o Plan de emprendemento no Sistema educativo de Galicia que xunto co Igape, ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa da cultura emprendedora e comprende actuacións de apoio ao alumnado con habilidades emprendedoras, para a posta en marcha de proxectos empresariais viables e para poñer en práctica as súas ideas innovadoras de negocio, co fin de crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras.

O Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares é a folla de ruta para continuar o traballo a prol das bibliotecas escolares e o fomento da lectura nos vindeiros anos, así como dotar os centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI, de xeito que proporcionen melloras significativas na comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, que continúen coa función de apoio ao estudo e á adquisición de competencias clave do alumnado, contribuíndo a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe e facilitando tamén ao profesorado recursos, servizos e oportunidades para a renovación das prácticas educativas, a incorporación de metodoloxías activas e a integración das tecnoloxías emerxentes.

Como piar fundamental do sistema educativo que estamos a construír, a inclusión e o respecto á diversidade teñen que estar presentes en calquera biblioteca escolar, tanto en material como en actitudes.

Continuaranse as actuacións de mellora nos centros educativos coa creación de unidades novas, así como coas actuacións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética das xa existentes a través do Plan de infraestruturas educativas 2016-2020, financiadas con fondos encadrados no Programa Operativo FEDER (14-20). Continuarase tamén coa mellora e ampliación das unidades

xa existentes e a adquisición do equipamento necesario. Serán relevantes as dotacións para os novos ciclos formativos da FP Básica nos diferentes centros de secundaria.

No exercicio 2019 o importe a xestionar pola consellería en materia de recursos educativos complementarios, mantense en importes similares ao exercicio 2018, logo da diminución realizada nel como consecuencia da achega realizada á Consellería de Infraestruturas e Vivenda para o financiamento do transporte compartido.

A xestión eficaz e eficiente do transporte escolar e o comedor escolar, son medios fundamentais, non só para garantir o acceso en igualdade de condicións de todas as nenas e nenos de Galicia ao ensino público, senón tamén para axudarlles a que adquiran habilidades sociais e hábitos da vida sa.

Ademais, continuaranse as liñas de colaboración iniciadas cos concellos e coas ANPAS para o financiamento dos comedores escolares xestionados por estes, na procura da desexable conciliación da vida laboral e familiar.

Por outra banda, a consellería manterá a súa intervención en materia de prevención de riscos laborais, mediante a análise e o seguimento das avaliacións dos riscos dos centros de ensino mediante o desenvolvemento de programas de control da saúde do persoal que presta servizos nos centros de ensinanza pública, non só respecto ao persoal non docente, senón tamén respecto aos mais 30.000 efectivos que constitúen o persoal docente dos centros educativos de titularidade pública.

As liñas de actuación no ámbito educativo estarán condicionadas dun xeito fundamental pola consolidación da implantación dos cambios introducidos no sistema educativo pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade do sistema educativo (LOMCE). Unha vez realizado o seu completo despregamento, é preciso dar continuidade aos cambios normativos, organizativos, e curriculares e seguir impulsando a mellora da calidade do sistema educativo coa decidida aposta polos programas e as accións vinculadas directamente a el.

Xunto as accións normativas, organizativas e curriculares de acompañamento neste cambio fundamental, a Consellería continuará a senda de traballo iniciada xa no exercicio 2015, relanzando e consolidando iniciando novos programas e estratexias, que se detallan a continuación.

1) EDULINGÜE 2020. ESTRATEXIA GALEGA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS 2020

Obxectivo

O obxectivo xeral da estratexia consiste en que, ao remate da súa educación e formación escolar, o alumnado dispoña unhas competencias en comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente o inglés, que lle permitan ser un "usuario independente" nela, conforme aos requisitos do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, obtendo a certificación correspondente; así como

dotar progresivamente ao profesorado das competencias didácticas e lingüísticas necesarias para alcanzar a referida formación no alumnado.

Contido

- Ampliar progresivamente o número de centros plurilingües que impartan ata un terzo das materias nun idioma estranxeiro ata acadar un 50% de centros plurilingües, con extensión progresiva ás etapas de educación infantil, bacharelato e formación profesional (Plurinfantil, Pluribach, PluriFP).
- Potenciar a formación de calidade nas seccións bilingües, buscando a excelencia educativa e promovendo estratexias de mellora metodolóxica e curricular.
- Favorecer a participación activa dos centros privados concertados nos plans de mellora das competencias lingüísticas.
- Continuar coa formación do profesorado especialista e non especialista que imparta ensinanzas nos centros plurilingües e seccións bilingües a través dun plan de formación específico en idiomas que inclúa tanto formación presencial, como semipresencial e telemática, así como de estadías formativas no estranxeiro, no idioma inglés, francés, alemán e portugués.
- Facilitar a participación noutras modalidades formativas como as licenzas por estudo, os reintegros individuais e os cursos de formación do profesorado.
- Continuar apoiando a realización de estadías formativas en linguas estranxeiras do alumnado fóra do horario escolar (xullo e agosto) e de integración no curso escolar. Continuarase co proxecto de formación en linguas estranxeiras ao longo do curso escolar mediante a inmersión en estadías de ata 1 semana (English Week) dos centros que o soliciten.
- Posibilitar a participación do alumnado nos cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras (Programa CUALE), nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional, , dirixidos a fomentar a certificación ao alumnado nas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI).
- Establecer liñas de colaboración coas distintas axencias certificadas para facilitar ao alumnado e a acreditación dos niveis correspondentes.
- Mellorar a comprensión e a expresión oral nun idioma estranxeiro a través do programa de auxiliares de conversa, prevéndose para o final do plan a participación de 1000 auxiliares. Reforzarase esta liña coa selección de auxiliares de alta cualificación vinculados a proxectos educativos específicos de profundización
- Colaborar a nivel internacional con entidades educativas doutros países para fomentar o intercambio e o enriquecemento lingüístico do alumnado e do profesorado (con institucións de Portugal, Francia, Canadá e outros países).
- Fomentar a incorporación progresiva da lingua portuguesa no ámbito das linguas estranxeiras nos centros de ensino.

- Internacionalizar a formación profesional coa introdución das linguas estranxeiras de xeito progresivo en todos os ciclos formativos e co incremento das mobilidades internacionais entre o alumnado e profesorado de formación profesional.

Finalidade

- Ampliar a rede de centros na comunidade autónoma que favorezan a adquisición de competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente o inglés.
- Dotar o profesorado que imparte ensinanzas nas linguas estranxeiras das competencias didácticas e lingüísticas necesarias.

2) ESTRATEXIA GALEGA PARA A EDUCACIÓN DIXITAL 2020 (EDUDIXITAL 2020)

Obxectivo

A Estratexia Galega para a Educación Dixital 2020 (Edudixital 2020) trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado, mediante o proceso educativo, de xeito que podan desenvolver a capacidade para aprender a aprender ao longo da súa vida, traballar con outros, resolver problemas, ser creativos e participar plenamente nunha sociedade dixital do século XXI

Dentro desta estratexia seguiranse impulsando as iniciativas do proxecto E-Dixgal como evolución do proxecto Abalar e as actuacións que permitan o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas do alumnado galego.

Contido

Mediante o impulso da educación dixital trátase de lograr que os centros educativos implanten progresivamente unha utilización extensa de contidos educativos dixitais; e en atención ao previsto no artigo 111 bis da LOMCE, que establece como responsabilidade das Administracións educativas a promoción das TIC "como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensinanza e aprendizaxe", impulsarase a adhesión de centros ao proxecto E-Dixgal nos cursos 5º e 6º de educación primaria e en 1º e 2º da ESO no curso 2018/2019, poñendo os currículos completos en formato electrónico a disposición dos centros educativos que soliciten incorporarse ao proxecto, con novos provedores de contidos e con novas dotacións tecnolóxicas que serán subministradas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

- Promover as actividades de formación nos centros destinadas a favorecer o traballo en equipo do profesorado. Os centros deben programar a súa formación tendo en conta a competencia dixital e os intereses do profesorado participante.

- Programar os cursos en dúas liñas de traballo: proporcionar os recursos para utilizar nas distintas materias e para o manexo instrumental das ferramentas proporcionadas cos ordenadores.
- Crear as canles de comunicación coas familias que permitan o seguimento da actividade académica dos seus fillos e fillas utilizando o espazo Abalar.
- Programar as charlas informativas para as familias destinadas a achegalas á cultura dixital e ás ferramentas que teñen a súa disposición no espazo Abalar.
- Ampliar o repositorio de contidos, tanto no número de recursos dispoñibles como nos cursos e etapas aos que está dirixido. Este repositorio contén materiais creados pola Consellería, así como outros recursos procedentes dos repositorios e dos traballos cedidos polo profesorado. Os recursos son abertos e accesibles e están distribuídos con licenzas Creative Commons.
- Fomento das vocacións científico-tecnolóxicas mediante a introdución do uso transversal da programación e da robótica na ESO e no bacharelato, así como a paulatina incorporación da robótica nos últimos cursos de primaria. Os centros contarán con dotacións de recursos adecuados para o seu desenvolvemento e poranse en marcha plans específicos de formación para o profesorado e o alumnado (Semana STEM, STEMWeeK...)..
- Apoio aos centros con perfil STEM, tanto os centros de bacharelato en excelencia STEM (STEMbach), como os que participan no resto de iniciativas desta estratexia a través da Rede de centros STEMgal.

Finalidade

O propósito é facilitarlle ao alumnado e ao profesorado a adquisición da competencia dixital necesaria no século XXI segundo as recomendacións para os sistemas educativos europeos emanadas da estratexia "Europa 2020. Unha estratexia para un crecemento intelixente, sostible e integrador". Partindo do apoio a todos os centros nos seus esforzos por incorporar a educación no contorno dixital, seguirase a dar o apoio preciso aos centros Abalar e a facilitar a incorporación ao proxecto E-Dixgal que xa beneficiou no curso 2017-2018 a máis de 267 centros e 18.000 alumnos e alumnas.. Neste sentido, e en coherencia co esforzo realizado en infraestruturas dotacionais xa nos exercicios anteriores, a Amtega continuará coa materialización do proxecto.

Por outra banda, o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas e dentro deste, loitar por pechar a fenda de xénero, son fundamentais para o progreso da sociedade galega no século XXI.

3) PLAN PARA A MELLORA DO EXITO ESCOLAR

Obxectivo

A comunicación da Comisión Europea do 3 de marzo de 2010 sobre "Europa 2020 - Unha estratexia para un crecemento intelixente, sostible e integrador" propón para a UE cinco obxectivos cuantificables para 2020 que marcarán a pauta do proceso e traduciranse en obxectivos nacionais: o emprego; a investigación e a innovación; o cambio climático e a enerxía; a educación e a loita contra a pobreza. Estes obxectivos representan a dirección que se debe tomar e indican que se pode medir o éxito e que se debe incrementar e medir o éxito escolar.

No referente á educación márcase como obxectivo que no ano 2020 o abandono escolar prematuro se sitúe en niveis inferiores ao 15% e que, cando menos o 40% da xeración máis nova remate os estudos superiores completos. Aínda que en Galicia se teñen acadado cifras próximas ao limiar previsto pola UE para 2020, continuarase a traballar para que os niveis se sitúen máis por debaixo dese limiar.

Contido

- A formación é un factor esencial para asentar un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. Por esta razón, as nosas sociedades aspiran a formar á cidadanía máis e mellor, e a estender a súa formación ao longo de toda a vida. De aí que incrementar o número de persoas que obteñen un título en formación postobrigatoria constitúe a ser un obxectivo prioritario nas políticas educativas.
- Pola contra, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.
- O abandono escolar temperá ten causas moi diversas e, por iso, a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversos frontes. Por isto, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional prevé unha serie de medidas e recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono escolar temperá na comunidade autónoma.
- As propostas articularanse arredor das seguintes accións:
  - Os contratos-programa dirixidos a mellorar o éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. A convocatoria pretende dar cabida, baixo un marco único, a todos aqueles programas que se viñan desenvolvendo nos centros educativos - reforzo, orientación e apoio, mellora da convivencia; redución do abandono, entre outros-, co obxectivo de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia e, en definitiva, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia. Cómpre poñer de manifesto que tan só en Galicia se presta apoio de reforzo educativo mediante transporte fóra do horario lectivo e a contratación de novo profesorado cada ano ou co

incremento da dedicación retribuída fóra do horario lectivo de docentes do propio centro educativo.

- Intensificar a oferta de programas de reforzo e de atención á diversidade en toda a educación obrigatoria, así como de programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento nos últimos cursos da educación secundaria obrigatoria, para conseguir que o alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe acade o título de Graduado en ESO.
- Ofertar os ciclos de Formación Profesional Básica para que o alumnado que así o solicite poida cursar unha oferta formativa que lle permita conseguir o título de Formación Profesional Básica, cunha cualificación profesional de nivel I, cos mesmos efectos laborais que o título de Graduado en ESO. Permitirá, así mesmo, obter o título de graduado na ESO, pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas e proseguir a súa formación a través dos ciclos formativos de grao medio. Título con valor académico e profesional.

Finalidade

Estas accións pretenden mellorar a atención educativa ao alumnado para que desenvolva as súas capacidades individuais de modo que logre o maior grado de rendemento escolar. Deste modo, contribuirase á prevención do abandono escolar temperá, a mellorar a calidade do ensino e a incrementar o éxito escolar.

4) FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PROFESIONAL E DE APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA

Obxectivo

Elevar os niveis de coñecemento e competencia do conxunto da poboación a cotas similares ás da poboación dos países europeos máis avanzados, facilitándolle a adquisición da capacidade de actuar nun contorno de complexidade tecnolóxica e en constante transformación, caracterizado en particular pola innovación e a potenciación das TICs e no que os sólidos coñecementos de base e as capacidades de comunicación, relación, organización e sobre todo, a capacidade de aprender ao longo da vida, formen parte da bagaxe ordinaria de cada individuo.

Contido

A formación profesional (FP) segue sendo un instrumento insubstituíble para mellorar a empregabilidade das persoas traballadoras e a competitividade dos sectores produtivos cara un crecemento intelixente, de mellora da capacidade de investigación e de desenvolvemento e innovación en todos os sectores da economía, o que permite afrontar os novos retos sociolaborais que suscita un mundo en continua transformación.

O desenvolvemento da formación profesional non constitúe unha intervención puntual que sae ao paso dunha necesidade conxuntural, senón que constitúe o instrumento fundamental da aprendizaxe permanente que require o desenvolvemento das sociedades que xeran altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social.

Na perspectiva do tránsito que deben efectuar as nosas modernas sociedades desde o que se coñece como "sociedade da información" á nova "sociedade do coñecemento", a adquisición de novos coñecementos e competencias para actualizar a preparación xeral e profesional mediante todo tipo de aprendizaxes (formais, non formais e, particularmente, procedentes da experiencia profesional) constitúe un dos piares básicos do que se entende por aprendizaxe permanente. De acordo con iso, a aprendizaxe permanente e a formación profesional constitúen dous conceptos e obxectivos indisociables: a aprendizaxe permanente precisa da formación profesional como instrumento indispensable para traducirse en obxectivos reais e eficaces de cualificación e progreso profesional, mentres que a formación profesional precisa da actualización e do enriquecemento constante das competencias básicas para poder progresar efectivamente.

Unha sociedade cualificada é unha sociedade en aprendizaxe permanente, onde as persoas se esforzan e teñen a posibilidade de aprender libre e activamente ao longo da vida: na escola, nos centros de formación, no lugar de traballo e durante o seu tempo libre. Para iso, cómpre cambiar as maneiras de concibir, dar e adquirir formación, e de organizar o traballo remunerado para que as persoas poidan aprender durante toda a vida e planificar a súa propia combinación de aprendizaxe, traballo e vida familiar. Dito doutra forma, cómpre dotar a todas as persoas da oportunidade e da capacidade de conducir a súa propia aprendizaxe.

Finalidade

- Conseguir que todo alumnado acade unha titulación oficial ou unha acreditación de cualificación profesional que lle permita inserirse no mercado laboral ou proseguir estudos.
- Proporcionar unha oferta formativa nos distintos niveis de cualificación adaptada ás necesidades dos sectores produtivos, e ás necesidades da poboación mediante as distintas modalidades formativas. Continuar realizando os estudos que permitan adecuar o Mapa da formación profesional de Galicia ás necesidades de empregabilidade.
- Favorecerlle ao alumnado de formación profesional a adquisición de experiencia profesional mediante a consolidación dos sistemas de formación dual.
- Consolidar un proceso de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia da poboación activa como iniciativa fundamental que debe presidir a implantación da aprendizaxe permanente en Galicia.
- Potenciar a rede de centros que imparten formación profesional, en especial os centros integrados, dotándoos do equipamento necesario para desenvolver a súa

labor formativa e de orientación, así como a innovación, desenvolvemento e apoio á mellora dos procesos produtivos.

- Potenciar a internacionalización da formación profesional, a través do fomento da participación do alumnado e do profesorado en programas internacionais e da mellora das competencias lingüísticas do alumnado de formación profesional, que lle permita desenvolver a súa profesión nas actuais condicións do mercado laboral. Avanzar na implantación do plurilingüismo na FP coa creación de ciclos plurilingües (Edulingüe).
- Impulsar unha formación profesional en permanente evolución, integradora de novas ideas e tendencias e con capacidade para adaptarse as cambiantes necesidades do mundo produtivo, favorecendo iniciativas e proxectos innovadores no ámbito dos centros de formación profesional mediante a convocatoria de premios a proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica nos centros, en colaboración con empresas e institucións. Como escaparate dos progresos obtidos desenvolverase FPInnova Galicia, un congreso anual con espazo expositivo no que conflúen a innovación e o emprendemento, a formación e a empresa.
- Desenvolver o primeiro Campus FP, para impulsar unha educación de vangarda, altamente integrada no sistema educativo e que responda eficazmente ás necesidades do mercado laboral.
- Realizar accións que poñan en valor ás empresas e institucións que colaboran na implantación e difusión da formación profesional dual, no desenvolvemento de proxectos de innovación, no fomento da cultura emprendedora ou calquera outro aspecto que mellora a calidade da formación profesional.
- Potenciar a rede de centros que imparten educación para persoas adultas, para permitir a obtención do título de graduado en secundaria obrigatoria ou de bacharelato ás persoas que non o obtiveron polo réxime ordinario.
- Continuar coa adaptación dos títulos de FP ás condicións actuais do mercado de traballo , xa se levan adaptado mais de 100 decretos autonómicos de desenvolvemento da normativa básica, e continuar co dotación económica aos títulos derivados da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) cunha duración de 2.000 horas , que pasaron de impartirse nun curso académico a dous cursos.
- Coa finalidade de adaptar a demanda deste tipo de ensinanzas, a oferta formativa de formación profesional tense incrementado exponencialmente nos últimos anos.

5) EDUEMPRENDE. PLAN DE EMPRENDEMENTO NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.

Obxectivo

O Marco Estratéxico Europeo Educación e Formación 2020 establece como un dos seus catro obxectivos o de afianzar a creatividade e a innovación, incluíndo o espírito emprendedor, en todos os niveis da educación e da formación. O crecemento intelixente require mellorar a calidade da nosa educación e asegurar a incorporación de estratexias, como as propias da cultura emprendedora, que ofrezan valores, coñecementos e habilidades que axuden a afrontar os retos derivados dos cambios sociais nun mundo en constante evolución. O emprendemento é un dos motores principais da innovación, a competitividade e o crecemento da economía.

Este obxectivo reflíctese no Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia "Eduemprende" que establece o marco de fomento para a implantación da cultura emprendedora no alumnado de todos os centros de niveis non universitarios.

Contidos

- A idea de emprender e da cultura empresarial é un obxectivo específico en todas as etapas da educación básica, así como na formación profesional, bacharelato e nas ensinanzas de réxime especial. A través do Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, a administración educativa, introduce medidas nos ámbitos de actuación da sensibilización e motivación, da capacitación emprendedora e empregabilidade, e do fomento e apoio a empresarialidade.
- O espírito emprendedor pódese entender nun sentido amplo, como unha actitude xeral que resulta útil tanto na vida cotiá de calquera persoa, como nas actividades profesionais que desenvolve. Tamén como un concepto específico de formación dirixida á creación dunha empresa.
- Co propósito de lograr que progresivamente o alumnado dos distintos niveis educativos non universitarios incorpore os valores propios da cultura emprendedora, desenvolveranse varias accións de sensibilización e motivación cara ao emprendemento, de capacitación para a posta en marcha de proxectos emprendedores e de apoio á empresarialidade.
- Promover o desenvolvemento de calidades persoais como a creatividade, a iniciativa, a asunción de riscos e a responsabilidade.
- Achegar o alumnado a un coñecemento temperán do mundo empresarial e ao contacto coa súa realidade.
- Programar as actividades informativas que lle permitan ao alumnado e ás persoas recentemente titulada coñecer o traballo por conta propia como unha posible opción de inserción profesional e de creación de emprego.
- Organizar as actividades de formación que permitan que o alumnado e os titulados recentes adquiran as competencias necesarias para o desenvolvemento e a posta en marcha de novos proxectos empresariais.
- Potenciar a Rede galega de viveiros de empresa en centros educativos para o asesoramento e o apoio á innovación e á empresarialidade.

- Realizar as actividades de reforzo dos vínculos entre a educación, a empresa, a investigación e a innovación.

Finalidade

Estas accións van encamiñadas a lograr un avance sensible na cultura do emprendemento, que permitirá mellorar a empregabilidade das galegas e dos galegos e a competitividade das nosas empresas.

6) AVALIACIÓN E EXCELENCIA NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Obxectivo

Consolidar un sistema educativo que minimice o abandono escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e continuar a tendencia cara os umbrais de abandono inferiores ao 15% para cumprir cunha antelación de 2 anos a Axenda 2020.

Contidos

- Avaliar o sistema educativo. Analizar a situación e o estado do sistema educativo en Galicia. Avaliacións de ámbito autonómico, nacional e internacional.
- Avaliar os centros educativos no eido da organización, o funcionamento e os procesos de ensinanza- aprendizaxe.
- Avaliar a función directiva e dos órganos de coordinación docente.
- Promover o recoñecemento da cultura do esforzo, a superación persoal e o éxito escolar do alumnado a través dos premios extraordinarios.

Finalidade

- Coñecer a situación do sistema educativo galego para analizar os progresos e axudar na toma de decisións sobre políticas educativas. Dispoñer da información que permita a análise comparativa con outras comunidades autónomas e outros países.
- Contribuír á mellora da calidade e da equidade da educación.
- Aumentar a transparencia e a eficacia do sistema educativo.
- Ofrecer información sobre o progreso de aprendizaxe do alumnado nas competencias clave e orientar os plans de mellora.
- Incentivar e recoñecer a cultura do esforzo e a dedicación do alumnado nas distintas etapas educativas. Reforzar os aspectos que incidan na mellora do sistema educativo e xuntar a excelencia coa equidade, a igualdade de oportunidades e as posibilidades de desenvolvemento persoal.

7) AS ACTUACIÓNS TRANSVERSAIS DA CONSELLERÍA EN MATERIA EDUCATIVA

No capítulo II, as actuacións centraranse, fundamentalmente, en garantir o servizo de transporte escolar e o funcionamento dos comedores escolares, así como na distribución dos gastos de funcionamento ordinario aos centros públicos de titularidade da consellería de todos os niveis educativos correspondentes ás ensinanzas non universitarias (infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, educación especial, escolas oficiais de idiomas, centros de ensinanzas artísticas e centros de educación de adultos). Débese ter en conta que a evolución no gasto nos centros públicos está condicionada, non só polo escenario financeiro global da comunidade autónoma, senón tamén polas medidas de xestión implantadas para obter unha maior eficiencia no gasto corrente, tales como as contratacións centralizadas en materia de comedores escolares, ou de limpeza dos centros de ensino secundario, ou a contratación centralizada da telefonía, das comunicacións postais, e da subministración de enerxía. Neste exercicio 2019, tendo en conta os bos resultados acadados, a subministración do gasóleo de calefacción continuará ao abeiro dunha contratación centralizada que permitirá aproveitarse dos aforros xerados polas economías de escala derivadas dela.

Os gastos de funcionamento, nutridos coas achegas da consellería, supoñen un 31% do total do gasto no capítulo II do orzamento da consellería (isto representa nestes tempos que quizais o euro nos fai esquecer a dimensión de certas cifras, máis de dez mil cincocentos millóns das antigas pesetas) e permitirán a aplicación da autonomía na xestión económica dos centros establecida no Decreto 201/2003, do 20 de marzo.

Tamén levarase a cabo o pagamento das distintas partidas do módulo de concertos educativos: "outros gastos" que van destinados fundamentalmente aos gastos de funcionamento do centro e ao pagamento das retribucións do persoal de administración e servizos, "persoal complementario" dos centros de educación especial e a "nómina de pago delegado" do persoal docente de todos os centros concertados.

A través do capítulo IV, xestionaranse os concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de educación infantil, primaria, ESO, educación especial e FP básica. Como xa se apuntou, dada a súa configuración de pago delegado, a súa contía destínase basicamente a satisfacer salarios.

Os importes dos módulos económicos para o sostemento dos centros concertados fíxase na Lei de orzamentos de cada ano.

Neste capítulo encádrase tamén a partida destinada á convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar para alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria e educación especial en centros sostidos con fondos públicos, reforzándose o apoio a familias con maiores dificultades económicas continuando coa liña de axudas convocadas dende o ano 2015, que duplicaron o seu importe no exercicio 2018.

No capítulo VI (investimentos reais), a magnitude máis significativa está representada pola cantidade destinada na Secretaría Xeral Técnica, por unha banda á construción e ampliación dos centros educativos e as actuacións destinadas a mellorar a eficiencia enerxética dos edificios existentes en execución do Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016-2020 financiado polo Programa Operativo FEDER 2014-20 nos seus eixes 4 e 10, así como por outra banda aos proxectos de reparación, mellora e dotación de equipamento dos centros educativos.

No capítulo VI, no marco do PLAN LÍA 2016-2020 (lectura, información e aprendizaxe) as actuacións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos realizaranse coa finalidade de acadar os seguintes obxectivos:

- Dotar os centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes coas necesidades do século XXI.
- Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.
- Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.
- Incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas.
- Contribuír á construción da sociedade lectora, ofrecendo oportunidades para experiencias lectoras de calidade.

Dentro do PLAN LÍA 2016-2020 desenvolveranse diversas actuacións destinadas ás bibliotecas de todos os centros públicos(e privados concertados, se é o caso encamiñadas a incentivar a mellora tanto da comprensión lectora como un cambio nos hábitos de lectura do alumnado, unha maior presenza dos libros e das actividades de lectura e de tratamento da información nos centros educativos; programas e actuacións entre as que destacan o plan de mellora de bibliotecas escolares, o apoio aos clubs de lectura dos centros sostidos con fondos públicos, o programa de bibliotecas escolares solidarias ou o concurso de traballo por proxectos

Tamén encadrado no capítulo VI xestiónase o fondo solidario de libros de texto, constituído no curso 2015-2016.

Este fondo permite reutilizar os libros, fomentando as actitudes de respecto, o bo uso e a conservación dos bens comúns e favorecendo a adquisición de hábitos cívicos e de convivencia, valores que contribúen dunha forma positiva ao proceso educativo do alumnado.

A través do capítulo VII xestionaranse as axudas para a adquisición dos libros de texto (gratuidade solidaria). Estas axudas dirixiranse ao alumnado de ensino obrigatorio obrigatorio dos centros sostidos con fondos públicos matriculado en (1º e 2º de educación primaria,) pertencente a familias con rendas baixas e ao alumnado de educación especial e posibilitarán, xunto co E-Dixgal, as axudas para a adquisición de material escolar e o fondo solidario, entre outras actuacións, reforzar o apoio ao alumnado e familias con maiores dificultades e a igualdade no exercicio do dereito a educación, prevista no artigo 83 da LOE.

B. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO UNIVERSITARIO

A través do Plan Galego de Financiamento das Universidades 2016-2020 mellorarase o financiamento universitario baseado en criterios competitivos, obxectivos estratéxicos e resultados asociados á investigación, á docencia e á xestión e articulación do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

No exercicio de 2019 desenvolveranse os seguintes aspectos:

- Apoiar a implantación do recoñecemento da función docente na conformación do equipo teórico das universidades.
- Apoiar o desenvolvemento das infraestruturas científico -tecnolóxicas e dos servizos xerais de apoio á investigación.
- Consolidar o sistema docente e os obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior.
- Impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas.

Así, ademais de dedicar a meirande porcentaxe do total dedicado ao financiamento das universidades públicas galegas a acadar o principio de suficiencia estática no seu funcionamento estrutural, é dicir, ao mantemento dos recursos imprescindibles para o desenvolvemento das actividades universitarias básicas (a docencia, a investigación e a transferencia), atenderase aos resultados obtidos por cada unha delas en materia de rendemento académico, mellora da calidade e investigación e transferencia para distribuír o resto dos fondos.

No que se refire á investigación no ámbito universitario estanse a seguir os retos e as liñas sinalados establecidos no Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020, entre as que destacan as seguintes:

- Reto1. Captación, formación e retención de talento.
  - Liña 1.1. Programa de apoio á carreira investigadora, consiste en contratos pre-doutorais (de 3 anos, cando o estándar a nivel nacional son 4) e pos-doutorais no estranxeiro, con compromiso de retorno (contratos de 2 anos no estranxeiro + 1 nun centro do SUG. Convocatoria competitiva.
  - Liña 1.2. Programa de apoio á consolidación de persoal investigador. Con cargo a este programa basicamente estabilízanse os investigadores formados en programas de convocatorias excelentes.
  - Liña 1.3. Programa de capacitación e incorporación de xestores de apoio á investigación e tecnólogos. (Os tecnólogos vincúlanse aos servizos centrais da universidade, non aos grupos).

- Liña 1.4. Captación e retención de talento investigador de prestixio. É un programa orientado á apoiar a investigadores con proxectos altamente competitivos como os do European Research Council (ERC).
- Liña 1.5. Programas de mobilidade. Basicamente de formación pos doutoral no estranxeiro. Finánciánse dous anos de estancia en centros internacionais.

• Reto 2. Investigación de referencia competitiva, mediante a creación dunha contorna adecuada e atractiva para o desenvolvemento da actividade científica e do desenvolvemento tecnolóxico en Galicia a través da dotación de instrumentos que potencien os grupos de investigación, as agrupacións estratéxicas e os centros de Investigación.

  Ao redor de tres eixes estratéxicos (2.1 Consolidación de Grupos, 2.2 Proxectos singulares e 2.3 Potenciación das estruturas de investigación), instrumentalizaranse as seguintes liñas de actuación:

  - Liña 2.1.1 Apoio a grupos de referencia competitiva. Axudas de 4 anos a grupos xa consolidados (uns 100).
  - Liña 2.1.2. Apoio a grupos potencial crecemento. Axudas de 2 anos a grupos con alto potencial de crecemento. Similar ao anterior pero para grupos aínda non consolidados.
  - Liña 2.1.3. Cooperación entre grupos de investigación. Axudas a redes de investigación. Axudas a grupos de investigación para apoiar o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede.
  - Liña 2.2.1 Especialización dos campus universitarios. Finánciase a elaboración de plans estratéxicos: o Campus do Auga en Ourense, o Campus Terra en Lugo e o Campus Industrial en Ferrol co fin de definir un mapa universitario diversificado.
  - Liña 2.2.2 Financiamento de proxectos singulares, de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos e onde Galicia posúe contrastada potencialidade. Convocatoria competitiva.
  - Liña 2.3.1 Apoio ás agrupacións estratéxicas, estruturas organizativas de investigación superiores ao grupo de investigación co obxectivo de desenvolver unha actividade colaborativa estable e planificada.
  - Liña 2.3.2 Creación da Rede de Centros Singulares do SUG. O obxectivo é apoiar os centros de investigación universitaria como os xa existentes e os que poidan xurdir no futuro.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 421A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os recursos asignados a este programa están destinados a cubrir os gastos asociados ao funcionamento normal dos servizos administrativos da área de educación, así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Neste programa contémplanse as dotacións orzamentarias para atender ás necesidades de funcionamento dos servizos centrais e das xefaturas territoriais, como son as de reparación de edificios, maquinaria, material de oficina, subministración de enerxía eléctrica, combustible, comunicacións, transporte, xurídicos e contenciosos, as do Consello Escolar, as do Museo Pedagóxico de Galicia, así como as indemnizacións por razón de servizo do persoal.

No capítulo I asumirase a vixilancia e o control da saúde do persoal non docente que presta servizo nos centros educativos, dando así cumprimento ao mandato do artigo 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.

No capítulo VI conta coas aplicacións para atender ás adquisicións de pequeno material mobiliario para os servizos centrais e xefaturas territoriais, así como para atender a reparación, ampliación e mellora nas dependencias administrativas e os investimentos de carácter inmaterial para o Museo Pedagóxico de Galicia.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo instrumental deste programa (coa identificación OI 1.5.01), consiste en garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema educativo, así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións enmarcadas no presente programa van dirixidas á poboación galega en xeral e aos órganos administrativos da Consellería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Atención aos gastos para o normal funcionamento dos servizos centrais e das xefaturas territoriais da área de educación, do Consello Escolar de Galicia e do Museo Pedagóxico de Galicia.

Adquisición de diverso mobiliario e outros investimentos para os servizos centrais e xefaturas territoriais da área de educación.

Inmobilizado para o Museo Pedagóxico de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Decreto 4/2013, de 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Atención aos gastos operativos necesarios para prestar os servizos educativos, tendo un marcado carácter instrumental e de apoio aos demais programas educativos.

En canto a os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo instrumental deste programa de gasto (coa identificación OI 1.5.01) é mellorar a eficiencia na cobertura financeira das necesidades correntes, tanto dos servizos centrais como territoriais da consellería, relacionadas cos servizos administrativos do sistema educativo, así como as derivadas dos gastos de funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia e do Consello Escolar de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.2. PROGRAMA 422A - EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación infantil e primaria, que representan máis do 54% do alumnado non universitario. O 59% da dotación do programa destínase a satisfacer as nóminas dos máis de 16.000 docentes dedicados a estas ensinanzas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

a) Dotar aos centros de educación infantil, primaria e educación infantil e primaria dos recursos humanos necesarios para garantir na nosa comunidade autónoma un ensino de calidade para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias. Estímase imprescindible unha atención moi específica nestas iniciais etapas educativas para poder acadar os fins do sistema educativo, entre os que podemos mencionar o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade, o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade e a iniciativa persoal .

b) En todo caso, os recursos humanos dispoñibles deben facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión e compresión oral, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) .

c) As contas dos orzamentos 2019 incluirán os recursos necesarios para cumprir os compromisos derivados do Acordo Plurianual asinado coas centrais sindicais CCOO e FeST-UGT o 18 de xullo de 2018 sobre o aumento das retribucións salariais das persoas que integran o corpo docente, como unha das actuacións enmarcadas nunha estratexia máis ampla e prioritaria dirixida a reforzar o prestixio da función docente de Galicia.

d) Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos niveis de educación infantil e primaria.

e) Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de educación infantil , educación primaria e educación secundaria obrigatoria (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros).

f) Atender a demanda de postos escolares.

g) Paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais e ás normas vixentes.

h) Substituír o mobiliario e o equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto.

i) Asumir baixo a súa responsabilidade a vixilancia e o control da saúde dos 16.000 efectivos que, aproximadamente, constitúen o persoal docente que presta servizo nestes centros, dando así cumprimento ao mandato do artigo 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.

j) Prestación dos servizos educativos a través do profesorado de primaria.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.01), consiste en mellorar a calidade da educación e os resultados dos escolares galegos, modernizando as dotacións a procedementos educativos, medios e infraestruturas públicas destinadas a centros educativos de ensinanza infantil e primaria.

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 - 2020 cos seguintes obxectivos temáticos, prioridades de investimento, obxectivos específicos e categorías de intervención:

- O obxectivo temático (coa identificación 4) consiste en favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores. A prioridade de investimento (coa identificación 4c) desta axuda consiste no apoio da eficiencia enerxética, da xestión inteligente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos e nas vivendas . O obxectivo específico (coa identificación 040c1

- 4.3.1) desta axuda e o de mellorar a eficiencia enerxética e a redución de emisións de CO2 na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos. Por último, a categoría de intervención desta axuda (coa identificación CI014) e a renovación do parque inmobiliario existente co obxecto da eficiencia enerxética, proxectos de demostración e medidas de apoio.

  Nos exercicios 2016 a 2018 investiuse en 27 centros educativos, actuando na envolvente do edificio, na substitución das carpinterías e nunha iluminación máis eficiente, que se completarán coa actuación prevista noutros oito centros no exercicio 2019 (nos concellos de Teo, Noia, Láncara, Lugo, Maside, Ourense, Cerdedo-Cotobade e Vilagarcía de Arousa), cun aforro previsto de 6.558.839,53 kWh/ano como fito 2018, cunha meta ao final do período de 10.838.494,53 kWh/ano para a mellora da eficiencia enerxética, segundo o Plan de Infraestruturas Educativas 2016-2020, que se completan con outras melloras funcionais para levar a cabo unha rehabilitación integral dos centros educativos que os sitúe en parámetros de seguridade, habitabilidade e funcionalidade conforme aos estándares e normativa vixente.

- O obxectivo temático (coa identificación 10) consiste en investir na educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente. A prioridade de investimento (coa identificación 10a) desta axuda consiste en investir na educación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación. O obxectivo específico (coa identificación 10.1.1) desta axuda e o de mellorar as infraestruturas de educación e formación. Por último, as categorías de intervención desta axuda son as infraestruturas educativas para ensinanza escolar (ensinanza primaria e secundaria xeral) coa identificación CI051 e as infraestruturas para a atención e a educación da primeira infancia coa identificación CI052.

  Conforme a este obxectivo, no exercicio 2019 prevese continuar as actuacións en infraestruturas xa iniciadas nos exercicios 2016 a 2018, onde se investiron máis de 10 millóns de euros en infraestruturas para ensinanza infantil e primaria, como poden ser o novo CEIP de Culleredo, fase I e II da ampliación do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao de Navia (Vigo), ampliación do CEIP As Mercedes de Lugo, ampliación do CEIP Laverde Ruíz en Outeiro de Rei e ampliación do CEIP Altamira en Salceda de Caselas.

  No exercicio 2019 prevese executar a meirande parte da construción dun novo CEIP en Mesoiro (A Coruña), así como a ampliación do CEIP Lamas de Abade en Santiago de Compostela, a ampliación do CPI de Vedra e do CEIP Eladia Mariño de Cabanas. Iniciarase a construción dun novo CEIP en Vilalonga-Sanxenxo e do CEIP Sagrado Corazón en Lugo. Así mesmo, comezarase a traballar nos proxectos para o novo CEIP de Ames, e máis aulas no CEIP Agro do Muiño.

A estas actuacións hai que sumar os recursos investidos en obras de reforma e mellora en mais de 500 centros de infantil, primaria e secundaria , que continuarán no exercicio 2019.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Nese marco os centros privados que ofrezan ensinanzas declaradas gratuítas e satisfagan necesidades de escolarización poden acollerse ao réxime de concertos e ós fondos públicos destinados ao sostemento dos centros privados concertados establécense nos orzamentos e se distribúen pola aplicación dun módulo económico por unidade escolar. O dito módulo ten un importe que posibilita que o ensino se imparta en condicións de gratuidade e garante, entre outros, os salarios do persoal docente, incluídas as cotizacións á Seguridade Social.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A rede de centros públicos dedicados as ensinanzas de infantil e primaria da nosa comunidade autónoma, conta cunha antigüidade a maioría deles cunha media aproximada de 40 anos, o que fai necesario que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ademais de incrementar postos escolares alí onde a demanda educativa o esixe, deba proceder á reposición e as reformas integrais de centros así coma á correspondente dotación e/ou renovación de mobiliario e material didáctico. A estas actuacións cabe engadir a necesaria mellora na eficiencia enerxética dos edificios, que redunda no aumento do confort térmico e redución do consumo enerxético.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciables da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).

- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios, modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

O programa 422A ten a súa razón:

- Na Constitución Española, cando no artigo 27 establece que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto e que os poderes públicos axudarán aos centros docentes que reúnan os requisitos, previstos con carácter básico, no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o regulamento de concertos educativos. Na Comunidade autónoma de Galicia a regulamentación dos vixentes concertos recóllese fundamentalmente na Orde do 14 de marzo de 2017.
- Na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e na Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da calidade educativa en desenvolvemento do mandato constitucional do dereito á educación, que tamén alude á organización dos centros docentes e á ordenación das ensinanzas (educación infantil, primaria e educación secundaria obrigatoria).
- No Decreto 201/2003, do 20 de marzo, que desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros públicos docentes non universitarios, sinalando que o estado de ingresos do orzamento anual do centro estará integrado, entre outros recursos, polas dotacións procedentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para gastos de funcionamento.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional tenta garantir unha ensinanza obrigatoria coa mellor calidade de infraestruturas e dotación de material didáctico e de equipamento, levando a cabo, dentro do contexto económico, a creación e ampliación de centros onde os recursos educativos públicos resulten insuficientes debido á presión demográfica, así como á reforma dalgúns dos centros da nosa rede educativa, a fin de dar unha resposta axeitada á demanda de postos escolares na zona en que se produce.

Por todo iso, seguiranse realizando obras de conservación e mellora dos centros existentes, de renovación das súas instalacións e revisión das infraestruturas existentes.

Con cargo a este programa orzamentario materialízase, tamén, a adquisición de mobiliario e material didáctico para dotar os novos centros educativos e as ampliacións realizadas, así como o destinado ás reposicións do material deteriorado.

O presente programa resulta estratéxico para a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional xa que con el (e os outros que atenden á educación especial, de adultos, de ensinanzas artísticas,..) aténdese a finalidade de consignar os gastos de funcionamento dos

centros públicos e privados concertados (e, neste último caso, tamén o pagamento delegado das nóminas).

Os gastos de funcionamento, como elemento esencial dos ingresos dun centro docente, garante a súa autonomía, e posibilita dispoñer dos materiais didácticos e recursos necesarios. Todo iso constitúe a infraestrutura material que permite impartir un ensino de calidade.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.01) son , por unha banda, acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno, e por outra banda, mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A construción de novos centros onde os recursos educativos públicos resulten insuficientes, fundamentalmente en zonas de novo crecemento da periferia das cidades e poboacións da área de influencia desta permiten atender á demanda crecente nestas zonas. A adaptación dos cen-

tros existentes as novas necesidades (mediante obras de reforma e ampliación) e a adquisición de material e mobiliario, permiten completar os servizos cos que se dota as localidades e aos centros, por exemplo ampliando os espazos de comedor e aulas de atención a alumnado con necesidades especiais. Estas actuacións complétanse nas instalacións de cociña e na adquisición de material adaptado ás necesidades do alumnado, para unha mellor atención as alumnas e alumnos procedentes de familias desfavorecidas aproximando os servizos educativos aos domicilios das familias, posibilitando a conciliación laboral-familiar e polo tanto a promoción da igualdade de oportunidades.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	

Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos , o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros. A existencia de distintas figuras no eido laboral como as comisións de servizo por conciliación familiar, os intercambios provisionais etc., repercuten na promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilita a conciliación e a corresponsabilidade.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades

entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Nas licitacións realizadas pola consellería máis dun 30% das empresas manifestaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de desempate, conforme ao establecido nos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que as rexían.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.3. PROGRAMA 422C - ENSINANZAS UNIVERSITARIAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 422C –Ensinanzas Universitarias– concreta o Plan Galego de Financiamento das Universidades para os anos 2016-2020.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 422C - Ensinanzas Universitarias correspóndese co novo Plan Galego de Financiamento das Universidades para os anos 2016-2020.

A estrutura que desenvolve o Plan Galego de Financiamento das Universidades 2016-2020 é a seguinte:

1. Financiamento estrutural:
   a) Financiamento estrutural
   b) Reparación, ampliación e mellora , RAM
2. Financiamento por resultados:
   a) Complementos retributivos e compensación por matrículas.
   b) Outros custes asociados ao ensino universitario:
      - Centros asociados da UNED en Galicia
      - Fundación Rof Codina

- Axencia da Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- Consellos Sociais

c) Panel de Indicadores.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.02), consiste en mellorar a calidade da docencia e da oferta do sistema universitario de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Plan de Financiamento servirá, á vez, para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o sistema universitario galego. Os novos recursos teñen que atender ás necesidades das universidades galegas pero tamén debe comprometer ás institucións universitarias na satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas que Galicia terá no futuro.

Por iso, o programa 422C está dirixido a todo o colectivo universitario: alumnado, persoal docente e persoal investigador do sistema universitario de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Unha vez superada a fase de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior é preciso fomentar o avance do Sistema Universitario de Galicia, SUG, ata cotas de calidade cada vez mais elevadas. O novo concepto de financiamento está dotado dunha estrutura dinámica e flexible que permitirá adaptar as achegas aos cambios do escenario macroeconómico no que se encadra.

O plan define un marco de financiamento moderno, dinámico, flexible, sostible, suficiente, equitativo e eficiente que permite o cambio e modernización das universidades galegas no medio prazo mediante a planificación de estratexias que faciliten a súa converxencia coas universidades tanto do sistema español de universidades como a nivel internacional.

Os fins descritos materializaranse nas seguintes actividades:

- Financiamento estrutural das universidades galegas para atender as súas necesidades (gasto de persoal docente, PAS, funcionamento e mellora dos ratios da calidade...)
- Financiamento dos complementos retributivos autonómicos e sexenios, así como a compensación por bolsas e prezos públicos.
- Financiamento dos Consellos Sociais.
- Subvencionar aos centros asociados da UNED.
- Financiar determinadas accións de apoio económico ás mozas e mozos estudantes do SUG (bolsas, axudas e premios).

- Acadar a consolidación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Continuar con convenios de colaboración coas universidades galegas.
- Subvención á Fundación Rof Codina.
- Sufragar os gastos de reparación, ampliación e mellora das instalacións universitarias.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativo básico da actuación da Secretaría Xeral de Universidades é o seguinte:

- Plan Galego de Financiamento das Universidades de Galicia 2016-2020
- Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modificou a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño do Sistema universitario de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Este programa segue os parámetros establecidos no Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020 e que son os seguintes:

1. Financiamento estrutural:

   Estes fondos aglutinarán a meirande porcentaxe do total dedicado ao financiamento das universidades públicas galegas, permitirán acadar o principio de suficiencia estática, é dicir, o mantemento dos recursos imprescindibles para o desenvolvemento das actividades básicas das universidades: docencia, investigación e transferencia.

   a) Financiamento estrutural: contemplará a cobertura dos gastos considerados imprescindibles para o mantemento das actividades básicas das universidades.

   b) RAM: dedicarase a atender as necesidades de reforma, ampliación e mellora de las instalacións das universidades do SUG.

2. Financiamento por resultados:

   Este compoñente do Plan de Financiamento inclúe unha serie de ferramentas cuxa correspondente dotación de fondos terá carácter variable, facendo depender a súa distribución entre as universidades do SUG, dos resultados obtidos por cada unha delas en determinados ámbitos de actuación, sendo imprescindible a achega dos datos e información precisa e veraz por parte das mesmas.

   a) Complementos retributivos e compensación por matrículas: atenderanse as contías derivadas da aplicación da normativa estatal e autonómica, contías derivadas das liquidacións anuais dos complementos retributivos autonómicos e sexenios, así como as compensacións anuais por bolsas e prezos públicos.

   b) Outros custes asociados ao ensino universitario: contías derivadas do cumprimento de obxectivos funcionais de:

      - Centros asociados da UNED en Galicia.

- Fundación Rof Codina.
- Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Consellos Sociais.

c) Panel de Indicadores: contías vinculadas aos resultados obtidos polas universidades en cada un dos indicadores que configuran un panel no que se recollen as principais areas de acción:

- Indicadores de rendemento académico.
- Indicadores de investigación e transferencia.
- Accións de mellora da calidade.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.02) son, por unha banda, incrementar a taxa de graduación nas titulacións e, por outra banda, mellorar a empregabilidade dos egresados universitarios.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo a estatísticas máis recentes sobre o sistema Universitario Galego, ao redor do 40% do persoal que se dedica aos labores de investigación, desenvolvemento e docencia son mulleres.

A presenza feminina nas aulas universitarias alcanza cotas lixeiramente superiores á dos homes, ao redor do 56%.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

As tres universidades galegas , financiadas pola comunidade autónoma manteñen na súa estrutura orgánica unha unidade específica en materia de igualdade de xénero

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Universidades

III.1.4. PROGRAMA 422D - EDUCACIÓN ESPECIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa destínase a atender , en base aos principios de normalización e inclusión, as escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, en canto ao funcionamento diario dos centros e as súas infraestruturas, de xeito que poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

a) Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que escolarizan ao alumnado de educación especial.
b) Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados que escolarizan ao alumnado educación especial (incluído o pagamento delegado dos salarios do persoal docente destes centros)
c) Paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas deste colectivo.
d) Substituír o mobiliario e o equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto.
e) Escolarizar adecuadamente e garantir a formación e a atención especializada do alumnado con necesidades educativas especiais.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.03), consiste en mellorar a calidade da educación e os resultados escolares dos centros educativos de educación especial, en especial mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas .

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 - 2020 cuxo obxectivo temático (coa identificación 10) consiste en investir na educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente. A prioridade de investimento (coa identificación 10a) desta axuda consiste en investir na educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación. O obxectivo específico (coa identificación 10.1.1) desta axuda e o de mellorar as infraestruturas de educación e formación. Por último, a categoría de intervención desta axuda son as infraestruturas educativas para a educación e formación profesional e a aprendizaxe de adultos coa identificación CI050.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Nenas e nenos de entre 3 e 21 anos de idade que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades de aprendizaxe,...

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Comunidade autónoma conta con centros de educación especial que necesitan a realización de actuacións periódicas de reforma, reparación e conservación, tendo en conta a antigüidade das edificacións existentes, debendo ser adecuados estrutural e funcionalmente.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciables da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente, os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario, finalidade, que no caso que nos ocupa, busca proporcionarlle ao alumnado con necesidades educativas especiais o máximo desenvolvemento persoal, social e emocional, así como o logro dos correspondentes obxectivos curriculares.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 14/2013, do 26 decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

- Lei 8/2013. de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para alcanzar os fins sinalados a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional realizará as actuacións necesarias, dentro dos recursos dispoñibles, de reparacións e melloras dos centros existentes, para atender adecuadamente a este alumnado, dotándoos dunhas instalacións máis axeitadas.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional préstalle atención ao alumnado con necesidades educativas especiais mediante unha rede pública e concertada de centros docentes que atenden as súas necesidades, así como aos programas educativos que engadan un valor a estas ensinanzas.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir no obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.03) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Acadar que o alumnado logre os obxectivos formativos da ensinanza ordinaria.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actuacións de mellora dos centros educativos de educación especial permiten o mantemento de prazas escolares que redundan na conciliación da vida familiar-laboral e polo tanto promoven a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

A consellería aposta por unha educación inclusiva en centros educativos ordinarios, deixando á elección dos pais a escolarización dos seus fillos e fillas en centros de educación especial.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.

Estase a avaliar a implantación dunha nova estratexia na adquisición de material para ensinanzas de educación especial que mellore a actual transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.5. PROGRAMA 422E - ENSINANZAS ARTÍSTICAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender o funcionamento diario dos centros públicos de ensinanzas artísticas de titularidade da consellería e as súas infraestruturas:

a) Os conservatorios de música e danza
b) As escolas de arte e superiores de deseño
c) A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais
d) A Escolar Superior de Arte Dramática

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanzas artísticas na comunidade autónoma apreciándose como demandas máis relevantes as seguintes:

- Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanzas artísticas.
- Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.

Dentro das ensinanzas en réxime especial atópanse as ensinanzas artísticas. Estas últimas están integradas por:

- Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño: abordan a aprendizaxe das técnicas artísticas, así como os oficios tradicionais de contido artístico. Estrutúranse en familias

profesionais (semellantes ás da formación profesional) e comprenden unha serie de ciclos de grao medio e de grao superior, de dous cursos en ambos os casos.

- Estudos superiores de deseño: responden á necesidade de lles proporcionar aos futuros profesionais unha adecuada formación artística, científica e técnica, así como unha formación de calidade e unha titulación superior nos distintos ámbitos do deseño. Abranguen catro especialidades: deseño gráfico, deseño de interiores, deseño de moda e deseño de produtos.
- Estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais: teñen como finalidade a formación de profesionais no mundo da restauración e da conservación de bens culturais e integran coñecementos tanto artísticos coma científicos e tecnolóxicos, en distintas especialidades: pintura, escultura e arqueoloxía.
- Ensinanzas de arte dramática: están enmarcadas nas ensinanzas artísticas superiores e teñen como obxectivo proporcionar unha formación práctica, teórica e metodolóxica, a través da creación e investigación nos ámbitos relativos á interpretación, dirección escénica e dramaturxia, e escenografía.
- Ensinanzas de música e de danza: poden ser regradas (grao elemental, profesional ou superior) e non regradas. As primeiras conducen a unha titulación oficial, común para todo o Estado, e pódense cursar exclusivamente en conservatorios públicos e en centros privados autorizados de música ou de danza. Pola contra, as ensinanzas non regradas non conducen a titulación ningunha nin seguen un currículo oficial e cúrsanse nas escolas de música ou de danza, moitas delas de titularidade municipal ou dependentes de asociacións sen ánimo de lucro.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.04), consiste en mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e os seus resultados.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As ensinanzas de música e de danza pódense cursar a partir dos 8 anos nos graos elementais, e a calquera idade nos graos profesionais, así como nas escolas de música en ensinanzas non regradas.

Ademais, en Galicia ofértase o grao superior, equivalente aos estudos universitarios de grao, no ámbito da música, así como na arte dramática, nas artes plásticas e o deseño, e na conservación e restauración de bens culturais, as que se poden acceder as persoas maiores de 18 anos.

Coa publicación do Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos de ensinanzas especiais, realizouse un axuste nos prezos públicos para estas ensinanzas que tivo efectos neutros sobre a matrícula, como consecuencia de que a subvención reguladora do custo das ensinanzas mantívose

en promedios superiores ao 95% e que se ampliaron os supostos de exención e pagamento da matrícula aos distintos colectivos con dereito a bonificación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As ensinanzas de música divídense en regradas e non regradas. As primeiras pódense cursar exclusivamente nos centros autorizados de música e nos conservatorios, mentres que as segundas pódense cursar nas escolas de música. Os estudos regrados de música divídense en tres etapas: grao elemental, grao profesional e estudos superiores. Os dous primeiros graos poden cursarse, ademais de nos sete conservatorios profesionais dependentes da Consellería, noutros 27 conservatorios públicos dependentes dos concellos, así como en distintos centros privados autorizados. Mentres que os estudos superiores pódense cursar nos dous conservatorios superiores de música, da Coruña e Vigo.

Por outra banda, ante o proceso de converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior, cada vez é maior o número de alumnos e alumnas que cursan ensinanzas artísticas superiores que participan no programa de mobilidade Erasmus. Tendo en conta que as axudas propias do programa son moi baixas, estableceranse unhas axudas complementarias que lles faciliten o acceso e a realización deste tipo de estadías noutras institucións superiores de países de Unión Europea.

Finalmente, dende o ano 2015 os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais, que teñen carácter anual, están destinados ao alumnado que supere os seus estudos profesionais de música, danza ou de artes plásticas e deseño cun grao de excelencia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013. de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.

- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (desenvolvida polo Decreto 35/2002 e modificado polo Decreto 74/2013)).
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagoxía, na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagoxía na comunidade autónoma de Galicia .
- Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de bens arqueolóxicos, escultura e pintura, na comunidade autónoma de Galicia.

- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais en desenvolvemento do Decreto 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de Bens Arqueolóxicos, Escultura e Pintura na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática en desenvolvemento do Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 171/2016, do 24 de novembro, polo que se establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios.
- Orde do 8 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2017/18.
- Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional tenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

As escolas de artes e conservatorios de música deben ser dotados de mobiliario e equipamento didáctico acorde coas ensinanzas que neles se imparten.

O labor desenvolvido no ámbito da música pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coa dotación e o sostemento dos conservatorios de música dependentes dela, vese complementado polas iniciativas de moitos concellos da comunidade autónoma, que dende hai anos realizan un importante labor a través da creación e sostemento de escolas de música e de conservatorios que tamén imparten ensinanzas regradas de música, e tamén da oferta privada.

Finalidades previstas:

- Adecuación progresiva das ensinanzas superiores ao novo Espazo Europeo de Educación Superior coa implantación dos novos plans de estudos superiores de ensinanzas artísticas.
- Establecer convenios con entidades públicas e privadas que fomenten a excelencia musical e a práctica orquestral do alumando dos conservatorios profesionais e superiores.
- Establecer axudas complementarias para o alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores que participan no programa de mobilidade Erasmus. Tendo en conta que as axudas propias do programa son moi baixas, cómpre establecer, na mesma liña que para o alumnado universitario, unhas axudas complementarias que faciliten o acceso e a realización deste tipo de estadías noutras institucións superiores de países de Unión Europea.
- Creación e potenciación de seccións bilingües nos centros de ensinanzas artísticas.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.04) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En todos os procesos de selección para o acceso ás ensinanzas artísticas cómpre superar unha proba de capacidade e de coñecementos específicos básicos para poder cursar con aproveitamento as ditas ensinanzas. Estes procesos réxense, con carácter xeral, polos criterios de igualdade, mérito e capacidade, en función dos distintos niveis e especialidades, nos que non se aplica ningún tipo de medida que implique unha asignación de prazas en función do xénero dos aspirantes.

Neste senso, cómpre sinalar que existe unha demanda moi desigual nas distintas ensinanzas en función da especialidade, por parte de alumnos e alumnas, como por exemplo na danza, moda e nalgunhas especialidades de música, nas que case a totalidade de aspirantes son mulleres.

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas para realizar durante o ano 2019 son as seguintes:

a) Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
b) Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

No ámbito das ensinanzas artísticas o alumnado matriculado é maioritariamente do xénero feminino, polo que o maior número de beneficiarias del son mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.

Estase a avaliar a implantación dunha nova estratexia na adquisición de material para ensinanzas artísticas que mellore a actual transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

Dende o punto de vista de acceso a estas ensinanzas , non resulta aconsellable establecer novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, xa que para o acceso ás ensinanzas artísticas, en todos os seus niveis e ámbitos, é imprescindible superar unha proba na que as persoas aspirantes amosen as súas capacidades e coñecementos para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Os datos de matrícula confirman que o maior número de persoas que superan as probas e acceden a estas ensinanzas son mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.6. PROGRAMA 422G - ENSINANZAS ESPECIAIS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Con este programa son atendidas as obrigas relacionadas co funcionamento das escolas oficiais de idiomas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O dominio das competencias comunicativas en linguas modernas constitúe un dos principais obxectivos nas políticas educativas europeas. O crecemento da demanda de ensinanzas especializadas de idiomas por parte de amplos sectores profesionais, así como do ámbito académico, especialmente en lingua inglesa, xustifica a adopción de medidas que potencien a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

As ensinanzas de idiomas son de réxime especial e abordan os estudos de idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, co obxecto de capacitar e acreditar ás persoas no dominio das distintas destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas. As ensinanzas estrutúranse nos niveis básico, intermedio e avanzado (de acordo co Marco Común Europeo de Referencia das Linguas).

En materia de infraestruturas tense estudado a situación dos centros educativos que imparte ensinanzas especiais na comunidade autónoma apreciándose un aumento considerable da demanda por parte do alumnado deste tipo de ensinanzas, implicando a creación de novas prazas, así como a necesidade de reparacións e adaptación dos centros existentes. Concretamente nos orzamentos 2019 prevese investir en obras de reparación das EOI, en particular na cuberta da EOI de Ferrol.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.04), consiste en mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e os seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As ensinanzas especializadas de idiomas van dirixidas a aquelas persoas que desexan, ao longo da súa vida, adquirir ou perfeccionar as súas competencias nunha ou varias linguas estranxeiras, con fins xerais ou específicos, así como obter para o mercado laboral unha certificación transparente do seu nivel de competencia no uso das devanditas linguas.

Na Comunidade autónoma de Galicia hai 11 escolas oficiais de idiomas, con seccións en varias localidades, nas que se poden cursar os correspondentes estudos (alemán, árabe, chinés, francés, inglés, italiano, portugués, ruso, xaponés, español e galego), ademais da oferta da modalidade a distancia de inglés a través do programa That's English!

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na Comunidade autónoma de Galicia fóronse creando progresivamente escolas oficiais de idiomas atendendo a criterios de distribución xeográfica. Así, desde a creación en 1969 do primeiro destes centros, a EOI da Coruña, existe na actualidade unha rede de 11 escolas, das que dependen 30 seccións situadas en IES, ademais da oferta da modalidade a distancia de inglés a través do programa That's English! en 23 centros (escolas oficiais de idiomas e institutos de ensino secundario), que posibilita o estudo dos niveis básico e intermedio nesta lingua.

As ensinanzas que imparten as escolas oficiais de idiomas, que xorden cun carácter marcadamente práctico (ben para completar a formación xa adquirida, ou ben para satisfacer as necesidades profesionais do alumnado), están estruturadas en tres niveis (básico, intermedio e avanzado), cunha duración xenérica de dous cursos para o nivel básico, de tres cursos para o nivel intermedio e de tres cursos para o avanzado (tres no caso do nivel básico e cinco de nivel intermedio en chinés e xaponés, e cinco no caso do nivel intermedio de árabe, e catro no nivel intermedio de ruso). Os niveis básico, intermedio e avanzado corresponden cos niveis A, B e C, respectivamente, do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL). Aquel alumnado que supere as probas de certificación de cada un dos niveis, ben polo réxime oficial ou polo réxime libre, recibe o certificado correspondente.

O Plan galego EDULINGÜE: Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020, recolle entre os seus obxectivos a formación do profesorado especialista e non especialista que imparta ensinanzas nos centros plurilingües e seccións bilingües a través dun plan de formación específico en idiomas que inclúa tanto a formación presencial, como semipresencial e telemática, no idioma inglés, francés, alemán e portugués. Neste contexto as escolas oficiais de idiomas deben desempeñar socialmente un papel integrador como centros de formación en linguas, sensibles a todas as demandas da cidadanía, busca lograr os seguintes obxectivos:

a) Manter unha oferta variada, flexible e atractiva para a aprendizaxe das linguas e asegurar a coordinación das escolas oficiais de idiomas cos outros organismos de formación permanente.

b) Difundir e promover as ocasións de recoñecemento e certificación de competencias lingüísticas dentro do MECRL co fin de que as sociedade galega estea preparada para o mundo laboral a nivel internacional.

c) Promover o uso do Portfolio Europeo das Linguas para fomentar unha mobilidade persoal e profesional fluída a nivel internacional.

d) Promover unha educación que recoñeza e valore a riqueza da diversidade lingüística e cultural entre as persoas adultas.

e) Manter e realizar as correspondentes melloras nos edificios educativos destinados a este fin.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 20 de agosto, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as de este real decreto.

- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través das escolas oficiais de idiomas a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional fomentará o estudo doutras linguas que por razóns culturais, sociais ou económicas resulten dun interese especial, así como a impartición de cursos para a actualización de coñecementos de idiomas, destinados ao profesorado e a outros colectivos profesionais.

Polo que se crearán novas prazas destinadas a este fin e se realizarán as actuacións de reparacións, ampliacións e melloras que sexan necesarias nos centros de ensinanzas especiais existentes.

As actividades que se levarán a cabo para a materialización dos obxectivos deste programa, no referente ás ensinanzas especializadas de idiomas, son as seguintes:

Cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) en inglés, francés e portugués dirixidos ao profesorado que imparte docencia en seccións bilingües e centros plurilingües, referenciados aos niveis A2, B1, B2, C1 e C2 do MECRL.

- Cursos de formación do profesorado en idiomas, en colaboración cos centros de formación e recursos, nas diversas linguas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.
- Cursos preparatorios para os certificados de lingua galega CELGA en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior para persoal funcionario en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Cursos de formación en inglés e francés para o profesorado participante no programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE).
- Cursos de especialización e perfeccionamento de inglés audiovisual.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.04) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Aumentar o número de persoas que reciben unha validación e acreditación de coñecementos en idiomas estranxeiros.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas ensinanzas de idiomas de réxime especial cómpre sinalar que existe unha demanda moi similar nas ensinanzas de idiomas por parte de homes e mulleres. Estas ensinanzas van dirixidas a persoas adultas e a asignación de prazas realízase por sorteo; polo que non se precisa da aplicación de criterios compensatorios por cuestións de xénero.

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualda-

de que, en cumprimento da Lei orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Mediante a análise da porcentaxe de ocupación de sexos en función do seu coñecemento de idiomas, espérase unha redución progresiva da brecha de xénero no acceso ao mercado laboral por parte das mulleres, ao ofertarlles a posibilidade de completar o seu currículo co coñecemento doutros idiomas.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

No ámbito das ensinanzas de idiomas de réxime especial o alumnado matriculado é maioritariamente do xénero feminino, polo que o maior número de beneficiarias do mesmo son mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN,

DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.

Non resulta aconsellable establecer novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, xa que para o acceso ás de idiomas de réxime especial, en todos os seus niveis, é imprescindible superar unha proba na que as persoas aspirantes amosen as súas competencias lingüísticas para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Os datos de matrícula confirman que o maior número de persoas que acceden a estas ensinanzas son mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.7. PROGRAMA 422I - FORMACION E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A través do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade autónoma de Galicia, articúlase a formación permanente como o conxunto de actividades que perseguen a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros. Así mesmo, deberán incluír formación específica sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación no ensino e a formación en linguas estranxeiras do profesorado, independentemente da súa especialidade.

O cambio normativo derivado do novo deseño curricular, segundo a LOMCE, conleva a necesidade de formación de todo o profesorado polo que e a estratexia pasa por levar a cabo actividades a través da rede de formación do profesorado, pero sobre todo a través de plans de formación permanente do profesorado en centros (PFPP).

A Administración educativa planificará as actividades de formación permanente do profesorado, garantirá unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades e establecerá as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

A finalidade da formación permanente é a de promover o desenvolvemento das competencias profesionais do profesorado para a mellora da práctica educativa.

A planificación da formación permanente do profesorado realizarase a través do plan estratéxico e dos plans anuais tratando de dar resposta ás estratexias da consellería, as liñas e programas prioritarios do sistema educativo galego.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.05), consiste en garantir a capacitación adecuada do profesorado a través da formación permanente que lles permita afrontar os retos do sistema educativo galego e adaptar as novas ensinanzas ás novas necesidades formativas derivadas da implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Actualizar a formación do profesorado para adecuar os seus coñecementos e métodos de ensino á evolución da ciencia e da didáctica, á utilización das TIC, ás linguas estranxeiras e a todos os aspectos que incidan na calidade do ensino.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Profesorado de niveis de ensino non universitarios, dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparte as ensinanzas contempladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No curso 2010-2011 publicouse o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Nel modificáronse as estruturas de formación, para permitir a súa adaptación aos novos retos e obxectivos da consellería, como son a mellora da competencia lingüística do profesorado, a formación on-line e a implantación de procesos de mellora da calidade da formación.

Neste decreto creouse o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) que realiza, entre outras funcións, o deseño e desenvolvemento da formación a distancia e da formación do profesorado de formación profesional. Con novo decreto mantéñense os centros de formación e recursos e créase unha rede de centros educativos de apoio á formación permanente do profesorado.

O cambio normativo instaurado pola LOMCE e a aprobación de diversas estratexias por parte da consellería (EDULINGÜE, EDUDIXITAL e EDUCONVIVES) e a dimensión do colec-

tivo do profesorado de Galicia esixen continuas actuacións formativas sobre os novos deseños curriculares iniciados coa implantación da LOMCE.

A implementación en Galicia dun Marco propio de competencias profesionais docentes xunto co desenvolvemento de plans de formación específicos dos eixos do sistema educativo (plurilingüismo, educación dixital e STEM, función directiva, igualdade de oportunidades, atención a diversidade e convivencia entre outros) precisa dun novo pulo do sistema de formación co seu correspondente acompañamento orzamentario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de educación (LOE).
- Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e innovación e das titulacións.
- Orde do 13 de xullo de 2018 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2018, e a súa correspondente para o ano 2019
- Resolución do 28 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2018-2019.
- Resolución do 15 de maio de 2018 pola que se convocan licencias por formación para o curso 2018/19 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión.
- Resolución do 7 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2018-2019.
- Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estratexia Galega de Educación Dixital (edudixital) 2020.
- Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 (educonvives.gal)
- Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras (EDUlingüe) 2020
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Actividades:

Nos plans anuais de formación do profesorado desenvolveranse os obxectivos anuais a través de medidas e accións concretas. Os plans anuais poderán incluír plans específicos de formación para distintos colectivos do profesorado, entre outros, os que exercen funcións directivas,o profesorado de formación profesional e o de ensinanzas de réxime especial, contando coa participación dos servizos competentes nestas ensinanzas.

Os Plans de formación anuais conterán unha oferta formativa diversificada en diferentes modalidades:

- Formación presencial
- Formación a distancia
- Formación semipresencial ou mixta
- Formación derivada da implantación LOMCE
- Formación derivada das estratexias da consellería (educonvives, edulingüe e edudixital) e de participación nos programas educativos de centro que as conforman.
- Plans de formación permanente do profesorado en centros (PFPP)
- Cursos, xornadas, encontros, congresos
- Formación entre iguais nos propios centros (proxectos de formación, grupos de traballo e seminarios permanentes), así como observación inter-pares e inter-centros.
- Formación específica para a acreditación da función directiva e da formación en igualdade.

Favorecer a formación do profesorado dos CIFP para que posteriormente desenvolva accións de formación destinadas a docentes e formadores doutros centros de formación profesional.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.05), é mellorar as competencias profesionais docentes a través da formación permanente do profesorado ao longo da súa carreira profesional.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A formación permanente do profesorado baséase no principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, permitindo o acceso a todo o colectivo docente a unha formación permanente de calidade e buscando a capacitación profesional para o traballo co alumnado para que acaden as competencias e coñecementos imprescindibles para o seu pleno desenvolvemento na sociedade do coñecemento.

Ademais, a formación permanente do profesorado, como proceso de revisión e actualización dos coñecementos, actitudes e habilidades, é un factor clave da calidade do sistema educativo e do fomento de políticas de igualdade, na medida en que exerce a función de transmisión de valores e modelos de comportamento para o alumando. Neste sentido, por medio da planificación formativa actual ten que darse resposta aos compromisos establecidos no Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade autónoma de Galicia.

As accións contempladas no I Plan de Igualdade no ámbito educativo terán acomodo dentro da dotación orzamentaria prevista neste programa de gasto.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas para realizar durante o ano 2019 son as seguintes:

a) Formación do profesorado en estratexias para o fomento de actitudes e valores entre o alumnado que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación.
b) Inclusión da corresponsabilidade e da conciliación como principios de igualdade na formación inicial do novo persoal funcionario docente.
c) Impulso das Escolas de Nais e Pais,(ENAPAS), como instrumento de acción coeducativa e de concienciación sobre o necesario reparto equilibrado das tarefas doméstico familiares entre mulleres e homes e a importancia dun uso axeitado dos tempos.
d) Facilitación de servizo de ludoteca durante as accións formativas do profesorado realizadas en fin de semana.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X

Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

A promoción da igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero son unha prioridade do sistema educativo dentro do I Plan de Actuacións para a Igualdade nos Centros Educativos de Galicia 2016-2020, no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 (Educonvives.gal).

Co obxecto de sentar os alicerces para o efectivo desenvolvemento destes plans e estratexias, así como de apoiar os obxectivos e fins establecidos nas diferentes normativas, tanto estatais como autonómicas e, en especial, o previsto no Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Plan Anual de Formación Permanente do Profesorado conta cunha ampla oferta formativa tanto básica como avanzada.

As diferentes actividades de formación poden consultarse telematicamente.

Desta oferta destacamos as actividades encamiñadas a:

- Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero para novo persoal funcionario, cunha duración mínima de 20 horas, de acordo co previsto na disposición adicional segunda do devandito decreto.
- Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero, cunha duración mínima de 20 horas, á disposición de todo o persoal docente de centros sostidos con fondos públicos.
- Formación básica en igualdade no ámbito educativo, cunha duración mínima de 30 horas. Ofertaranse cursos específicos para equipos directivos, departamentos de orientación, profesorado de infantil e primaria, e profesorado de educación secundaria, FP e de adultos.
- Actividades formativas vinculadas ao Plan Proxecta de innovación educativa. Prioritarias para o profesorado involucrado nos programas deste plan pero abertas, no seu caso, ao resto de docentes.
- Actividades de formación avanzada, cunha duración mínima de 50 horas, dedicadas a afondar nos aspectos vinculados á coeducación, á prevención primaria e secundaria da violencia

machista na escola, á educación con perspectiva de xénero, ás datas de conmemoración do calendario escolar en relación coa igualdade e á comunicación igualitaria, entre outras.

Ademais, a través dos Plans de Formación Permanente do Profesorado, como actividades de formación en centros que mellor se adaptan a unha metodoloxía de traballo proactivo centrado na realidade particular de cada centro, poderase adquirir unha formación de carácter especializado. Para iso, os centros que opten por un plan formativo en igualdade, poderán contar co apoio e asesoramento dos Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa a través da Asesoría de Igualdade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O programa está deseñado, tanto en oferta como en temática, de xeito que facilite o mantemento da proporción equitativa entre homes e mulleres con respecto á proporción que se da no colectivo.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

No profesorado galego a proporción é dun 69% de mulleres e un 31% homes. A formación do profesorado arroxa un saldo de un 26% de certificacións de formación do profesorado a homes e un 74% a mulleres. Polo tanto o programa garante formación correspondente á proporción entre homes e mulleres no sistema educativo galego, cun sesgo positivo cara as mulleres, de xeito que constatan medidas favorecedoras e compensadoras de desigualdades.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.

A perspectiva de xénero implántase de xeito transversal na formación do profesorado. A medida na que se está a traballar é o aumento da oferta de cursos en liña e mixtos que favorezan, así como durante o horario lectivo, que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar, particularmente nas áreas nas que as mulleres están subrepresentadas, como pode ser a do profesorado de FP.

Así mesmo, na formación interna da propia Rede de Formación do Profesorado, estase a facer fincapé no deseño de actividades formativas que integren unha linguaxe inclusiva e coeducada.

Finalmente débese mencionar que nas actividades de gran formato realizadas en sábado contarase cun servizo de ludoteca de 3 a 12 anos baixo demanda para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e a corresponsabilidade dos e das docentes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

III.1.8. PROGRAMA 422M - ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e educación de persoas adultas que representan o 46% do alumnado non universitario. Preto do 49 % da dotación do programa destínase a satisfacer as nóminas dos máis de 14.000 docentes dedicados a estas ensinanzas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En materia de infraestruturas trátase de atender:

- A demanda de postos escolares en determinados centros educativos da comunidade autónoma.
- A situación de deterioro provocada polo uso e antigüidade dos centros existentes, así como nalgún caso a inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais.
- A reposición do mobiliario e equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto, así como o necesario para os novos centros educativos e ás adaptacións curriculares.

A estas actuacións cabe engadir a necesaria mellora na eficiencia enerxética dos edificios, que redunda no aumento do confort térmico e redución do consumo enerxético.

A nivel económico- financeiro, este programa atende as seguintes necesidades:

a) Financiar os gastos do persoal deste programa, que supoñen o 48,46 % do capítulo I da consellería.
b) As contas dos orzamentos 2019 incluirán os recursos necesarios para cumprir os compromisos derivados do Acordo Plurianual asinado coas centrais sindicais CCOO e FeST-UGT o 18 de xullo de 2018 sobre o aumento das retribucións salariais das persoas que

integran o corpo docente, como unha das actuacións enmarcadas nunha estratexia máis ampla e prioritaria dirixida a reforzar o prestixio da función docente de Galicia.

c) Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de ensino secundario e de formación profesional de titularidade da consellería.

d) Mellorar a calidade do ensino mediante a aplicación de fondos europeos aos gastos de funcionamento dos centros nos que se imparten ciclos de formación profesional, centros nos que se aplican medidas de orientación, reforzo e apoio, etc..

e) Asumir baixo a súa responsabilidade a vixilancia e o control da saúde dos 14.000 efectivos que, aproximadamente, constitúen o persoal docente que presta servizo nestes centros, dando así cumprimento ao mandato 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.

Polo que se refire a formación profesional, a Lei Orgánica 5/2002 das cualificacións e da formación profesional establece o marco básico da integración dos subsistemas de formación profesional. Ten como fines capacitar para o exercicio da actividade profesional, satisfacendo as necesidades individuais e de emprego; promover unha oferta formativa de calidade; proporcionar información e orientación profesional e de cualificacións para o emprego; incorporar ás ofertas formativas aquelas accións de formación que capaciten para desenvolver actividades empresariais e o espírito emprendedor; e avaliar e acreditar a cualificación profesional calquera que fose a forma da súa adquisición. Estes fines establecen a liña de actuación a seguir e á que, sen dúbida, se deben de adecuar as accións que se desenvolvan en materia de formación profesional.

O Sistema de cualificacións e de formación profesional de Galicia desenvolveuse de xeito integral constituíndo un mecanismo estrutural para a formación inicial e continua e para a aprendizaxe permanente da sociedade galega, partindo do marco legal das cualificacións e da formación profesional, que require que as comunidades autónomas desenvolvan as iniciativas que lles corresponden en orde á configuración dos seus respectivos sistemas de cualificacións e FP.

No ano 2009 publicouse o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo (BOE do 25 de agosto), de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral que desenvolve o establecido no artigo 8.4 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e establece o procedemento e os requisitos para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, así como os seus efectos. Unha medida para favorecer a educación e a formación profesional e contribuír á consecución dos obxectivos do cumio de Lisboa do ano 2000, coa finalidade de facilitar a empregabilidade da cidadanía, a mobilidade, fomentala a aprendizaxe ao longo da vida e favorecer a cohesión social, especialmente daqueles colectivos que carecen dunha cualificación recoñecida, e a Axenda 2020, obxectivos prioritarios onde a consellería está a conquerir os niveis fixados para España se ben incluso cun adianto no calendario previsto.

Asemade, o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Un marco normativo que regula a formación profe-

sional do noso sistema educativo, que permita a definición dos currículos dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior, de xeito que adapten as novas titulacións ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo correspondente canto a especialización e polivalencia, de xeito que se posibilite a inserción laboral cualificada e unha proxección profesional futura, de feito mais de 100 decretos xa foron adaptados á nova situación.

Por outra banda, no ano 2012 publicouse o Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. Esta norma facilita a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinados os procesos de ensinanza e aprendizaxe na empresa e no centro de formación. Procede avanzar decididamente nunha formación profesional na que a empresa e o centro de formación profesional incrementen os seus vínculos, que xunten esforzos e favorezan unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 12/2006, do 3 de maio, creou os ciclos de formación profesional básica dentro da formación profesional do sistema educativo, como medida para a loita contra o abandono educativo temperán. Estes ciclos inclúen, ademais do desenvolvido con carácter xeral para a formación profesional, módulos relacionados coas ciencias aplicadas e sociais que permitirán ao alumnado acadar e desenvolver as competencias de aprendizaxe permanente para continuar estudos de ensinanza secundaria postobrigatoria.

A ensinanza de formación profesional básica (FPB) substitúe aos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI), e como medida de redución do abandono escolar, provocou un importante incremento de oferta para absorber ao volume de alumnado que permita a citada redución do abandono escolar. Ademais, a configuración da nova ensinanza FPB con dous cursos académicos obrigatorios, esixe un maior investimento, dado que os PCPI, tiñan só un curso de carácter obrigatorio. Consolídase a oferta da formación profesional básica unha vez implantada en todos os cursos.

Outro importante aspecto da modificación realizada pola LOMCE é que ten un importante impacto económico é a xeneralización de materias voluntarias para o alumnado que estea a cursar ciclos de grao medio, coa finalidade de facilitar a súa transición cara outras ensinanzas, e outras materias relacionadas co campo ou sector profesional que estea a cursar, cuxa superación facilitará á admisión a ciclos formativos de grao superior.

Neste contexto, cada ano esta consellería aposta decididamente por un plan de formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida, que dea resposta ás necesidades de cualificación do noso sistema produtivo, poñendo en marcha todas as accións formativas que se requiran dentro dos diferentes niveis de cualificación establecidos no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

O establecemento dunha oferta de ensinanzas de formación profesional na modalidade a distancia, favorece á formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida. Esta modalidade, caracterízase pola súa flexibilidade, de xeito que permite ás persoas adultas a posibilidade de combinar o estudo e a formación coa actividade laboral, coas cargas familiares ou con outras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais. Os principais obxectivos desta modalidade de formación son por tanto os seguintes:

- Favorecer a formación ao longo de toda a vida, acomodándose ás expectativas e ás situacións persoais e profesionais, incluíndo o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Ofrecerlles ás persoas adultas a oportunidade de accederen ás ensinanzas de formación profesional, nomeadamente a quen teña dificultade para asistir na modalidade presencial.

Para reforzar esta flexibilidade, en Galicia prevese a posibilidade de ofrecer as ensinanzas de formación profesional en unidades formativas de menor duración certificables no ámbito da propia comunidade autónoma. Ademais, esta formación poderá concentrarse en determinados períodos do ano, polo que se adapta mellor aos intereses das persoas adultas.

A implantación dun sistema de recoñecemento, avaliación e certificación de competencias contribúe, non só a unha maior transparencia do mercado de traballo, senón ao incremento da información que as empresas teñen do potencial dos seus recursos humanos, permite ofertar unha formación máis axeitada ás necesidades do mundo produtivo. Así mesmo, o novo portal de orientación, contribuirá, sen dúbida, dun modo eficaz á hora de dar a información e orientación ás persoas na elección das mellores oportunidades de aprendizaxe, formación e emprego. Poranse en marcha preferentemente nestes centros as iniciativas emprendedoras e de innovación e desenvolvemento en materia de formación profesional e cualificacións.

Así mesmo, en complemento do resto de ofertas flexibles de formación profesional nos distintos réximes e modalidades, continuarase implantando de xeito progresivo a formación profesional dual en Galicia, baseada nunha maior colaboración e participación das empresas nos sistemas de formación profesional, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, así, permitir que estas coñezan de maneira máis próxima a formación que recibe a mocidade, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas.

A potenciación da rede de centros integrados é o eixo no que se desenvolven as principais accións de integración dos subsistemas de formación profesional, así como de orientación profesional, polo que xunto co resto dos centros que imparten formación profesional no sistema educativo, deben de contar coas instalacións e recursos suficientes para levar a cabo o seu cometido, que deberá desenvolverse nun proceso de calidade e mellora continua, tanto nas accións formativas como nos procesos administrativos que se desenvolvan.

No ámbito da demanda de ensinanzas de réxime xeral, nos niveis de bacharelato e formación profesional, engloba as seguintes actuacións referidos a cada un destes niveis:

- Bacharelato: comprende dous cursos académicos, que normalmente se cursarán entre os dezaseis e os dezaoito anos de idade. Ten tres modalidades diferentes: ciencias, humanidades e ciencias sociais, e artes. Para poder acceder aos estudos de bacharelato o alumnado precisa contar co título de graduado en educación secundaria ou equivalente.
- Ciclos formativos de formación profesional: son ensinanzas que teñen unha estrutura modular, inclúen un módulo de formación práctica. Aos ciclos de formación profesional básica accede o alumnado que non ten un título de educación secundaria, principalmente persoas de 15 e 16 anos que estando a cursar 3º de educación secundaria obrigatoria foron propostos polo equipo docente para realizar as ensinanzas de FP básica. Aos ciclos de grao medio accédese co título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou de formación profesional básica e ao grao superior co título de bacharelato ou co título de técnico en FP. Tamén se pode acceder a través dunha proba regulamentada polas administracións educativas.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.08) consiste en potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria, mellorando a calidade das ensinanzas e facilitando o acceso a unha formación cualificada profesional polivalente e especializada que mellore a empregabilidade e a súa adaptación aos cambios, modernizando os ciclos, os procedementos e os medios dos centros educativos de ensinanza secundaria obrigatoria e formación profesional .

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 - 2020 cos seguintes obxectivos temáticos, prioridades de investimento, obxectivos específicos e categorías de intervención:

O obxectivo temático (coa identificación 10) consiste en investir na educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente. A prioridade de investimento (coa identificación 10a) desta axuda consiste en investir na educación, e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación. O obxectivo específico (coa identificación 10.1.1) desta axuda e o de mellorar as infraestruturas de educación e formación. Por último, as categorías de intervención desta axuda son as infraestruturas educativas para a educación e formación profesionais a e aprendizaxe de adultos coa identificación CI050 e as infraestruturas educativas para ensinanza escolar (ensinanza primaria e secundaria xeral) coa identificación CI051.

No período 2016-2018 investíronse máis de 5 millóns no novo IES de Soutomaior, xa en funcionamento, que xunto coas ampliacións no IES María Sarmiento, IES de Teis, IES Francisco Asorey de Cambados, e adecuación no IES María Soliño, supoñen un investimento de 8,5 millóns. Ademais investíronse máis de 2,5 millóns nas ampliacións do IES Universidade Laboral de Ouren-

se, fase I do IES Laxeiro de laín, CIFP Anxel Casal de Montealto, IES As Mariñas de Betanzos, IES Marco do Camballón de Vila de Cruces, IES Monte Neme de Carballo e IES Johan Carballeira de Bueu, para mellora das instalacións onde se imparten ciclos de formación profesional.

No 2019 continuarase coa a ampliación fase II do IES Laxeiro de Lalín. Ademais prevese actuar no CIFP Politécnico de Santiago de Compostela co obxecto de adecuar as instalacións aos ciclos de nova implantación, consecuencia das novas necesidades xurdidas no mercado laboral e avance na implantación da Formación Profesional dual, en colaboración coas empresas que acollen aos alumnos en formación. Actuarase no IES Sanxillao ampliando as súas instalacións para as familias profesionais de cociña e restauración. Tamén se ampliará para mellorar as instalacións da formación profesional no IES Salvaterra de Miño. Reformaranse instalacións nos CIFP Politécnico de Santiago e CIFP Someso para adecualas á demanda enerxética actual. Así como no IES Universidade Laboral de Culleredo onde é necesario actuar na instalación de calefacción.

Como novidade crease unha nova liña de actuación en centros de carácter histórico, que polo valor dos elementos arquitectónicos a preservar necesitan intervencións individualizadas e especializadas.

Así mesmo conta co apoio do Fondo Social Europeo (FSE) vinculado ao programa operativo do FSE para o período 2014-2020, dentro do obxectivo temático 10, e os obxectivos específicos 10.01.01- reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizadas e de proxectos e o 10.04.01 aumentar a participación na Formación Profesional de grao medio e superior, mellorar a calidade da Formación Profesional.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Poboación infantil e xuvenil con idades comprendidas entre os 12 e os 21 anos (preto de 165.000).

Persoas adultas maiores de 18 anos que seguen ensinanzas de formación profesional e educación de persoas adultas:

a) Persoas inmigrantes que demandan ensinanzas de galego e castelán como medio de integración laboral e social.
b) Persoas que demandan eses mesmos servizos nos centros de educación de persoas adultas con sede nos centros penitenciarios de Galicia (cinco en total).
c) Mozos e mozas que, despois de abandonar o sistema educativo sen o título básico do sistema, demanda formación para obtelo.
d) Persoas adultas estritamente falando que, por prescricións do medio laboral ou dos propios servizos públicos de emprego, demanda unha titulación básica ou de formación profesional.

e) Persoas que se presentan ás probas libres para a obtención do título da ESO, do bacharelato ou da formación profesional.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na comunidade autónoma de Galicia a media dos centros de ensino secundario e de formación profesional é de 30 anos de antigüidade, polo que resulta preciso a realización de reformas nalgúns destes centros. Ademais, deberase crear ou ampliar aqueles centros que oferten un número de postos escolares insuficientes para a demanda existente, debéndose así mesmo de dotar de mobiliario e de material didáctico actualizado que permita unha formación integral do alumnado.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciables da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario, finalidade, que no caso que nos ocupa, busca proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e as habilidades que lle permita desenvolver as funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, facilitando tamén o acceso ao emprego e a participación activa na vida económica.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional está a facer unha aposta decidida pola formación profesional como unha das ferramentas fundamentais para sentar as bases do crecemento e o progreso na Comunidade autónoma de Galicia, vinculándoa ás demandas do tecido produtivo de cada zona, e conseguindo que o sector empresarial a conciba como un gran oportunidade, tanto para contar con capital humano altamente formado, como para medrar en competitividade.

Unha das medidas foi o establecemento dun marco normativo propio en desenvolvemento da normativa básica do Estado e en particular da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Tamén se foron adaptando as novas titulacións de formación profesional coa finalidade de contar con currículos propios que respondan ás necesidades dos sectores produtivos galegos. Un total de 146 novos currículos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.

Ampliouse a rede de centros integrados de formación profesional ata o número de 20 como eixe central das accións formativas de formación profesional.

Así mesmo, durante estes últimos anos, incrementouse o alumnado que accede ás ensinanzas de formación profesional, que pasou de 34.746 alumnos no curso 2008/2009 a máis de 51.000 alumnos no curso 2017/2018, o que supuxo un incremento do 46,77%. Nesta liña

seguirase nos cursos seguintes coa finalidade de incrementar a taxa de graduados en formación profesional e aproximala á media europea.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión .
- Lei Orgánica 5/2002 das cualificacións e da formación profesional.
- Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo (BOE do 25 de agosto), de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
- Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Real Decreto 1529/2012, de 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.
- Orde pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, pendente de aprobación.
- Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educa-

tivo, se aproban catorce títulos profesionais básicos, se fixan os seus currículos básicos e se modifica o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en trámite).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional realizará obras de construción de novos centros nas localidades con aumento da poboación en idade de escolarización obrigatoria, así como ampliación, reforma , reparacións e melloras nos centros existentes, co fin de ofertar e adaptar as ensinanzas de educación secundaria , bacharelato e FP ás diversas necesidades curriculares, educativas (demanda de prazas, desdobramentos de grupos, oferta de materias optativas, programas de reforzo, etc.), tendo como obxectivo a organización, deste alumnado, de acordo cos principios de educación común e de atención a diversidade.

Así mesmo, as permanentes e dinámicas transformacións económicas e tecnolóxicas operadas na sociedade, inciden na modificación das cualificacións profesionais co que xorde a necesidade de proporcionar a sociedade unha cualificación e recualificación necesaria para dar resposta as modificacións. Tentando atender as necesidades de cualificación inmediata e emerxente do sistema produtivo.

Con tal fin, seguiranse realizando obras de conservación, e reparación dos espazos educativos, dotándose a estes centros do mobiliario e equipamento didáctico acorde coas ensinanzas que neles se imparten, preparando ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitarlle a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal. Atenderase especialmente á dotación de espazos e equipamento para implantación de novos ciclos formativos en atención á demanda do mercado laboral, así como implantación da formación profesional dual con formación en centros de traballo.

Así mesmo, realizaranse as seguintes actuacións:

- Potenciación da rede de centros integrados de formación profesional que serán o referente para o establecemento da oferta integrada de formación profesional, da formación para o emprego e da orientación profesional.

- Establecemento dunha oferta de formación profesional básica para reducir o abandono escolar temperá, continuando coa dotación aos centros educativos dose recursos materiais e das infraestruturas necesarias para a súa implantación.
- Continuar mellorando a funcionalidade do portal sobre orientación profesional que relacione as oportunidades de formación e emprego coas oportunidades de aprendizaxe e inserción laboral, e recolla e desenvolva os instrumentos de información e orientación profesional asociados ao procedemento de acreditación de competencias profesionais.
- Realización de accións sobre orientación profesional en relación coas diferentes familias profesionais.

Promover a realización de convocatorias anuais xerais, das diferentes familias profesionais, sobre avaliación, recoñecemento e certificación das competencias adquiridas ao longo da vida, de xeito que as persoas poidan ver acreditada a súa cualificación de cara a inserción laboral e á súa formación ao longo da vida. Así como, realizar convocatorias específicas para colectivos concretos.

- Elaboración de novos currículos de ciclos formativos de grao medio e superior e de formación profesional básica.
- Potenciar a formación profesional a distancia a través da plataforma e-learning co fin de adaptarse ás necesidades da poboación. Elaborar, en colaboración coas administracións educativas das CC.AA. e do Estado, materiais para a oferta a distancia das ensinanzas de formación profesional, así como para os cursos de acceso. Elaborar materiais de apoio para as ensinanzas de formación profesional nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia.
- Desenvolver a estratexia FP Innova para potenciar unha formación profesional moderna, dinámica, innovadora e adaptada a realidade socio-económica. Continuar coas convocatorias para potenciar e executar proxectos de I+D+i de formación profesional nos centros de FP en colaboración con empresas. Establecer mecanismos para favorecer a xestión de patentes, no seu caso, dos proxectos desenvoltos e a creación de empresas por parte de alumnado e titulados.
- Continuar cos programas do Plan Eduemprende que fomenten os valores asociados ao espírito emprendedor e o acompañamento para a creación de empresas, así como o desenvolvemento de accións para o cooperativismo e autoemprego e a xeración responsable .
- Realizar estudos de tendencias para adaptar a oferta formativa de FP ás necesidades e demandas laborais. Así como, elaborar estudos de inserción laboral do alumnado de formación profesional, segundo os sectores produtivos.
- Deseño e elaboración de plans de formación para o profesorado das diferentes familias profesionais.

- Favorecer a formación do profesorado dos CIFP para que posteriormente desenvolva accións de formación destinadas a docentes e formadores doutros centros de formación profesional.
- Fomento da cultura de prevención de riscos profesional entre o profesorado de FP.
- Convocar probas libres para a obtención dos títulos de FP, tanto para títulos extinguidos como para os novos títulos LOE, así como á asociadas a procesos de acreditación de competencias.
- Poñer en marcha as novas materias voluntarias que permitan ao alumnado de ciclos de grao medio a súa transición cara outras ensinanzas, e outras materias relacionadas co campo ou sector profesional que estea a cursar, cuxa superación facilitará a admisión a ciclos formativos de grao superior.
- Continuar coa convocatoria do procedemento para obtención de carnés profesionais en virtude do protocolo de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Revisar a caracterización dos equipamentos requiridos para os ciclos de formación profesional e programas de cualificación profesional inicial, coa finalidade de ter actualizado o catálogo de equipamento.
- Promover e poñer en valor a FP ante a sociedade fomentando as relacións co sector produtivo.
- Promover convenios de colaboración entre os centros de formación profesional, as Administracións públicas e as empresas para o impulso conxunto de ofertas formativas concretas, para realizar o módulo profesional de formación en centros de traballo e para desenvolver proxectos de investigación e innovación.
- Elaboración de materiais en relación coa organización e desenvolvemento das probas de acceso ás ensinanzas de formación profesional e das probas libres de obtención dos títulos de FP .
- Potenciación das accións para a mellora continua, estendendo os plans de calidade nos centros de formación profesional, consolidando a rede galega de aseguramento da calidade en formación profesional.
- Continuar o itinerario de formación dos equipos directivos e do profesorado para ir consolidando esa rede galega de calidade e mellora no sistema de formación profesional.
- Continuar co apoio ao profesorado para realizar estadías formativas en empresas que permitan adquirir experiencias que fomenten a cooperación co contorno produtivo.
- Apoiar economicamente ao alumnado que realice a formación en centros de traballo e que teña que desprazarse a outra localidade distinta á da súa residencia, facilitando que esa formación poida realizala en países da Unión Europea.
- Realizar accións de información e divulgación da formación profesional a través da participación en eventos, feiras, mostras, etc., relacionadas coa formación profesional, así como mediante a organización e realización de eventos específicos.

- Organizar e coordinar o campionato galego de formación profesional Galiciaskills, así como a participación galega nos campionatos nacionais Spainskills e internacional Worldskills.
- Impulsar a posta en marcha de proxectos experimentais de formación profesional dual na Comunidade autónoma de Galicia, en colaboración con empresas. Como un modelo baseado no incremento sensible da formación nas empresas do sector, de modo que a formación adquirida nos centros de traballo implique para o alumnado unha inmersión real no contorno laboral.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.08) son:

- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Incrementar a porcentaxe de alumnado que opta pola formación profesional.
- Acadar que o 85% dos mozos e mozas continúe estudando e formándose unha vez finalizada a escolarización obrigatoria, ata acadar polo menos unha titulación de educación secundaria superior.

Incrementar o número de emprendedores e emprendedoras que xorden dos viveiros de empresas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A presenza da muller nos estudos de formación profesional de tipo técnico é minoritaria, non obstante existen determinados eidos de competencia nos que as mulleres son unha gran maioría. Isto débese na meirande parte dos casos á existencia de prexuízos, "etiquetas" e dinámicas socioeconómicas que levan a distinguir entre estudos e profesións "de homes" e profesións "para mulleres".

Nos currículos de formación profesional tense un importante instrumento para conseguir que nos coñecementos que adquire o alumnado que curse os ciclos formativos se integre o enfoque de xénero. En concreto, no módulo de formación e orientación laboral, existente en todos os ciclos formativos, dentro da unidade formativa 1: prevención de riscos laborais, inclúese o criterio de avaliación "valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores" ; e dentro da unidade formativa 2: equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura do emprego, establécese o seguinte criterio de avaliación "valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres".

Por outra banda o ciclo superior de promoción da igualdade de xénero impártese como proxecto de innovación educativa no CIFP A Xunqueira en Pontevedra.

No decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establécese que na admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior, en caso de e empate, e por mor de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionarase en virtude do sexo menos representativo na área profesional en que se demande a praza de formación.

O Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende e os seus programas e liñas de actuación, facilitan o acceso ao emprego e á promoción profesional en igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

Nos currículos das diferentes ensinanzas de formación profesional básica inclúense contidos transversais que fomentan o desenvolvemento dos valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres, o coñecemento da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade

de trato e non discriminación por calquera condición o circunstancia persoal ou social. Así figura recollido no artigo 12 do Decreto 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas para realizar durante o ano 2019 son as seguintes:

a) Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
b) Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X

Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos , o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado é de xénero masculino, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes é de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros. A existencia de distintas figuras no eido laboral como as comisións de servizo por conciliación familiar, os intercambios provisionais etc., repercuten na promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilita a conciliación e a corresponsabilidade.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de

xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Nas licitacións realizadas pola consellería máis dun 30% das empresas manifestaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de desempate, conforme ao establecido nos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeron.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO..

Estase a avaliar a implantación dunha nova estratexia na adquisición de equipamento didáctico na ensinanza secundaria e formación profesional que fomente a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mozas e mozos, mulleres e homes na sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.9. PROGRAMA 423A -SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DAS ENSINANZAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa destínase, entre outros, a atender os seguintes ámbitos:

a) Os gastos ocasionados pola prestación dos servizos de transporte escolar e de comedor escolar, así como polo funcionamento dos centros residenciais docentes.

b) O cofinanciamento cos concellos e ANPAS que xestionan comedores escolares dos gastos ocasionados pola prestación do servizo, así como a concesión de axudas aos concellos que prestan o servizo de limpeza nos CPIs con medios propios, e axudas en función da renda para todo o ensino obrigatorio (educación primario e educación secundaria obrigatoria) e educación especial.

c) As actuacións encamiñadas ao fomento da lectura e apoio ás bibliotecas escolares. Aumentar a rede de centros do Plan de mellora das bibliotecas escolares (LIA) e consolidación das bibliotecas que se acolleran con anterioridade a dito programa.

d) Ao desenvolvemento de programas de cooperación territorial en materia de ensinanza, e de actuacións no eido da prevención de riscos laborais.

e) As actuacións derivadas da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2020.

f) A convocatoria das axudas para a adquisición de libros de texto e do fondo solidario de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, no curso escolar 2018/2019. Ademais, reforzarase o apoio ás familias con maiores dificultades continuando coa liña de axudas convocadas dende o ano 2015 para a adquisición de material escolar, completando así as garantías ofrecidas cos instrumentos anteriores.

g) No curso escolar 2014/2015 púxose a disposición da comunidade educativa non universitaria de Galicia os contidos curriculares dixitais para os cursos que están incluídos no proxecto Abalar que se incrementarán para o curso escolar 2018/2019

h) Convocar os premios extraordinarios ao alumnado de formación profesional de grao superior, de bacharelato, de educación secundaria obrigatoria e de ensinanzas artísticas.

i) Realizar as avaliacións individualizadas ao alumnado establecidas na Lei orgánica 2/2006, de educación, e outras avaliacións do sistema educativo.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Na formación integral do alumnado é fundamental a prestación de recursos complementarios de carácter educativo integrados na programación xeral anual de cada centro, na procura dun ensino de calidade e mellora continua.

De acordo co anterior, a consellería trata de que un servizo educativo e de calidade responda ás novas demandas sociais dun xeito eficaz e eficiente completando a oferta de ensinanzas e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para toda a cidadanía.

Convén sinalar que o servizo de comedor, ademais de servir á Administración educativa como un factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e formativa en habilidades e comportamentos humanos, por iso inténtase que chegue ao maior número de alumnos e alumnas posible. Na procura disto, os créditos destinados á prestación dos servizos de comedores escolares nos orzamentos permiten manter os niveis do servizo.

Por outra parte, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asume o compromiso de racionalizar e modernizar a prestación do servizo de comedor de xeito real. Neste sentido, no ano 2013 abordouse unha reforma do servizo, que, cun concepto máis progresivo e redistribuidor do cofinanciamento necesario, uns principios máis racionais da xestión, e unha extensión decidida da xestión pública do servizo mediante a asunción dos comedores xestionados polas ANPAS e a subscrición crecente de convenios de colaboración cos concellos, que desembocou na publicación do Decreto 132/2013 que regula os comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería con competencias educativas.

Como se ven dicindo, con cargo a este programa 423A desenvólvense as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación e ao acceso a ela en igualdade de condicións. Así, especificamente, financia o servizo de comedor e o de transporte escolar e acompañante levada a cabo pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, nos centros docentes públicos. E, así mesmo, financia as axudas destinadas ao cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos concellos e as ANPAS, nun esforzo conxunto na procura da conciliación da vida laboral e familiar necesaria hoxe en día.

No curso escolar 2018/2019 continuárase atendendo as necesidades de transporte adaptado dos escolares con discapacidades importantes, que ata finais do curso 2013/2014 eran transportados polo servizo 065. Así mesmo, nesta liña de extensión dos recursos educativos complementarios, no próximo curso 2018/2019 continuarase proporcionando transporte e comedor aos usuarios lexítimos que cursen os cursos primeiro e segundo da Formación Profesional básica, ensinanza de oferta obrigatoria introducida pola LOMCE que xa foi implantada no seu primeiro curso no curso escolar 2014/2015.

Igualmente resultan destacables outras accións complementarios como as que teñen que ver coa prevención de riscos laborais.

Nesta materia compre destacar que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten contraído o compromiso de adoptar unha posición activa en materia de prevención de riscos laborais, na idea de que o cumprimento das obrigas legais na materia incide de maneira directa na calidade do ensino e no grao de satisfacción do persoal que a fai posible.

Así as cousas, esta Consellería ven desenvolvendo gradualmente unha programación dirixida a promover á avaliación dos riscos laborais nos centros docentes, dando prioridade aqueles que presentan unha maior e potencial perigosidade.

Igualmente, a Consellería ven asumindo baixo a súa responsabilidade a vixilancia e control da saúde do persoal docente e non docente que presta servizos nos centros docentes públicos dela dependentes.

Resumindo, co programa financiaránse, entre outras, as seguintes accións:

- A prestación do servizo de comedor escolar nos 434 437 centros docentes públicos dependentes da Comunidade autónoma nos que existen comedores de xestión directa (onde os traballos de cociña son desenvolvidos polo persoal laboral da Xunta) e de xestión indirecta, contratados con empresas de restauración, garantindo 61.250 prazas de comedor.
- A existencia de acompañante de transporte escolar na totalidade das rutas onde esta figura é obrigatoria , tal e como esixe o Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
- A gratuidade do servizo de transporte escolar nos 765 centros docentes públicos dependentes da Comunidade autónoma nos que está implantado, para transportar a mais de 79.294 usuarios de dito servizo, unha vez que determinadas liñas de transporte escolar foran asumidas no ano 2017 pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda como consecuencia da implantación da primeira fase da planificación do trasporte público de Galicia .
- As axudas para o cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos concellos e as ANPAS, en número de 50 e 131 respectivamente , financiando 14.449 prazas de comedor.
- A colaboración con outros órganos da Xunta de Galicia no desenvolvemento de programas divulgativos dirixidos a fomentar unha alimentación san do alumnado nos comedores escolares e nos seus fogares e uns hábitos de vida.
- O desenvolvemento de accións de avaliación de riscos laborais dos centros docentes públicos dependentes da Consellería, de formación na materia do colectivo de persoal que presta os seus servizos neles.
- Atender ás convocatorias das axudas para a adquisición de libros de texto, material escolar e do fondo solidario de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos no curso escolar 2018/2019.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional estableceu, entre as liñas xerais da política en materia de educación, profundar no logro da igualdade de oportunidades educativas así como promover a mellora continua da calidade e da equidade do sistema, en concordancia cos obxectivos europeos.

A tal fin, dende a Administración educativa débese facilitar o acceso da cidadanía máis nova ás competencias e habilidades sociais que require a sociedade do século XXI. Neste sentido, é especialmente importante o dominio das novas linguaxes das tecnoloxías da información e a comunicación. Así pois, no curso escolar 2018/2019 estenderanse os novos contidos curriculares dixitais para os cursos que están incluídos no proxecto Edixgal.

Tamén, e non menos importante, é a necesidade de que o alumnado teña un dominio amplo das linguas estranxeiras. Este dominio vai profundamente ligado ao progreso científico e tecnolóxico. As industrias e os especialistas constitúen redes de comunicación que ignoran as fronteiras lingüísticas e nacionais. Así, o aumento das relacións internacionais, a mobilidade laboral e a circulación das ideas e da información están provocando unha forte demanda social en favor da aprendizaxe das linguas estranxeiras, de tal xeito que o número de linguas que a cidadanía dun determinado país dominan constitúe un indicador importante do seu grao de desenvolvemento.

A Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2020. xunto ao resto de programas dirixidos ao éxito escolar, pretende atender os tres seguintes ámbitos:

a) Conseguir que o alumnado teña un dominio amplo das linguas estranxeiras.
b) Inmersión lingüística do alumnado en territorio español e de ser o caso no estranxeiro e completarase a formación lingüística con actividades de cultura, deporte e costumes de países concretos.
c) Creación de centros plurilingües, apoiando a impartición de materias en inglés, ou noutro idioma estranxeiro, para completar un proxecto educativo plurilingüe
d) Certificación do profesorado no nivel requirido de competencia lingüística en lingua estranxeira para impartir materias cun enfoque CLIL/AICLE (Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras)
e) Certificación da competencia lingüística en lingua estranxeira do alumnado.
f) Dinamizar a alfabetización en idiomas da comunidade educativa.

Facilitar materiais curriculares dirixidos a traballar na aula dixital dentro do proxecto ABALAR así como apoio á elaboración de programacións didácticas relativas mediante unha dinámica de grupos de traballos.

Potenciar plans e proxectos de mellora do rendemento escolar.

Continuar os contratos-programa dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria e formación profesional.

Seguir promovendo as convocatorias de premios a proxectos e prácticas destacadas de innovación educativa de centros e profesorado que poidan servir de referente a outros centros docentes.

Revisar e adaptar a normativa de atención á diversidade dentro do ámbito da orientación educativa, elaborando propostas da normativa que regulen e potencien as medidas curriculares e organizativas para atender a diversidade do alumnado.

Promover accións de apoio ao alumnado inmigrante con problemas de adaptación escolar.

- Realizar actuacións de avaliación e mellora do sistema educativo, en particular, as avaliacións individualizadas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Potenciar a realización de actividades transversais en colaboración con outras institucións e Administracións.
- Potenciar a excelencia e o esforzo no estudo nas distintas etapas educativas, dando recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato e de formación profesional de grao superior, reforzando aqueles aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e xuntando excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.
- Dotar de recursos para facer fronte aos gastos de funcionamento dos 3 centros residenciais docentes (na Coruña, Ourense e Vigo) nos que durante o curso académico ofertan aloxamento e manutención ao alumnado que precise dese servizo en función da inexistencia nas súas localidades de residencia da oferta educativa que escollen, atendendo aos niveis de renda da unidade familiar da que proceden.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 2.3.05), consiste en eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e en garantir que este alumnado, mais o da formación profesional, ao remate da súa educación, adquira as competencias de comprensión e expresión oral e escrita.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A comunidade educativa en todos os niveis educativos e ensinanzas contempladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Singularmente na ensinanza obrigatoria o alumnado que podería solicitar as axudas para a adquisición de libros de texto ou participar no fondo solidario de libros de texto estímase ao redor do 65,61%.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En materia de avaliacións autonómicas, a comunidade galega desenvolve as súas propias avaliacións ademais de participar noutras de ámbito nacional e internacional.

Avaliacións que se están a desenvolver no sistema educativo de Galicia:

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa establece a realización de avaliacións individualizadas a todos os alumnos e alumnas ao finalizar o terceiro curso da Educación Primaria, o sexto curso de Educación Primaria, o cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria e o segundo curso de Bacharelato.

A Lei establece que na avaliación individualizada de terceiro curso da Educación Primaria comprobarase o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades do alumnado en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas.

Ao finalizar sexto curso de Educación Primaria comprobarase o grao de adquisición da competencia lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.

No Real decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa disponse que ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, a avaliación de educación secundaria avaliará o grao de adquisición da competencia matemática, a competencia lingüística, a competencia social e cívica e terá como referencia principal as materias xerais do bloque das disciplinas troncais cursadas en cuarto de educación secundaria obrigatoria.

Será considerada mostral e terá unha finalidade diagnóstica, unicamente participará nela o alumnado matriculado en cuarto curso que fose seleccionado pola Administración educativa, exclusivamente pola opción cursada. A selección de centros será suficiente para obter datos representativos. As administracións educativas poderán elevar o número de centros participantes por enriba das necesidades mostrais ou facela con carácter censual.

Este Real decreto-lei tamén dispón que a avaliación de bacharelato para o acceso aos estudos universitarios unicamente se terá en conta para o acceso á universidade.

As administracións educativas, en colaboración coas universidades, que asumirán as mesmas funcións e responsabilidades en relación coa realización material da avaliación final de bacharel para o acceso á universidade. Non obstante, cada Administración educativa poderá delimitar o alcance da colaboración das súas universidades na realización da proba.

A adquisición das competencias avaliarase a través das disciplinas xerais cursadas do bloque das disciplinas troncais de segundo curso e, se é o caso, da materia Lingua cooficial e literatura. O

alumnado que queira mellorar a súa nota de admisión poderán examinarse de, ao menos, dúas disciplinas de opción do bloque das disciplinas troncais de segundo curso.

Ademais das avaliacións individualizadas de ámbito autonómico, para poder dispoñer de información que permita a análise comparativa do noso sistema educativo con outros países e comunidades autónomas, Galicia participa no Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado (PISA) cunha mostra de arredor de 60 centros educativos e máis de 2000 alumnos e alumnas, o que permite extraer datos representativos fronte aos países da OCDE e demais participantes.

O programa PISA é un estudo internacional de avaliación de estudantes de 15 anos realizado baixo a coordinación da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Combina a avaliación das competencias do alumnado nas áreas dun campo específico (matemáticas, ciencias , comprensión lectora e outra competencia innovadora) coa recollida de información de contexto) da súa contorna familiar e social. Así, os resultados obtidos polo alumnado na avaliación das áreas correlaciónanse cos seus factores contextuais.

A Administración educativa tamén colabora co Instituto Nacional de Avaliación Educativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD) na realización doutras avaliacións internacionais coma PIRLS ou TIMSS que miden o nivel de competencia do alumnado de 4º de educación primaria en comprensión lectora, matemáticas e ciencias e o EECL (Estudo Europeo de Competencia Lingüística) que ofrece información comparable sobre a competencia lingüística en linguas estranxeiras do alumnado ao finalizar educación secundaria obrigatoria e con TALIS (Estudo Internacional sobre o Ensino e a Aprendizaxe) no que se recolle información do profesorado e dos equipos directivos sobre o ambiente da aprendizaxe escolar e as condicións de traballo do profesorado nos centros docentes.

Por outra banda, na procura da excelencia académica e da cultura do esforzo na aprendizaxe convócanse anualmente premios extraordinarios ao alumnado de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato, de formación profesional de grao superior e de ensinanzas artísticas, para recoñecer publicamente e valorar méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo persoal. Convócanse anualmente 20 premios extraordinarios de bacharelato, ata 26 premios extraordinarios de formación profesional de grao superior (un por cada familia profesional), 20 premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, 20 premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e superación persoal e os premios de emprendemento en formación profesional, e 6 premios extraordinarios de ensinanzas artísticas (deles 3 de música, 1 de danza e 2 de artes plásticas e deseño).

Singular relevancia debe outorgarse ao programa denominado gratuidade solidaria (axudas para a adquisición de libros de texto, fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de material escolar) dentro das medidas de mellora continua da calidade e da equidade do sistema, que implica unha acción política de goberno cara a consolidación do modelo que permite combinar e complementar sistemas de axudas e reutilización de libros e material escolar

aproveitando o mellor de cada un dos instrumentos empregados, buscando obter o máximo rendemento educativo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Real Decreto 1058/2015, de 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de educación primaria establecida na Lei Orgánica 2/2006, de educación.
- Real Decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
- Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.
- Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar.
- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, que regula os comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería con competencias educativas.
- Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 22 de xaneiro de 2018 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2018, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.
- Resolución do 2 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2018/19.
- Resolución do 2 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurinfantil), para o curso 2018/19.
- Orde do 18 de maio de 2018 pola que se regulan a convocatoria e a selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, dependentes desta con-

sellería, para participar en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria

- Resolución conxunta do 21 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/17, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2017/18.
- Resolución do 10 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/18, e a súa correspondente ao curso 2018/2019.
- Resolución do 11 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación primaria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2017/18, e a súa correspondente ao curso 2018/2019.
- Orde do 6 de febreiro de 2018 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2016/17, e a súa correspondente ao curso 2017/2018 .
- Orde do 27 de febreiro de 2018 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2017/18, e a súa correspondente ao curso 2018/2019 .
- Orde do 26 de abril de 2018 pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2017/18, e a súa correspondente ao curso 2018/2019 .
- Resolución do 7 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto "Educación Dixital" durante o curso 2018-2019.
- Orde ECD/65/2018, do 29 de xaneiro, pola que se regulan as probas da avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria, para o curso 2017/2018, e a súa correspondente ao curso 2018/2019.
- Resolución do 10 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia para o curso 2017/18, e a súa correspondente ao curso 2018/2019.
- Resolución do 11 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación primaria nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia para o curso escolar 2017/18 e a súa correspondente ao curso 2018/2019.

- Resolución do 12 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación secundaria obrigatoria nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia para o curso escolar 2017/18, e a súa correspondente ao curso 2018/2019.
- Orde do 6 de febreiro de 2018 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior da Comunidade autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2016/17, e a súa correspondente ao curso 2017/2018.
- Orde do 27 de febreiro de 2018 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2017/18, e a súa correspondente ao curso 2018/2019.
- Orde do 26 de abril de 2018 pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2017/18, e a súa correspondente ao curso 2018/2019.
- Orde do 27 de xullo de 2018 pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e a superación persoal correspondentes ao curso 2017/2018, e a súa correspondente ao curso 2018/2019.
- Orde do 31 de agosto de 2017 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza, e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2016/17, e a súa correspondente ao curso 2018/2019 .

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades que se levan a cabo para o desenvolvemento deste programa son fundamentalmente as seguintes:

- Organización e xestión do transporte e dos comedores escolares.
- Planificación e desenvolvemento de accións encamiñadas á prevención de riscos laborais nos centros docentes públicos, á formación do persoal que presta os seus servizos neles, e á vixilancia da saúde de dito colectivo.
- Xestión e coordinación no desenvolvemento dos programas de cooperación territorial co MECD e con outras comunidades autónomas.
- Desenvolvemento e realización na comunidade autónoma de Galicia das avaliacións individualizadas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de educación.
- Desenvolvemento da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2020.
- Participación na avaliación PISA cunha ampliación de mostra que permita extraer datos para comparar o sistema educativo de Galicia a nivel internacional.
- Participar co MECD no desenvolvemento doutras avaliacións do sistema educativo a nivel internacional (TIMS, PIRLS, EECL...).

- Deseño e elaboración, mediante grupos de traballo, de materiais curriculares para apoio ao profesorado que imparte materias ou áreas en centros plurilingües e en seccións bilingües.
- Potenciar o recoñecemento público do esforzo e da excelencia dos alumnos e das alumnas a través dos premios extraordinarios de bacharelato, de formación profesional de grao superior e da educación secundaria obrigatoria.
- Incentivar programas de innovación educativa que propicien o desenvolvemento de proxectos, en centros educativos, relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación, coa atención á diversidade, coa mellora na competencia lingüística nas linguas propias (castelán e galego) e nas estranxeiras.
- Intercambio de experiencias de boas prácticas educativas e elaboración de materiais didácticos, mediante premios que as distingan e as dean a coñecer.
- Continuidade do programa de promoción de hábitos saudables relacionados coa alimentación e a actividade física do alumnado infantil dentro do contexto da educación para a saúde en colaboración coa Consellería de Sanidade.
- En relación co proxecto ABALAR, facilitar o desenvolvemento de novos modelos pedagóxicos e a incorporación dos últimos avances tecnolóxicos na educación, aproveitando as mellores prácticas desenvolvidas nos centros máis avanzados e poñendo en valor todo o traballo e o coñecemento do profesorado galego.
- Fomento do espírito colaborativo e participativo do colectivo de docentes para establecer unha comunidade de desenvolvemento de contidos propios, así como doutros externos que estean a disposición do profesorado tanto das aulas dixitais como do resto, integrados nun espazo ABALAR.
- Dentro da estratexia Estratexia Galega para a Educación Dixital 2020 (Edudixital 2020) que trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado, seguiranse impulsando as iniciativas do proxecto Edixgal como evolución do proxecto Abalar e as actuacións que permitan o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas do alumnado galego.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 2.3.05) son, por unha banda, eliminar os obstáculos para o acceso ás ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria por parte do alumnado galego e, por outra banda, mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Unha das preocupacións dos sistemas educativos é garantir o maior desenvolvemento educativo de todas as persoas, independentemente do sexo, clase social, nacionalidade etc.

Os estudos de avaliación do sistema educativo inclúen desagregacións por xénero para orientar, como se dun observatorio externo se tratase, as tendencias e os posibles efectos das políticas de igualdade que se veñen a desenvolver nos centros educativos.

Nas avaliacións individualizadas de 3.º e 6.º de educación primaria e 4.º educación secundaria obrigatoria son potenciais participantes todos os alumnos e alumnas destes niveis educativos e en PISA de todo o alumnado de 15 anos, independentemente do xénero. En ambas avaliacións o número de mulleres participantes é do 50% e hai un indicador de resultados con relevancia de xénero.

Por outra banda nos premios extraordinarios ao alumnado de FP de grao superior, de bacharelato e de educación secundaria obrigatoria é potencial participante todo o alumnado, independentemente do xénero, que cumpra uns determinados requisitos académicos. Aproximadamente un 60% do alumnado participante son mulleres.

Especificamente o programa de gratuidade solidaria (fondo solidario e axudas para adquisición de libros de texto e material escolar) está destinado a todo o alumnado matriculado en centros docentes sostidos con fondos públicos de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial, que acceden ao programa en función do nivel de renda da unidade familiar.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas para realizar durante o ano 2019 son as seguintes:

a) Realización dun tratamento específico sobre o fomento da corresponsabilidade e a conciliación dentro da programación da materia de libre configuración para abordar a perspectiva de xénero dende o ámbito educativo.
b) Elaboración de orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista do fomento da corresponsabilidade, harmonización de tempos e a conciliación .
c) Inclusión de materiais sobre a boa xestión dos tempos, corresponsabilidade e conciliación nas maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero.
d) Creación dun espazo propio sobre a importancia de coeducar en corresponsabilidade nos foros de debate e discusión interdisciplinarios constituídos para garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
e) Impulso á utilización dos recursos dixitais existentes nos centros para levar a cabo titorías online entre o profesorado e as familias, co fin de facilitar a conciliación.
f) Utilización do programa Abalar pola comunidade educativa coma ferramenta estratéxica para comunicación inmediata e instantánea entre o centro educativo e as familias.
g) Realización de publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa, con especial incidencia na importancia do reparto equilibrado de tarefas entre mulleres e homes, e a distribución equilibrada dos tempos.
h) Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
i) Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnos e alumnas , o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería

dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá as políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

O programa de gratuidade solidaria a través da orde do 16 9 de maio de 2017 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2018/19, recolle especificamente accións vinculadas co establecido no artigo 42 Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero , así como outras ordes da consellería neste programa.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Os estudos elaborados a partir das avaliacións permiten constatar o posible efecto das diferentes políticas de igualdade que se deben desenvolver a fin de garantir o máximo desenvolvemento educativo de todas as persoas, independentemente do seu xénero ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Os informes elaborados a partir das diferentes avaliacións autonómicas, nacionais ou internacionais, veñen a confirmar as diferenzas de rendemento asociadas ao sexo do alumnado.

En xeral as alumnas obteñen unha puntuación promedio superior na competencia en comunicación lingüística e os alumnos na competencia matemática. Os resultados son similares en ambos sexos na competencia científica.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Nas avaliacións de diagnóstico internacionais e autonómicas existe diferenza nos resultados das distintas competencias segundo o xénero do alumnado.

Os rapaces alcanzan unha puntuación media máis alta que as rapazas na competencias en ciencias e na competencia matemática, aínda que unicamente é significativa esta última diferenza.

Por outra banda, as rapazas superan aos rapaces na competencia lectora, e neste caso esta diferenza é significativa en termos estatísticos.

Nas últimas convocatorias dos premios extraordinarios ao alumnado de FP de grao superior, de bacharelato e de educación secundaria obrigatoria, a porcentaxe de premiados ten resultados moi paritarios, así o 48,39% dos premiados son alumnos e o 51,61% son alumnas.

As axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar concédense en función dos ingresos da unidade familiar do alumnado situados nos tramos de renda definidos na convocatoria.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.

Como xa se mencionou nun apartado anterior, non se teñen implantado novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración. Non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.10. PROGRAMA 423B - PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Favorecer a adquisición das competencias clave necesarias para a sociedade do século XXI a todo o alumnado, con independencia das súas condicións persoais e sociais, representa un reto para todos os sistemas educativos xa que é unha condición necesario para o pleno desenvolvemento persoal e a participación activa na sociedade.

A educación dixital é xa unha realidade no sistema educativo galego coa que se trata de desenvolver, entre outras, a competencia dixital e as asociadas ao campo científico tecnolóxico.

Neste sentido a Estratexia Galega de Educación Dixital - Edudixital 2020, habilita un marco de referencia que permite dar maior coherencia e impulso ás políticas educativas neste terreo.

A adquisición da competencia en comunicación lingüística é un proceso longo e complexo, que esixe a posta en práctica de multitude de recursos e estratexias educativas para garantir uns niveis mínimos desta competencia a toda a poboación escolar.

Neste contexto e, dado que a lectura é a ferramenta imprescindible para todo tipo de aprendizaxes e para o desenvolvemento persoal, académico e social, as medidas destinadas á promover a mellora da lectura comprensiva e os hábitos de lectura de todo tipo de textos (en soporte impreso ou dixital), deben ser variadas e eficaces.

As intervencións para o fomento da lectura nos centros de ensino van destinadas a:

a) Dotar de recursos aos centros para actuacións no fomento da lectura entre o seu alumnado.
b) Realización de actividades e elaboración de materias de apoio con esta mesma finalidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A formación é un factor esencial para asentar un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. Por esta razón as nosas sociedades aspiran a formar máis e mellor á cidadanía, e a estender a súa formación ao longo da vida. De aí que incrementar o número de persoas tituladas en formación postobrigatoria constitúa un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

O abandono escolar temperá ten causas moi diversas e por iso a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversos frontes. Con este obxectivo, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional prevé unha serie de medidas e recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono temperá na Comunidade autónoma.

As propostas articúlanse ao redor de catro amplos ámbitos de actuación: as administracións educativas; os centros educativos e o persoal docente; as administración locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria o post-obrigatoria, e o contorno laboral.

Para abordar a diminución do abandono escolar, faise necesario incrementar a porcentaxe de xente nova que remata o nivel educativo da Educación Secundaria Superior, nivel CINE 3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación da Organización das Nacións Unidas para

a Educación, a Ciencia e a Cultura, UNESCO). A consecución de este nivel educativo converteuse nunha cuestión clave dos sistemas educativos e formativos nos países desenvolvidos, e está recollida tamén no Proxecto de Indicadores da Educación da Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE), que destaca a necesidade de que a mocidade complete como mínimo o nivel CINE 3 para afrontar a súa incorporación ao mercado laboral coas suficientes garantías.

A flexibilización das traxectorias, de forma que cada estudante poida desenvolver todo o seu potencial, concrétase no desenvolvemento de programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento no segundo e no terceiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria, a Formación profesional Básica, a anticipación dos itinerarios cara o Bacharelato e a Formación Profesional, e a transformación do actual cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria nun curso fundamentalmente propedéutico e con dúas traxectorias ben diferenciadas. Esta diversificación permitirá que o estudante reciba unha atención personalizada para que se oriente cara a vía educativa que mellor se adapte ás súas necesidades e aspiracións, o que debe favorecer a súa progresión no sistema educativo.

Dotación ao persoal docente e aos propios centros dos recursos e ferramentas necesarias para que a biblioteca escolar contribúa a adquisición das competencias clave do alumnado, singularmente, comunicación lingüística e "aprender a aprender".

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.5.09), consiste en reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a través de medidas de apoio personalizado.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A nosa sociedade aspira a formar máis e mellor á cidadanía, e a estender a súa formación ao longo de toda a vida. De aí que incrementar o número de titulados e tituladas en formación postobrigatoria constitúa un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

Por elo esta consellería vai apoiar o desenvolvemento de actuacións que teñan por obxecto:

- Afrontar a situación dos centros que reciben un alumnado en situación de desvantaxe educativa asociada á contorna sociocultural, para o que os recursos ordinarios se mostran insuficientes, polo que se necesitan mecanismos de compensación a través das distintas modalidades dos contratos-programa.
- Diminuír o impacto dos factores que inciden no abandono do sistema educativo sen a titulación de educación secundaria coa realización de actuacións orientadas tanto á

retención de estudantes no sistema educativo como con programas de segunda oportunidade, orientados á reincorporación de mozos e mozas, con actividade laboral ou sen ela, que abandonaron a súa formación sen cualificación nin titulación.

Desde a implantación do programa contribúese a que as bibliotecas escolares de Galicia sexan un referente e unha ferramenta para abordar a problemática do abandono escolar, como factor de compensación social.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais sobre as que se basea o programa, son as seguintes:

- Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, para o curso 2018/19, os contratos-programa con centros docentes e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes públicos de educación infantil, primaria e secundaria dependentes desta consellería (en trámite).
- Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 8 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa "Club de Ciencia" para centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2018/19.
- Resolución do 6 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para participar na actividade "Semana STEM" dirixida a alumnado de quinto e sexto cursos de educación primaria e primeiro e segundo cursos de educación secundaria obrigatoria
- Resolución do 6 de xuño de 2018, da Dirección Xeal de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa "Introdución á robótica educativa en primaria" para centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2018/19.
- Resolución do 8 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa "Espazos Maker" para centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2018-2019.

- Resolución do 12 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), de xeito experimental para o curso 2018/19.
- Orde do 30 de maio de 2018 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2018 (código de procedemento ED305F), e a súa correspondente para o curso 2018/19.
- No artigo 113 da Lei Orgánica de educación (LOE) e na normativa curricular da Comunidade autónoma de Galicia, recóllese a necesidade de que os centros docentes conten cunha biblioteca escolar, correspondendo á Administración educativa a obriga de facer fronte a súa dinamización e funcionamento, con especial referencia aos proxectos lectores de centros.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

- Realizar actuacións destinadas a compensar as dificultades do alumnado para diminuír o abandono escolar prematuro e incrementar, por tanto, o éxito escolar.
- Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.
- Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para reverter o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidindo no aumento da motivación e autoestima.
- Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo.
- Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
- Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.
- Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Desenvolver iniciativas de formación do profesorado relacionadas co ámbito STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics, Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e ao ensino de linguas estranxeiras, así como ao enfoque baseado na Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras (AICLE, en inglés Content and Language Integrated Learning, CLIL).
- Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, dentro de educonvives.gal.

- Apoiar aos concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais. Tenderase a establecer conexións entre ambas vías e adoptaranse medidas para a validación das aprendizaxes adquiridas en contextos non formais.
- En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.5.09) son acadar que máis alumnado consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, contribuíndo a que os mozos e mozas permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os alumnos teñen máis dificultades que as alumnas para prosperar no sistema educativo, suspenden máis, repiten curso máis, abandonan antes o sistema educativo.

A diferenza de resultados non é puntual. Maniféstase dende hai varios anos, curso tras curso. Iso mesmo pasa en todas as comunidades autónomas; en todos os indicadores educativos de

progreso (promoción, titulación) e en todos os niveis de ensinanza, desde a educación primaria ata a formación superior.

En todas as ensinanzas: ESO, Bacharelato e ciclos formativos, a porcentaxe de alumnas que finalizaron estes estudos é superior ao 50%, está en torno ao 54%, fronte aos alumnos que están en torno ao 46%.

Se os datos se refiren á porcentaxe de alumnado que sae da ESO sen o título de graduado en educación secundaria, temos que arredor do 32% dos alumnos sae sen título da ESO e, no caso das alumnas, arredor do 19%. Unha diferenza en torno a 13 puntos.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas para realizar durante o ano 2019 son as seguintes:

a) Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
b) Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos , o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.
SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Como se indica na descrición do programa, nas ensinanzas de educación secundaria e bacharelato a porcentaxe de alumnas que finalizaron estes estudos é superior ao 50%, está en torno ao 54%, fronte aos alumnos que están en torno ao 46%. A porcentaxe nese ano non é diferente ao de cursos anteriores. Dende o sistema educativo a atención educativa mediante os programas regrados de mellora da aprendizaxe e do rendemento e os programas de reforzo e apoio de carácter voluntario, realizados fóra do horario lectivo, destinados ao alumnado con dificultades para obter o título de Graduado en ESO, maioritariamente masculino, dan resultados similares aos xa sinalados.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO..

En cumprimento das medidas contempladas no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 (Educonvives.gal), a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional puxo en marcha no curso 2016/2017 a oferta dunha materia de libre configuración autonómica coa denominación "igualdade de xénero" dispoñible para os cursos 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)) e para o curso 2018/2019 ofertarase a materia "Coeducación para o século XXI" para 1º de bacharelato.

Así mesmo, o Plan Anual de Formación Permanente do Profesorado para o curso 2018/2019 conta cunha oferta formativa específica en materia de Igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero:

- Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero para novo persoal funcionario e para todo o persoal docente de centros sostidos con fondos públicos.
- Formación en igualdade no ámbito educativo para equipos directivos, departamentos de orientación, profesorado de infantil e primaria, e profesorado de educación secundaria, FP e de adultos.
- Actividades formativas vinculadas ao Plan Proxecta de innovación educativa. Prioritarias para o profesorado involucrado nos programas deste plan pero abertas, no seu caso, ao resto de docentes.
- Actividades de formación avanzada dedicadas a profundizar nos aspectos vinculados á coeducación, á prevención primaria e secundaria da violencia machista na escola, á edu-

cación con perspectiva de xénero, ás datas de conmemoración do calendario escolar en relación coa igualdade e á comunicación igualitaria, entre outras.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.11. PROGRAMA 561B - INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 561B – Investigación universitaria, recolle o desenvolvemento das accións de apoio e reforzo da investigación universitaria.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 561B – Investigación universitaria, recolle os orzamentos destinados ao desenvolvemento das accións de apoio e reforzo da investigación universitaria.

Este programa forma parte do novo Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia para os anos 2016-2020, e apoiase na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia - RIS3, publicada en 2014 e que se centra na aplicación e explotación do coñecemento.

A Consellería ven de definir un marco para o financiamento da investigación, xunto coas universidades e a comunidade investigadora, a través de dous tipos básicos de mecanismos, como son as convocatorias en concorrencia competitiva e os convenios.

A mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados no entorno universitario de Galicia pasa en primeiro lugar pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación e a mellora da súa calidade. Isto implica a introdución duns enfoques adecuados por parte das universidades e a administración que faciliten, por unha parte, a formación e incorporación de persoas investigadoras de talento, e por outra, a creación de un entorno académico que facilite a interacción e o intercambio de coñecemento.

Ademais, este programa orzamentario trata de acadar o obxectivo de impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 1.1.02), consiste en mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega.

Este programa conta con axuda de fondos europeos, en primeiro lugar co apoio do Fondo Social Europeo (FSE) vinculado ao programa operativo do FSE para o período 2014-2020 dentro do obxectivo temático 10, prioridade de investimento 10.02, obxectivo específico 10.02.01- Aumentar o alumnado de posgrao ou titulado universitario que obtén formación no ámbito da I+D+i, fomentando o desenvolvemento de actividades en rede con centros tecnolóxicos, de investigación e empresas, con énfase na participación das mulleres. E, en segundo lugar do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculado ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 - 2020 cuxo obxectivo temático (coa identificación 1) consiste en potenciar a investigación, o desenvolvemento e a innovación. A prioridade de investimento (coa identificación 1b) desta axuda consiste no fomento da inversión por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxias entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento e o sector da ensinanza superior, en particular a inversión no ámbito universitario e de produtos de servizos, a transferencia da tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións do servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente e o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, nas tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión das tecnoloxías polivalentes.

O obxectivo específico (coa identificación 1.1.2) desta axuda e o fortalecemento das institucións de investigación e desenvolvemento e creación, consolidación e mellora das infraestruturas científicas e tecnolóxicas. Por último, a categoría de intervención desta axuda son as actividades de investigación e innovación nos centros de investigación públicos e centros de competencia, incluíndo a interconexión en rede coa identificación CI060.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa vai destinado a todos os axentes implicados na actividade investigadora no Sistema Universitario de Galicia, isto é, o persoal investigador en formación, o persoal postdoutoral, o persoal docente investigador, os grupos de investigación e as agrupacións de ámbito superior ao grupo.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O Sistema Galego de I+D+i, particularmente no ámbito universitario, caracterízase por unha gran fragmentación das súas capacidades, ao tempo que conta con recursos humanos científicos ben capacitados, o que se traduce na dificultade para obter resultados científicos e tecnolóxicos transferibles á sociedade e á economía. Esta realidade fai necesario tomar medidas para consolidar estas capacidades, dunha banda, mediante instrumentos de apoio á carreira

investigadora e doutra banda, mediante o desenvolvemento de estratexias de consolidación e posta en valor das capacidades.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativa básico da actuación da Secretaría Xeral de Universidades é o seguinte:

- Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020.
- Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Este programa segue os retos e liñas establecidos no documento Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020. O Reto 1: Captación, formación e retención de talento, e o Reto 2: Investigación de referencia competitiva conforman os programas a desenvolver no financiamento da investigación nas tres universidades galegas:

Reto1.-Captación, formación e retención de talento. Orientado a persoal de investigación e apoio.

Ten un único eixo estratéxico: a xestión do talento. Este eixo estrutúrase ao redor de 5 liñas de actuación:

- Liña 1.1. Programa de apoio á carreira investigadora: consiste en contratos pre-doutorais (de 3 anos, cando o estándar a nivel nacional son 4) e pos-doutorais no estranxeiro, con compromiso de retorno (contratos de 2 anos no estranxeiro + 1 nun centro do SUG. Convocatoria competitiva.
- Liña 1.2. Programa de apoio á consolidación de persoal investigador. Con cargo a este programa basicamente estabilízanse as persoas investigadoras formadas en programas de convocatorias excelentes.
- Liña 1.3. Programa de capacitación e incorporación de xestores de apoio á investigación e os tecnólogos e tecnólogas, que se vinculan aos servizos centrais da universidade, non aos grupos.
- Liña 1.4. Captación e retención de talento investigador de prestixio. É un programa orientado á apoiar ás persoas investigadoras con proxectos altamente competitivos como os do European Research Council (ERC)
- Liña 1.5. Programas de mobilidade. Basicamente de formación pos doutoral no estranxeiro. Finánciánse dous anos de estancia en centros internacionais.

Reto 2.-Investigación de referencia competitiva.

Búscase a creación dunha contorna adecuada e atractiva para o desenvolvemento da actividade científica e do desenvolvemento tecnolóxico en Galicia a través da dotación de instrumentos que potencien aos grupos de investigación, que constitúen a unidade básica do conxunto do sistema de investigación universitaria, as Agrupacións estratéxicas e os centros de investigación. Os grupos son as entidades que cada vez máis actuarán como enlace entre os investigadores individuais e os centros de investigación. Dotarase a partida orzamentaria correspondente para o financiamento do Edificio Fontán, para a creación e constitución dun centro de investigación en materia social.

Ten tres eixos estratéxicos:

- Consolidación de Grupos
- Proxectos singulares
- Potenciación das estruturas de investigación

O eixo consolidación de grupos de investigación instrumentalizase en 4 liñas de actuación e mediante convocatorias competitivas.

- Liña 2.1.1 Apoio aos grupos de referencia competitiva. Axudas de 4 anos cunha dotación entre 50.000 e 100.000 euros/ano a grupos xa consolidados (uns 100).
- Liña 2.1.2. Apoio aos grupos de potencial crecemento. Axudas aos grupos con alto potencial de crecemento. Similar ao anterior, pero para grupos aínda non consolidados. A duración do financiamento é neste caso de dous anos con ata 35.000 euros/ano.
- Liña 2.1.3. Cooperación entre grupos de investigación. Axudas ás redes de investigación. Axudas aos grupos de investigación para apoiar o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede.

O eixo de proxectos singulares neste eixo financia proxectos non necesariamente de investigación, pero si relacionados coa I+D.

- Liña 2.2.1 Especialización dos campus universitarios. Finánciase a elaboración de plans estratéxicos: Campus do Auga en Ourense e do Campus, Terra en Lugo e Campus Industrial en Ferrol co fin de definir un mapa universitario diversificado.
- Liña 2.2.2 Financiamento de proxectos singulares, de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos e onde Galicia posúe contrastada potencialidade. Convocatoria competitiva.

O eixo de potenciación das estruturas de investigación é o momento do reforzo das súas estruturas organizativas, con definición dos seus obxectivos, estratexia, axendas de investigación e plans de actuación. As medidas de apoio á consolidación, constitución e consolidación das agrupacións estratéxicas e dos centros singulares de investigación representan unha vía de actua-

ción que, adecuadamente orientada e potenciada, permitirá dotar ao sistema de investigación de Galicia dunha sólida estrutura de centros de investigación nacidos do novo marco.

- Liña 2.3.1 Apoio a agrupacións estratéxicas. As agrupacións estratéxicas son estruturas organizativas de investigación superiores ao grupo de investigación co obxectivo de desenvolver unha actividade colaborativa estable e planificada.
- Liña 2.3.2 Creación da Rede de centros singulares do SUG. O obxectivo é apoiar os centros de investigación universitaria como os xa existentes e os que poidan xurdir no futuro. En 2013 iniciouse o financiamento aos centros xa existentes e recoñecidos como beneficiarios potenciais das actuacións neste eixo. Instrumentarase mediante convocatoria competitiva.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 1.1.02) son o aumento da calidade científica dos programas de investigación universitaria medida de acordo a estándares internacionais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo as estatísticas máis recentes sobre o sistema Universitario Galego, ao redor do 40% do persoal que se dedica aos labores de investigación, desenvolvemento e docencia son mulleres.

Pola contra, a presenza feminina nas aulas universitarias alcanza cotas lixeiramente superiores á dos homes, ao redor do 53%.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.

As accións de fomento da actividade investigadora mediante contratos pre e post doutorais e grupos de investigación, deseñadas no programa de gasto, están a provocar un incremento progresivo no número de mulleres que se dedican á actividade investigadora de case un punto porcentual por ano.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Universidades

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO1 - Garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema educativo, así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OIO4 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO01 - Actuacións de soporte dos servizos administrativos do sistema educativo.
OO02 - Gastos de funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia.
OO03 - Gastos de funcionamento do Consello Escolar de Galicia.

Programa: 422A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Mellorar a calidade da educación e os resultados dos e das escolares galegos/as, modernizando as dotacións a procedementos educativos, medios e as infraestruturas públicas destinadas a centros educativos de ensinanza infantil e primaria.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OIO3 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OIO4 - GASTOS DE PERSOAL
OO01 - Creación de novos postos escolares mediante a construción de novos centros ou ampliación dos existentes, co correspondente equipamento asociado.
OO02 - Accións de mellora nas condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.

Indicador	Valor Previsto
DOC035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	2.075
PO0025 - Actuacións de mellora en centros educativos	458
PO1004 - Número de efectivos	13.720
P1019H - Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	71.371
P1019M - Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	66.268
P1020H - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes	27.917
P1020M - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres	26.648

Programa: 422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Mellorar a calidade da docencia e da oferta docente do sistema universitario de Galicia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OIO3 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO01 - Accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior.
OO02 - Accións para a mellora da calidade da docencia universitaria e da empregabilidade dos egresados.

Indicador	Valor Previsto
PO33.H - Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	633
PO33.M - Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	979
P1021H - Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Homes	26.430
P1021M - Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Mulleres	33.611

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 422D EDUCACIÓN ESPECIAL

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Mellorar a calidade da educación e os resultados escolares dos centros educativos de educación especial, en especial mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OIO3 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OIO4 - GASTOS DE PERSOAL
OOO1 - Accións de mellora das condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.
OOO2 - Axudas á gratuidade da educación especial.

Indicador	Valor Previsto
P01004 - Número de efectivos	962
P1019H - Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	308
P1019M - Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	148
P1020H - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes	459
P1020M - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres	259

Programa: 422E ENSINANZAS ARTÍSTICAS

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO4 - Mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e dos seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OIO3 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OIO4 - GASTOS DE PERSOAL
OOO2 - Accións de mellora nas condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.

Indicador	Valor Previsto
P01004 - Número de efectivos	851
P109.H - Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Homes	4.879
P109.M - Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Mulleres	5.150

Programa: 422G ENSINANZAS ESPECIAIS

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO4 - Mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e dos seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OIO3 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OIO4 - GASTOS DE PERSOAL
OOO2 - Accións de mellora nas condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.

Indicador	Valor Previsto
P01004 - Número de efectivos	422
P108.H - Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Homes	8.415
P108.M - Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Mulleres	17.960

Programa: 422I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO5 - Garantir a capacitación adecuada do profesorado a través da formación permanente que lles permita afrontar os retos do sistema educativo galego e adaptar as novas ensinanzas ás novas necesidades formativas derivadas da implantación da Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO4 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Actividades formativas da Rede de Formación do Profesorado e reintegros individuais por formación.

Indicador	Valor Previsto
P281.H - Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Homes	13.146
P281.M - Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Mulleres	40.851

Programa: 422M ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO8 - Potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria, mellorando a calidade das ensinanzas e facilitando o acceso a unha formación e cualificación profesional polivalente e especializada que mellore a empregabilidade e a súa adaptación aos cambios, modernizando ciclos, procedementos e medios dos centros educativos de ensinanza secundaria obrigatoria e formación profesional.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO5 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OIO6 - GASTOS DE PERSOAL

OO01 - Construción de novos centros ou ampliación dos existentes e medidas de mellora nas condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes, garantindo a oferta total de prazas do sistema educativo, pública e concertada.

OO02 - Accións de fomento da formación profesional nomeadamente nos ciclos formativos de grao medio e na modalidade de FP a distancia.

OO03 - Accións de fomento da formación profesional dual.

OO04 - Accións de apoio aos viveiros de empresas implantados en centros educativos.

Indicador	Valor Previsto
DOC035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	300
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	439
P01004 - Número de efectivos	17.353
P1019H - Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	69.865
P1019M - Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	65.051
P1020H - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes	15.656
P1020M - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres	15.051

Programa: 423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social

Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO5 - Eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e garantir que este alumnado, máis o da formación profesional, ao remate da súa educación, adquira as competencias de comprensión e expresión oral e escrita

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO3 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios.

OO02 - Mellorar as competencias clave, en especial en comunicación lingüística do alumnado.

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Indicador	Valor Previsto
P032.H - Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. Homes	59
P032.M - Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. Mulleres	59
P034.H - Alumnado beneficiario do transporte escolar. Homes	42
P034.M - Alumnado beneficiario do transporte escolar. Mulleres	42
P035.H - Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Homes	31
P035.M - Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Mulleres	31
P037.H - Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Homes	24.480
P037.M - Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Mulleres	26.377

Programa: 423B PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E09 - Reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades educativas e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizado

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OI05 - GASTOS DE PERSOAL
OO03 - Programas de orientación, reforzo e apoio.

Indicador	Valor Previsto
P01004 - Número de efectivos	506
P232.H - Participantes en programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR). Homes	987
P232.M - Participantes en programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR). Mulleres	815
P237.H - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio -PROA. Homes	6.156
P237.M - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio -PROA. Mulleres	5.610

Programa: 561B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA01 - Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO02 - Medidas de mellora e apoio aos centros de investigación singulares.
OO03 - Accións de fomento da capacidade investigadora e transferencia de tecnoloxía.
OO05 - Accións de mellora da calidade

Indicador	Valor Previsto
DE021H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	273
DE021M - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	384

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	10	20	30	40	Total
421A-Dirección e servizos xerais de educación	1.345		24.695		26.040
422A-Educación infantil e primaria	24.279		814.148		838.427
422C-Ensinanzas universitarias				367.994	367.994
422D-Educación especial	200		43.598		43.798
422E-Ensinanzas artísticas	181	325	38.132		38.638
422G-Ensinanzas especiais	300		18.536		18.836
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado		3.300			3.300
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional	11.061	4.848	768.190		784.099
423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas	135.205	10.540	38.163		183.908
423B-Prevención do abandono escolar		6.605	18.824		25.429
561B-Investigación universitaria				61.291	61.291
Total	**172.571**	**25.618**	**1.764.287**	**429.285**	**2.391.761**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	IX	Total
421A-Dirección e servizos xerais de educación	24.560	1.337			143			26.040
422A-Educación infantil e primaria	554.459	14.362		245.270	24.279	58		838.427
422C-Ensinanzas universitarias		426	47	330.304		35.612	1.605	367.994
422D-Educación especial	28.077	901		14.620	200			43.798
422E-Ensinanzas artísticas	36.227	1.906		205	301			38.638
422G-Ensinanzas especiais	17.637	899			300			18.836
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado		410			2.890			3.300
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional	706.780	42.568		20.751	13.999	2		784.099
423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas	17.736	139.630		12.515	8.332	5.695		183.908
423B-Prevención do abandono escolar	18.824	1.285		250	5.070			25.429
561B-Investigación universitaria		262		22.441		38.588		61.291
Total	**1.404.299**	**203.985**	**47**	**646.356**	**55.514**	**79.955**	**1.605**	**2.391.761**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

10 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2018	2019	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	135.717	135.024	-0,5
Cap. IV - Transferencias correntes	1.200	1.200	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	34.193	36.347	6,3
Total	**171.110**	**172.571**	**0,9**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

20 D.X. DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA	2018	2019	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.742	4.392	17,4
Cap. IV - Transferencias correntes	6.841	7.453	9,0
Cap. VI - Investimentos reais	10.778	13.773	27,8
Total	**21.361**	**25.618**	**19,9**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

30 D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.358.613	1.404.299	3,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	61.881	63.881	3,2
Cap. IV - Transferencias correntes	274.474	284.958	3,8
Cap. VI - Investimentos reais	5.217	5.394	3,4
Cap. VII - Transferencias de capital	5.653	5.755	1,8
Total	**1.705.837**	**1.764.287**	**3,4**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

40 SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES	2018	2019	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	712	688	-3,4
Cap. III - Gastos financeiros	54	47	-11,9
Cap. IV - Transferencias correntes	344.140	352.745	2,5
Cap. VII - Transferencias de capital	70.368	74.200	5,4
Cap. IX - Pasivos financeiros	1.598	1.605	0,4
Total	**416.872**	**429.285**	**3,0**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2018	2019	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	171.110	172.571	0,9
20 D.X. DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA	21.361	25.618	19,9
30 D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	1.705.837	1.764.287	3,4
40 SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES	416.872	429.285	3,0
Total	**2.315.180**	**2.391.761**	**3,3**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Cap. I - Gastos de persoal	1.358.613	1.404.299	0	0	0	0	1.358.613	1.404.299
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	202.052	203.985	0	0	0	0	202.052	203.985
Cap. III - Gastos financeiros	54	47	0	0	0	0	54	47
Cap. IV - Transferencias correntes	626.654	646.356	0	0	0	0	626.654	646.356
OPERACIÓNS CORRENTES	**2.187.373**	**2.254.687**	**0**	**0**	**0**	**0**	**2.187.373**	**2.254.687**
Cap. VI - Investimentos reais	50.189	55.514	0	0	0	0	50.189	55.514
Cap. VII - Transferencias de capital	76.020	79.955	0	0	0	0	76.020	79.955
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IX - Pasivos financeiros	1.598	1.605	0	0	0	0	1.598	1.605
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**127.807**	**137.074**	**0**	**0**	**0**	**0**	**127.807**	**137.074**
Total	**2.315.180**	**2.391.761**	**0**	**0**	**0**	**0**	**2.315.180**	**2.391.761**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional	2019
Altos Cargos	**5**
Persoal Funcionario	**31.934**
Subgrupo A1	**13.494**
Subgrupo A2	**16.636**
Subgrupo C1	**221**
Subgrupo C2	**800**
Agrupacións profesionais	**783**
Persoal Laboral	**2.866**
Grupo I	**24**
Grupo II	**56**
Grupo III	**106**
Grupo IV	**1.077**
Grupo V	**1.603**
TOTAL	**34.805**

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	**Explotación**	**Capital**
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	1.281	22
Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	5.503	10
Fundacións do sector público autonómico	**Explotación**	**Capital**
Fundación Rof Codina	1.732	25
Total	**8.516**	**57**

(Miles de Euros)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

SECCIÓN 11

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

A Consellería de Cultura e Turismo, para o exercicio das súas competencias e o cumprimento dos seus fins, baixo a superior dirección da súa persoa titular estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

- Secretaria Xeral Técnica
- Dirección Xeral de Políticas Culturais
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- Secretaria Xeral de Política Lingüística

Quedan adscritos a esta Consellería, sen prexuízo da súa personalidade xurídica propia, as seguintes entidades públicas instrumentais:

- A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)
- A Fundación Cidade da Cultura de Galicia
- A Fundación Camilo José Cela
- Axencia de Turismo de Galicia

Nas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra existe unha xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo cuxo ámbito de competencia se estende ao territorio da respectiva provincia.

Así mesmo, están adscritos a esta Consellería co carácter, cometido e funcións establecidas nas súas respectivas normas reguladoras os órganos colexiados seguintes:

- A nivel central:
  - A Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica, regulada polo Decreto 84/2017, de 3 de agosto.
  - A Xunta Superior de Museos de Galicia, regulada polo Decreto 314/1986, do 16 de outubro
  - O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, regulado polo Decreto 122/2012, do 10 de maio
  - A Comisión Técnica de Arqueoloxía, regulada polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.
  - O Consello Asesor dos Camiños de Santiago, regulado polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.
  - A Comisión Técnica de Etnografía, regulada polo Decreto 60/2008, do 13 de marzo

- O Padroado do Conxunto Histórico -Artístico de Sargadelos, regulado polo De-creto 17/1987, do 22 de xaneiro
- O Padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea, regulado polo Decreto 326/1996, do 26 de xullo
- O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, regulado pola Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia
- O Consello Coordinador de Publicacións da Xunta de Galicia e a Comisión Permanente de Publicacións, regulados polo Decreto 196/2001, do 26 de xullo, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia
- O Consello Asesor do Libro, regulado polo Decreto 178/2007, do 13 de setembro
- O Consello de Avaliación Documental, creado polo Decreto 15/2016 do 14 de xaneiro polo que se regula a composición e o seu funcionamento e o procedemento de avaliación e selección de documentos.
- O Consello de Arquivos de Galicia, creado polo Decreto 25/2016 do 3 de marzo polo que se regula a súa composición e o funcionamento.

• A nivel territorial :
  - Os Consellos Territoriais do Patrimonio Cultural de Galicia, regulados polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

Consellería de Cultura e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de:

a) Promoción e difusión da cultura en todas as facetas, dentro e fóra de Galicia: a literatura, a arte, a historia, a creación, o teatro, o audiovisual, a música, a danza, o coñecemento, a innovación, a industria, as relacións e a presenza no mundo contemporáneo.
b) Conservación do patrimonio cultural e documental: os arquivos, os museos, bibliotecas, as casas de cultura e outros edificios socioculturais.
c) Patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico e etnolóxico en todas as súas manifestacións.
d) Protección, promoción, conservación e recuperación dos Camiños de Santiago.
e) Promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.
f) Recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións culturais e docentes de interese galego.
g) A planificación, regulación e administración das políticas de turismo.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de cultura e turismo son os seguintes:

- Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia, entre ou-tras, de cultura.
- Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.
- Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
- Real decreto 3356/1983, do 28 de decembro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura e adaptación dos transferidos na fase preautonómica.
- Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre ampliación de medios persoais e orzamentarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).
- Real decreto 2167/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e dos medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (Muralla de Lugo e Castro de Viladonga).
- Real decreto 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (museos).
- Real decreto 2169/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e os medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (puntos de información cultural).
- Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.
- Real decreto 2806/1983, do 1 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de turismo.

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

De acordo cos fins que lle atribúe a súa lei de creación (Lei 4/2008, do 23 de maio), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas desenvolvidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras e, en particular:

a) Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
b) Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.
c) Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.
d) Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.
e) Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

Os estatutos foron aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo.

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

De acordo co previsto no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Os seus obxectivos básicos consisten no desenvolvemento do turismo na comunidade autónoma baixo os principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade e seguindo parámetros de eficiencia e eficacia; na potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico; no fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial; no impulso á innovación, investigación, formación e cualificación das empresas e profesionais do sector turístico; na mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional; na diversificación da oferta turística de Galicia coa consolidación dos produtos clave para competir no ámbito turístico nacional e internacional e a creación de novos produtos que permitan desestacionalizar a demanda turística e na promoción da imaxe marca-país de Galicia.

As actuacións da Axencia de Turismo de Galicia no ano 2019 centraranse na execución da "Estratexia 2020 de Turismo de Galicia" aprobada no ano 2017 polo Consello da Xunta de Galicia. Este Plan Estratéxico nace da necesidade de mellora da competitividade do noso turismo, o cal pretende situarse como sector clave da economía galega, sendo precisa a colaboración dos campos público e privado para o seu impulso, coordinación, xestión, promoción, ordenación, innovación e internacionalización.

O Plan Estratéxico plasma o marco de traballo en materia turística para o período 2017-2020, tendo en conta as necesidades dos axentes de distintos ámbitos da cadea de valor do sector turístico galego.

Así mesmo, será obxectivo da Axencia de Turismo no ano 2019 e seguintes a preparación e seguimento do Xacobeo 2021 en colaboración cos outros órganos da Consellería de Cultura e Turismo.

I.2.3. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia acolle nos seus espazos servizos e actividades destinados á preservación do patrimonio e a memoria, ao estudo, á investigación, á experimentación, á produción e á difusión nos ámbitos das letras e o pensamento, a música, o teatro, a danza, o cine, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación, á vez que alberga proxectos como a Biblioteca de Galicia, o Arquivo de Galicia ou o Museo-Centro Gaiás.

A Cidade da Cultura de Galicia (CdC) constitúese como un espazo de vangarda arquitectónica que debe ser tamén un centro cultural e artístico punteiro pola innovación dos seus contidos. Nese senso, concíbese a CdC como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega e ao servizo dela que busca crear oportunidades e dinamizar o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección da cultura nun senso amplo, innovador e internacional, co que tamén imprimir un polo de dinamización económica, crecemento e emprego.

No exercicio 2013, consolidouse dentro do seu espazo a implantación da Amtega e de Agadic.

A FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA

A Fundación Camilo José Cela, situada en Iria Flavia, localidade natal do escritor, foi constituída en 1986 polo Premio Nobel padronés co principal propósito e vontade de gardar todos os seus manuscritos, libros e documentos persoais, xunto coas obras artístico -pictóricas e diversas colecciónes de todo tipo, conformando todo ilo un legado cultural, artístico e persoal visible e accesible para as persoas que a visitan ou para o persoal de investigación.

A Fundación ten por obxecto promover o estudo da obra de Camilo José Cela e conservar o seu patrimonio cultural, humano e aínda anecdótico, procurando estender o coñecemento xeral da devandita obra e patrimonio, así como de todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da cultura.

Para isto, a Fundación:

- Conserva o legado de CJC (máis de corenta e cinco mil volumes), fomenta o seu coñecemento e promove o seu estudo e difusión.

- Desenvolve as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que non se establece límite xeográfico ou político algún para a súa actuación.

Realiza todo tipo de actividades referidas ao ámbito da cultura en xeral e ao literario e artístico en particular.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2019

II.1. DA CONSELLERÍA

A) LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO CULTURAL

A cultura galega conta con alicerces ben asentados e definidos nos seus diferentes ámbitos, e as liñas de acción previstas desde a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia están dirixidas a reforzar eses alicerces, a mellorar e amplificar o que entre todos e todas vimos edificando ao longo da construción histórica e contemporánea da cultura galega.

As liñas de actuación que conforman a política cultural son a base da planificación das actuacións e dos programas concretos impulsados desde os distintos departamentos que conforman a área de cultura da Consellería de Cultura e Turismo.

1) A DINAMIZACIÓN DA CULTURA COMO SERVIZO Á CIDADANÍA

En primeiro lugar, desenvólvense proxectos e programación que inciden na promoción e na difusión cultural coa finalidade de, por un lado, apoiar a distribución e estimular o consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos dentro e fóra das nosas fronteiras e, por outra banda, buscan incentivar a presenza, a participación e a diversificación de públicos e garantir o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da nosa cidadanía.

Galicia conta, por exemplo, cun servizo bibliotecario público, cunha rede de museos de xestión autonómica, con arquivos históricos e cun conxunto de actuacións destinadas ao tecido cultural local que permiten deseñar unhas políticas culturais centradas na atención das necesidades da cidadanía mediante o deseño de estratexias culturais inclusivas. Trátase dun obxectivo que se persegue favorecendo o desenvolvemento, a cohesión social e o equilibrio territorial.

Este momento é o de planificar cada acción que se promove, procurando que queden integradas as distintas vertentes e tendencias. Entendendo que, se existe unha aposta polo rural, aí teñen que estar as administracións públicas cunha oferta cultural e cun desenvolvemento cultural local.

E nesa estratexia entran as accións de posta en valor do patrimonio cultural local. Aí entran os esforzos de participación activa da cidadanía neste espazo central de convivencia que é a cultura. Aí entra o apoio aos programas de traballo artístico cos colectivos desfavorecidos e o apoio a proxectos de linguaxes de vangarda, escasamente programados e que van axudar a abrir novos camiños colectivos. Aí entra tamén o esforzo de formular programacións pluridisciplinares que favorezan os transvasamentos de públicos, que non é máis que abrir as portas das diferentes artes para dalas a coñecer.

Exemplos de actividades incluídas nesta liña de acción son os seguintes:

1. No ámbito do libro, a lectura e as bibliotecas de Galicia:
   - Promover o libro con programas de apoio aos axentes do sector, a través da difusión de títulos publicados en galego, da celebración das feiras do libro de Galicia, do apoio aos creadores literarios e ás fundacións de autor, e da convocatoria de axudas á tradución.
   - Dinamizar a lectura e o espazo bibliotecario con programas e actividades articulados con esa finalidade: programas, actividades singulares, elaboración de materiais, voluntariado cultural nas bibliotecas, clubs de lectura, etc.
   - Mellorar o sistema bibliotecario de Galicia, a través da actualización do servizo das bibliotecas centrais territoriais, da dotación de novos fondos e da mellora das colecciónS das bibliotecas municipais.
   - Impulsar a actividade da Biblioteca de Galicia, cabeceira da rede de bibliotecas, que ademais de albergar as publicacións vinculadas con Galicia e de acoller numerosas actividades, promove a difusión dos seus fondos a través de exposicións e xornadas formativas e informativas. e a recollida e preservación das publicacións en formato físico e dixital a través do Depósito Legal.
   - Aumentar os fondos dispoñibles en Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia, a súa incorporación a Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia e a mellora da accesibilidade aos seus recursos.
   - Levar a cabo unha formación sectorial cun plan para reforzar as competencias do persoal da rede de bibliotecas.
   - Desenvolver as novas directrices de deseño e planificación da política bibliotecaria en aplicación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia e do seu desenvolvemento normativo a través do mapa de bibliotecas e dos decretos de desenvolvemento da Lei.
   - Impulsar a conservación do patrimonio bibliográfico mediante a implantación dunha política que facilite a conservación e o control bibliográfico dos documentos e a súa difusión e consulta a través da aplicación das novas tecnoloxías de dixitalización e integración en proxectos supranacionais.
   - Coordinar e supervisar o cumprimento da lexislación de depósito legal e participar activamente da recollida e preservación das publicacións electrónicas galegas.
2. No ámbito dos arquivos:
   - Garantir o acceso da cidadanía aos arquivos e á información neles contida, e protexer o patrimonio documental de Galicia, a regulación do ciclo vital dos documentos (calquera que sexa o medio ou soporte en que sexan producidos ou recibidos) e os procesos técnicos a el asociados.
   - Impulsar o sistema arquivístico de Galicia a través de novos ingresos de fondos documentais, das melloras nos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (reparacións nos edificios dos arquivos históricos, novos equipamentos); da restauración de documentos, das axudas para a conservación e do acceso ao patrimonio dos arquivos e formación.

- Impulsar a actividade do Arquivo de Galicia, co desenvolvemento da súa tarefa corrente de estudos de identificación, valoración e selección de series documentais da Xunta de Galicia.

3. Nos ámbitos das artes plásticas, escénicas e musicais:
   - Difundir a música mediante o apoio ás orquestras galegas (Sinfónica de Galicia e Real Filharmonía) e tamén ás propostas máis contemporáneas (ciclo Do Audible), a ampliación da programación operística, a promoción das músicas populares, o apoio aos festivais de gaita, aos festivais de bandas de música populares, de música clásica, ás agrupacións corais e a colaboración con entidades culturais da comunidade.
   - Fomentar o diálogo entre o ámbito formativo e a programación cultural,
   - Difundir as artes plásticas a través da rede de museos da comunidade autónoma.
   - Apoiar a difusión dos produtos culturais por todo o territorio galego en colaboración con outras entidades públicas e privadas.

2) AS ESTRATEXIAS DE INTERNACIONALIZACIÓN DA CULTURA

A proxección exterior da cultura galega é outra das liñas de actuación prioritaria. Trabállase en espazo concretos, fundamentalmente en establecer pontes de diálogo con Portugal e en establecer alianzas cos países de América próximos no lingüístico, tanto de fala castelá como brasileira, fundamentalmente no ámbito audiovisual e musical; e no caso de Portugal, principalmente no ámbito escénico, editorial e das artes plásticas.

Daráselle continuidade ás liñas de axuda empresarial da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Puxéronse as bases para grandes citas, como Conecta Fiction, cunha vertente galega de entrada nos mercados audiovisuais de ambas beiras do Atlántico. Seguiremos apostando por este modelo.

As políticas de difusión e promoción exterior das industrias culturais galegas articúlanse en dous eixes de acción prioritarios: a presenza nos encontros internacionais (en colaboración con outras entidades e asociacións profesionais dos diferentes sectores culturais); e o apoio á distribución exterior dos produtos culturais.

Apoiar a proxección do libro e da literatura a través das feiras internacionais do libro, do catálogo de libros infantís e xuvenís en versión trilingüe para a súa distribución nestas feiras do libro, ou das axudas ás traducións literarias, Pórtico da Literatura Galega en inglés, colección Galician Classics.

Apoiar a internacionalización das industrias culturais mediante o apoio económico e loxístico ás empresas galegas nos mercados audiovisuais, de liñas de axudas para a distribución de espectáculos escénicos e musicais; e a promoción da música (plataforma Galician Tunnes), entre outros proxectos.

Proxectos de cooperación transfronteiriza: Programa Nortear Galicia-Rexión Norte de Portugal (literatura, bibliotecas, intercambio de proxectos expositivos etc.); colaboración co Eixo Atlántico (bienal de pintura, difusión musical etc.)

Por outra banda a Cidade da Cultura non debe ser considerada só como un centro visitable, senón como un centro de cultura, tecnoloxía e emprendemento. Deste xeito, a consolidación do Centro de Emprendemento é un feito coa realización e impulso de actividades e empresas, tanto no eido da produción, creación, conservación, difusión e comercialización do patrimonio cultural galego, como no da creación e implantación en Galicia de proxectos e iniciativas relacionadas coas novas tecnoloxías, reforzándose para o exercicio 2019 mediante accións de titorización, formación e equipamento co fin de favorecer a creatividade cultural.

Continuarase cos formatos xa consolidados como "Escenas do Cambio", en canto festival escénico contemporáneo con especial fincapé no eido galego e internacional; ou como "Encontros de Artistas Novos" (foros onde se combinan o intercambio artístico, as letras e pensamento), "Atardecer no Gaiás", "Cidade Imaxinaria", "Nadal no Gaiás", "Brinca Gaiás". Como novidade, preténdese ampliar a oferta cultural, creando un novo ciclo de concertos de pequeno formato e outro máis vencellado coa literatura. A atención das familias que normalmente se ausentan en verán, motivarán, por primeira vez, a repetición do formato "Cidade Imaxinaria" nos meses de primavera.

Ao innegable valor arquitectónico do Gaiás debe engadirse ese foco dinamizador da vida cultural en Galicia que ven sendo ao longo destes anos, coa realización de múltiples actividades en varias disciplinas, encontros e foros de artistas, exhibicións, concertos de pequeno formato, colaboración con entidades para o uso de auditorios e aulas para a celebración de ponencias, cursos etc.

Neste exercicio continuaranse as obras do edificio Fontán, financiadas coas achegas procedentes da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Formación Profesional e Univerdidades.

3) A CONSERVACIÓN, POSTA EN VALOR E DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Outra das principais liñas de actuación pública establecidas en materia de cultura é a protección, difusión, conservación e posta en valor do patrimonio cultural.

Á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións naqueles bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, antropolóxico, arquitectónico, etnolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, no que atinxe ao patrimonio cultural as actuacións fundamentais a realizar serán as seguintes:

- Plan de rehabilitación dos Bens de Interese Cultural (BIC) do Camiño de Santiago.
- Desenvolvemento regulamentario da Lei 5/2016 , de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, así como dos seus instrumentos de planificación e intervención
- Actuacións nas principais catedrais e mosteiros.
- Traballar no contido do Plan Territorial Integrado dos Camiños de Santiago.
- Continuar os traballos de delimitación e os traballos históricos dos camiños non aprobados.
- Reformular os traballos de categorización e os censos previstos na Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia,

Unha das principais liñas estratéxicas de carácter permanente é a promoción e a realización de intervencións dirixidas á conservación dos bens integrantes do patrimonio cultural galego máis significativos, en especial os BIC. Promovendo intervencións en bens do Patrimonio Mundial e dos Camiños de Santiago así como en bens protexidos, de titularidade pública ou da Igrexa católica, pertencentes ao patrimonio artístico (retablos e pinturas murais entre outros), arquitectónico (bens da arquitectura defensiva, relixiosa e civil, incluída as manifestacións das primeiras vangardas e o movemento moderno), ao patrimonio da enxeñería e as obras públicas e ao patrimonio etnolóxico, industrial e científico e técnico e ás colecciónsmuseográficas.

Esta dirección xeral tamén é responsable dos procedementos vinculados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural, da xestión das candidaturas a Patrimonio Mundial (UNESCO), das declaracións de BIC, do catálogo e censo do patrimonio. Tamén correspóndelle elaborar os informes en materia de patrimonio cultural que poidan ser requiridos polas autoridades competentes.

Así mesmo, encárgase da delimitación dos Camiños de Santiago en Galicia, a protección deles na súa dobre vertente de conservación material, recuperación, e fomento do coñecemento e da potenciación dos valores sociais, espirituais e solidarios propios dos camiños.

Tamén é a responsable de promover, coordinar e xestionar as actuacións dirixidas a velar pola protección, conservación, coidado, promoción e difusión do patrimonio moble de Galicia, especialmente a través dos museos, e do patrimonio inmaterial.

Por iso, ademais das medidas de dinamización das colecciónsmuseísticas impulsaranse as programacións para a posta en valor do patrimonio cultural, que reforcen o seu aprecio e goce por parte da cidadanía, e actividades que poñan en relación a educación e o patrimonio cultural, buscando achegar o coñecemento e o interese por este acervo común ás novas xeracións.

4) O IMPULSO DAS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS

O capital creativo de Galicia, que se desenvolveu dun xeito constante ao longo da historia, conta neste momento cun activo cultural de grande importancia que reflicte a evolución dunha sociedade actual e modernizada, que abre camiños de entendemento e de futuro cunha enorme forza e confianza.

A consellería asume o compromiso de apoiar as correntes nacidas na sociedade e de vertebralas en prol dun desenvolvemento coordinado e vizoso, para acadar, sobre a base do interese e da responsabilidade da cidadanía, un sector económico emprendedor, capaz de se lanzar á procura de novos públicos e de novos mercados, para o que a Consellería de Cultura e Turismo incentiva novos proxectos e promove accións innovadoras dentro do tecido cultural interno.

A industria cultural ven a ter cada vez máis unha incidencia no tecido socioeconómico galego, polo que unha das prioridades de AGADIC consistirá en consolidar as estruturas que os propios axentes sociais e entidades xeren, co desenvolvemento de accións que afirmen o traballo dos creadores e creadoras, e o establecemento de canles de cooperación e colaboración con outras administracións, con fundacións públicas e privadas e coas asociacións e federacións culturais que teñan interese pola cultura galega, así como, colaborar no desenvolvemento das artes escénicas e musicais e das actividades audiovisuais, así como a posta en práctica de medidas de apoio para os e as artistas e creadores e creadoras, e a súa participación en programas culturais galegos ou de especial interese para a expansión da nosa cultura, cunha especial protección á danza. A asistencia, xunto con empresas galegas, a eventos como Mercartes reflicten o apoio e o pulo ao sector por parte da consellería.

No eido musical, o ano 2018 foi o do lanzamento da estratexia de Festivais de música, coa creación da marca Fest Galicia que se complementará no ano 2019 coa creación de axudas para o fomento do talento no eido musical.

B) LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA

O programa 151A –Fomento da lingua galega– concreta o plan de actuación sectorial e transversal de fomento do coñecemento e do uso da lingua galega que se desenvolverá a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística durante o ano 2019.

O obxectivo xeral consiste en difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e as súas relacións comerciais con países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotián do galego.

Para desenvolver este obxectivo xeral, teranse en conta os seguintes aspectos específicos:

- Cómpre aprender a valorar o feito lingüístico galego, garantindo que a lingua galega se poida utilizar en todo tipo de situacións e contextos.
- É necesario prestixiar o uso do idioma galego, conseguindo para este idioma máis funcións sociais, máis espazos de uso e unha presenza meirande en sectores estratéxicos da sociedade galega actual.
- É preciso dotar a lingua dos recursos lingüísticos e técnicos apropiados para poder ser utilizada en todo tipo de ámbitos sociais e institucionais.

Para levar a cabo o obxectivo xeral apuntado anteriormente, é preciso desenvolver liñas de acción que estean vinculadas con diferentes obxectivos operativos:

1. Difundir a conveniencia de usar o galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos como son o tecido socioeconómico, o ámbito da mocidade e as franxas de idade máis novas, as tecnoloxías da información e da comunicación e o sector xudicial, entre outros.

No ano 2019 a Secretaría Xeral de Política Lingüística continuará a desenvolver as que veñen sendo as súas principais liñas de traballo nos últimos anos, centrando os seus esforzos máis importantes en promover a idea de que a lingua galega é útil en calquera ámbito e para todas as funcións.

Malia que nunca antes tivera o idioma galego un grao tan alto de coñecemento por parte da poboación, a súa situación aínda precisa mellorar en determinados ámbitos nos que a súa presenza resulta insuficiente. Con tal obxecto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística está a impulsar unha serie de iniciativas orientadas a crear actitudes positivas cara á lingua propia de Galicia e ampliar os seus usos na sociedade.

Para obter resultados positivos neste labor, é preciso buscar a implicación dos sectores máis representativos e dinamizadores da sociedade, facendo que se sintan partícipes do proceso de consolidación e modernización do noso idioma. Neste sentido, o desenvolvemento do Plan de dinamización da lingua galega no tecido socio económico 2016-2020 está chamado a xogar un rol protagonista.

Coa finalidade de demostrar que a nosa lingua pode ser unha ferramenta útil para o progreso económico, a Secretaría Xeral de Política Lingüística vén apostando dende hai anos polo fortalecemento dos vínculos de Galicia co mundo lusófono. A estreita relación lingüística e histórica que nos une ao portugués constitúe unha oportunidade para internacionalizar a nosa lingua e facilitar a entrada vantaxosa da nosa comunidade autónoma nun importante mercado, o da lusofonía, constituído por máis de 200 millóns de persoas.

Dentro do esforzo por promover a utilización do galego en todos os ámbitos hai que enmarcar tamén o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade, cuxo documento marco estrutural ven de ser presentado precisamente o día 17 de abril de 2018. O obxectivo do Goberno galego é que este plan estea aprobado no segundo trimestre do ano 2019, unha vez recollidas as achegas de todos os axentes implicados, así como despois de ser analizado no Consello da Cultura Galega, na Real Academia Galega e no Parlamento de Galicia.

1.1 Tecido socioeconómico

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016 aprobou o Plan de Dinamización da Lingua Galega no Tecido Económico 2016-2020 (PDLGTE 2016-2020), para a promoción do uso da lingua galega na economía por un importe total de cinco millóns cento oitenta e sete mil trescentos vinte e sete euros (5.187.327,00€). Este plan ten como marco de referencia o Plan Xeral de Normalización da Lingua galega (PXNLG) e con el continuaran a desenvolverse vanse desenvolver durante os anos 2019 e 2020 as liñas de actuación específicas dirixidas a diferentes áreas como son: a industria, o traballo, o cooperativismo, a banca e o comercio, e incidirá especialmente, pola súa repercusión na sociedade en xeral, na hostalería e na restauración, nas industrias alimentarias, nas entidades intermedias (xestorías, asesorías, despachos de avogados, sector inmobiliario, administración de comunidades de propietarios...), e tamén na publicidade das empresas.

Un incremento no uso desta lingua nas empresas axudará ao seu impulso tamén no resto dos sectores cos que se relaciona e, polo tanto, unha maior presenza do galego na sociedade.

Outro aspecto moi importante do plan é a súa utilidade para concienciar aos axentes do tecido económico e empresarial que o uso do galego no ámbito dos negocios supón, para a exportación, unha vantaxe competitiva nos países de fala portuguesa. O galego é unha oportunidade que nos conecta con novos espazos e novos mercados, sobre todo mercados emerxentes de fala portuguesa coma Brasil ou Angola, onde o galego nos demostra e nos fai plenamente conscientes da riqueza lingüística do noso idioma e das potencialidades comunicativas que nos ofrece noutras comunidades lingüísticas con máis de 200 millóns de falantes de portugués que hai no mundo.

Os proxectos concretos para o ano 2019 no ámbito do PDLGTE 2016-2020 son, entre outros os seguintes:

- Dotar de contidos e por en marcha un espazo único en liña de atención á empresa en temas de lingua que conteña a lexislación, as ferramentas e recursos lingüísticos e os modelos de documentos de uso frecuente.
- A difusión dun decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa no tecido asociativo e empresarial de Galicia e a distribución dunha guía de boas prácticas e casos de éxito do uso do galego na empresa.
- Continuar coa campaña de valorización dos produtos coa etiquetaxe en galego.
- Outros programas e actividades que integren diferentes ámbitos de actuación para crear sinerxías comúns para valorizar o papel da muller na empresa, o emprendemento xove e os lazos coa lusofonía.
- Propostas concretas:
  - Encontros con mulleres empresarias de Galicia e do mundo lusófono para analizar a importancia do uso do galego como lingua vehicular dos negocios no espazo lusofalante.

- Realización de audiovisuais con persoas emprendedoras xoves que utilizan o galego na empresa para que relaten a súa experiencia e dotar ao tecido produtivo dunha App-Web TV que lle sirva de soporte ás referidas experiencias, así como para posicionar en galego novas marcas persoais das persoas novas empresarias de Galicia.
- Creación de comunidades en liña para mostrar o talento produtivo das persoas novas que emprenden en Galicia mediante a creación dun banco de currículos profesionais que se visualicen nunha App-Web en galego con aplicación móbil asociada.
- Creación dunha aula virtual móbil de pílulas formativas sobre habilidades para persoas novas empresarias.
- Creación de manuais de benvida xenéricos destinados ás traballadoras e traballadores que formen parte dunha empresa galega, teña ou non a súa sede en Galicia coa pretensión de implicar ás empresas no impulso e divulgación de Galicia a súa tradición, lingua e cultura como parte da súa responsabilidade social de empresa (RSE).
- Elaboración de material técnico de referencia en materia de RSE e promoción da lingua e da cultura galegas.

1.2 Ámbito da mocidade e as franxas de idade máis novas

O ano 2019 será un ano decisivo para a aprobación definitiva do Plan de dinamización da Lingua Galega na Mocidade.

Este plan implica unha aposta estratéxica, pois a mocidade representa o porvir e, polo tanto, son as mozas e mozos os chamados a garantir o futuro da lingua galega. Hoxe o sistema educativo garante o coñecemento do galego, coas porcentaxes de coñecemento máis elevadas da historia nas distintas competencias (entender, falar, ler e escribir). Tamén en todas elas Galicia rexistra os índices máis altos das linguas cooficiais de España. Agora é o momento de fomentar o uso, de ir máis aló do ámbito educativo, creando situacións, contextos e actitudes que favorezan o feito de optar pola lingua propia de Galicia en todos os ámbitos da vida dos máis novos. Con este fin, o plan busca darlle visibilidade ao galego en 9 áreas: asociacións, deporte, lecer, industrias culturais, formación continua, comunicación dixital e redes sociais, ensino, familia e emprego, e emprendemento.

Dentro delas, proporanse medidas como o establecemento de acordos cos clubs deportivos para que incorporen a lingua galega ás súas comunicacións, a promoción dunha oferta competitiva de produtos culturais e audiovisuais en galego traducidos, o impulso da transmisión de galego aos fillos nas Escolas de Nais e Pais, o apoio e recoñecemento aos proxectos dixitais que publiquen integramente en galego, o apoio ás opcións dos "neofalantes" como novos usuarios do noso idioma ou o aproveitamento das potencialidades do galego no mundo lusófono á hora de emprender e crear emprego, entre outras.

Ademais da concreción das liñas de acción para impulsar un maior uso do galego por parte da xuventude, durante o ano 2019 continuarase a liña de acción dirixida a promover os programas de dinamización lingüística dirixidos ao público infantil e as súas familias.

Outras accións que vinculan á mocidade e a busca de emprego:

- Cafés da Fala é un proxecto que se quere poñer en marcha no segundo semestre do ano 2019 e que consiste na creación de espazos de conversa participativa e informal afastados da rixidez dunha aula e centrados na aprendizaxe e mellora do galego como ferramenta de utilidade no ámbito laboral, especialmente dirixidos a neofalantes.
- Creación de contidos en galego específicos para a mocidade e relacionados coas redes sociais e vinculados co deporte, ocio, moda, traballo..etc.
- Programas específicos para os neofalantes.

2. Formación lingüística : CELGA E CURSOS ESPECÍFICOS

No ámbito da formación, a Secretaría Xeral de Política Lingüística segue a revisar, mellorar e adaptar os cursos Celga, que permiten certificar o coñecemento que unha persoa ten do galego para os efectos de xustificar méritos ou requisitos laborais e académicos. A posta en marcha do proceso da súa adaptación para impartilos en liña constitúe unha das últimas melloras incorporadas ao seu funcionamento. No ano 2018 convocouse o Celga 4 en liña e no ano 2019, seguindo o plan de acción da SXPL, remataranse os traballos de adaptación precisos para que o Celga 3 se convoque en liña no referido ano. Ademais comezaremos os traballos para dispoñer dos Celgas 2 e Celga 1 tamén en liña.

O obxectivo é ampliar o coñecemento do galego a través dos sistemas de formación lingüística de adultos e impulsar plataformas para impartir os cursos CELGA en liña, así como a aprendizaxe non formal doutras linguas como o portugués.

3. Incrementar a proxección da lingua e da cultura galegas fóra de comunidade de Galicia.

4. Apoiar a investigación sobre o galego para impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas e medios técnicos ao alcance da cidadanía en lingua galega. Entre os proxectos de referencia podemos citar:

4.1 Continuar os traballos do portal xurídico e a base de datos de lexislación galega consolidada (Lex.gal)No ano 2019 o obxectivo previsto e incrementar a base de datos de normativa galega e tamén incorporar normativa estatal de relevancia e consolidada en lingua galega

4.2 Continuar os traballos de revisión e adaptación de contidos da Enciclopedia Galega Universal para a súa consulta en liña.

4.3 Continuar a participación da Secretaría Xeral de Política Lingüística como socio no programa Interreg V-A España-Portugal, no proxecto denominado "Patrimonio Cultural

da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal: Valoración e Innovación". Acrónimo: 0358 GEOARPAD 1-E.

Obxectivos: definición dunha infraestrutura de información patrimonial incluíndo o elemento xeoespacial como compoñente vertebrador.

As aplicacións específicas van dirixidas a tres usos diferenciados:

- Patrimonio inmoble.
- Patrimonio inmaterial (toponimia e microtoponimia).
- Patrimonio documental.

A contribución da Secretaría Xeral de Política Lingüística afecta ao patrimonio inmaterial e se materializa nun proxecto dirixido a xeorreferenciar a toponimia galega (Nomenclátor) en colaboración co Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Amtega. Con base nesta colaboración realizaranse ademais outros traballos coa Real Academia Galega para a normalización e elaboración de contidos divulgativos que terán soporte nunha aplicación colaborativa relacionada coa microtoponimia. A previsión temporal para a publicación da App colaborativa de microtoponimia é o ano 2019.

5. Coordinar os poderes públicos na dinamización da lingua galega, co fin de incrementar a efectividade das accións dinamizadoras dirixidas á sociedade.

C) LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO DO TURISMO

As políticas públicas de turismo desenvoltas están posicionando a Galicia como un destino turístico de primeira orde. Os datos amosan o incremento en todos os parámetros que miden un sector turístico tanto desde o punto de vista cuantitativo, como desde o punto de vista cualitativo. A calidade, diversificación, a desestacionalización e a ampliación da base da oferta permiten ao sector dispoñer dun escenario de estabilidade na que todas as administracións públicas contribúen dun xeito coherente.

A potenciación do sector turístico está sendo un factor determinante no crecemento económico, a través da mellora da competetitividade das empresas e a posta en valor dos recursos turísticos. Ademais, o fomento do turismo está a ser un instrumento de primeira orde no reequilibrio territorial.

A posta en marcha da nova consellería permitirá reforzar as xa existentes sinerxías entre a cultura e o turismo desde unha visión integral e inclusiva. Unha nova visión que permitirá situar a Galicia no mellor escenario para a aproveitar o impulso do Xacobeo 2021 como unha oportunidade para afondar nas políticas e actuacións culturais e turísticas, ás que hai que sumar o aliñamento e coherencia do resto de políticas públicas, de xeito que o evento catalizador do Xacobeo 2021 sente bases aínda máis sólidas de crecemento e sustentabilidade a medio e longo

prazo, afianzando o posicionamento da imaxe de marca-país Galicia tanto no ámbito nacional como nun escenario de internacionalización crecente.

(Véxase o indicado no apartado da Axencia de Turismo de Galicia).

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Véxase o indicado no apartado correspondente A.4) (O impulso das industrias culturais galegas).

AXENCIAS DE TURISMO DE GALICIA

As actuacións da Axencia Turismo de Galicia no ano 2019 centraranse en continuar a execución da Estratexia de Turismo de Galicia 2020 aprobada no ano 2017 polo Consello da Xunta de Galicia e na execución da programación do Xacobeo 2021.

A Estratexia do Turismo de Galicia plasma o marco de traballo en materia turística para o período 2017-2020, tendo en conta as necesidades dos axentes de distintos ámbitos da cadea de valor do sector turístico galego.

Este documento alíñase cos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG) e especificamente en materia de turismo, contribúe aos resultados que se pretenden conseguir dentro da prioridade de actuación PA 3.3 "Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados" e ao obxectivo estratéxico OE 3.3.01: "Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado".

Por tanto, a actividade a Axencia de Turismo de Galicia estará orientada a continuar o traballo de execución da Estratexia do turismo 2020, iniciada no 2018 :

1. Continuar a desenvolver todo o potencial dos recursos de Galicia, que permiten construír un destino único e diferencial, articulado ao redor dunha marca: Galicia. A sustentabilidade do destino a mellora e innovación dos produtos turísticos de Galicia e a mellora da calidade da oferta serán os retos na execución pola Axencia Turismo de Galicia.

   As actuacións máis importantes realizadas centraranse en apoiar aos concellos e comarcas no desenvolvemento de accións de mellora do produto turístico, da competitividade ou a calidade seguindo coa convocatoria das liñas de axudas para accesibilidade e sinalización turística , para contratación de persoal informador en oficinas de turismo, os premios ao traballo para o embelecemento dos recursos turísticos, ou axudas a festas declaradas de interese turístico. Tamén coa colaboración cos xeodestinos para a mellora do seu posicionamento

como destinos competitivos, apoiando a elaboración de plans estrátexicos, promoción, creación de produto, formación ou novas tecnoloxías.

2. A gobernanza turística do destino pretende desenvolver unha nova forma de xestión, que incorpore a todos os axentes da cadea de valor e que facilite a sustentabilidade do destino a medio e longo prazo, sen renunciar a criterios de rendibilidade económica e social propios dunha actividade económica como é o turismo.

   Así, para o ano 2019 executaránse os novos Plans de Turismo Rural e o Plan de gastronomía elaborados coa participación de todos os axentes, seguirase a cooperar co Cluster en materia de formación, e coa presenza nas más importantes feiras nacionais e internacionais e o CSHG seguirá coa organización de eventos como Gastroforum, Hotelforum, CSHG Emprende ou Feminino Singular

   Seguirase tamén co Plan de Accesibilidade Turística de Galicia e do Camiño de Santiago e por outra banda, co apoio ao sector privado na mellora da calidade, na innovación de produtos ou das instalacións mediante axudas para acreditar un recoñecemento como a Q de calidade ou o SICTED, a colaboración entre empresas para ofertar produtos turísticos innovadores e baseados en recursos endóxenos ou axudas destinadas a mellora das instalacións dos establecementos de aloxamento. Tamén na área de calidade apoiase o desenvolvemento do Sistema Turistico de Calidade en Destino en distintos concellos e comarcas de Galicia.

   No ámbito da formación dos profesionais de turismo, convocáronse bolsas de prácticas nas oficinas de turismo da Xunta de Galicia, na area de estudos e nas oficinas de turismo no exterior.

3. Proxección nacional e internacional do destino. Mellorar a captación de turistas e a súa fidelización, así como a diferenciación do destino en base a unha oferta segmentada de calidade é outro dos retos da Estratéxia do turismo. En este ámbito, levaránse a cabo diferentes accións de promoción de produtos turísticos especializados.

   O aliñamento e a colaboración de Turismo de Galicia cos principais actores na promoción internacional, como son a OMT, a ETC, Turespaña e as outras comunidades autónomas (España verde), servirá de efecto multiplicador do plan de promoción de Turismo de Galicia nos mercados internacionais.

As liñas estratéxicas deberán responder a un enfoque experiencial e perseguir o obxectivo xeral de potenciar e actualizar a marca Galicia, reforzando a proxección internacional do noso país, impulsando a renovación da oferta galega de turismo cultural e consolidando a Galicia como un destino único, espiritual, referente cultural e turístico.

A colaboración de Turismo de Galicia con outros departamentos da Administración, cos concellos e mancomunidades, cos entes de promoción locais e, en definitiva, con todos os axentes, continuará sendo clave para acadar unha comunicación de destino axeitada.

Turismo de Galicia terá presenza no 2019 nas principais feiras nacionais e internacionais do sector, que abranguen a promoción dos nosos principais produtos turísticos e singularidades como destino, a través dos produtos cabeceira de marca.

No segmento MICE, Turismo de Galicia intensificará os seus esforzos de promoción nas principais feiras internacionais e eventos especializados.

A presenza en Galicia dos operadores turísticos e comunicadores para coñecer o destino, resulta fundamental para a promoción de Galicia. Neste sentido, dedicarase especial esforzo ás viaxes de prensa e de familiarización.

O novo turismo é cada vez máis sensible cara á conservación do medio e na sostibilidade, no que Galicia constitúe un destino único.

A Rede de Centros BTT de Galicia é xa unha realidade, que ten prevista no 2019 a incorporación á rede de máis Centros BTT coma Cerdedo-Cotobade, así como a continuidade dos traballos de incorporación á rede EuroVelo.

Tamén a comunicación de Galicia coma un destino de auga, tanto no interior coma na costa. O turismo náutico, de cruceiros, mariñeiro, e o termalismo terán un destacado protagonismo no plan de actuacións de Turismo de Galicia.

As devanditas actuacións, coma outras que así mesmo constitúen xa casos de éxito contrastado, coma é o Outono Gastronómico, as Xornadas de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia, e a promoción De Tapas por Galicia, así coma os Trens Turísticos comunicaranse coa máxima sona en prol de acadar os obxectivos marcados na Estratexia do Turismo 2020.

Na area de proxectos europeos desenvolvéronse ata catro proxectos con cofinanciación de ata o 75% por parte da Unión Europea como o WAOH Route para o desenvolvemento do turismo de mergullo, kaiak e avistamento de cetáceos, o Geres-Xurés Dinámico para o desenvolvemento da reserva da biosfera transfronteiriza no entorno do parque natural do Xurés, o Eurovelo 3 de peregrinación, para o desenvolvemento e promoción desta ruta trasnacional de turismo de bicicleta unida aos recursos culturais dos lugares polos que discorre e o Creative Loci-Iacobi para o desenvolvemento mediante as novas tecnoloxías dos recursos patrimoniais do Camiño de Santiago en Europa.

Seguirase tamén co desenvolvemento do Plan director do Camiño de Santiago que contribúa á mellora do mesmo ao longo de todas as súas rutas, adaptando medidas específicas para cada unha delas e definindo directrices que contribúan á mellora de aspectos ambientais, urbanísticos, á xestión de fluxos, e á mellora dos trazados e da sinalización, á mellora dos servizos turísticos.

Neste sentido, tanto a Estratexia coma o plan director do Camiño de Santiago fan fincapé na importancia desta ruta de peregrinación única no mundo que segue a constituír un dos principais atractivos turísticos de Galicia que, sen perder a súa esencia, é transversal, pois permite coñecer e desfrutar doutros produtos, coma poden ser o termalismo, a cultura, a natureza, a enogastronomía, o turismo idiomático, e mesmo o turismo de golf, entre outros. En sintonía , Turismo de Galicia desenvolverá no 2019 novos produtos na procura de sinerxías, e traballará

no Camiño de Santiago coma parte do noso patrimonio natural, coma parte da estratexia de desestacionalización e de comunicación de todas as rutas que o compoñen.

En cumprimento do Plan director, as accións para o ano 2019 centraranse no Via da Prata do mesmo xeito que o ano 2017 dedicouse ao Camiño Portugués.

Unha vez constituída a comisión organizadora do xacobeo 20121, cómpre traballar no desenvolvemento da programación aprobada.

As actividades que se promovan desde o Xacobeo 2021 deben gardar perfecta sintonía coas que proporciona o Camiño e o conxunto da oferta turística galega, que está baseada no turismo responsable, a calidade e a sustentabilidade. Que sexa unha auténtica "experiencia humana". O Xacobeo debe ser o escaparate dunha Galicia organizada, preparada, dinámica e innovadora.

Como novidade con relación a anteriores Xacobeos e coa finalidade de que a programación do Xacobeo 2021 sexa realmente participativa e aberta a todos os galegos, iniciaremos en 2019 unha convocatoria aberta para seleccionar proxectos.

Este sistema de "call for proposals", aínda pouco estendido, é empregado polas Capitais Europeas de Cultura ou organismos do estado como o PICE (Programa de Internacionalización da Cultura Española) de Acción Cultural Española.

Deseñouse unha convocatoria aberta de axudas con liñas específicas para diferentes tipos de solicitantes: entidades públicas (concellos, mancomunidades, etc) entidades privadas, asociacións cidadás, etc. Con criterios de avaliación obxectivos asociados aos obxectivos e plans aprobados polo Consello Xacobeo e os do Xacobeo 2021. Subxace a idea de integrar a toda Galicia na celebración, colaborando a intensificar a programación en pequenos concellos e áreas rurais, favorecendo as vinculadas ao Camiño de Santiago. Con iso lograremos: transparencia e igualdade de oportunidades; eficiencia e control na xestión; distribución orzamentaria estratéxica aplicando criterios de distribución xeográfica e desestacionalización. Deseñarase unha ferramenta informática para recibir as propostas e que permita converter a información en arquivos que axilicen a análise posterior.

O resto da programación completarase con eventos propios, propostas impulsadas desde o propio Xacobeo, ben eventos exclusivos capaces de xerar un gran impacto de comunicación poñendo o foco en Galicia como a segunda edición de "O Son do Camiño" onde ampliaremos o aforamento do Monte do Gozo para poder atraer a grandes artistas internacionais.

Ou novas propostas de mediano formato buscando novos públicos e a integración da poboación local e os peregrinos como Camiños sonoros. Un proxecto de promoción e incorporación ao mundo profesional a novos intérpretes, estudantes dos conservatorios galegos, a través dun circuíto de concertos en lugares patrimoniais dos Camiños de Santiago.

Proxectos de mecenado de artistas galegos por outros internacionais, formándose durante as súas xiras.

Ou a creación de residencias artísticas do Xacobeo 21 en música e artes plásticas e escénicas. Convidando a artistas internacionais que traballen con artistas locais no desenvolvemento de espectáculos únicos para a súa estrea en 2021. Trátase de experiencias vitais de gran potencial transformador que deixarían un legado no contexto local.

Pero tamén apoiaremos baixo a fórmula de patrocinio as iniciativas culturais existentes que teñen unha periodicidade anual, para reforzar o tecido empresarial cultural galego, paliando a "competencia" que poida supoñer a programación propia do Xacobeo 21 e asegurando que a nosa marca asóciase a eventos de calidade, seguros e profesionais como todo tipo de festivais (cinema, música, artes escénicas, infantís, etc) feiras culturais, eventos deportivos, foros, etc. Eles difundirán a marca Xacobeo en toda Galicia e entre todo tipo de público.

Buscando difundir o novo logo e a celebración do Xacobeo e visibilizando que fomentamos o deporte e vida sa, involucrando a todos os galegos pecharase un acordo coa Fundación Deporte Galego para a dotación de equipamento de todas as disciplinas deportivas, clubs e categorías de deporte base durante o ano 2019. .

Reconverteremos proxectos preexistentes dándolle máis contido, coherencia e amplitude territorial como "Vive o Camiño". O obxectivo será facer sentir, comprender e difundir entre os habitantes o que supón o Camiño de Santiago no S. XXI e identificalos co seu propio patrimonio material e inmaterial e cos valores xacobeos. O formato inclúe unha andaina do peregrino, artesanía, gastronomía e un espectáculo familiar especificamente deseñado.

Incentivaremos os proxectos de voluntariado coa terceira idade en espazos patrimoniais vinculados ao Camiño de Santiago.

Continuaremos co programa de exposicións itinerantes sobre o Camiño incorporando encargos a artistas e ilustradores de gran proxección, outra que mostre a eclosión a nivel internacional das publicacións sobre o mundo xacobeo, ficción, guías prácticas e libros experienciais. Tamén coa liña de publicacións, xornadas de formación, accións de promoción e participación en feiras, atención a viaxes de prensa e familiarización, actividades didácticas con centros escolares, etc.

Co fin de promover a recuperación, posta en valor e difusión do patrimonio cultural do Camiño de Santiago lanzarase unha Orde de axuda á conservación e recuperación do patrimonio etnográfico galego vinculado ao Camiño destinado a concellos e particulares.

II.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, para o ano 2018, continuará a súa actividade de mantemento e atención ao público da rede de albergues públicos e do resto de edificios da nosa entidade.

Colaborarase coa Axencia de Turismo de Galicia na execución das súas funcións no ámbito de conservación, sinalización e mellora dos trazados dos distintos Camiños de Santiago e de rehabilitación ou construción de novas edificacións para albergues públicos.

En concreto, coa xestión do 70 albergues integrados na rede de albergues de peregrinos do Xacobeo, tanto os de xestión directa a través da empresa concesionaria do servizo de "limpeza, cobro e atención ao público" como da empresa encargada do "mantemento das instalacións", como daqueles outros xestionados por concellos e entidades ao abeiro dos correspondentes convenios de colaboración.

Tamén se continuará colaborando no desenvolvemento das accións de promoción da cultura xacobea que deseñe a Axencia de Turismo de Galicia. Seguindo as directrices marcadas polo Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago, 2015-2021.

Renovaranse as liñas de colaboración coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago e outras entidades que traballan pola difusión e promoción do Camiño de Santiago, convocando de novo a convocatoria das entregas dinerarias sen contraprestación da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo ás Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Véxase o indicado no apartado correspondente a (estratexias de internacionalización da cultura).

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 151A - FOMENTO DA LINGUA GALEGA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 151A –Fomento da lingua galega– concreta o plan de actuación sectorial e transversal de fomento do coñecemento e do uso da lingua galega que a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverá durante o ano 2019.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

1. Fomento do uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, a través de diversas iniciativas de promoción do galego, que buscan impulsar a incorporación desta lingua a ámbitos prioritarios como son o socioeconómico, o das tecnoloxías da información e da comunicación, o xudicial ou as franxas de idade máis novas.
2. O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 4 de agosto de 2016 o Plan de dinamización lingüística no tecido económico 2016-2020 (en diante, PDLGTE) , que ten como marco de referencia o Plan Xeral de Normalización da Lingua galega (PXNLG). Con este plan sectorial vanse desenvolver liñas de actuación específicas dirixidas a diferentes áreas como a industria, o traballo, o cooperativismo, a banca e o comercio e, incidirá especialmente, pola súa repercusión na sociedade en xeral, na hostalería e restauración, nas industrias alimentarias, nas entidades intermedias (xestorías, asesorías, despachos de avogados, sector inmobiliario, administración de comunidades de propietarios...), e tamén na publicidade das empresas e outras actividades do ámbito cultural e tecnolóxico (audiovisual galego, fomento das TIC...).
3. Un incremento no uso desta lingua nas empresas axudará ao seu impulso tamén no resto dos sectores cos que se relaciona e, polo tanto, unha maior presenza do galego na sociedade.
4. Segundo o estudo económico do PDLGTE a porcentaxe dos fondos que destinará a Secretaría Xeral de Política Lingüística durante o ano 2019 será o 36,77% e a porcentaxe dos fondos doutros organismos será do 63,23%.
5. Outro aspecto moi importante do plan é a súa utilidade para concienciar aos axentes do tecido económico e empresarial que o uso do galego no ámbito dos negocios supón, para a exportación, unha vantaxe competitiva nos países de fala portuguesa. O galego é unha oportunidade que nos conecta con novos espazos e novos mercados, sobre todo mercados emerxentes de fala portuguesa coma Brasil ou Angola, onde o galego nos demostra e nos fai plenamente conscientes da riqueza lingüística do noso idioma e das potencialidades comunicativas que nos ofrece noutras comunidades lingüísticas con máis de 200 millóns de falantes de portugués que hai no mundo. Neste sentido, a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, regula no seu artigo 3º que "deberán ser promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de

lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego. De maneira especial, fomentarase o coñecemento desta lingua por parte dos empregados públicos, a participación das institucións en foros lusófonos de todo tipo –económico, cultural, ambiental, deportivo, etc.–, así como a organización na comunidade autónoma galega de eventos con presenza de entidades e persoas de territorios que teñan o portugués como lingua oficial."

6. Impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas e medios técnicos en lingua galega ao alcance da cidadanía.
7. Incrementar a efectividade das accións dinamizadoras dirixidas á sociedade:
   - Promoción social da lingua
   - Desenvolvemento da investigación
   - Coordinación dos poderes públicos para a dinamización lingüística
   - Fomento da competencia en galego da sociedade
   - Proxección exterior

O ano 2019 será decisivo para aprobar definitivamente o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade. Este Plan implica unha aposta estratéxica dado que son as mozas e mozos os chamados a garantir o futuro da lingua galega, por iso se intenta favorecer que a xente nova opte pola lingua propia de Galicia en todos os ámbitos da súa vida. Con este fin, o Plan busca darlle visibilidade ao galego en nove áreas: asociacións, deporte, lecer, industrias culturais, formación continua, comunicación dixital e redes sociais, ensino, familia e emprego e emprendemento.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.2.03), consiste en difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e as súas relacións comerciais con países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotián do galego.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Toda a poboación en xeral e, en particular, a poboación adulta en Galicia e no exterior.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A gran parte dos programas, plans e accións necesarios para desenvolver as políticas activas de promoción e de sensibilización a prol da lingua galega durante o ano 2019 atendendo aos obxectivos operativos do programa, poden materializarse nas seguintes actuacións:

1. Fomentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos (tecido económico, xuventude, lusofonía):

- Continuar a realización de programas de dinamización lingüística para as franxas de idade máis novas: como, por exemplo, "Nós tamén creamos", "O galego campa", "FalaRedes", Retransmite e outros
- Desenvolvemento de actividades de formación e convocatoria de axudas para os equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino.
- Coñecemento da situación actual do galego nos distintos ámbitos da sociedade, a través do Observatorio da Lingua Galega.
- Convocatoria de axudas para a edición de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios.
- Convocatoria de subvencións ás entidades locais de Galicia para fomentar o uso da lingua galega, apoiando a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos e a realización de programas de dinamización lingüística, nos ámbitos municipal e supramunicipal.
- Actuacións e afianzamento da Rede de dinamización lingüística, entre a Xunta de Galicia e as entidades locais, e outras de diversa procedencia (culturais, etc.).
- Sinatura de convenios con entidades dos diversos sectores sociais para a realización de actuacións de normalización lingüística.
- Creación e difusión de recursos en galego, tales como tradutores, paquetes ofimáticos, correctores, dicionarios ou vocabularios en liña.
- Convocatoria de axudas para fomentar o uso do galego nos medios de comunicación impresos e nos seus portais web.
- Desenvolvemento de diversos proxectos de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

2. Ampliar o coñecemento do galego por parte da cidadanía
   - Colaboración co Instituto da Lingua Galega, coa Real Academia Galega e coas universidades galegas.
   - Convocatoria de cursos e probas Celga.
   - Realización de xornadas de formación para o profesorado colaborador da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
   - Reforzo da oferta formativa en lingua galega para os profesionais ao servizo das administracións.
   - Oferta de asesoramento lingüístico a través do servizo da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
3. Incrementar a proxección da lingua e da cultura galegas fóra da comunidade de Galicia:
   - Convenios con universidades de diversos países para desenvolver actividades de difusión da lingua e da cultura galegas.
   - Coordinación das actividades formativas no exterior a través dunha rede de centros de estudos galegos.
   - Realización de xornadas formativas para o profesorado lector.

- Colaboración coa Junta de Castilla y León para continuar o proceso de incorporación do galego nos plans de estudo dos centros de ensino primario e secundario.
- Colaboración con centros de Cataluña (proxecto Galauda), Londres, Caracas, etc.
- Fomento da colaboración entre gobernos en materia de política lingüística.
- Participación na Rede europea para a promoción da diversidade lingüística (NPLD), e na "Asociación de instituciones avaliadoras de lenguas de Europa" (ALTE).

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativo básico da actuación establécese no artigo 3.2 da Constitución Española sobre a oficialidade das linguas do Estado nas respectivas comunidades autónomas, e no artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia onde se define que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Eses mesmos mandatos son reiterados no Estatuto de Autonomía para Galicia (art. 27º.20) e desenvolvidos na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e tamén no Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, onde se establece a necesidade de coordinar as accións promovidas polos distintos estamentos da Administración autonómica para planificar as liñas xerais de actuación externa e interna en materia de normalización lingüística, así como o obxectivo de promover o uso social da lingua galega a través de distintas accións por parte da Administración.

Dentro deste marco legal, no Goberno de Galicia, as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega, correspóndenlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Por último, o día 21 de setembro de 2004 o Parlamento de Galicia aprobaba, por unanimidade, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega que se xestara por instancia da entón Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da extinta Dirección Xeral de Política Lingüística, hoxe convertida na actual Secretaría Xeral de Política Lingüística. O Plan constitúe, en liñas xerais, un documento que, a modo de marco referencial e partindo dun concepto globalizador, permite, de forma planificada, a concreción e actualización dos grandes obxectivos de política lingüística expresados na Lei de normalización lingüística de 1983. Neste Plan englóbanse unha serie de medidas dirixidas aos distintos sectores socioeconómicos para conseguir o afianzamento do uso normal da lingua galega en convivencia co castelán, e así aproveitar a riqueza da posesión de dúas linguas oficiais. Este plan no eido do tecido económico compleméntase co PDLGTE 2016-2020.

No marco do ensino non universitario, a lexislación concrétase no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, cuxa adecuación á Lei de normalización lingüística ten sido avalada favorablemente polas sentenzas do TSXG corrixido para cumprir escrupulosamente os ditados do Tribunal polas instrucións ditadas para o efecto pola consellería.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 151A –Fomento da lingua galega– pretende cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, así como o Plan de dinamización lingüística no tecido económico 2016-202, e o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade, en fase de elaboración coa previsión de aprobación no primeiro trimestre do ano 2019. Estes obxectivos considéranse imprescindibles para o proceso normalizador e para deseñar as medidas de actuación que sexan necesarias para conseguir unha actitude máis favorable cara á lingua galega, e difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como o tecido económico empresarial e as súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa.

De acordo con isto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística quere conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e maiores espazos de uso na sociedade civil do século XXI. Agora ben, unha planificación lingüística é algo moi distinto a outros proxectos planificadores, porque a súa executora vai ser toda a cidadanía nas súas empresas, nos seus lugares de traballo, nas súas relacións sociais, nas súas familias. En definitiva, depende absolutamente do entusiasmo e vontade da cidadanía á que vai dirixido lograr os obxectivos nel establecidos. Por iso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, consciente da importancia de que favorecer o prestixio e o uso da lingua galega é unha tarefa de todos, e non só das institucións, traballa para estender unha visión afable, moderna e útil do galego, para o converter na lingua habitual de comunicación, tanto formal como informal, e eliminar os prexuízos que aínda existen sobre esta lingua.

O resultado que se pretende conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.2.03) é difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como o tecido económico empresarial e a súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa propiciando un clima que favoreza o uso cotiá do galego.

Os proxectos concretos para o ano 2019 no ámbito do PDLGTE 2016-2020 son, entre outros, os seguintes:

a) Dotar de contidos e por en marcha un espazo único en liña de atención á empresa en temas de lingua que conteña lexislación, ferramentas e recursos lingüísticos, modelos de documentos de uso frecuente e outros.
b) A difusión dun decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa no tecido empresarial de Galicia, e a distribución dunha guía de boas prácticas e casos de éxito do uso do galego na empresa
c) A valorización dos produtos coa etiquetaxe en galego.

No ámbito da mocidade o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade pretende incrementar a utilización do galego entre a xente máis nova. O ano 2019 será un ano decisivo para a aprobación definitiva do Plan de Dinamización da Língua Galega na Mocidade

Este plan implica unha aposta estratéxica, pois a mocidade representa o porvir e, polo tanto, son as mozas e mozos os chamados a garantir o futuro da lingua galega. Hoxe o sistema educativo garante o coñecemento do galego, coas porcentaxes de coñecemento máis elevadas da historia nas distintas competencias (entender, falar, ler e escribir). Tamén en todas elas Galicia rexistra os índices máis altos das linguas cooficiais de España. Agora é o momento de fomentar o uso, de ir máis aló do ámbito educativo, creando situacións, contextos e actitudes que favorezan o feito de optar pola lingua propia de Galicia en todos os ámbitos da vida dos máis novos. Con este fin, o plan busca darlle visibilidade ao galego en 9 áreas: asociacións, deporte, lecer, industrias culturais, formación continua, comunicación dixital e redes sociais, ensino, familia e emprego, e emprendemento.

Dentro delas, proporanse medidas como o establecemento de acordos cos clubs deportivos para que incorporen a lingua galega ás súas comunicacións, a promoción dunha oferta competitiva de produtos culturais e audiovisuais en galego traducidos, o impulso da transmisión de galego aos fillos nas Escolas de Nais e Pais, o apoio e recoñecemento aos proxectos dixitais que publiquen integramente en galego, o apoio ás opcións dos "neofalantes" como novos usuarios do noso idioma ou o aproveitamento das potencialidades do galego no mundo lusófono á hora de emprender e crear emprego, entre outras.

Ademais da concreción das liñas de acción para impulsar un maior uso do galego pola xuventude, durante o ano 2019 continuarase a súa liña de acción dirixida a promover programas de dinamización lingüística dirixidos ao público infantil e as súas familias.

Ampliarase o coñecemento do galego a través dos sistemas de formación lingüística de adultos e impulsaranse plataformas para impartir os cursos CELGA en liña, así como a aprendizaxe non formal doutras linguas como o portugués.

Incrementarase tamén a proxección da lingua e da cultura galegas fóra de comunidade de Galicia.

Apoiarase a investigación sobre o galego para impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas e medios técnicos ao alcance da cidadanía en lingua galega. Entre os proxectos de referencia pódense citar:

- O portal xurídico e a base de datos de lexislación galega consolidada (Lex.gal)
- A revisión e adaptación de contidos da Enciclopedia Galega Universal para a súa consulta en liña.
- A participación da Secretaría Xeral de Política Lingüística como socio no programa Interreg V-A España-Portugal, no proxecto denominado "Patrimonio Cultural da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal: Valoración e Innovación". Acrónimo: 0358 GEOARPAD 1-E. O instrumento que o ampara é o PEG 2015-2020 (Axenda Dixital de Galicia 2020).

O obxectivo é a definición dunha infraestrutura de información patrimonial incluíndo o elemento xeoespacial como compoñente vertebrador.

As aplicacións específicas van dirixidas a tres usos diferenciados:

- Patrimonio inmoble
- Patrimonio inmaterial (toponimia e microtoponimia)
- Patrimonio documental

A contribución da Secretaría Xeral de Política Lingüística afecta ao patrimonio inmaterial e materialízase nun proxecto dirixido a xeorreferenciar a toponimia galega (Nomenclátor) en colaboración co Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Con base nesta colaboración realizaranse ademais outros traballos coa Real Academia Galega para a normalización e elaboración de contidos divulgativos que terán soporte nunha aplicación colaborativa relacionada coa microtoponimia.

Coordinarase aos poderes públicos na dinamización da lingua galega, co fin de incrementar a efectividade das accións dinamizadoras dirixidas á sociedade.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa 151A, no desenvolvemento das súas actividades de dinamización lingüística, formación e investigación promove e incide positivamente no emprego dunha linguaxe e imaxes non sexistas, inclusivas, igualitarias, plurais e non estereotipadas, para achegar a súa mensaxe a toda a cidadanía e incrementar o coñecemento e o uso social da lingua galega.

Os indicadores con relevancia de xénero máis importantes se concretan como segue:

a) Os contidos e a docencia dos cursos de lingua galega para todos os niveis (incluíndo as linguaxes específicas, a administración xeral, local e de xustiza, etc.) nos que se presta unha especial atención ao fomento da utilización non sexista do galego, empréganse sempre termos xenéricos (persoal colaborador, persoas responsables, etc), mesmo nas xornadas formativas sempre se inclúe unha epígrafe referida á linguaxe non sexista.
b) A utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas está presente nas publicacións e traballos de investigación que produce, edita e financia a Secretaría Xeral de Política Lingüística, ademais de aqueloutras nas que colabora directamente.
c) No ámbito da promoción, baste citar que un dos parámetros de valoración das obras que se presentan á convocatoria anual de subvencións para a edición de recursos curriculares en lingua galega, para niveis non universitarios, é precisamente se, de maneira transversal aos obxectivos, competencias e contidos abordados, o material promove: "A igualdade entre as persoas, sexan do sexo, raza, relixión, procedencia, lingua ou condición social que sexan".

Obsérvase unha aceptación significativa e crecente por parte das mulleres cara as actividades que se veñen desenvolvendo a través do programa 151A.

E así, a modo de exemplo, nas actividades formativas rexístrase un número de mulleres superior ao de homes, na proporción de entre un 60% e un 70% de mulleres, fronte o 40% ou 30% de homes. Sirvan para ilustrar este feito os datos que se desagregan a continuación:

O programa 151A, no desenvolvemento das súas actividades de dinamización lingüística, formación e investigación promove e incide positivamente no emprego dunha linguaxe e imaxes non sexistas, inclusivas, igualitarias, plurais e non estereotipadas, para achegar a súa mensaxe a toda a cidadanía e incrementar o coñecemento e o uso social da lingua galega.

Os indicadores con relevancia de xénero máis importantes se concretan como segue:

a) Os contidos e a docencia dos cursos de lingua galega para todos os niveis (incluíndo as linguaxes específicas, a administración xeral, local e de xustiza, etc.) nos que se presta

unha especial atención ao fomento da utilización non sexista do galego, empréganse sempre termos xenéricos (persoal colaborador, persoas responsables, etc), mesmo nas xornadas formativas sempre se inclúe unha epígrafe referida á linguaxe non sexista.

b) A utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas está presente nas publicacións e traballos de investigación que produce, edita e financia a Secretaría Xeral de Política Lingüística, ademais de aqueloutras nas que colabora directamente.

c) No ámbito da promoción, baste citar que un dos parámetros de valoración das obras que se presentan á convocatoria anual de subvencións para a edición de recursos curriculares en lingua galega, para niveis non universitarios, é precisamente se, de maneira transversal aos obxectivos, competencias e contidos abordados, o material promove: "A igualdade entre as persoas, sexan do sexo, raza, relixión, procedencia, lingua ou condición social que sexan".

Obsérvase unha aceptación significativa e crecente por parte das mulleres cara as actividades que se veñen desenvolvendo a través do programa 151A.

E así, a modo de exemplo, nas actividades formativas rexístrase un número de mulleres superior ao de homes, na proporción de entre un 60% e un 70% de mulleres, fronte o 40% ou 30% de homes. Sirvan para ilustrar este feito os datos que se desagregan a continuación:

a) Persoas destinatarias de cursos: no que vai do ano 2018, un 70% do alumnado son mulleres.

b) Probas para acreditar o coñecemento en lingua galega (CELGA): un 68% das persoa presentadas mulleres.

c) O 84% do profesorado colaborador son mulleres.

d) En distintos programas de dinamización lingüística que leva a cabo a Secretaría Xeral de Política Lingüística no que vai de ano, como: Sesións de teatro , concertos, etc. prodúcese unha maior participación feminina Persoas destinatarias de cursos: no que vai do ano 2018, un 70% do alumnado son mulleres.

e) Probas para acreditar o coñecemento en lingua galega (CELGA): un 68% das persoa presentadas mulleres.

f) O 84% do profesorado colaborador son mulleres.

En distintos programas de dinamización lingüística que leva a cabo a Secretaría Xeral de Política Lingüística no que vai de ano, como: Sesións de teatro , concertos, etc. prodúcese unha maior participación feminina

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística programa e executa actividades dirixidas ao conxunto da cidadanía, sen diferenciación por sexos, co obxecto de lograr máis e mellores espazos de uso para o galego, velando en todas as súas iniciativas por utilizar una linguaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade. Por esta razón, non conta con actividades concretas para as que se poida fixar un orzamento específico.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O programa é mixto con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes para a utilización dun galego non sexista, tentando transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

O progresivo incremento, ano tras ano, do número de mulleres que participan nas actividades formativas e tamén das inscritas para as probas CELGA. No exercicio 2018 coa implantación do CELGA 4 en liña fíxose unha achega á conciliación da vida familiar e formativa, das mulleres e dos homes ao aforrar custos de tempo e de desprazamento a centros formativos continuando no exercicio 2019 coa previsión da impartición en liña do Celga 3 e co comezo dos traballos para dispoñer, tamén en liña, dos Celga 2 e 1.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO..

Para o ano 2019 preténdese poñer en práctica actividades que integran diferentes ámbitos de actuación para crear sinerxías comúns, e o papel da muller é un deses ámbitos. Así, entre outras actividades previstas, está a realización de encontros con mulleres empresarias de Galicia e do mundo lusófono, que terán como obxectivo analizar a importancia do uso do galego como lingua vehicular dos negocios neste espazo lusofalante.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Política Lingüística

III.1.2. PROGRAMA 431A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A través do presente programa de gasto, a Secretaría Xeral Técnica levará a cabo as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e centros administrativos dependentes da consellería. Do mesmo xeito, desenvolverá actuacións xerais de apoio técnico, administrativo e orzamentario, así como funcións de coordinación na prestación dos servizos de carácter transversal do departamento. Figuran neste programa os créditos precisos para o correcto funcionamento e desenvolvemento da actividade propia desta consellería, entre os que se atopan os gastos en bens correntes e servizos, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmobles administrativos e demais actuacións tendentes ao mantemento ou mellora das dependencias de traballo.

Outras actividades comprendidas no presente programa son, entre outras, a xestión do persoal, a tramitación e execución do gasto corrente e de investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos, tanto centrais como periféricos; a realización de tarefas de xestión económico-administrativa; o impulso, a modernización e a informatización dos seus servizos centrais e periféricos; a realización de estudos e traballos técnicos en temas comúns e xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas, así como a tramitación de toda a produción normativa.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Mediante o presente programa de gasto preténdese dar cobertura ás necesidades en materia persoal e demais gastos precisos para o correcto funcionamento dos servizos da Consellería de Cultura e Turismo, tales como arrendamentos de locais, reparacións, subministracións, comunicacións, transporte, seguros ou tributos; en resumo, todos os gastos necesarios para o correcto e eficiente desenvolvemento dos servizos, co fin de renovar e modernizar os espazos e medios materiais para o desenvolvemento das funcións por parte do persoal da consellería e mellorar os sistemas de información, incorporando os avances tecnolóxicos para unha xestión administrativa mais transparente e eficaz, que persegue o constante cumprimento dos principios de simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima e proximidade á cidadanía que deben presidir en todo momento a organización desta consellería e das súas entidades instrumentais.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo instrumental deste programa (coa identificación OI 4.3.01), consiste en contribuír á conservación da riqueza cultural de Galicia e ao impulso da Cidade da Cultura como punto estratéxico dos circuítos culturais da comunidade autónoma.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións enmarcadas no presente programa van dirixidas aos órganos administrativos e persoal da Consellería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O presente programa comprende a ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería, e introduce dende a súa orixe unha maior racionalidade e transparencia no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións. O obxectivo é acadar unha administración moderna e próxima, para o que se optimizan os recursos materiais e humanos mediante a implantación de novos sistemas e procedementos de xestión e se actúa de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, co fin último de acadar unha maior calidade, efectividade e racionalidade na prestación de servizos públicos á cidadanía.

Por outra banda, e tendo en conta o actual escenario económico, cómpre executar as actuacións que integran este programa optimizando os recursos dispoñibles con criterios de eficacia e eficiencia, e baixo os principios de economía e racionalización do gasto público, mantendo intacta a calidade na prestación dos servizos destinados ao persoal da administración e á sociedade en xeral, proporcionando e difundindo información constante, clara e obxectiva sobre as nosas actuacións, potenciando a accesibilidade para facilitar o coñecemento por parte da cidadanía das xestións que resulten de seu interese e fomentando e favorecendo a participación da cidadanía nos asuntos públicos e no deseño e mellora dos servizos públicos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administra-ción xeral e o sector público autonómico de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Decreto 106/2018, de 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é o correcto funcionamento e unha axeitada coordinación dos servizos centrais e periféricos, tanto no que respecta a medios humanos como aos materiais e de organización, e actuar de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar unha maior racionalidade e axilidade administrativa e afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados á cidadanía por parte da Consellería de Cultura e Turismo e, en xeral, da administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

En canto a os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo instrumental (coa identificación OI 4.3.01) é mellorar a eficiencia na cobertura financeira das necesidades correntes, tanto dos servizos centrais como territoriais da consellería, relacionadas cos servizos xerais de cultura e contribuír a promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia como recurso turístico.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.3. PROGRAMA 432A - BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa ten como obxectivo contribuír á mellora das bibliotecas, dos arquivos e dos museos de Galicia, non só como centros de conservación da memoria cultural, senón como infraestruturas e servizos básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas polo Estatuto de Autonomía de Galicia á Xunta de Galicia en relación coa conservación, protección e difusión da cultura galega .

En relación coas bibliotecas, estas constitúen un dos eixes culturais básicos da sociedade actual, xa que facilitan o achegamento da cidadanía á información e á cultura. Os servizos bibliotecarios permiten un acceso gratuíto e en igualdade ao libro e á lectura e, cada vez máis, son espazos centrais da dinamización cultural de vilas e cidades. Os clubs de lectura, as charlas, as exposicións ou os obradoiros son só algunhas das actividades que están a facer das bibliotecas lugares de referencia cultural para a cidadanía. Ademais, co obxectivo de ofrecer un servizo de calidade e que responda ás necesidades dos usuarios e usuarias, a renovación bibliográfica é constante, así como os investimentos en actualización tecnolóxica.

En 2018 a plataforma de préstamo de libros dixitais Galicia Le ampliou os seus fondos dixitais a 2.979 títulos de libros dixitais e incorporáronse 77 audiovisuais galegos, longametraxes, curtas e documentais, tamén se consolidou e ampliou en número de títulos, editoriais e concellos participantes na plataforma web para facilitar o acceso das bibliotecas de titularidade municipal ás novidades editoriais en galego. Continuouse tamén a integración de todas as bibliotecas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia nun sistema de xestión único e a implantación do carné único, válido para recibir servizos en calquera das bibliotecas da Rede. Ademais, levouse a cabo a aplicación das recomendacións do Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia e ampliáronse os estudos propostos polo Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, incrementáronse as actividades de dinamización bibliotecaria e cultural nas bibliotecas da Rede; a ampliación do catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia; o mantemento e ampliación dos fondos dixitalizados e a diversificación das súas categorías na Biblioteca Dixital de Galicia (Galiciana); e a recolección e a constitución de repositorios para o Depósito Legal de publicacións electrónicas.

Outro ámbito de relevancia é o apoio ao libro galego, tanto no ámbito territorial de Galicia coma na súa difusión no exterior, en especial a súa transformación tecnolóxica e o cambio do sistema de difusión e distribución das publicacións da Xunta de Galicia e dos seus organismos dependentes a través da Libraría Institucional. Outras actuacións de difusión cultural vinculadas ao libro son a realización de campañas para dar a coñecer as novidades editoriais en formato físico e dixital en colaboración con outras institucións públicas e privadas, a utilización de recursos tecnolóxicos que permitirán que as novidades editoriais en galego cheguen ás bibliotecas públicas a demanda e en paralelo ao mercado, a creación de roteiros literarios virtuais etc. Con respecto á difusión internacional da edición e do libro que se realiza en Galicia, participouse en cinco citas

da máis relevantes feiras internacionais do libro, nas que se deron a coñecer os creadores e creadoras galegos e a súa obra editada en Galicia.

En relación cos arquivos, o desenvolvemento das competencias en materia de patrimonio documental, que afectan, entre outros, a todos os documentos das administracións públicas desde o mesmo momento da súa produción, implica prestar especial atención á xestión documental e ao desenvolvemento do sistema de arquivos de Galicia, e procurar así que as actuacións que se acometan se concreten nun mellor funcionamento da administración, na garantía do acceso á información contida nos documentos e na conservación e difusión do patrimonio documental.

Prestarase especial atención aos arquivos propios e xestionados de forma directa pola Xunta de Galicia, con especial atención ao investimento de reposición nos edificios, no desenvolvemento de programas que favorezan o seu funcionamento técnico en materia de identificación e avaliación documental, descrición, dixitalización, conservación preventiva ou restauración, e na elaboración e execución de proxectos de difusión que incrementen a presenza destes centros no seu medio social.

Continuaranse os esforzos dirixidos a favorecer unha mellor integración dos arquivos de interese galego que non sexan de titularidade autonómica no sistema de arquivos de Galicia. Procurarase así mellorar non soamente as infraestruturas destes centros, tanto os de carácter público -especialmente municipais e universitarios-, coma os de carácter privado -eclesiásticos, de fundacións, de asociacións sen fins de lucro ou de particulares-, senón tamén incorporalos de forma efectiva ao sistema desde o punto de vista técnico e informativo, para o que se lles proporcionará apoio, asesoramento e recursos informáticos que favorezan o coñecemento e acceso dos cidadáns aos seus fondos.

No referente aos museos, a Xunta de Galicia xestiona unha rede de museos e centros expositivos a través dos cales realiza un labor fundamental de conservación, coidado e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Para dinamizar os seus fondos, os museos contan cunha extensa programación de actividades dirixidas a distintas franxas de poboación, que lles permite dar a coñecer os seus bens, abrirse cada vez máis ao conxunto da cidadanía e converterse nunha plataforma activa de dinamización da oferta cultural; unha actividade que inclúe visitas guiadas e investigación, pero tamén cursos, obradoiros, xornadas, conferencias, presentacións, días de portas abertas, programación audiovisual, musical e de artes escénicas etc., ademais de exposicións artísticas de diferente natureza.

O obxectivo é acadar un maior coñecemento e unha mellor conservación do patrimonio moble galego, para poder protexelo, interpretalo e difundilo á sociedade, como portador de valores que informan da esencia da cultura galega ao longo do tempo. O seu campo de acción é o patrimonio cultural moble, depositado nos museos, e sempre vinculado e contextualizado no seu ámbito xeográfico e no seu contexto histórico.

Con esas finalidades, a Consellería desenvolve a xestión dos museos de titularidade autonómica adscritos a esta consellería e os de titularidade estatal de xestión transferida á Comunidade autónoma. Realiza a tramitación e informes dos procedementos para a creación de museos e coleccións visitables, a actualización e control do rexistro e o censo de museos de Galicia e o inventario do patrimonio moble custodiado nos museos galegos, así como o control dos movementos, restauracións e reproducións dos seus bens integrantes. Asume tamén labores de apoio e asesoramento técnico nas materias de patrimonio moble e de museos e a programación, coordinación e xestión das actuacións en materia de incremento, conservación, documentación, investigación e difusión do patrimonio custodiado e interpretado nos museos e noutros equipamentos culturais. Entre as súas funcións tamén se atopa a taxación de bens culturais de carácter museístico con fins administrativos e a xestión para o incremento do patrimonio moble depositado nos museos propios e xestionados por adscrición ou depósito e as súas diferentes formas de ingreso.

Levarase a cabo tamén, con cargo a este programa, o mantemento das liñas prioritarias de actuación que se citan a seguir:

- Continuidade da política de axudas para traballos de documentación, conservación e difusión en museos propios pero tamén, e singularmente, de concellos, padroados, entidades e asociacións de carácter público ou privado etc. Debe notarse que esta é unha demanda política e social constante, sobre todo no que afecta ao valor e á función social do patrimonio documental e moble de Galicia.
- Execución de investimentos nos edificios e infraestruturas dos museos propios, concertados ou xestionados pola Xunta de Galicia, para cumprir coas funcións propias encomendadas: a conservación, a restauración, a difusión, a documentación e a investigación.
- Investimentos en proxectos de investigación e documentación das coleccións dos museos para a súa difusión na rede, a través das webs dos museos propios e dos portais do sistema galego de museos, e da Administración do Estado para os museos de titularidade estatal e xestión transferida.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese levar a cabo a consolidación, ampliación e mellora dos servizos existentes en materia de bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais así como a súa ampliación para atender con satisfacción as necesidades das persoas usuarias. Así mesmo, promóvese a realización de actividades que dean a coñecer o patrimonio cultural que albergan estes centros. Trátase, en definitiva, da responsabilidade pública de atender e proporcionar á sociedade galega hábitos e posibilidades de lectura e información, a través da creación, mantemento e enriquecemento continuo de centros de lectura. Así mesmo inclúese a promoción do libro galego, a través do apoio á empresa editorial galega, a realización de feiras e demais actuacións de promoción da lectura.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa consiste en fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliote-

cas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados a toda a poboación galega, de todas as idades e de calquera estrato social ou laboral, así como a persoas investigadoras, asociacións socioculturais e outras entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades nas materias que son obxecto do presente programa.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En materia de bibliotecas, coa Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establécese un marco lexislativo adecuado para as novas necesidades das bibliotecas galegas, que debe garantirlle á sociedade servizos bibliotecarios de calidade. Con posterioridade á publicación da lei, estase a levar a cabo o correspondente desenvolvemento regulamentario mediante os decretos ou as ordes que especifican e desenvolven os principais aspectos da lei. Así mesmo, a Lei recolle no seu articulado a obriga da realización do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, aprobado en 2016 e difundido en 2017; en 2018 iniciouse a posta en marcha das súas recomendacións, que é o instrumento de traballo que permite coñecer a realidade das bibliotecas da rede, como paso previo para poder actuar de maneira planificada e operativa. O mapa debe recoller as necesidades reais de lectura pública, e sobre estas establecerá o tipo de servizo que corresponde a cada poboación.

Cómpre destacar a atención especial que debe dárselles ás bibliotecas dixitais e á preservación e difusión do patrimonio bibliográfico. En Galicia está funcionando desde o ano 2008 Galiciana, a biblioteca e arquivo dixital de Galicia, como unha biblioteca que incorpora e ofrece máis de 6700 obras dixitalizadas, o que supón máis de 1.900.000 imaxes.

En canto ao libro galego e ao libro en xeral, pártese dunha produción ampla de libro galego que precisa de expansión, rendibilidade, fomento e adaptación ás novas tecnoloxías. Hai que salientar o apoio á dixitalización do libro galego a través da Biblioteca Dixital de Galicia, da súa difusión internacional nas principais feiras do libro do mundo e da Libraría Institucional da Xunta de Galicia, escaparate para a distribución e venda da produción editorial da Administración autonómica.

No que respecta aos arquivos, coa Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, cóntase co soporte normativo para desenvolver de forma integral o sistema e os diferentes subsistemas que o integran. A posta en marcha dos consellos superiores previstos na Lei 7/2014, concretamente o Consello de Arquivos de Galicia e o Consello de Avaliación Documental, fai posible abordar unha serie de tarefas imprescindibles a planificación dos espazos arquivísticos, a mellora da cooperación entre administracións ou a optimización da dobre vertente dos arquivos: administrativa e patrimonial.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.
- Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 106/2018, de 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No eido das bibliotecas e do libro, búscase coordinar a Rede de bibliotecas públicas de Galicia e impulsar o seu desenvolvemento, en especial difundir e potenciar o traballo da súa biblioteca de cabeceira, a Biblioteca de Galicia. Conformada unha importante rede de bibliotecas públicas de Galicia, hai que incidir, xa non tanto na creación de novos centros, coma na mellora, modernización e planificación dos existentes, ofrecendo servizos de calidade á cidadanía e aproveitando as novas tecnoloxías para a súa difusión social. Poñeranse en marcha novos programas que permitan achegar servizos bibliotecarios ao territorios con especiais dificultades polos que ata agora carecían deste servizo. Impulsaranse programas de difusión dos fondos de publicacións galegas, dándolle relevancia especial á hemeroteca e á dixitalización e difusión da prensa histórica galega. Galiciana, a biblioteca virtual de Galicia, incrementará as súas obras e diversificará os seus contidos co obxecto de acubillar contidos virtuais non accesibles ata agora. Tamén se incrementará o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia, que se incorporará a Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia.

Manterase e potenciarase a realización de actividades culturais e de animación e fomento da lectura para dar a coñecer as colecciónns das bibliotecas, coa actualización, renovación e incremento dos fondos e da diversidade de recursos en todo tipo de soportes, co fin de optimizar os recursos existentes mediante a súa oferta non só no recinto físico da biblioteca, senón tamén nun contorno virtual.

Procurarase, así mesmo, lograr a rendibilidade e a xeneralización do uso do libro galego pola sociedade, incrementando a súa presenza a través de canles virtuais e novos recursos en liña para as persoas usuarias das bibliotecas públicas que permitan poñer ao seu dispor as novidades editoriais de xeito inmediato á súa incorporación ao mercado. Outro xeito de fomento do libro é a realización de campañas de difusión en colaboración co resto dos actores vinculados ao mundo do libro. Por outra banda, destaca o apoio e reforzo do libro galego no que atinxe á súa presenza nos grandes acontecementos culturais e feiras internacionais, cun propósito de

expansión e de intercambio coas restantes culturas do mundo contemporáneo. Tamén reforzase o seu achegamento ás persoas lectoras mediante o apoio á celebración de feiras do libro en diferentes localidades de Galicia. Potenciarase tamén a colección da Libraría Institucional da Xunta de Galicia e realizaranse as melloras tecnolóxicas que faciliten o seu uso tanto pola cidadanía coma polas librarías.

No que respecta aos arquivos, son instrumentos para conseguir ese obxectivo xeral as iniciativas lexislativas que está a promover e Consellería de Cultura e Turismo e as actuacións orzamentarias que programa. Búscase con elas mellorar as instalacións e os equipamentos que son sedes dos arquivos, pero tamén contribuír a un mellor servizo á cidadanía mediante accións coordinadas nos eidos da informatización, a dixitalización de acordo con normas internacionais e a difusión, que ademais incorporen de forma efectiva o patrimonio documental galego ás grandes redes de coñecemento e de acceso á cultura de ámbito europeo e mundial.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, deste programa de gasto son o incremento da participación da sociedade nas actividades das bibliotecas, dos arquivos, dos museos e dos centros de interpretación, así como o aumento da oferta dos seus servizos, contidos e produtos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O ámbito prioritario de actuación deste programa de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres desde dúas perspectivas ben diferenciadas: por unha banda, no acceso e participación nos diversos servizos e produtos culturais xerados; por outra banda, como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, se temos en conta as principais fontes cuantitativas máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estadísticas Culturales 2017, publicado polo Ministerio de Cultura e Deporte; e o informe A Muller na Cultura Galega (I), publicado en 2014 polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega), podemos observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X

Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Coa realización das actividades descritas, preténdese avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito cultural, promovendo o acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións polo feito de ser muller ou home.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

III.1.4. PROGRAMA 432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os obxectivos deste programa céntranse en desenvolver as grandes liñas de actuación para o apoio á cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo. Neste programa tamén se inclúen as transferencias para o financiamento dos gastos correntes e de capital da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Este compromiso baséase nos seguintes puntos, sobre os que xirarán as actividades que se desenvolvan:

Cultura galega e en galego: afortalar a cultura galega no marco dunha concepción dinámica e plural da cultura, coa renovación, actualización e ampliación de horizontes e a adaptación aos novos tempos e aos distintos ámbitos culturais nos que se insire Galicia, nos planos nacional, europeo e mundial, dentro do diálogo e intercambio enriquecedor con outras realidades culturais.

Desenvolver as estruturas, os equipamentos e os recursos necesarios para facer posible a distribución e a visibilidade da cultura. Procúrase unha actuación sólida, que integre os estamentos con calidade profesional suficiente e que atendan as necesidades da poboación galega e dos sectores que basean a súa actividade, directa ou indirectamente, na captación dun público autóctono ou visitante, sobre o que pivota unha parte importante da economía galega.

Crear as medidas para manter a cultura galega como marca de calidade de Galicia. Potenciarase a difusión e circulación exterior dos produtos culturais e a súa identificación de orixe, para os converter así en carta de presentación de Galicia.

Contribuír ao fomento, promoción e difusión do sector audiovisual e multimedia, e do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

Dentro das súas actividades atópanse, entre outras: o impulso á creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais; o incremento da comercialización e competitividade dos produtos culturais galegos dentro e fóra do noso país; a creación de plans formativos para a mellora na cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos das empresas do sector cultural, e o fomento da creación, mellora e modernización tecnolóxica de infraestruturas e equipamentos dos axentes culturais.

O programa de teatro, música e danza desenvolve as distintas modalidades das artes escénicas. Nel poténcianse novos proxectos dentro das actividades dos circuítos culturais, en cooperación cos concellos de Galicia. Trátase de realizar unha oferta cultural ampla e repartida, xeográfica e demograficamente, para facilitar o acceso e a recepción na poboación galega da cultura propia do país en todas as súas manifestacións.

En definitiva, a finalidade deste programa é garantir o acceso á cultura de toda a poboación galega, a través do fomento da oferta de bens culturais, e incidir na creación de hábitos de consumo cultural, aumentar a profesionalización dos distintos ámbitos sectoriais que comprenden as industrias culturais, aproveitando as capacidades do sector para a creación de emprego e promover e difundir a industria cultural.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa consiste en aumentar a oferta e o consumo da cultura mediante accións de dinamización cultural planificada e a través das actividades da industria cultural e creativa galega.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados á poboación galega en xeral, para que poidan acceder a ela toda a cidadanía. Ten como destinatarios concellos e asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que poderán recibir axudas para levar a cabo actividades culturais, ou ben realizar obras e equipamentos nos espazos e edificios dedicados as elas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados á poboación galega en xeral, para que poidan acceder a ela toda a cidadanía. Ten como destinatarios concellos e asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que poderán recibir axudas para levar a cabo actividades culturais, ou ben realizar obras e equipamentos nos espazos e edificios dedicados as elas.

Por outra banda, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), o programa diríxese ás empresas, colectivos profesionais, entidades sen ánimo de lucro dos distintos ámbitos incluídos nos distintos subsectores da cultura: as artes escénicas, o audiovisual, a arte e a música. En xeral, toda a poboación galega como destinataria final do acceso á cultura.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A proxección da cultura galega en todos os ámbitos da nosa sociedade e na súa imaxe e presenza exterior promove o recoñecemento do legado creativo (artístico, escénico, musical, literario, audiovisual etc.) que consolidou Galicia como gran manifestación cultural, á vez que impulsa a aparición de novas formas de expresión, individuais e colectivas. Para isto trabállase intensamente no deseño de estratexias que conduzan á consecución dos obxectivos, amais de procurar a colaboración e cooperación institucional con toda clase de entidades e institucións públicas e privadas, para apoiar o seu labor artístico, ou ben para acadar intercambios frutíferos para a actividade cultural galega, que manteña ou incremente os niveis de satisfacción e identidade da cidadanía co noso selo cultural, ao tempo que consolide o prestixio acadado en moi distintos eidos do panorama internacional.

Así mesmo, preténdese atender as necesidades culturais da nosa sociedade, con programas atractivos para os distintos públicos e sectores e para os visitantes que acoden, atraídos pola riqueza das nosas manifestacións culturais en todos os ámbitos e termos, como parte importante da nosa actividade económica. No punto de saída, este programa promove e desenvolve diferentes liñas de achegamento á arte contemporánea e á cultura en xeral para diferentes públicos e colectivos da sociedade, co fin de propiciar múltiples situacións de diálogo e reflexión. Preténdese levar a cabo, ben directamente ou ben en colaboración con outros departamentos autonómicos, a construción, mellora ou equipamento das infraestruturas socioculturais nas nosas vilas e cidades, especialmente en núcleos de escasa poboación, para que poidan representarse as diversas manifestacións da cultura galega nun marco digno e adecuado ás necesidades reais dos nosos tempos.

Pola súa banda, a AGADIC ten por obxecto, no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural, impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

Entre as súas funcións destácanse:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais, prestándolles especial atención ás industrias culturais que xeren mecanismos de produción eficientes e que subministren no mercado bens culturais de amplo consumo.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado e os que acheguen á cultura galega innovacións creativas e ofertas de calidade de novas estéticas e linguaxes artísticas.
- Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra de Galicia, fomentando a captación de público e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais.
- Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, impulsando plans formativos acordes coas necesidades profesionais das empresas do sector.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores.
- Fomentar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte das e dos axentes culturais.
- Impulsar a cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial, no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.
- Adoptar programas que potencien as sinerxías entre o desenvolvemento empresarial das actividades culturais e outros fins públicos como a protección do patrimonio natural, material e inmaterial, a contribución ao desenvolvemento territorial e o fomento da educación, do emprego, da integración social e da investigación.
- Facer estudos e plans estratéxicos sobre o sector cultural, así como difundir a información sobre os recursos destinados ás empresas culturais en calquera ámbito.

Coa actividade desenvolvida a través da AGADIC preténdese incidir nestas funcións tendo en conta o contexto actual, no que se observa unha demanda crecente de produtos culturais en Galicia e de produtos culturais galegos fóra de Galicia. Desde a AGADIC, continúase coa política de coordinación coas entidades locais, que contribúe a deslocalización, da oferta cultural de xeito que se garanta o acceso de toda a poboación a unha programación cultural de calidade.

Neste sentido, preténdese continuar coas políticas de financiamento das distintas redes, a rede galega de salas, a rede galega de teatros e auditorios e rede galega de salas de música ao vivo, que constitúen unha parte importante da oferta cultural da comunidade. A colaboración cos concellos e da AGADIC, xunto coa Axencia de Turismo de Galicia contribuirán a incidir na descentralización xeográfica da cultura.

Esta distribución de espectáculos ven complementada coas axudas á distribución, ven completar estas redes, pero que fundamentalmente está orientada a que as nosas empresas culturais reciban os apoios para acudir a feiras ou mercados, participar en festivais ou montar xiras no exterior.

Tamén vai continuar o apoio firme aos distintos festivais que se celebran en Galicia, para o cal estableceranse liñas de subvencións específicas para os distintos eventos audiovisuais, musicais e de artes escénicas.

Nos últimos anos, AGADIC leva apoiando o sector mediante produción de espectáculos de artes escénicas, produción de distintos formatos audiovisuais, apoio ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais como fase previa á produción e apoio ao talento co obxecto de contribuír ao fortalecemento do sector.

Todo o anterior está en marcha sen esquecer o labor de produción propia que se desenvolve a través do Centro Dramático Galego, que se ocupa da creación e contratación de espectáculos teatrais, e do Centro Coreográfico Galego, que se encarga do apoio e formación para o sector da danza

Finalmente, non debe esquecerse a sinatura de convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro que teñen por finalidade, precisamente, realizar actividades de carácter cultural que sirvan aos fins da axencia e contribúan á consecución dos seus obxectivos.

Así mesmo, e desde a integración do Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) na AGADIC, esta axencia tamén desenvolve accións de fomento, difusión e promoción do sector audiovisual e multimedia e do patrimonio audiovisual galego e dar artes da imaxe.

O sector audiovisual está a configurar o noso patrimonio histórico e cultural, polo que debe ser obxecto da correspondente difusión e promoción, a través das canles de comunicación existentes.

Nesta liña, a AGADIC, a través do CGAI desempeña unha importante labor polas súas funcións, tanto de recuperación, catalogación e custodia das obras (cinematográficas, videográficas e fotográficas) que conforman o noso patrimonio audiovisual, como na promoción e difusión do mesmo (programación, proxeccións, mostras, exposicións etc.). Tamén desde este organismo lévanse a cabo diversos programas formativos como Cine en Curso, Fotografía en Curso, CGAI Junior, oferta que se ampliou coa inclusión da xestión do programa CinED dende o CGAI.

Por outra parte, os avances tecnolóxicos obrigan aos distintos sectores implicados no proceso (administración, empresas, poboación en xeral etc.) a manter actualizados os seus contidos audiovisuais e multimedia, polo que se considera necesario realizar actuacións dirixidas ás empresas e colectivos para que poidan adaptarse ás novas esixencias tecnolóxicas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Decreto 176/2011 polo que se modifica o 196/2001 polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.
- Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais.
- Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproban os estatutos de AGADIC.
- Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia
- Decreto 106/2018, de 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Incentivar as manifestacións e representacións artísticas no eidos do teatro, a música e a danza, mediante a creación dos espazos necesarios, ben coa mellora das infraestruturas socioculturais xa existentes naqueles concellos que non dispoñan das infraestruturas axeitadas para levar a cabo a programación cultural do ente local, ben a través de convenios ou convocatorias de axudas, nos concellos onde as necesidades de reforma, mellora ou dotación son imprescindibles para poder ofrecer unha oferta cultural de calidade consonte as demandas sociais.

A través do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) procúrase contribuír á dinamización do panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea. Desde a súa creación en 1993 o CGAC amosou as liñas directrices da arte das últimas décadas mediante as exposicións retrospectivas de artistas recoñecidos internacionalmente ao carón de exposicións dedicadas a difundir a arte galega, incluíndo tanto autoras e autores xa consagrados coma os máis emerxentes. Ademais dun espazo expositivo, o CGAC é un centro dinámico e multidisciplinar no que se celebran ciclos de conferencias, obradoiros impartidos por artistas e incursións no campo da música, as artes escénicas e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos.

A través da AGADIC aumentarase a oferta e a demanda de produtos culturais, mediante a consolidación dos circuítos culturais establecidos por AGADIC, mantendo e consolidando a Rede Galega de Música ao Vivo, a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas, adaptándoos as novas realidades normativas.

Incidirase tamén, fundamentalmente a través da convocatoria de liñas de axudas, no apoio a feiras e festivais, que dinamicen o mercado e faciliten a distribución de produtos culturais. Neste ámbito atópanse as subvencións aos festivais de carácter profesional celebrados en Galicia e de interese estratéxico para o sector, destinados ás persoas físicas e xurídicas de carácter privado, domiciliadas en Galicia ou con establecemento operativo nesta comunidade, así como ás entidades locais galegas.

Promoverase a presenza dos produtos culturais galegos nos mercados exteriores, para o cal a AGADIC levará a cabo accións de internacionalización como a presenza nos principais mercados internacionais do sector audiovisual ou a convocatoria das axudas á distribución exterior. Estas accións no exterior completaranse con mercados internacionais en Galicia, como o caso de Conecta Fiction.

Apoiarase a produción e a coprodución, tanto no eido das artes escénicas como no do sector audiovisual e a música, mediante a convocatoria das correspondentes liñas de axudas. Así, no eido da actividade escénica subvencionaranse a produción de espectáculos, separando as empresas de nova creación das máis consolidadas e o teatro do resto das artes escénicas.

No ámbito audiovisual, subvencionaranse as producións e coproducións galegas en lingua galega con decidido contido artístico e cultural, así como a creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego, así como financiar un produto audiovisual específico que promova os valores e o impacto da Camiño de Santiago.

Realizarase producións propias a través dos centros de produción da Consellería.

Estableceranse convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro que teñan por obxecto, con carácter xeral, fomentar a cultura galega.

Potenciaranse os sectores audiovisual e multimedia, fomentando a promoción da multimedia e a difusión do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.1.01) son o aumento da actividade creativa e mellora en cantidade e calidade da oferta das industrias culturais galegas. Mellora da súa competitividade, no mercado interior e de cara ao exterior, e da rendibilidade dos axentes e das empresas do sector cultural.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O ámbito prioritario de actuación destes programas de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres desde dúas perspectivas ben diferenciadas: por unha banda, como consumidores e consumidoras dos diversos produtos culturais xerados; por outra banda, como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, se temos en conta as principais fontes cuantitativas máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estadísticas Culturales 2017, publicado polo Ministerio de Cultura e Deporte; e o informe A Muller na Cultura Galega (I), publicado en 2014 polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega), podemos observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

Ante a constatación de que nos diferentes ámbitos en que se estrutura o ámbito cultural galego a presenza dos homes segue a ser superior á das mulleres, a Dirección Xeral de Políticas Culturais pretende promover a participación e o emprego feminino no sector cultural e, por iso, nas convocatorias de axudas valora, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das

mulleres nos proxectos. No mesmo sentido, promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes nas programacións artísticas contratadas desde o departamento. Así mesmo fomentarase a presenza equilibrada de mulleres e homes na composición das comisións de valoración de axudas e seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínte da linguaxe.

En particular, a AGADIC pretende promover o emprego feminino no sector cultural e por iso, nas convocatorias de axudas para a produción de artes escénicas e a produción audiovisual, valora, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. Así, trátase de fomentar a dirección feminina no caso da produción de artes escénicas, valorándose expresamente esta circunstancia coa asignación dunha puntuación específica. No caso das producións audiovisuais, promóvese a presenza feminina no equipo creativo outorgando unha puntuación específica a aqueles proxectos nos que a participación das mulleres naquel sexa superior ao 50%. Ademais, puntúase a dirección integramente a cargo dunha muller.

Por outra banda, seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínte da linguaxe.

Tamén evitarase a difusión de imaxes que contribúan a perpetuar os estereotipos sexistas, e incidirase na promoción daqueles contidos que contribúan a visibilizar a presenza da muller en ámbitos nos que aínda non están representadas de xeito paritario.

Promoverase a presenza da muller nas actividades desenvolvidas pola AGADIC, de xeito que o acceso ás súas actividades sexa máis equitativa entre homes e mulleres.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Coa realización das actividades descritas, preténdese avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito de actuación da Dirección Xeral de Políticas Culturais e AGADIC, promovendo o acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións por cuestións de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Axencia Galega de Industrias Culturais

III.1.5. PROGRAMA 433A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa pretende a posta en valor do patrimonio cultural galego en todas as súas manifestacións, tanto en Galicia coma no exterior.

Contempla unha serie de actuacións coas que a consellería persegue a protección, conservación, investigación, acrecentamento difusión e fomento do patrimonio artístico, arquitectónico, arqueolóxico etnolóxico, industrial, científico, documental e bibliográfico de interese para Galicia.

Concretaranse en medidas dirixidas a:

- Clasificar, declarar e catalogar os bens mobles, inmobles e inmateriais do patrimonio cultural de Galicia.
- Elaborar os informes sectoriais sobre os instrumentos de replanteo urbanístico e demais plans, programas e proxectos de incidencia supramunicipal, tanto públicos coma privados, que poidan implicar risco de destrución ou deterioro do patrimonio cultural de Galicia.
- Apoiar e dar asesoramento técnico na elaboración de instrumentos de planeamento e outros plans ou proxectos promovidos pola Xunta de Galicia e outras administracións que poidan afectar á protección do patrimonio cultural.
- Delimitar dos Camiños de Santiago en Galicia.
- Fomento do coñecemento e da potenciación dos valores sociais, espirituais e solidarios propios dos camiños.
- Protexer os Camiños de Santiago na súa vertente de conservación material e recuperación, mediante o procedemento de autorización das intervencións que os afecten.
- Colaborar coa Igrexa Católica para elaborar e desenvolver plans de intervención conxunta sobre o patrimonio cultural de titularidade da Igrexa Católica en Galicia.
- Promover a conservación dos bens integrantes do patrimonio cultural galego máis significativos, en especial os BIC. Promover intervencións en bens do Patrimonio Mundial e dos Camiños de Santiago así como en bens protexidos pertencentes ao patrimonio artístico (retablos e pinturas murais entre outros), arquitectónico (bens da arquitectura defensiva, relixiosa e civil, incluída as manifestacións das primeiras vangardas e o movemento moderno), ao patrimonio da enxeñería e as obras públicas e ao patrimonio etnolóxico, industrial e científico e técnico.
- Promover a elaboración de plans directores, proxectos ou plans integrais de conservación e estudos previos para a protección, a conservación, a posta en valor e a conservación preventiva de bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.
- Promover, xestionar e coordinar as actuacións de prevención, conservación, restauración e posta en valor do patrimonio arqueolóxico, con especial atención ao patrimonio

arqueolóxico subacuático. Prestando tamén apoio e asesoramento técnico en proxectos e actuacións que afecten a este patrimonio.

- Potenciar as liñas de actuación dirixidas a incrementar o coñecemento, a investigación, a difusión, a conservación e restauración e a conservación preventiva do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico (civil, militar e relixioso), artístico, etnolóxico, industrial e da enxeñería histórica, así como as actuacións dirixidas a súa axeitada rehabilitación dotándoo de usos compatibles cos seus valores culturais.
- Continuar coas liñas de axudas para colaborar no mantemento do patrimonio arqueolóxico e para a conservación, restauración e rehabilitación de bens inmobles de carácter etnográfico que constitúen unha parte importante do acervo patrimonial galego.
- Manter as liñas de axudas para colaborar no custo da execución de actuacións arqueolóxicas ordenadas maiormente en conxuntos históricos.
- Continuar coa política de axudas para traballos de documentación, conservación e difusión en museos propios pero tamén, e singularmente, de concellos, padroados, entidades e asociacións de carácter público ou privado etc.
- Colaborar con outras entidades do sector público para a protección e atención ao patrimonio cultural situado na súa demarcación.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A protección, conservación, investigación, aumento e difusión do patrimonio artístico, arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015 - 2020, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.3.02), consiste en protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural.

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 - 2020 cuxo obxectivo temático (coa identificación 6) consiste en conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos. A prioridade de investimento (coa identificación 6c) desta axuda consiste na conservación, protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural. O obxectivo específico (coa identificación 060c1 - 6.3.1) desta axuda e o de promover a protección, fomento e desenvolvemento do patrimonio cultural. Por último, a categoría de intervención desta axuda e a protección, desenvolvemento e promoción dos activos da cultura e do patrimonio públicos coa identificación CI094.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados ao patrimonio cultural, de xeito que as actuacións a realizar van dirixidas a achegar o seu coñecemento á sociedade e facilitar o acceso universal a el.

O beneficiario directo deste programa é a poboación galega, con carácter universal, e de forma especial as colectividades locais que interactúan acotío cos bens do patrimonio cultural na súa vida diaria, así como as xeracións vindeiras para os que se salvagarda e acrecenta este patrimonio.

Tamén se dirixe, dunha forma indirecta, aos turistas e visitantes que se acheguen a Galicia e aos bens protexidos, con unha motivación e interese cultural na súa viaxe. No caso dos bens incluídos na Lista do Patrimonio Mundial, o colectivo que se beneficia é a humanidade no seu conxunto.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Este programa ocúpase do apoio e difusión do patrimonio histórico galego en todas as súas manifestacións, tanto en Galicia coma no exterior. Tamén a través deste programa a Consellería de Cultura e Turismo persegue a conservación e difusión do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico de interese para Galicia, así como dos camiños históricos a Santiago e a mellora do coñecemento sobre os bens e das ferramentas xurídicas e administrativas de protección como medios e instrumentos imprescindibles para o acrecentamento, difusión e salvagarda do patrimonio cultural.

Coa finalidade de protexer os bens de patrimonio cultural establecéronse diversos procedementos que esixen autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para as intervencións, tanto no propio ben como no seu contorno ou na súa zona de amortecemento. Como consecuencia do gran número de bens declarados bens de interese cultural e catalogados a instrución de novembro de 2017 clarifica as intervencións que non precisaban autorización da dirección xeral.

Así mesmo, en aplicación do artigo 65 da LPCG estase a asinar convenios de habilitación cos concellos que reúnan os requisitos esixidos nese texto legal ,coa finalidade de que poidan autorizar as intervencións que se refiran a bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e as súas contornas de protección e zonas de amortecemento.

Por outra banda, financiarase os traballos do Plan Básico Autonómico polo que se delimitaron dous novos Camiños de Santiago: o de Inverno e o Portugués pola costa.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 106/2018, de 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Decreto 93/2017, de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Decreto 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade e estratexia do presente programa é o da protección, a conservación, a restauración, o incremento e posta en valor do patrimonio cultural galego.

Preténdese o recoñecemento das peculiaridades propias do patrimonio cultural de Galicia para a súa protección e difusión, e aplicando os procedementos e instrumentos específicos para garantir a súa conservación, así como o réxime sancionador para corrixir as infraccións que afectasen o patrimonio cultural galego, obrigando a reposición cando esta sexa posible.

O primeiro paso para a protección do patrimonio e o da súa identificación, localización e clasificación. Cos procedementos de catalogación ou declaración como bens de interese cultural a preténdese non só o seu recoñecemento, se non tamén establecer a súa delimitación e o establecemento de medidas de protección, conservación e difusión.

En liña co anterior, outra liña estratéxica a seguir é achegar o coñecemento do patrimonio cultural á sociedade e facilitar o acceso universal a el por todos os medios que proporciona a técnica e as tecnoloxías da información. Deste xeito contribúese a concienciar á sociedade en xeral e a todos os sectores implicados, na necesidade de defender e conservar o patrimonio cultural.

De igual xeito, os plans e proxectos de obras do patrimonio procuran estimular a súa revalorización e garantir a conservación deste recurso cultural, turístico e de desenvolvemento social limitado, fráxil e non renovable.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto son o incremento do patrimonio cultural de Galicia e mellora do seu estado de conservación e a situación e condicións de acceso a el por parte da cidadanía.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

III.1.6. PROGRAMA 761A - COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

De acordo coa Estratexia do turismo de Galicia 2020, este programa inclúe a realización de accións para desenvolver todo o potencial dos recursos de Galicia, que permitan construír un destino único e diferencial, articulado ao redor dunha marca, Galicia, e todo baixo unha nova forma de xestión, que incorpore a todos os axentes da cadea de valor e que facilite a sustentabilidade do destino a medio e longo prazo, sen renunciar a criterios de rendibilidade económica e social propios dunha actividade económica como é o turismo; mellorar a captación de turistas e a súa fidelización, así como a diferenciación do destino en base a unha oferta segmentada de calidade.

Recolle o programa a realización de accións para o desenvolvemento da programación cara o xacobeo 2021.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Lograr que no ano 2020 Galicia sexa un destino turístico máis sustentable, innovador e competitivo, no que a participación e a colaboración da cadea de valor turística sexan a base sobre a que se articula unha oferta de recursos e experiencias singulares baseada nos nosos valores identitarios, que posibilite unha comercialización eficiente nos mercados interior e exterior, baixo unha marca que nos identifica como territorio, Galicia, e que, baixo unha premisa xeral de calidade, achegue valor a todos os sectores da nosa economía.

Para o ano 2020, Galicia aposta por un turismo baseado no patrimonio, a historia e a cultura galega, caracterizado por unha consolidación dos novos produtos e experiencias turísticas, diferentes ás doutros destinos, nas que destaca o mar como referencia específica, xunto con a cultura celta e as nosas lendas e tradicións.

Para o ano 2020, Galicia quere ser referente como destino sustentable, coidadoso coa paisaxe e os recursos naturais, tanto nas rías e praias do litoral, como nos bosques máxicos e parques naturais do interior, consolidando unha oferta de alta calidade, relacionada con atributos do denominado slow tourism, e de alto valor engadido, na que destaca o termalismo.

Para o ano 2020, a punta de lanza dos produtos singulares e diferenciais é a enogastronomía galega, representada por cociñeiros e cociñeiras de primeiro nivel, a cal permite complementar de maneira transversal unha gran cantidade de territorios e produtos turísticos, reforzando o turismo de maior valor engadido. A enogastronomía é o detonante e recursomotivador especial da viaxe a Galicia.

A piques de entrar no ano Xacobeo 2021, o Camiño é o gran recurso e o factor diferenciador que posibilita unha visibilidade e repercusión internacional. O traballo de consolidación realizado no sector turístico galego permite abordar este novo Xacobeo de maneira especialmente positiva, co desexo de que sexa novamente un fito acelerador do crecemento internacional do destino.

Incidirase na necesidade de aumentar o número de turistas nacionais e internacionais, equilibrando os seus pesos, así como o número de noites en establecementos regrados. É preciso incrementar a ocupación hostaleira e o gasto medio do turista

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa diríxese tanto a axentes públicos e entidades xestoras como a axentes privados nacionais e internacionais. Facer de Galicia un destino único, non é viable sen a cooperación entre axentes, tanto entre axentes privados coma entre axentes públicos, para articular unha oferta máis atractiva e deseñar as comunicacións e infraestruturas necesarias para traer o turista a Galicia. Debe facelo de xeito coordinado e potenciando tamén as alianzas entre axentes tanto a nivel nacional coma internacional que acerquen o turista a Galicia.

É relevante a colaboración e cooperación entre os distintos departamentos da Xunta na busca de estratexias conxuntas para lograr sinerxías entre o turismo e outros sectores (agroalimentario, industrial, idiomático, transportes, medio ambiente, comercio artesanal, ….).

Por outro lado, as actuacións van dirixidas a toda a poboación en xeral, á que se pretende atraer ao destino Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A tendencia do turismo en Galicia nos últimos anos, igual que en España, segue unha liña ascendente e mantén un comportamento positivo da demanda turística. Detállase a continuación a previsión de evolución para os anos 2018 e 2019 dos principais indicadores turísticos de Galicia contemplados na Estratexia 2020:

VIAXEIROS ALOXADOS EN ESTABLECEMENTOS REGRADOS

A previsión para o segundo semestre do 2018 estima manter as mesmas cifras que no 2017, que supuxeron un reto histórico, sen ter en conta o primeiro semestre onde si se contabilizou unha leve caída na cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados.

No primeiro trimestre do ano conseguíronse resultados positivos, sen embargo atendendo ao cómputo dos primeiros seis meses a cifra de viaxeiros cae no conxunto da comunidade, sobre todo de abril a xuño.

Tendo en conta que resta por vir o período estival, período de maior afluencia turística en Galicia no que as previsións apuntan a uns resultados non negativos, e que no que vai de ano se observa un mellor comportamento do mercado nacional fronte ao internacional –segmento de maior peso xustamente no verán- estimamos que no segundo semestre do ano as cifras serán semellantes ás de 2017 sen apreciar diferenzas significativas.

A previsión para o ano 2019 contempla un leve incremento do 2,3%, dato que procede da estimación de crecemento da economía galega segundo o informe BBVA. A hipótese neste caso apunta a que o sector turístico terá un comportamento semellante ao observado para o conxunto do tecido económico da comunidade.

- Dato 2017: 5.116.688
- Previsión 2018: 5.006.242
- Previsión 2019: 5.121.386

NOITES NOS ESTABLECEMENTOS REGRADOS

As estimacións realizadas para este indicador seguen a mesma pauta metodolóxica que para o caso dos viaxeiros aloxados. Estímase que no segundo semestre de 2018 o nivel acadado será semellante ao observado en 2017 baixo a hipótese de que neste período o sector turístico con-

seguirá amortecer o resultado rexistrado xustamente no primeiro semestre do ano, quedando o resultado final nunha leve caída do 0,8% que sitúa o volume en 10.581.103 noites.

Para o ano 2019 aplícase a mesma taxa de crecemento que no caso anterior, do 2,3%.

- Dato 2017: 10.667.346
- Previsión 2018: 10.581.103
- Previsión 2019: 10.824.468

VIAXEIROS EN TURISMO INTERNACIONAL

Aplícase para o caso do turismo internacional o mesmo criterio establecido nos dous indicadores anteriores, con algún matiz.

Tendo en conta que no período estival mercados importantes coma o portugués poden xerar un dinamismo notable ao sector en Galicia estímase que no segundo semestre do ano este mercado se manterá en niveis de semellantes aos do pasado ano, amortecendo en parte a caída do primeiro semestre e situando o volume final en 1.406.550 viaxeiros. O turismo internacional ata o mes de xuño rompe cunha tendencia positiva nos seis anos anteriores, dada incerteza que afecta aos fluxos de turistas internacionais.

Precisamente en 2019 este segmento terá unha evolución máis discreta ou modesta, cun suave crecemento do contorno do 1% interanual que basicamente permitirá manter os niveis globais por encima de 1,4 millóns de viaxeiros aloxados.

- Dato 2017: 1.466.831
- Previsión 2018: 1.406.550
- Previsión 2019: 1.422.725

PESO DO TURISMO INTERNACIONAL

Estímase que o peso do segmento estranxeiro caerá suavemente nestes dous próximos anos. As variacións son en todo caso pouco significativas e sitúan a cota global no contorno do 28% do total da demanda regrada.

O noso país está a vivir un fin de ciclo con respecto aos resultados turísticos récord dos pasados anos. Aínda que se trata dun leve descenso en todo o territorio nacional, cómpre telo en conta igualmente na nosa comunidade, de cara a revisar as nosas previsións e obxectivos. Entre as posibles causas externas de dito descenso destácase que o mercado británico con Brexit está nunha situación difícil ao darse un retroceso na súa renda media, que incide na capacidade para viaxar, a incerteza en Cataluña, a recuperación dos destinos competidores como Exipto ou Turquía, a inestabilidade metereolóxica etc.

- Dato 2017: 28,7%
- Previsión 2018: 28,1%
- Previsión 2019: 27,8%

PREZO MEDIO POR HABITACIÓN OCUPADA

Vista a evolución deste indicador no primeiro semestre de 2018 –rexistra un incremento do 2,0% interanual- estímase que o seu comportamento nestes dous anos seguirá a tendencia marcada para a Estratexia 2020, con incrementos moderados. Un dos obxectivos fundamentais da nosa folla de ruta é o incremento do prezo medio posto que reflicte a rendabilidade das empresas de aloxamento turístico.

- Dato 2017: 57,7 €
- Previsión 2018: 58,0 €
- Previsión 2019: 59,0 €

GRAO DE OCUPACIÓN HOTELEIRA

O nivel de ocupación hoteleira mellora medio punto no primeiro semestre deste ano 2018. Estímase que no segundo semestre a evolución non distará moito do observado no mesmo período de 2017 –hipótese equivalente á establecida para os anteriores indicadores- co cal a final de ano o grado de ocupación situarase levemente por encima do 39%.

Para o ano 2019 as estimacións son modestas e inclínanse por manter estable o nivel de ocupación por encima do 39%

- Dato 2017: 38,7%
- Previsión 2018: 39,2%
- Previsión 2019: 39,2%

GRAO DE OCUPACIÓN EN TURISMO RURAL

No 2015 cando se iniciou a redacción da Estratexia de turismo de Galicia 2020 o grao de ocupación nas casas de turismo rural foi do 15,6% e proxectouse unha subida anual ata acadar no 2020 o 20%.

No 2017, o resultado foi de récord histórico cun 20,1% polo que nos atopamos nunha situación de espera á finalización deste ano 2018 para revisar se fose procedente as previsións de cara aos vindeiros anos. Aínda así, para o caso do segmento de turismo rural estímase que o nivel de ocupación ronde tanto no 2018 como no 2019 o 20%.

- Dato 2017: 20,1%

- Previsión 2018: 20%
- Previsión 2019: 20%

A situación de partida do turismo en Galicia no ano 2017, presenta unha serie de limitacións: sinalización heteroxénea de recursos que dificulta a súa interpretación, insuficiente mantemento de recursos turísticos, rutas e insuficiente intermodalidade entre os diferentes medios de transporte, limitacións do transporte público para vertebrar Galicia debido á dispersión poboacional, e conectar o interior coa costa e as cidades, feísmo e degradación puntual de monumentos e recursos culturais, débil organización, descoordinación e duplicidades dos sistemas de información turística (oficinas de turismo), baixa profesionalización do sector na atención ao cliente e idiomas, o prezo medio dos establecementos regrados é un dos máis baixos do territorio nacional, intrusismos en moitos campos: guías turísticos, turismo activo, hostalería, transporte, Insuficiente presenza en liña: negocios sen presenza en redes sociais e webs ou que non actualizan, interactúan ou as manteñen activas. excesiva estacionalización nos meses de verán, aínda que similar á media nacional , baixo coñecemento de Galicia como destino turístico no mercado internacional. escaso aproveitamento do potencial turístico do sector primario.

Como ameazas poden sinalarse: a existencia de destinos similares, máis consolidados e especializados; a consolidación dun mercado global máis accesible; a percepción negativa respecto ao clima galego por parte dos turistas; as consecuencias negativas do turismo que afectan ao medio.

Pola contra, podemos identificar os seguintes valores e atributos funda-mentais: O patrimonio, a historia e a cultura galega como elementos singulares e propios, referencia que facilitará a narrativa na construción de todos os produtos turísticos; A paisaxe e os recursos naturais, tanto no litoral coas rías e as praias, como no interior cos parques naturais e bosques máxicos, xunto co termalismo, recurso de especial singularidade e potencial en Galicia; a enogastronomía galega, cunha base de produtos singulares e diferenciais, e o alto nivel conseguido polos cociñeiros e cociñeiras galegas; o Camiño de Santiago como gran recurso, factor diferenciador que nos posibilita unha visibilidade e repercusión internacionais que serían difíciles de conseguir doutro xeito.

Por tanto identifícanse moitos aspectos facilitadores para noso turismo: a proximidade do 2021, Ano Xacobeo, a chegada do AVE: especial oportunidade para as cidades, recursos diferenciadores: termalismo, gran extensión da costa, as rías, predominio de pequenas empresas vinculadas ao territorio con capacidade para ofrecer produtos auténticos, boa imaxe de Galicia a nivel global: marca Galicia, gran cantidade de recursos relevantes en Galicia a nivel patrimonial, cultural e natural (diversidade paisaxística e espazos naturais protexidos, biodiversidade e riqueza das rías galegas), presenza dunha nova xeración de profesionais turísticos con moi boa formación para modernizar e relanzar moitas empresas turísticas, calidade: os certificados como motivación para a mellora continua ao marcar un referente claro a seguir, imaxe de Galicia como lugar hospitalario e de boa acollida, demanda de estilo de vida saudable e slow, onde Galicia está ben situada, aumento do mercado do turismo sénior, onde Galicia ten recursos para situarse, potencial de Galicia para desenvolver medidas de accesibilidade e situarse como destino do turismo accesible,

potencial dos produtos turísticos con demanda crecente: náutico, enoturismo, deportivo/aventura, segmentos de turismo cruciais para a desestacionalización do sector que hai que potenciar (turismo urbano, termalismo, de congresos e eventos, cultural, turismo activo), potencial para desenvolver modalidades de turismo de saúde, tamén en auxe, vinculado aos balnearios e á oferta de servizos de benestar e sanitaria, potencial do turismo de cruceiros.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Decreto 106/2018, de 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Neste marco legal e regulamentario son de aplicación a Estratexia do turismo 2020, o Plan director do camiño de Santiago e as directrices de accesibilidade turística que definen as actuacións a realizar pola Axencia de Turismo de Galicia dentro do programa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa será incidir na execución de accións que poñan en valor todas as oportunidades que o Turismo pode aportar ao desenvolvemento de Galicia:

- O posicionamento de Galicia como marca e como destino diferencial a nivel interno, nacional e internacional.
- A consolidación de Galicia como destino multiexperiencial, cunha oferta segmentada e desestacionalizadora.
- O desenvolvemento de Galicia como destino europeo de turismo sostible.
- O afianzamento dun sector turístico galego, competitivo, proactivo, innovador e coordinado, con visión internacional.
- Inicio da programación Xacobeo 2021

O exercicio orzamentario 2019 permitirá seguir consolidando o aumento das cifras de turistas procedentes dos mercados emisores nacionais e internacionais .

O programa de actuacións deseñado para acadar dito incremento de turistas nacionais e internacionais, estará centrado na comunicación dos valores do destino a través da marca turística "Galicia, o bo Camiño", e dos dez produtos cabeceira de marca, contribuíndo a reflectir a través de todas as ferramentas de comunicación os valores de Galicia: sensibilidade co contorno, sostenibilidade, igualdade de xénero... Desde as plataformas que constitúen os perfís de turismo de Galicia nas redes sociais de maior alcance, continuarase a difundir os ditos valores que distinguen a Galicia como un destino de calidade, respectuoso co turista e único.

De acordo coa Estratexia do Turismo de Galicia 2020, un dos aspectos clave desta folla de ruta é a PROXECCIÓN NACIONAL E INTERNACIONAL do destino Galicia. Trátase concretamente do RETO 3: PROXECCIÓN, que propón mellorar a captación de turistas e a súa fidelización, así como a diferenciación do destino en base a unha oferta segmentada de calidade.

Neste sentido, as liñas e obxectivos estratéxicos desta folla de ruta liderada polo sector privado en colaboración con Turismo de Galicia, son a base para os orzamentos da Dirección de Promoción para 2019.

O desenvolvemento do Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago segue guiando a actividade a realizar pola Axencia de Turismo de Galicia; estando no "ecuador" da aplicación deste Plan cómpre incidir no seu seguimento para artellar axeitadamente as bases para a celebración do vindeiro Ano Santo 2021 e para reforzar a consolidación do Camiño de Santiago como un dos referentes da marca Galicia.

No ano 2019 cómpre executar cunha programación que oriente a actividade da Xunta de Galicia de cara este importante evento que é unha excepcional oportunidade para a nosa comunidade autónoma.

Garantir a conservación dos itinerarios declarados como Camiño de Santiago en Galicia e da súa sinalización é unha das principais tarefas que sinala o Plan director. Mellorar o contrato de mantemento integral iniciado no 2017 será a ferramenta básica nesta materia.

A rede de albergues de peregrinos é unha peza básica que necesita coidados como a reparación daqueles de maior antigüidade (especialmente no Camiño Francés) ou a creación de novos establecementos en etapas de longo percorrido que carecen dun albergue.

O referido Plan Director sinala que no vindeiro ano 2019 o protagonista principal da actividade arredor do Camiño de Santiago será a Vía da Prata, estando prevista, entre outras, obras de mellora do camiño e da súa sinalización.

Para o curso 2018-2019 o Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG) na súa consolidación da internacionalización, ademais de novas titulacións que poderán obter no estranxeiro os seus alumnos, buscaranse novos acordos de colaboración con universidades, politécnicos e escolas de Hostalería para fomentar o intercambio de coñecemento con profesorado e estudantes.

O fomento do talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías para acadar un sector competitivo poderán levarse a cabo grazas a formación continua que se realizará aos profesionais do sector a través dun programa de Desenvolvemento Directivo e a través da Escola de Turismo Itinerante (ETI) no Camiño de Santiago e en diferentes xeodestinos, contribuíndo á excelencia turística de Galicia como destino gastronómico.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Aínda que podería dicirse que o Programa de Coordinación e Promoción de Turismo de Galicia é alleo á perspectiva de xénero, o certo é que a comunicación turística do destino constitúe un eixo fundamental no posicionamento da marca país. Porque, como se reflicte na Estratexia do Turismo de Galicia 2020, "se algo é o turismo, é marca, é comunicación".

Así mesmo, o Reto 3: Proxección nacional e internacional do destino, establece "mellorar a captación e fidelización de viaxeiros cosmopolitas, así como a diferenciación do destino en base a unha oferta segmentada e de calidade. Os procesos de innovación e a tecnoloxía serán motores de cambio no sector dentro dun mercado cada vez máis competitivo e diverso".

O posicionamento de Galicia como destino de calidade e implica que a oferta das experiencias turísticas debe estar acorde coa comunicación, que no caso de Galicia transmite que está

dirixida a un público obxectivo onde a muller forma parte activa en igualdade, transmitindo unha imaxe moderna tanto do destino turístico coma da muller.

No exercicio orzamentario 2019, Turismo de Galicia velará especialmente para que os elementos da comunicación de Galicia afonden na imaxe moderna de Galicia, outorgándolle ao elemento feminino cada vez máis protagonismo e notoriedade nas campañas, como é o caso da promoción "feminino en singular" e teña continuidade en 2019.

Mais alá de datos xenéricos desagregados por sexos a nivel de emprego no sector turístico, a información dispoñible por subramas dentro do sector ou do emprego por conta propia é case nula así como a información sobre o sexo das persoas titulares de empresas turísticas ou das características das persoas visitantes na comunidade autónoma. Neste último caso apreciase unha situación de igualdade, observando que a porcentaxe de mulleres e de homes turistas en Galicia en 2016 que é de 49,6 % mulleres e 50,4 % homes. Así mesmo, a porcentaxe de peregrinos e peregrinas que obtiveron a Compostela en 2017 foi de 50,9% de homes e 49,1% de mulleres, o que reflicte unha situación moi equilibrada.

A materia pendente é conseguir condicións de equidade nos salarios e nos cargos nun sector onde as mulleres ocupan unha porcentaxe mínima en cargos de responsabilidade ou dirección e perciben unha porcentaxe de salario inferior aos homes empregados. Segundo os datos da Organización Mundial del Turismo, as mulleres gañan entre un 10 e un 15 por cento menos que os seus homólogos varóns no sector turístico.

As actuacións de mellora na accesibilidade aos recursos turísticos, aínda que beneficia a toda a poboación, si pode ter incidencia na decisión de optar por un destino ou outro. Por exemplo, á mellora de accesos ás praias para as visitas con nenos ou persoas maiores dedícase un maior esforzo orzamentario.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X

Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Polo tipo de oferta turística de Galicia e, polo tanto, polo público obxectivo da comunicación, as imaxes de Galicia que transcenden tanto das campañas encargadas pola Axencia de Turismo de Galicia que aparecen nos medios convencionais coma nas redes sociais non resultan agresivas en canto á utilización da muller e do home como reclamo turístico. Non obstante, si deberá coidarse por parte da Administración turística galega que nos pregos de condicións dos procedementos de contratación para campañas publicitarias que se leven a cabo en 2019, quede establecido como motivo de exclusión as propostas que conteñan calquera tipo de cosificación da muller ou do home. Así mesmo, no que atinxe aos plans de medios, deberá establecerse nos pregos de condicións que non se inxerirá publicidade institucional nos soportes cuxa liña editorial ou de imaxe sexa manifestamente sexista.

Ademais, a Axencia de Turismo de Galicia invitará a unha persoa representante da consellería con competencias en materia de igualdade de xénero, a participar nas xuntanzas técnicas que se manteñan cos adxudicatarios dos procedementos polos que se leven a cabo as campañas de publicidade, de cara a que se estreme o coidado neste aspecto na selección de imaxes para a campaña.

Das accións previstas dentro do marco deste programa, aquelas que poden ter máis incidencia en materia de xénero son as formativas.

Neste ámbito, no ano 2019 farase especial fincapé en evitar calquera tipo de discriminación por razóns de xénero no Centro Superior de Hostalería de Galicia, instando ao persoal docente a poñer especial coidado na formación en igualdade e na maneira na que se dirixen ao seu alumnado. Tamén nos cursos específicos de formación para o sector se incluirán módulos nos que se incida nos aspectos que permitan incrementar as posibilidades de traballo para as mulleres cun maior valor agregado, así como a progresiva ruptura da segregación de xénero do mercado laboral.

Nas accións formativas a través dos acordos de colaboración coas universidades previstas para o 2019 deberá incidirse na información, sensibilización e educación para a igualdade en mulleres e homes. Neste ámbito, preverase tamén a inclusión de cláusulas nos convenios de colaboración que se asinen coas entidades sectoriais, conducente a que na comunicación das actividades a levar a cabo en virtude do convenio se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes no sector turístico.

A utilización de indicadores como o número de mulleres beneficiarias destas accións servirán para valorar a incidencia das medidas formativas.

Nas ordes de axudas destinadas a empresas turísticas, procurarase a valoración na concesión das subvencións da aplicación de políticas de igualdade de oportunidades aos traballadores e traballadoras das empresas do sector e estableceranse medidas para facilitar o acceso ás liñas de axudas das PEMES como instrumento máis adecuado para dar acceso ás mulleres ao sector turístico.

Os indicadores a utilizar serán o número de mulleres destinatarias destas liñas de axuda.

No ámbito dos estudos e estatísticas que se realicen pola Axencia de Turismo de Galicia, estableceranse indicadores que permitan evidenciar ou cuantificar as desigualdades. Así, número de empresas titularidade de homes e de mulleres que existen na comunidade autónoma, características das empresas de mulleres e homes (tamaño, número de persoas empregadas,...).

No ámbito da promoción turística e campañas publicitarias da marca Galicia, porase especial atención na utilización de imaxes e linguaxe non sexistas e en horarios e soportes máis axeitados para que a mensaxe chegue máis facilmente ás mulleres.

Indicadores como franxa horaria de emisión ou soportes utilizados poden indicarnos se as decisións son as máis adecuadas para que a mensaxe chegue á poboación feminina.

Así mesmo, e dado que o Camiño de Santiago constitúe o mascarón de proa da Axencia de Turismo de Galicia, as políticas de goberno deberán verse especialmente reflectidas neste produto.

As accións destinadas á desestacionalidade do turismo contribúen tamén a incrementar as posibilidades de participación na oferta turística de actores económicos locais dos que resultan maioritariamente beneficiadas as mulleres.

Nas accións a desenvolver pola axencia na incentivación de creación de produtos turísticos novidosos e creativos tamén resultan beneficiadas as mulleres, especialmente aqueles que priori-cen a promoción de tecnoloxías aforrativas de tempo, a comercialización —incluíndo a promo-ción dos servizos/produtos das mulleres— e a capacitación en xestión empresarial.

A política de promoción dun turismo de calidade, no que Galicia é líder, e que é un dos principais obxectivos do programa, serve para recoñecer no seu xusto valor aquelas ocupacións tradicionalmente consideradas como "femininas" e infravaloradas porque os saberes que tradi-cionalmente foron asignados ás mulleres son os que aportan a calidade neste sector: a atención, a preocupación pola hixiene, a limpeza, as tradicións, os idiomas, a artesanía...

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As accións deseñadas pretenden, moi especialmente, a revalorización económica e social do traballo das mulleres en actividades turísticas, a superación dos esquemas sociais discrimina-torios de xénero, buscando a superación da división sexual do traballo no sector e promover a empresarialidade das mulleres na oferta turística buscando superar a concentración das mulleres en empresas de subsistencia.

Tamén o obxectivo é incidir na mellora da accesibilidade dos recursos turísticos o que favo-recerá a decisión das mulleres a favor do recurso turístico accesible e de calidade.

PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DE XÉNERO, NO EXERCICIO 2017.

Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA), o 50,5% do total de ocupados nas ramas características do turismo en Galicia durante o ano 2017 son mulleres.

A liña de axudas da Axencia Turismo de Galicia para a realización en 2017 de prácticas formativas en oficinas de turismo da Xunta, en oficinas de Turespaña, en mercados emisores e na Área de Estudos mostra un número de beneficiarias de 4 mulleres e 3 homes .

IMPLANTACIÓN DE NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO.

Dado o equilibrio entre homes e mulleres, non se aprecia unha necesidade imperativa para a implantación de novas estratexias para a incorporación da perspectiva de xénero na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións que financia o programa de gasto.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia de Turismo de Galicia

S.A. Xestión do Plan Xacobeo

IV. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	10	20	30	40
151A-Fomento da lingua galega				8.079
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	6.358			
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	1.931	14.669	2.464	
432B-Fomento das actividades culturais		18.517		
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural			16.481	
Total	**8.288**	**33.186**	**18.945**	**8.079**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos		
	A1	A2	Total
151A-Fomento da lingua galega			8.079
431A-Dirección e servizos xerais de cultura			6.358
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais			19.063
432B-Fomento das actividades culturais	11.721		30.237
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural			16.481
761A-Potenciación e promoción do turismo		64.184	64.184
Total	**11.721**	**64.184**	**144.403**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
151A-Fomento da lingua galega	2.112	122	2.033	3.333	479	8.079
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	3.950	2.052		356		6.358
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	10.991	1.931	1.173	3.260	1.709	19.063
432B-Fomento das actividades culturais	2.496	1.321	9.054	3.824	13.541	30.237
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	8.285		158	7.553	485	16.481
761A-Potenciación e promoción do turismo	11.301	5.980	5.464	27.414	14.026	64.184
Total	**39.135**	**11.405**	**17.882**	**45.741**	**30.240**	**144.403**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

10 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.870	3.950	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.782	3.982	5,3
Cap. VI - Investimentos reais	556	356	-36,0
Total	**8.208**	**8.288**	**1,0**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

20 DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.762	10.991	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	661	671	1,5
Cap. IV - Transferencias correntes	8.198	8.250	0,6
Cap. VI - Investimentos reais	3.699	3.999	8,1
Cap. VII - Transferencias de capital	8.769	9.274	5,8
Total	**32.090**	**33.186**	**3,4**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

30 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.112	8.285	2,1
Cap. IV - Transferencias correntes	961	991	3,1
Cap. VI - Investimentos reais	8.017	8.708	8,6
Cap. VII - Transferencias de capital	831	961	15,6
Total	**17.921**	**18.945**	**5,7**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

40 SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.064	2.112	2,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	133	122	-8,1
Cap. IV - Transferencias correntes	2.033	2.033	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	3.140	3.333	6,2
Cap. VII - Transferencias de capital	479	479	0,0
Total	**7.848**	**8.079**	**2,9**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.428	2.496	2,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	650	650	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.144	1.144	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.931	1.931	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	5.500	5.500	0,0
Total	**11.652**	**11.721**	**0,6**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.846	11.301	4,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.171	5.980	15,7

Cap. IV - Transferencias correntes	4.937	5.464	10,7
Cap. VI - Investimentos reais	26.600	27.414	3,1
Cap. VII - Transferencias de capital	10.562	14.026	32,8
Total	**58.115**	**64.184**	**10,4**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2018	2019	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	8.208	8.288	1,0
20 DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIS	32.090	33.186	3,4
30 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	17.921	18.945	5,7
40 SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	7.848	8.079	2,9
A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	11.652	11.721	0,6
A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	58.115	64.184	10,4
Total	**135.835**	**144.403**	**6,3**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Cap. I - Gastos de persoal	24.808	25.338	13.274	13.797	0	0	38.082	39.135
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.576	4.775	5.821	6.630	0	0	10.397	11.405
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	33.267	34.919	6.080	6.607	22.074	23.645	17.273	17.882
OPERACIÓNS CORRENTES	**62.651**	**65.033**	**25.175**	**27.034**	**22.074**	**23.645**	**65.752**	**68.422**
Cap. VI - Investimentos reais	15.411	16.396	28.530	29.345	0	0	43.942	45.741
Cap. VII - Transferencias de capital	54.672	59.585	16.062	19.526	44.593	48.871	26.141	30.240
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**70.083**	**75.981**	**44.593**	**48.871**	**44.593**	**48.871**	**70.083**	**75.981**
Total	**132.734**	**141.013**	**69.767**	**75.905**	**66.667**	**72.515**	**135.835**	**144.403**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Cultura e Turismo	2019
Altos Cargos	**5**
Persoal Funcionario	**402**
Subgrupo A1	**149**
Subgrupo A2	**104**
Subgrupo C1	**64**
Subgrupo C2	**52**
Agrupacións profesionais	**33**
Persoal Laboral	**315**
Grupo I	**49**
Grupo II	**18**
Grupo III	**12**
Grupo IV	**122**
Grupo V	**114**
TOTAL	**722**

Medios Persoais

Axencia Galega das Industrias Culturais	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	4
Subgrupo A1	1
Subgrupo A2	1
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	59
Grupo I	5
Grupo II	7
Grupo III	23
Grupo IV	22
Grupo V	2
TOTAL	**64**

Medios Persoais

Axencia de Turismo de Galicia	2019
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	121
Subgrupo A1	25
Subgrupo A2	42
Subgrupo C1	23
Subgrupo C2	23
Agrupacións profesionais	8
Persoal Laboral	163
Grupo I	2
Grupo II	5
Grupo III	2
Grupo IV	3
Grupo V	5
Sin Grupo	146
TOTAL	**285**

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	7.367	6.963
Fundación Camilo José Cela	290	
Sociedades mercantís públicas autonómicas	**Explotación**	**Capital**
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	5.276	1.440
Total	**12.933**	**8.403**

(Miles de Euros)

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	10	20	30	40
151A-Fomento da lingua galega				8.079
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	6.358			
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	1.931	14.669	2.464	
432B-Fomento das actividades culturais		18.517		
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural			16.481	
Total	**8.288**	**33.186**	**18.945**	**8.079**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
151A-Fomento da lingua galega	2.112	122	2.033	3.333	479	8.079
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	3.950	2.052		356		6.358
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	10.991	1.931	1.173	3.260	1.709	19.063
432B-Fomento das actividades culturais	2.496	1.321	9.054	3.824	13.541	30.237
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	8.285		158	7.553	485	16.481
761A-Potenciación e promoción do turismo	11.301	5.980	5.464	27.414	14.026	64.184
Total	**39.135**	**11.405**	**17.882**	**45.741**	**30.240**	**144.403**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

10 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.870	3.950	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.782	3.982	5,3
Cap. VI - Investimentos reais	556	356	-36,0
Total	**8.208**	**8.288**	**1,0**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

20 DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.762	10.991	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	661	671	1,5
Cap. IV - Transferencias correntes	8.198	8.250	0,6
Cap. VI - Investimentos reais	3.699	3.999	8,1
Cap. VII - Transferencias de capital	8.769	9.274	5,8
Total	**32.090**	**33.186**	**3,4**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

30 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.112	8.285	2,1
Cap. IV - Transferencias correntes	961	991	3,1
Cap. VI - Investimentos reais	8.017	8.708	8,6
Cap. VII - Transferencias de capital	831	961	15,6
Total	**17.921**	**18.945**	**5,7**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

40 SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.064	2.112	2,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	133	122	-8,1
Cap. IV - Transferencias correntes	2.033	2.033	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	3.140	3.333	6,2
Cap. VII - Transferencias de capital	479	479	0,0
Total	**7.848**	**8.079**	**2,9**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.428	2.496	2,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	650	650	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.144	1.144	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.931	1.931	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	5.500	5.500	0,0
Total	**11.652**	**11.721**	**0,6**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	2018	2019	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.846	11.301	4,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.171	5.980	15,7
Cap. IV - Transferencias correntes	4.937	5.464	10,7
Cap. VI - Investimentos reais	26.600	27.414	3,1
Cap. VII - Transferencias de capital	10.562	14.026	32,8
Total	**58.115**	**64.184**	**10,4**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2018	2019	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	8.208	8.288	1,0
20 DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIS	32.090	33.186	3,4
30 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	17.921	18.945	5,7
40 SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	7.848	8.079	2,9
A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	11.652	11.721	0,6
A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	58.115	64.184	10,4
Total	**135.835**	**144.403**	**6,3**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
Cap. I - Gastos de persoal	24.808	25.338	13.274	13.797	0	0	38.082	39.135
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.576	4.775	5.821	6.630	0	0	10.397	11.405
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	33.267	34.919	6.080	6.607	22.074	23.645	17.273	17.882
OPERACIÓNS CORRENTES	**62.651**	**65.033**	**25.175**	**27.034**	**22.074**	**23.645**	**65.752**	**68.422**
Cap. VI - Investimentos reais	15.411	16.396	28.530	29.345	0	0	43.942	45.741
Cap. VII - Transferencias de capital	54.672	59.585	16.062	19.526	44.593	48.871	26.141	30.240
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**70.083**	**75.981**	**44.593**	**48.871**	**44.593**	**48.871**	**70.083**	**75.981**
Total	**132.734**	**141.013**	**69.767**	**75.905**	**66.667**	**72.515**	**135.835**	**144.403**

(Orzamento Homoxeneizado 2018) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Cultura e Turismo	2019
Altos Cargos	**5**
Persoal Funcionario	**402**
Subgrupo A1	**149**
Subgrupo A2	**104**
Subgrupo C1	**64**
Subgrupo C2	**52**
Agrupacións profesionais	**33**
Persoal Laboral	**315**
Grupo I	**49**
Grupo II	**18**
Grupo III	**12**
Grupo IV	**122**
Grupo V	**114**
TOTAL	**722**

Medios Persoais

Axencia Galega das Industrias Culturais	2019
Altos Cargos	**1**
Persoal Funcionario	**4**
Subgrupo A1	**1**
Subgrupo A2	**1**
Agrupacións profesionais	**2**
Persoal Laboral	**59**
Grupo I	**5**
Grupo II	**7**
Grupo III	**23**
Grupo IV	**22**
Grupo V	**2**
TOTAL	**64**

Medios Persoais

Axencia de Turismo de Galicia	2019
Altos Cargos	**1**
Persoal Funcionario	**121**
Subgrupo A1	25
Subgrupo A2	42
Subgrupo C1	23
Subgrupo C2	23
Agrupacións profesionais	8
Persoal Laboral	**163**
Grupo I	2
Grupo II	5
Grupo III	2
Grupo IV	3
Grupo V	5
Sin Grupo	146
TOTAL	**285**

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	7.367	6.963
Fundación Camilo José Cela	290	
Sociedades mercantís públicas autonómicas	**Explotación**	**Capital**
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	5.276	1.440
Total	**12.933**	**8.403**

(Miles de Euros)